

PROXECTO

Orzamentos
2019

MEMORIA TOMO II
VOLUME 1



MEMORIA

TOMO II VOLUME 1

CONTIDO

I.	PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	7
II.	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	87
III.	CONSELLERÍA DE FACENDA	277
IV.	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	331
V.	CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	441



PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

SECCIÓN 04

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 176/2016, do 15 de decembro, establece os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

No seu artigo único dispónse que dependerán funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza os seguintes órganos superiores:

- Secretaría Xeral da Presidencia, á que está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia.
- Secretaría Xeral de Medios, á que está adscrita a Dirección Xeral de Comunicación.
- Secretaría Xeral da Emigración.
- Secretaría Xeral para o Deporte.

Queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, de conformidade co disposto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro.

O desenvolvemento desta estrutura orgánica lévase a cabo a través do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, publicado no Diario Oficial de Galicia, núm. 152, do 10 de agosto de 2017.

Tamén están adscritas aos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, as seguintes entidades do sector público: a Sociedade Anónima Redes de Telecomunicacións Galegas - Retegal (adscrita á Amtega) e a Fundación Deporte Galego (adscrita á Secretaría Xeral para o Deporte); e os seguintes órganos colexiados:

- O Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, adscrito á Secretaría Xeral de Medios.
- O Consello de Comunidades Galegas, adscrito á Secretaría Xeral da Emigración.
- O Comité Galego de Xustiza Deportiva, a Comisión Galega de Control da Violencia e a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, adscritos á Secretaría Xeral para o Deporte.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

As funcións dos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia, segundo o establecido no Decreto 76/2017, do 28 de xullo, son as que se indican a seguir:

SECRETARÍA XERAL DE PRESIDENCIA

Correspóndelle o apoio e asesoramento técnico á Presidencia da Xunta de Galicia, para o que, nos asuntos xerais, actuará como órgano de comunicación coas consellerías, entidades e organismos que teñan relación coa Presidencia.

Asume, igualmente, funcións de coordinación dos órganos adscritos á Secretaría Xeral da Presidencia, sinalados no artigo único, letra a), punto I do Decreto 176/2016, do 15 de decembro, das actividades do Departamento de Protocolo e Relacións Públicas da Presidencia da Xunta e da Casa de Galicia en Madrid, dos asuntos administrativos xerais da Presidencia da Xunta e da elaboración dos seus orzamentos.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia, que exercerá funcións de asesoramento, asistencia e apoio directo á persoa titular da Presidencia, tanto de índole política, destacando a preparación das súas intervencións no Parlamento de Galicia, como de índole técnica, para o que poderá solicitar e sistematizar información acerca das iniciativas, programas, plans e actividades das consellerías para facilitar a coordinación da acción do goberno.

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS

É o órgano superior encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual. No marco desa competencia xeral exercerá as funcións de divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia e da Presidencia; a xestión das competencias da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social, comunicación audiovisual e as referidas á publicidade recollidas no núm. 31 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia; a coordinación da política de imaxe e publicidade institucional da Xunta de Galicia; a dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual, radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma e o desenvolvemento da normativa referente á comunicación social e á publicidade.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral de Comunicación, á que lle corresponde a execución e coordinación da política informativa e de comunicación da Xunta de Galicia; a relación cos medios informativos en todas as materias de comunicación que afecten á Presidencia da Xunta de Galicia, así como a coordinación da comunicación interdepartamental da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN

Correspóndenlle as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade; as relacións coas comunidades galegas no exterior; as políticas de emi-

gración e retorno a Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas políticas migratorias.

Igualmente, asume as competencias que atribúe ás comunidades autónomas a Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes. En particular, ten atribuída a promoción e difusión da actividade física e do deporte, con especial atención á promoción da igualdade entre homes e mulleres; o apoio e promoción das asociacións deportivas galegas; o estudo e planificación das liñas de actuación no ámbito das infraestruturas deportivas, incluíndo a promoción e a posible execución de infraestruturas de titularidade municipal; a colaboración coas administracións locais e coas entidades deportivas nos ámbitos das infraestruturas e da adquisición de equipamentos; así como a promoción e difusión do deporte galego nos ámbitos supra-autonómicos.

En xeral, e como órgano superior da Administración da comunidade autónoma no ámbito deportivo, correspóndenlle as funcións recollidas na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

De acordo co previsto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

De xeito máis concreto, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asume a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e comunicacións; a elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia; a promoción da inclusión e execución do despregue das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos; o impulso do desenvolvemento da sociedade da información en Galicia; a planificación e proposta da normativa en materia de tecnoloxías da información e as telecomunicacións; o impulso, xestión e coordinación da Administración electrónica; a consolidación e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia e a planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

I.2.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, no seu artigo 2, encomenda á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A, (en diante Corporación RTVG), a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Corporación RTVG é unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico con forma de sociedade anónima e con capital participado na súa totalidade pola Comunidade Autónoma de Galicia. A Corporación RTVG goza de autonomía na súa xestión e actúa con independencia funcional respecto do Goberno e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canais de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinados a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega.

Esa función de servizo público comprende a produción de contidos e a edición e difusión de canais xeneralistas e temáticos, así como a oferta de servizos conexos e interactivos.

SOCIEDADE ANÓNIMA REDES DE TELECOMUNICACIÓNS GALEGAS, RETEGAL S.A.

Os estatutos de Retegal, S.A. foron aprobados polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, que foron modificados posteriormente en diversas ocasións, publicándose o texto refundido mediante Resolución do 9 de abril de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (DOG 78, do 23 de abril de 2013), e modificados finalmente polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de maio de 2015 (DOG 215, do 11 de novembro de 2015).

Segundo estes estatutos, Retegal é unha sociedade mercantil pública autonómica, que ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan así mesmo a consideración de medios propios polo que está obrigada a executar as encomendas ou encargos que aquela e máis estas lle realicen dentro do ámbito do seu obxecto social.

O artigo 2 dos seus estatutos sinala que ten por obxecto a realización de actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia, para as que obterá os títulos habilitantes que sexan necesarios en cada caso.

En particular, constituirán parte do obxecto social as actividades de promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións. Igualmente, forma parte dese obxecto social a prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.

1.2.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

A Fundación Deporte Galego constituíuse pola Administración autonómica mediante escritura do 5 de maio de 2001, estando clasificada e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego.

Segundo o previsto nos seus estatutos, a fundación ten por finalidade a promoción e incentivo do deporte e da actividade física en Galicia, comprendéndose nestes ámbitos tanto as actividades deportivas competitivas, como calquera outras vertentes do eido deportivo e da actividade física, como son o ámbito educacional, a saúde ou, entre outros, os ligados á vertente económica do deporte e ás súas funcións sociais.

Para este desenvolvemento, a fundación poderá levar a cabo, entre outras, actividades de colaboración coas administracións e con institucións e entidades, públicas e privadas; organización e/ou apoio de eventos deportivos e outras actividades e accións relacionadas cos seus fins; fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia; actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as; actividades formativas e divulgativas, así como a edición de publicacións e outros soportes informativos, relacionados cos fins fundacionais; patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins; construción e/ou xestión, directa ou indirecta, de instalacións deportivas, públicas e privadas; xestión de instalacións deportivas pertencentes á administración autonómica; así como calquera outra actuación que, directa ou indirectamente, contribúa á mellora da actividade física e do deporte na comunidade autónoma de Galicia.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2019

II.1. DA CONSELLERÍA

As principais liñas de acción dos órganos superiores e de dirección da Presidencia da Xunta de Galicia son as que se indican a seguir:

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Como órgano superior de apoio técnico á Presidencia da Xunta de Galicia, correspóndelle, ademais de prestar asistencia e asesoramento técnico á persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, actuar como órgano de coordinación e comunicación cos órganos adscritos á Presidencia e co resto do sector público autonómico nas materias e asuntos relacionados coa Presidencia, co fin de reforzar a acción coordinada do goberno galego.

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS

A Secretaría Xeral de Medios, durante o ano 2019, en materia de cobertura informativa e apoio á comunicación social (programa de gasto 461A) levará a cabo actuacións e propostas normativas referidas aos medios de comunicación social, comunicación audiovisual e publicidade, así como de divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia, coordinación e seguimento da identificación corporativa e de coordinación operativa da comunicación interdepartamental.

En materia de radiodifusión (programa 461B), levará a cabo actuacións de xestión, planificación, coordinación e asesoramento técnico dos servizos e infraestruturas de telecomunicación da Xunta de Galicia, ampliará e mellorará a infraestrutura de radio e televisión mediante novos investimentos, realizará estudos técnicos e de planificación para obter unha cobertura o máis ampla posible na emisión/recepción de programas de radio e televisión que dependen da Xunta de Galicia, así como aqueles estudos tendentes ao mantemento e á mellora das infraestruturas existentes.

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN

A actuación da Secretaría Xeral da Emigración abarca varios eidos distintos: a atención das persoas e comunidades galegas no exterior e a atención das persoas galegas que retoman.

No primeiro deles, incidirase na asistencia sociosanitaria ás persoas galegas residentes no exterior que se atopan en situación de precariedade, dependencia ou risco de exclusión social, especialmente en países en situación de crise; no impulso aos programas relacionados coas entidades galegas asentadas fóra de Galicia no desenvolvemento das actividades propias, que lles permitan compartir a vida social, cultural e económica da Comunidade Autónoma de Galicia e ser tamén instrumento da sociedade galega para a súa proxección exterior; nos programas dirixidos á xuventude galega para fortalecer os seus vínculos con Galicia e favorecer a súa in-

corporación no tecido asociativo das entidades galegas no exterior e, por último, no impulso á participación igualitaria das mulleres na galegitude.

En canto ao ámbito do retorno, continúaase co impulso á liña de bolsas para ofertar ás persoas galegas universitarias residentes no estranxeiro a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega, coa finalidade de ampliar a súa formación e adquirir competencias e habilidades que favorezan a súa inserción laboral e futuro profesional en Galicia. Así mesmo, intensificarase o apoio socioeconómico aos retornados a través de axudas económicas, da creación dunha plataforma única que ofrezca información integral e asesoramento técnico para este colectivo, e do fomento do autoemprego e a actividade emprendedora, para contribuír á súa incorporación socio laboral.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Seguindo coas liñas marcadas nos últimos anos, durante o ano 2019, as principais liñas de acción da Secretaría Xeral para o Deporte agruparanse en catro grandes áreas.

En primeiro lugar, a explotación das distintas funcionalidades do feito deportivo máis alá do deporte competitivo, con especial referencia á función sanitaria, á educativa e á económica do deporte.

Neste contexto, dende a perspectiva da promoción da saúde, continuarase co desenvolvemento do Plan Galicia Saudable e serán básicas as actuacións no ámbito escolar; as accións de fomento da práctica de actividade física dirixida a toda a poboación sedentaria ou a diversificación das unidades de promoción do exercicio creadas nos exercicios pasados no ámbito escolar e local-comunitario a outros ámbitos como o laboral e sanitario, así como a consolidación de ferramentas TIC para facilitar a accesibilidade da práctica deportiva por parte de toda a cidadanía.

No ámbito educativo, de forma directa ou en colaboración coas entidades deportivas de Galicia, continuarase cos programas de actuación destinados á consolidación da actividade física e o deporte entre os nosos escolares a través das actuacións encadradas na actividade física e deportiva na idade escolar (Proxecto Deportivo de Centro; Móvete+, Máis e Mellor Actividade Física; Xogade; etc.). Así mesmo, continuarase coa potenciación da ensinanza de réxime especial, cos estudos que conducen á obtención dos títulos de Técnico Deportivo en Vela con aparello fixo e Técnico Deportivo en Vela con aparello libre, e poñendo en marcha a formación a distancia no bloque común para a obtención dos títulos formativos deportivos das federacións deportivas galegas que así o soliciten.

Na funcionalidade económica do deporte, a Secretaría Xeral para o Deporte potenciará, entre outras, actuacións encamiñadas ao impulso da achega económica do noso sector deportivo á economía galega, especialmente no ámbito do turismo, como son a realización de eventos deportivos.

En segundo lugar, o apoio ao tecido asociativo deportivo galego e aos deportistas. Neste ámbito, deben destacarse como accións básicas, o plan de axudas ás federacións, mediante a subscripción de convenios de colaboración, así como o perfeccionamento no control do seu funcionamento; o plan de axudas aos clubs e outras entidades deportivas; o desenvolvemento do deporte de alto nivel e o apoio ou organización de eventos deportivos.

Ademais, continuarase coa aposta polos centros deportivos de tecnificación e alto nivel en Galicia -Centro Galego de Tecnificación Deportiva, o Centro de Vela de Vilagarcía e a Pista de Piragüismo de Verducido- como pezas claves no crecemento da alta competición do deporte de Galicia.

Mención especial require o programa "Eu son DGAN", que procurará a integración laboral das e dos deportistas de alto rendemento unha vez que rematan a súa vida deportiva, traballando para elo na compensación das dificultades que a práctica do deporte de alta competición pode causar na formación e na integración laboral dos deportistas.

En terceiro lugar, seguirase co desenvolvemento normativo da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

En cuarto lugar, a mellora do mapa de infraestruturas deportivas de Galicia, tanto propias como de terceiros. Neste campo, continuarase coa optimización do mapa de infraestruturas deportivas da comunidade autónoma.

Todas estas actuacións serán abordadas dende unha perspectiva que afonde na mellora e optimización da calidade do eido deportivo galego.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

As actuacións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia enmarcaranse nas liñas estratéxicas que se recollen na Axenda Dixital de Galicia 2020, aprobada no Consello da Xunta o 30 de abril de 2015.

Esas liñas estratéxicas son as seguintes:

- Valorización da administración: avanzando cara a unha Administración dixital innovadora que aprende e conectase á realidade da sociedade para responder e adiantarse ás necesidades e expectativas da cidadanía e as empresas.
- Énfase na Vida Dixital: aproveitando o potencial das TIC para converter a Galicia nun lugar de progreso social avanzado e onde as persoas poidan levar unha vida autónoma e participar activamente na sociedade.

- Aceleración da Economía Dixital: promovendo o liderado de empresas que a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, garantan a creación e absorción de talento e innovación para xerar novas oportunidades e promover así a atracción e o crecemento económico na comunidade.
- Estímulo ao Crecemento do Sector TIC: impulsando a innovación tecnolóxica, competitividade e xeración de emprego no ecosistema dixital que contribúan a posicionar ao sector tecnolóxico coma un dos sectores de referencia de Galicia.
- Articulación Dixital do Territorio: favorecendo non só a conectividade TIC necesaria para garantir a vertebración dixital do territorio de xeito seguro e sostible, senón tamén para coñecer información que permita, en caso de ser necesario, actuar de xeito intelixente.

Estas liñas de traballo están en directa relación coa execución do Plan de Administración e Goberno Dixital: Horizonte2020; o Plan Director de Seguridade TIC; o Plan de Banda Larga 2020 para o despregamento da banda larga ultrarrápida en Galicia; o II Plan de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración de xustiza en Galicia: Senda2020; o Plan SmartTurismo; o proxecto para a difusión do patrimonio cultural de Galicia Memoria Dixital de Galicia; a estratexia de Educación Dixital Innovadora: Proxecto Abalar; o Plan de Modernización Tecnolóxica dos Servizos Sociais de Galicia: Plan Trabe, o programa de innovación no sector primario: Programa Primare; o Plan de Modernización Tecnolóxica do Transporte e-Mobility; o Plan Tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente; o Plan de Inclusión Dixital, o Plan de Talento Dixital (Digitalent), o Programa TransformaTIC, o Pacto Dixital de Galicia, o Plan de Acción para o impulso dos contidos dixitais en Galicia (DICOMindset) e o Plan Galicia 5G.

II.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia encoméndalle a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.U. (Corporación RTVG).

A provisión do servizo céntrase, entre outros, en cinco grandes eixes da súa misión e funcións que son: a preservación da esencia dos valores fundacionais e o seu acoplamento ás necesidades emerxentes da sociedade actual; a adaptación ás novas demandas e formas de consumo dos cidadáns; a reconversión tecnolóxica e organizativa para atender á converxencia de usos; as necesidades de financiamento e as formas máis eficientes de gobernanza en clave de sostibilidade; e a transparencia na rendición de contas para incrementar a confianza e a credibilidade social dos medios de comunicación audiovisual de Galicia.

Para conseguir os fins e ofrecer unha programación que garanta o cumprimento dos obxectivos recollidos na Lei 9/2011, a Corporación RTVG actuará conforme ás liñas estratéxicas de contidos, emisión e produción que se determinan no mandato marco.

a) Liñas de acción en materia de contidos.

A Corporación RTVG mediante a súa identidade Radio Galega e Televisión de Galicia, ofertará aos cidadáns, a través dos distintos medios e soportes tecnoloxicamente adecuados, un número suficiente de canles que diferencien e identifiquen os contidos e o público obxecto ao que se dirixe, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

O acceso a esta oferta terá carácter universal e estará presente nos medios ou soportes tecnolóxicos derivados do desenvolvemento da Sociedade da Información.

A Corporación RTVG avanzará cara a unha plataforma que dea servizo á audiencia, ofertando progresivamente contidos interactivos, con especial interese nos protocolos das redes IP, Internet e o uso a través de dispositivos de mobilidade. Esta plataforma actuará como punto de encontro para o intercambio, distribución e difusión de contidos.

b) Liñas de acción na área de emisión.

Con soporte nas súas dispoñibilidades orzamentarias, manterá unha emisión de radio e televisión, ademais dun servizo de información en liña, que deberá obedecer ás seguintes liñas estratéxicas:

- As emisións de radio e televisión terán o maior ámbito de cobertura posible dentro do territorio autonómico.
- A Corporación RTVG manterá unha estratexia de presenza de marca nos sistemas de transporte de sinal legalmente previstos para os dispositivos de televisión e radio en mobilidade.

c) Liñas estratéxicas e obxectivos de produción.

A Corporación RTVG fixará os seus obxectivos de produción en atención aos principios de eficiencia, calidade e rendibilidade do servizo prestado, debendo atender, sempre que a dispoñibilidade orzamentaria o permita, ás seguintes políticas en materia de contratación de dereitos:

- A programación informativa dos diversos medios e os programas de carácter institucional será realizada e executada cumprindo as liñas estratéxicas de produción, programación e emisión.
- Manterase o nivel de colaboración en aspectos de carácter material ou técnico da cadea de produción co fin de contribuír ao desenvolvemento, dinamización e colaboración co sector audiovisual de Galicia, como establecen e aconsellan as políticas audiovisuais europeas.

A Corporación RTVG para o desenvolvemento e consecución destes obxectivos estratéxicos e da misión de servizo público que ten encomendadas na actualidade, actuando baixo o

obxectivo de rendibilidade social e eficiencia económica, pretende desenvolver para o ano 2019 as seguintes actuacións:

- Promover os principios inspiradores da programación sinalados na Lei 9/2011, nomeadamente a promoción e difusión da cultura e lingua galega, así como a defensa da identidade de Galicia.
- Avanzar na execución operativa do Plan Xeral de Actuación da Corporación 2017-2019 aprobado polo Consello de Administración.
- Favorecer o desenvolvemento da sociedade da información, participando no progreso tecnolóxico e estendendo o uso das novas tecnoloxías na produción e difusión de programas de comunicación audiovisual.
- Contribuír á proxección de Galicia cara ao exterior ofrecendo programación, emisións e información de calidade que contribúan a esta proxección.
- Dinamizar a produción audiovisual propia de Galicia.
- Aplicación funcional da dixitalización cara a implantar unha factoría de contidos para a súa difusión multi-plataforma, multimedia e multi-canle.

En clave de resultado, a Corporación RTVG pretende avanzar na liña de:

Perfeccionamento da administración e mellora de eficacia.

Implantaranse medidas tendentes a favorecer a evolución do actual modelo cara a unha organización cunha árbore de xestión ampla, flexible, horizontal e non xerárquica que conte con novos perfís. Incluirase un novo factor: a xestión de gran capacidade de produción dos usuarios. A organización deberá tender a dispor de máis equipos de coordinación hipermedia. Outro dos factores pasa pola innovación, de xeito que a mesma se converta no centro de renovación estratéxica interna para utilizala como panca de proxección externa cara á sociedade, tratando de gañar novos espazos de comunicación sen perder posicionamento nos medios tradicionais.

A xerencia orzamentaria contribuirá ao establecemento dunha dirección estratéxica para apoiar os sistemas de dirección e xestión orzamentaria en clave de flexibilidade e adaptación ao entorno, superando así a mera planificación, favorecendo a percepción subxectiva e a intuición como instrumentos que complementan o cálculo e a proxección de futuro, baixo o obxectivo de acompañar a administración orzamentaria coa financeira.

Do lado das aplicacións, os retos da xestión sitúanse en acadar unha posición de equilibrio na execución, establecer actuacións de control do gasto: adaptación ao contomo, caracterizado pola restrición no acceso aos recursos. Do lado dos recursos, os retos sitúanse en avanzar cara a un modelo de eficiencia na xestión orientado á optimización dos ingresos.

Ao fío do exposto, a CRTVG desenvolverá, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Realizar unha provisión do servizo de radiotelevisión baixo criterios de eficiencia favorecendo a visión integral da oferta de servizo público. Esta actuación está asociada a unha significativa redución dos custos variables e unha contención dos custos fixos, compatible con manter en niveis axeitados a actividade e en consecuencia as cotas de audiencia, dende o punto de vista dos recursos aplicados/resultados obtidos.
- Avanzar na creación de entornos tendentes a dotar á organización dun centro de xestión de todos os contidos para a súa utilización multisupoorte nunha estrutura cada vez máis especializada e bidireccional na relación coa audiencia.
- Dotar á organización dunha maior capacidade de xestión estratéxica.
- Medidas relacionadas coa flexibilidade e a adaptación como elementos clave sobre os que se articula a xestión operativa ordinaria da Corporación, as cales asociadas a un control sostido do gasto, sitúanos nunha posición para acadar unha administración axeitada e rigorosa.
- Integración e optimización da xestión de medios e adaptación selectiva dos custes da actividade, de xeito que facilite o cumprimento dos obxectivos para propiciar unha axeitada posición do resultado en clave de sostibilidade e equilibrio na execución orzamentaria.
- Actualización das plataformas tecnolóxicas de soporte, nomeadamente dos procesos de contidos implantando un sistema de produción dixital que permita unha clasificación clara e ordenada da información, unha mellor xestión dos contidos e a opción de novas vías de acceso e uso do material audiovisual. Preténdese deste xeito mellorar a produtividade, os fluxos e procesos de traballo e a eficiencia na xestión.
- A Corporación RTVG seguirá a cumprir coa tarefa de apoio e promoción da industria audiovisual galega, en termos de capacidade dispoñible, consciente do seu importante papel como demandante de servizos audiovisuais, en especial da industria do entretemento e a ficción.

En canto ás iniciativas en materia de RSC e igualdade, a Corporación RTVG amosa un renovado compromiso empresarial na implicación e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminación indirecta por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da política corporativa.

SOCIEDADE ANÓNIMA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL S.A

Con carácter xeral, os obxectivos de Retegal no ano 2019 tenderán a:

- Manter, ampliar e consolidar a súa posición no mercado nacional e autonómico como operador neutro de servizos de radiodifusión e de infraestruturas (distribución, contribución, aloxamento, planificación, mantementos, etc.).
- Manter, ampliar, renovar e mellorar as infraestruturas existentes, tanto activas como pasivas, para facilitar o acceso á sociedade da información de todos os cidadáns de Galicia, o que tamén redundará nunha mellora, tanto da calidade e continuidade dos servizos que xa vén prestando Retegal, como da eficiencia enerxética co uso de infraestruturas de comunicacións máis eficientes.
- Administrar con eficiencia os recursos xestionados desenvolvendo actuacións que incrementen a eficiencia co obxectivo de chegar a ofrecer servizos máis competitivos, con tarifas transparentes e orientación a custes que derivarán nunha mellora da calidade e accesibilidade dos servizos que se prestan á toda a sociedade galega.
- Na súa condición de medio propio, planificar, executar e operar as encomendas de xestión previstas, e as que se lle poidan encargar pola Xunta de Galicia, e seguir xestionando servizos en réxime de autoprestación.

Con carácter máis específico, os obxectivos de Retegal no ano 2019, serán:

I. Servizos de operador neutro de telecomunicacións.

O posicionamento de Retegal como operador neutro de infraestruturas é acorde coas tendencias de mercado, nas que as estratexias dos operadores de servizos de telecomunicación se orientan ao núcleo do negocio evitando no posible, investimentos en infraestruturas e realizando acordos marcos con operadores de telecomunicacións xestores das mesmas. As infraestruturas e redes que xestiona Retegal facilitan a prestación de futuros servizos, reducindo os tempos de implantación, investimentos e custos recorrentes de mantemento e explotación a outros operadores.

2. Servizos de TDT.

2.1. CRTVG.

O obxectivo fundamental de Retegal para o ano 2019, é manter as porcentaxes de cobertura de difusión do sinal do múltiple autonómico de TDT, no que están presentes as dúas canles de TVG, mantendo ademais os actuais niveis de calidade e dispoñibilidade na prestación do servizo.

Durante o ano 2019, Retegal, coa finalidade de adaptar os seus servizos ao proceso de dixitalización e actualización tecnolóxica iniciado pola CRTVG debe adecuar:

- A cabeceira de codificación e multiplexación do múltiple autonómico para a emisión de contidos en alta definición (HD).
- O sistema de codificación e decodificación de sinais de contribución de estadios deportivos e cámaras de vistas para posibilitar a transmisión de sinais en alta definición (HD).

Por outra parte, unha vez publicada a folla de ruta do 2º dividendo dixital por parte da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información dependente do Ministerio de Economía e Empresa, establécese o proceso a seguir para a autorización da banda de frecuencias de 700 MHz na prestación de servizos de comunicacións electrónicas de banda larga sen fíos, sendo parte das obrigas da administración estatal, derivadas da Decisión (UE) 2017/899 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, sobre o uso da banda de frecuencias de 470-790 MHz na Unión, pola que se prevé finalizar o proceso de liberación da banda de 700MHz antes do 30 de xuño de 2020.

2.2. Concesionarios autonómicos.

Retegal presta servizo de difusión ao múltiple autonómico, que está integrado pola TVG (con dúas canles dixitais) e por dous concesionarios de xestión privada.

Retegal continuará prestando o servizo de difusión do múltiple con normalidade mantendo a súa responsabilidade na dispoñibilidade dos servizos de teledifusión.

2.3. Concesionarios locais.

Prestación dos servizos de difusión aos múltiples de TDT Local de Vigo, Santiago de Compostela e Ribeira con índices de calidade e continuidade do servizo comprometidos.

2.4. Cadeas estatais.

Prestación do servizo de transporte e difusión do sinal do múltiple de TVE nos centros contratados pola adxudicataria do contrato licitado novamente en 2017.

3. Servizo da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade da Xunta de Galicia (RESGAL).

En virtude das encomendas de xestión da Amtega a Retegal, durante o ano 2019 e despois das melloras de cobertura acometidas durante os anos anteriores, a empresa realizará as seguintes accións:

- Mantemento e xestión da Rede de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia (RESGAL).

A infraestrutura actual da RESGAL foi despregada en varias fases o que obriga a asumir o mantemento da mesma de xeito progresivo e suporá un notable incremento nos custes de mantemento.

- Implantación de novos servizos aos usuarios, que permitirán manter e mellorar o aseguramento de continuidade do servizo e actualizar, ampliar e mellorar as capacidades dos servizos e aplicacións actuais.

Este servizo ten a consideración de fundamental de cara aos vindeiros anos entre todos os prestados por Retegal, xa que abre unha nova e potente liña de actividade. Con tal motivo, ao longo do ano 2017 iniciouse unha campaña de potenciación e fomento do coñecemento da RESGAL que se mantivo ao longo do ano 2018, coa finalidade de difundir os seus beneficios entre todas as entidades prestadoras de servizos de emerxencia e de fomentar o coñecemento da mesma por parte da poboación galega. Ao longo do ano 2019, será necesario manter as devanditas actuacións de difusión da RESGAL

entre as entidades prestadoras de servizos de emerxencias que aínda non estean adheridas á rede, así como entre a cidadanía, que debe estar informada das súas vantaxes en materia de seguridade cidadá e por razóns de transparencia.

Ao longo do ano 2018, abriuse a incorporación á RESGAL ás entidades públicas de ámbito estatal con competencias en materia de emerxencias (autoridades portuarias, etc.). Retegal, como xestor da rede, fomentará a adhesión de novos organismos á RESGAL, todo elo coa finalidade de potenciar e facilitar a coordinación entre os diferentes efectivos de emerxencias que operan en Galicia.

Por outra banda, no ano 2018 incorporouse á RESGAL o servizo da Rede de Videovixilancia forestal de Galicia. Este servizo préstase desde 44 centros xestionados por Retegal, mediante o emprego de 88 cámaras ópticas de altas prestacións, que están destinadas á detección e control da actividade incendiaria coa máxima axilidade posible, especialmente en zonas de alta actividade incendiaria, proxecto financiado nun 75% por FEADER e nun 7,50% polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente dentro do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

4. Servizos de Radiodifusión.

- Radio Galega. Tras a dixitalización da rede de transporte das catro delegacións e dun 92% dos centros emisores, así como a instalación de sistemas de supervisión, no ano 2019 continuarase co plan de renovación de equipamento de difusión, substituíndo os equipos mais antigos por outros de maior eficiencia enerxética, o que permitirá mellorar os custes de explotación de Retegal.
- Prestación de servizos a operadores de radiodifusión privados. Retegal dispón das infraestruturas idóneas para cumprir uns elevados obxectivos de cobertura para servizos de Radiodifusión. É previsible que no ano 2019 se poida recibir algunha solicitude por parte dalgún novo cliente adicional.

5. Servizo de transporte e conectividade.

No ano 2014 Retegal, realizou unha oferta pública para que os operadores que fosen licitadores no concurso público para a prestación dos servizos da Rede Corporativa Xunta de Galicia (RCXG) puidesen empregar as súas infraestruturas e servizos de transporte, oferta que foi subscrita polo adxudicatario da licitación.

Como consecuencia da formalización da prórroga da prestación de servizos do operador adxudicatario coa Xunta de Galicia, prevese a continuidade da prestación deste servizo durante o ano 2019.

6. Adecuación Operativa de Retegal.

Debe considerarse este un proceso en continuo ciclo de mellora, polo que no ano 2019 Retegal deberá tanto implantar novos procesos e sistemas, como continuar mellorando a súa operativa de xeito permanente coa execución dos proxectos xa iniciados ao longo do bienio 2017-18 relativos ao plan de sistemas, e a adecuación de procedementos, indicadores e políticas aos estándares existentes no mercado en relación a calidade, medio ambiente,

prevención de riscos laborais e penais así como a adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade e aspectos técnicos relativos a Responsabilidade Social Corporativa.

7. Innovación tecnolóxica.

Nesta liña, durante o ano 2016 constituíuse un consorcio entre AMTEGA, a Universidade de Vigo, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (SXCAA) o Instituto Portugués do Mar e da Atmosfera (IPMA) e Retegal para presentar, en setembro de 2016, o proxecto "Fighting Forest Fires Using Electronic Communication Technologies" ante a Comisión Europea a través da súa Axencia "Executive Agency for Small and Medium-sized Enterprises", para a detección temperá de incendios co emprego de radares meteorolóxicos e que terá que desenvolverse dende setembro de 2017 ata o ano 2020. A consecución de dito proxecto de investigación supón un fito importante para Retegal pola reducida probabilidade de aceptación de proxectos a ditos programas.

Por outra parte, e derivado da formalización dun convenio de colaboración entre Retegal e o SPDCIF (Consellería do Medio Rural) estableceuse un marco de colaboración para levar a cabo varias actuacións en relación á detección temperá de incendios coa realización de diversos proxectos piloto ao longo do ano 2017, que empregan diferentes tecnoloxías e que permitirán desenvolver novos proxectos durante o ano 2019.

Dentro das liñas enmarcadas neste convenio de colaboración, iniciouse por parte de Retegal a formalización dun convenio de colaboración coa Universidade de Vigo no proxecto de FireRS, que comprende a utilización dunha torre de RETEGAL para o albergamento dun sensor especificamente desenvolvido para este cometido.

Coa finalidade de contribuír á implantación e extensión das novas tecnoloxías na comunidade autónoma, especialmente no que atinxe ao 5G, Retegal na súa condición de medio propio da Administración autonómica, participará activamente nos plans institucionais para o desenvolvemento de novas tecnoloxías. Independentemente do anterior, promoverá a participación dos diferentes axentes do sector na elaboración de proxectos piloto para a extensión dos novos servizos da sociedade da información en Galicia.

II.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

A Fundación Deporte Galego pretende continuar coa consolidación e incremento da práctica deportiva e a actividade física na poboación galega, aproveitando os seus beneficios máis alá da mera competición, no ámbito da saúde e da economía e utilizando as súas funcións educativa e social. Para iso realizaranse actuacións durante o 2019 en tres grandes liñas.

A primeira liña de actuación centrarase no apoio ao deporte de alto nivel. Como obxectivos fundamentais nesta área destacan a busca de máis recursos para as entidades e o propio incremento das mesmas. Asemade, o desenvolvemento de accións de formación de calidade para os deportistas co obxectivo de facilitarles a incorporación ao mundo laboral unha vez finalizada a súa carreira deportiva. Levaranse a cabo convenios de patrocinio cos clubs galegos de alta com-

petencia, a entrega de axudas aos deportistas galegos de alto nivel e o patrocinio na organización de eventos deportivos de carácter autonómico, nacional e internacional.

A segunda liña continuará co desenvolvemento do Plan Galicia Saudable, en colaboración coa Secretaría Xeral para Deporte, baixo a perspectiva da promoción da saúde. Preténdese o fomento da práctica de actividade física, a loita contra o sedentarismo e a mellora da condición física en toda a poboación. Será fundamental a colaboración coa comunidade científica que fundamenta a eficacia das actuacións a desenvolver. Mediante a consolidación das ferramentas TIC e grazas ao desenvolvemento de anos anteriores preténdese abordar máis ámbitos de actuación do plan.

A terceira liña de actuación abordará o deseño de programas físico-deportivos nas instalacións xestionadas directamente pola fundación, así como a supervisión e control das realizadas polas empresas concesionarias nas xestións indirectas.

Finalmente, preténdese integrar os principios de igualdade e inclusión de maneira transversal nas actuacións da fundación, na práctica deportiva en xeral e na de alto nivel en particular.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 111A - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese garantir que a actividade singular da Presidencia da Xunta de Galicia se preste en condicións eficientes, asegurando a coordinación e a execución dos compromisos cos distintos axentes cos que se establecen relacións de interacción.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten un importante carácter intrínseco á propia actividade da persoa titular da Presidencia da Xunta, no que se refire ás súas relacións institucionais e protocolarias, e ao funcionamento normal e diario das unidades administrativas adscritas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como xa se indicou, este programa ten un marcado carácter de apoio á actividade do Presidente da Xunta de Galicia, polo que nel se recollen basicamente gastos de funcionamento que sustentan esa actividade. Paulatinamente, na senda da contención do gasto corrente que marca a actuación do goberno galego, nos últimos anos este programa ten visto minoradas as súas consignacións orzamentarias, sen que isto teña interferido no normal funcionamento das unidades administrativas ás que lles dá soporte orzamentario.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento deste programa ten a súa base, primeiramente, na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia.

En desenvolvemento das previsións contidas nesa lei, dítanse os oportunos decretos de estrutura. Na actualidade, o Decreto 176/2016, do 15 de decembro, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Igualmente, debe sinalarse o Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é actuar como soporte orzamentario da actividade singular da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, así como das unidades administrativas que apoian directamente esa actividade, dun xeito eficiente e menos gravoso para as finanzas autonómicas.

micas, asegurando tamén a coordinación e comunicación co resto de órganos do sector público autonómico e reforzando a acción coordinada do goberno galego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Presidencia

III.1.2. PROGRAMA 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 312C –servizos sociais relativos ás migracións- atende ao obxectivo estratéxico do PEG 2015-2020: impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar (OE 2.4.02), na vertente do eido da emigración e retorno; cuxo indicador de resultado é a porcentaxe de solicitudes atendidas sobre as que se acredite unha situación de necesidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa inclúe actuacións de apoio aos cidadáns galegos residentes no exterior e ás entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, para que estes participen e compartan a vida social e cultural e económica de Galicia, e contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida. Así mesmo, a través deste programa desenvólvense accións encamiñadas á procura da integración social e á inserción laboral do colectivo de emigrantes e retornados na nosa sociedade.

Trátase de asegurar unha vida digna aos galegos e galegas residentes no exterior, así como aos descendentes con nacionalidade española, e vinculados a algún dos concellos de Galicia. A maior parte deste colectivo sitúase nos países latinoamericanos, cuxa situación socioeconómica tomou nas últimas décadas cara unha senda de carácter negativo, o que deu lugar a unha grande inseguridade, cando non ausencia, de sistemas de protección social en xeral e para os colectivos máis desfavorecidos en particular.

Polo que se refire ás comunidades galegas como entidades asociativas asentadas fóra do territorio de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten como tarefa fundamental a súa preservación. Neste senso, é necesario prestar apoio ás actuacións que realizan estas entidades nas áreas sociais, asistenciais, formativas, culturais, informativas, de xuventude, así como contribuír á promoción e sustentabilidade do patrimonio de valor histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico creado polas entidades galegas asentadas fóra de Galicia ao longo da súa historia.

No ámbito do retorno, cómpre promover medidas de apoio nos eidos educativo, laboral e social que favorezan o retorno a Galicia das persoas galegas residentes no exterior e facilitar a súa integración na sociedade galega; en especial a Secretaría Xeral da Emigración considera de especial interese impulsar unha liña de bolsas para ofertar ás persoas galegas universitarias residentes no estranxeiro a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega, coa finalidade de ampliar a súa formación e adquirir competencias e habilidades que favorezan a súa inserción laboral e futuro profesional en Galicia. Igualmente é primordial apoiar o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas emigrantes retornadas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Secretaría Xeral da Emigración recae sobre o colectivo dos cidadáns residentes fóra de Galicia e os seus descendentes, que constitúe a emigración galega, do que unha grande cantidade forma parte dalgunha das entidades galegas asentadas fóra de Galicia e recoñecidas nalgunha das categorías que recolle a Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude.

Polo que se refire ao ámbito do retorno, a nosa comunidade autónoma segue ocupando un lugar destacado a nivel estatal en canto ao volume de persoas retornadas, situándose entre as seis primeiras, segundo as cifras do INE (Instituto Nacional de Estatística) para o ano 2017, cun saldo migratorio positivo. Así mesmo, destas estatísticas despréndese que, en canto á idade, o grupo maioritario de persoas retornadas sitúase dentro do tramo en idade laboral.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A análise dos datos da presenza da cidadanía galega no exterior que achegan os sistemas estatísticos español, a través do INE e o galego, a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), sinalan un incremento progresivo das persoas galegas residentes no exterior (é dicir, a suma dos emigrantes que naceron en Galicia e marcharon e a dos seus descendentes) nos últimos anos, mentres diminúe o número de emigrantes residentes no exterior. O número total de galegos residentes no exterior -tanto emigrantes como os seus descendentes- é de 516.489 persoas a 1 de xaneiro de 2018, 132.231 máis que en 2009 e 142.970 máis que en 2007, cando entrou en vigor a Lei da Memoria Histórica, principal causa do aumento do número de persoas que accederon ou recuperaron a nacionalidade española nos últimos anos. Pola contra, o número de emigrantes galegos nados en Galicia descendeu desde 2009 en 10.337 persoas. Só no último ano esta cifra baixou en 1.913 persoas, mentres o total de galegos residentes no exterior (emigrantes mais os seus descendentes) subiu neste mesmo período en 4.659.

Os estados con maior presenza de cidadáns galegos son os do continente americano, o que, tanto en cifras totais como proporcionalmente, amosa para o período 2009-2018 un maior incremento da cidadanía galega en América (111.801 novos/as cidadáns/ás) fronte a Europa (14.761 novos/as cidadáns/ás). A análise comparativa deste incremento entre a poboación galega residente e nacida en Galicia e a nacida no estranxeiro, é unha mostra clara de que estes incrementos non son consecuencia da saída de galegos e galegas desde a nosa comunidade autónoma con destino a América, senón do incremento natural da poboación e do acceso á cidadanía por lei e as transmisións posteriores da cidadanía de pais a fillos/as.

Outro dato da presenza da cidadanía galega nacida en Galicia en América é o envellecemento da poboación, xa que a porcentaxe de persoas galegas maiores de 65 anos residentes neste continente vai dende máis do 94% de Arxentina ao 36,18% dos Estados Unidos de América. Pola contra, a pirámide de idade dos galegos nados no estranxeiro e residentes en América é inversa: rexuvenece, contraste especialmente chamativo no caso de países como Venezuela, onde unha importante porcentaxe de poboación galega (nacida no estranxeiro) é menor de 16 anos.

No caso europeo, o incremento da poboación galega residente en Europa prodúcese entre galegos/as nados/as no estranxeiro, cun crecemento sostido dende o ano 2009, derivado das persoas galegas nadas en familias emigrantes neste continente e por outra banda dos galegos/as nados/as noutros países -esencialmente de América- que emigraron a Europa.

Estes datos comprometen a manter os programas destinados aos galegos da diáspora, así como intensificar todos aqueles que favorezan o retorno á nosa terra, non só dos galegos emigrados, senón tamén dos seus descendentes.

Nas últimas décadas os países da área de Iberoamérica iniciaron un camiño de deterioro dos seus sectores produtivos ocasionado por distintos factores políticos, sociais e económicos, que deixou como consecuencia o paulatino empobrecemento de amplas capas sociais e a diminución dos sistemas de protección social naqueles países nos que estaban desenvolvidos.

Esta situación de precariedade socioasistencial dos emigrantes galegos e dos seus descendentes directos vén sendo paliada por distintos programas de axudas dende a Secretaría Xeral da Emigración, executado en dúas grandes liñas: axudas directas para atender a individuos con carencia de medios que dean lugar a situación de exclusión social e axudas ás entidades galegas que dispoñen de centros de atención para os colectivos de persoas galegas, co obxectivo de protección socio sanitaria e con carácter de beneficencia.

A necesidade de dedicar maiores esforzos a este programa ven xerada polo contexto no que se vive nalgúns países de acollida da emigración galega, que derivan nunha situación de precariedade socio asistencial. Cómpre destacar a especial situación de vulnerabilidade que está a atravesar a poboación galega residente en Venezuela.

En canto ás entidades galegas no exterior, son preto de 200 que desde case cada recuncho do mundo, colaboran co Goberno galego na labor de preservación e difusión da cultura e o patrimonio galegos por todo o planeta. Por continentes, é América o que concentra un maior número de entidades, seguido de Europa; España é, de lonxe, o país que máis entidades ten inscritas no Rexistro da Galegitude.

A Galicia exterior actual é multicultural: a integración social das primeiras xeracións, sumada á formación e educación das segundas e terceiras xeracións plenamente integradas nas sociedades de acollida, achéganos unha base demográfica de poboación galega e descendentes con contribucións culturais de países moi variados. Esta riqueza cultural, social e económica é un valor que é necesario incorporar ás entidades galegas do exterior, como vínculo que fortaleza os lazos vitais, culturais e sociais coa Galicia territorial.

A fortaleza deste programa é a grande vinculación afectiva que manteñen os emigrantes con Galicia: unha rede de sociedades e entidades espalladas por todo o mundo, fundamentalmente en América, que contan a maior parte deles con servizos de protección (sanitarios, residencias de anciáns, centros de día ...) e o carácter de solidariedade e beneficencia cos seus paisanos máis desfavorecidos dos seus fundadores, que aínda perdura. A Secretaría Xeral da Emigración actúa complementando a tarefa que eles mesmos desenvolven.

Un factor que incide positivamente neste programa de gasto é a globalización que nos ofrece a realidade actual da sociedade, a través da poboación galega residente en todos os países que conforman a Galicia exterior, que permite o impulso de actividades de carácter económico-empresarial que fomenten o desenvolvemento e a proxección económica de Galicia no ámbito internacional.

Outra característica apreciable da emigración galega é a súa vontade de retorno. Este feito condiciona que grande parte deste colectivo manteña os vínculos sociais e culturais con Galicia, e demande un apoio por parte da nosa comunidade autónoma á hora de planificar o seu retorno. O Goberno galego é consciente que o noso país dispón dun activo que pode converterse nun dos piares fundamentais para atallar a problemática demográfica: os milleiros de galegos/as de

segundas e terceiras xeracións que residen fóra da Galicia territorial. A Xunta de Galicia vén desenvolvendo de forma transversal a través das súas consellerías e organismos políticas destinadas a fomentar o retorno das persoas galegas emigrantes.

Neste sentido, a Secretaría Xeral da Emigración trata de captar para Galicia un retorno emprendedor e de talento entre as primeiras, segundas e terceiras xeracións de persoas emigrantes galegas, con vistas a que o retorno da poboación tamén supoña un retorno de capitais en forma de investimento, de riqueza, coñecemento e emprego.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, Decreto 66/2014, do 23 de maio, de regulación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galegitude e do Rexistro da Galegitude e Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas.
- Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior.
- Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e ditadura.
- Estratexia Retoma 2020.
- Estratexia Emigración 2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento deste programa, actuarase en base as liñas implementadas na Estratexia Emigración 2020, co obxectivo de paliar as situacións graves de carencia e desprotección en amplos sectores da poboación galega residente no exterior, en especial nos máis sensíbeis a este tipo de situacións como o conformado por persoas maiores, cunha demanda de atención específica de carácter sanitario, farmacéutico e de asistencia social cada vez maior; ou naqueles países que están a atravesar unha difícil situación socioeconómica, como é o caso de Venezuela.

Polo que se refire ás entidades galegas como entidades asociativas, asentadas fóra do territorio de Galicia, que teñen como unha das súas necesidades a súa preservación, é necesario prestar apoio ás actuacións que realizan estas nas áreas sociais, asistenciais, formativas, culturais, informativas, de xuventude, así como contribuír á promoción e sustentabilidade do seu patrimonio de valor histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico.

A Estratexia Retoma 2020 recolle as accións transversais de apoio ao retorno por parte do Goberno galego, que neste programa en concreto céntranse na contribución a paliar as situacións de necesidade económica derivadas do proceso de retorno das persoas galegas retornadas e das súas familias, así como fomentar á súa integración socio laboral na comunidade autónoma, facilitando instrumentos de atracción profesional de poboación galega residente no exterior, así como información e asesoramento técnico a través dunha plataforma única.

Resulta fundamental colaborar no retorno da mocidade do exterior, mediante as axudas no eido académico, co obxectivo de que a sociedade galega se enriqueza cos coñecementos e experiencias profesionais internacionais que acheguen as persoas galegas con formación universitaria, que residen ou naceron no estranxeiro, e que agora retoman a Galicia, ao mesmo tempo que se reforza a súa vinculación coa comunidade autónoma.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actividades propias do programa están dirixidas á procurar o benestar e calidade de vida da cidadanía galega no exterior, das entidades galegas asentadas fóra de Galicia e o apoio ás persoas que retornen á nosa comunidade autónoma.

Das cifras do Instituto Nacional de Estatística (INE) relativas ao Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro (PERE) –datos a 1 de xaneiro de 2018- extráese que este colectivo está integrado por un 51% de mulleres polo que os programas da Secretaría Xeral da Emigración están destinados a máis beneficiarios potenciais mulleres ca homes.

Polo que se refire ao ámbito do retorno, a estatística de variacións residenciais de 2017, segundo as fontes do INE, indica que retornaron a Galicia un 48% de mulleres sobre a cifra total de poboación emigrante retomada á nosa comunidade autónoma.

O programa inclúe actuacións específicas dirixidas a persoas emigrantes galegas e retomadas para atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero e á súa familia, así como de apoio ás mulleres galegas que retornen a Galicia para a súa iniciativa emprendedora no mercado laboral, que faciliten a súa integración socio-laboral.

En canto ao papel da muller tanto na Galicia territorial como na exterior está a cobrar un peso cada día maior, que precisa dun apoio firme e constante por parte da administración, polo que un dos principais obxectivos desta secretaría xeral e promover a integración e participación efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior –especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección; se ben estes potenciais axentes son soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas a través de campañas de concienciación co compromiso de igualdade nos espazos de representación da galegitude e nas colectividade do exterior.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, recolle expresamente as actuacións no ámbito da igualdade de xénero entre as mulleres e os homes galegos residente no exterior, e instrumentará as medidas de apoio ás entidades galegas para este fin.

A Estratexia Emigración 2020 inclúe nas súas liñas de actuación unha área específica destinada á muller, co obxectivo de promover en coordinación coas entidades galegas no exterior, a realización foros de debate e outras accións semellantes nas áreas xeográficas de residencia de poboación galega no exterior, e utilizar as conclusións destes congresos para a aplicación de políticas de igualdade e participación da muller no ámbito da galegitude.

No que se refire ao órgano colexiado de representación e de participación das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, na actualidade inclúese un representante do sector público autonómico de Galicia con competencias en materia de muller e igualdade. Na actual Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, é significativa a presenza de tres mulleres en representación das directivas das institucións do exterior neste órgano colexiado da emigración, facendo visible á muller no ámbito da diáspora.

As actuacións do programa orzamentario mediranse con indicadores asociados desagregados por sexo, e aqueles que incorporan a perspectiva de xénero: número de congresos, número de obradoiros con contidos de igualdade; número de mulleres vítimas beneficiarias das axudas; porcentaxe de mulleres e homes nos órganos de decisión das comunidades galegas no mundo e porcentaxe de mulleres e homes que participan nas accións formativas, culturais e de reencontros no ámbito da emigración galega.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A Secretaría Xeral da Emigración desenvolverá unha liña de axudas para a promoción do autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma de Galicia das persoas galegas retornadas, na que se contribuirá cunha achega económica complementaria para a actividade emprendedora feminina, co obxectivo de impulsar o emprendemento feminino e a mellora do tecido empresarial liderado por mulleres.

- Realización de congresos e seminarios de formación/debate e impulso da participación da muller nas comunidades e entidades galegas do exterior, de cara a fortalecer o movemento asociativo feminino e a presenza, o liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral.
- A Secretaría Xeral da Emigración, dentro da convocatoria de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior, contempla unha liña específica de axudas para as mulleres que sufran violencia de xénero, para facilitar unha resposta específica ás mulleres vítimas que se atopen no exterior.
- Outra actuación no ámbito de resposta específica para paliar as situacións de violencia de xénero, desenvólvese a través do programa de axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas, no que se trata de dar apoio económica ás mulleres vítimas da violencia de xénero incluídas no programa de axudas.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Estímase que coas actuacións deseñadas dende a perspectiva de xénero, se avance cara unha diminución da fenda de xénero na participación das mulleres das entidades galegas no exterior nos órganos de decisión das asociacións deste ámbito e nos lugares nos que residen, así como unha repercusión no retorno das mulleres galegas a través das accións de fomento, información e inserción laboral na nosa comunidade autónoma.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

O programa 312C –Servizos Sociais relativos ás migracións- no apartado de emigración, executou axudas de carácter socioasistencial e desenvolveu programas sociais e culturais, dos que nunha porcentaxe dun 60% foron mulleres as beneficiarias destas actuacións no ámbito das persoas residentes no exterior.

Na área do retorno, as accións dirixidas ao colectivo en xeral, a porcentaxe de beneficiarias femininas foi dun 52%.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A Secretaría Xeral da Emigración non ten previsto implantar ningunha nova acción para a incorporación da perspectiva de xénero na xestión das actuacións que se financian no programa de gasto 312C –Servizos relativos ás migracións–.

Entre as dificultades que se detectan para implantar novas estratexias neste ámbito, a máis significativa é que o colectivo ao que se dirixe á acción do dito programa de gasto é na súa maior parte o de persoas residentes no exterior, polo que radica en numerosos países, coas súas propias leis estatais e regulacións propias nesta materia.

Así mesmo, en canto ao fomento da participación efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior –especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección–, detéctanse obstáculos que veñen dados por ser estes órganos colexiados axentes soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas directivas.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Emigración

III.1.3. PROGRAMA 441A - PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A actuación da Secretaría Xeral para o Deporte ten como fío condutor o fomento da práctica do deporte e da actividade física na Comunidade Autónoma de Galicia -entendido este como elemento imprescindible para a calidade de vida da cidadanía galega-, así como o crecemento do deporte na comunidade autónoma e o desenvolvemento do seu tecido deportivo, a través da coordinación institucional e cuns claros obxectivos en materia de saúde, benestar e actividade física, apoio ao tecido deportivo e infraestrutura deportiva.

A explotación das funcionalidades do deporte, a xeneralización e accesibilidade da práctica do deporte e da actividade física mediante a súa incorporación á vida cotiá da cidadanía; a mellora e dotación de novas infraestruturas; o apoio aos axentes deportivos na promoción e

crecemento do deporte ou o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte son, entre outros, obxectivos prioritarios deste programa.

Os beneficios que se esperan acadar na execución deste programa atópanse ligados ás necesidades existentes no actual ámbito deportivo galego: aproveitamento das funcionalidades do feito deportivo, o incremento da calidade de vida da cidadanía mediante a práctica do deporte e da actividade física, e crecemento deportivo de Galicia, mediante o apoio ao tecido deportivo galego e, afectando e con incidencia en ámbolos dous obxectivos, a realización dunha axeitada política e dotación de infraestruturas deportivas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo afectado pola actividade da Secretaría Xeral para o Deporte, e máis en concreto por este programa, é a sociedade galega globalmente considerada (principalmente en canto ao obxectivo prioritario da xeneralización da práctica da actividade física) e o tecido deportivo galego (no tocante á práctica deportiva e ao deporte de competición) sen esquecer, entre outros, ás entidades locais principalmente no referido a infraestruturas deportivas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Segundo a última enquisa de hábitos deportivos dos españois (CSD 2015), practican deporte na nosa comunidade autónoma un 37,4% da poboación. Por outra banda, atendendo tamén a última enquisa nacional de saúde (2011/2012), o 59,71% dos galegos e galegas de 18 e máis anos teñen sobrepeso ou obesidade (frente ao 53,68% da media nacional), e o 34,64% dos galegos e galegas de entre 2 e 17 anos teñen sobrepeso ou obesidade (frente ao 27,82% da media nacional).

No ano 2013 realizouse no ámbito da comunidade autónoma a enquisa sobre “Hábitos de actividade física e deportiva da poboación galega” elaborada en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Segundo os resultados da dita enquisa, sete de cada dez galegos maiores de 18 anos practica exercicio habitualmente, nunha porcentaxe case 16 puntos superior á do 2007, ano no que se fixera un estudo de equivalentes características. A porcentaxe de práctica de exercicio físico é bastante similar entre as catro provincias galegas, mentres que se continúa a apreciar unha certa diferenza entre sexos. Así, hai unha maior porcentaxe de homes (74%) que de mulleres (68%) que realiza actividade física, pero esa distancia acurtouse en case dous puntos desde 2007. Desde entón, aumentou nun 14,8% a porcentaxe de homes que fai exercicio e nun 16,8% a de mulleres.

Débase tamén significar que a actividade deportiva ten como elementos básicos para unha axeitada evolución aos clubs e federacións. Na actual conxuntura considérase esencial manter o apoio a través de liñas de subvención para a actividade tanto dende a perspectiva das persoas xurídicas como dende a perspectiva do deportista persoa física.

As actuacións anteriores complementáanse coa implantación de infraestruturas deportivas.

O anteriormente exposto configura unha serie de actuacións interrelacionadas que buscan acadar un obxectivo único que non é outro que o incremento da calidade de vida da cidadanía mediante a práctica do deporte e a actividade física.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A norma pola que se regula a actividade deportiva en Galicia é a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que foi modificada pola Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (modificacións dos artigos 22, 60, 116 e da disposición adicional terceira, e se engadiu unha nova disposición adicional -a cuarta-).

En desenvolvemento da dita lei do deporte, aprobáronse o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva e o Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Ademais atópanse en vigor o Decreto 228/1994, do 18 de xullo, regulador das federacións deportivas galegas e a Orde do 28 de xullo que o desenvolve.

Así mesmo, o Decreto 82/1983, do 21 de abril, crea o rexistro de clubs, federacións e entidades deportivas, desenvolvido pola Orde do 17 de maio de 1983. Esta normativa, en vigor no que non se opoñan á Lei 3/2012, será substituída pola que se promulgue con motivo da nova norma legal.

Neste ano 2018, tamén se aprobaron o Decreto 63/2018, do 31 de maio, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia, o Decreto 78/2018, do 26 de xullo, polo que se regula a composición e o funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

Por último, cómpre indicar o Plan Galego de Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable".

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para conseguir os obxectivos perseguidos con este programa, actuarase en catro grandes aspectos.

En primeiro lugar, na execución do Plan Galego de Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable" continuarase o iniciado nestes exercicios precedentes, desenvolvendo actuacións que dinamicen a práctica da actividade física entre toda a poboación galega nos diferentes ámbitos establecidos no plan, especialmente consolidando as ferramentas TIC para facilitar a accesibili-

dade da práctica por parte de toda a cidadanía, con especial atención á actividade deportiva en idade escolar.

En segundo lugar, no apoio ao tecido deportivo galego e aos deportistas, estableceranse plans de axudas económicas ás federacións deportivas, aos clubs e outras entidades deportivas; traballarase en medidas de apoio aos deportistas de alto nivel; na promoción do deporte en idade escolar e no impulso dos programas de tecnificación deportiva. Así mesmo, o programa "Eu son DGAN", procurará a integración laboral das e dos deportistas de alto rendemento unha vez que rematan a súa vida deportiva, traballando para elo na compensación das dificultades que a práctica do deporte de alta competición pode causar na formación e na integración laboral dos deportistas.

En terceiro lugar, na mellora do mapa de infraestruturas deportivas galegas continuarase a optimización da rede actual e investirase, de ser o caso, na construción de novas infraestruturas.

Por último, seguirase traballando na adecuación da normativa actual á realidade do deporte galego, avanzando no desenvolvemento regulamentario da lei do deporte de Galicia, así como na adecuación do marco normativo á realidade do sector.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Con incidencia no campo da práctica de actividade física e do deporte federado (e de alto nivel), os programas de Galicia Saudable, ou do deporte escolar (XOGADE), os convenios de patrocinio aos clubs de alto nivel, as actuacións de aproveitamento das funcionalidades do feito deportivo, ou as axudas aos deportistas galegos de alto nivel, serven, dende unha perspectiva e deseño mixto, para crecer en igualdade.

Así o amosan os indicadores, especialmente significativos nos convenios de patrocinio e nas axudas a deportistas de alto nivel. Desta forma, pódense apuntar distintos indicadores que amosan unha positiva evolución no ámbito do deporte feminino: máis licenzas (58.269 no 2017, fronte a 42.090 no 2009), máis equipos de alto nivel patrocinados (72 fronte a 28) ou máis deportistas de alto nivel recoñecidas pola Secretaría Xeral para o Deporte segundo o procedemento do decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes (154 fronte a 59).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X

Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Entre outras actuacións, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Deporte Galego realizan dúas actividades que provocan un importante impacto no deporte desenvolvido polas mulleres:

- a) Os convenios de patrocinio aos equipos galegos de alto nivel, que seguirán a ser unha das actividades prioritarias deste departamento e da fundación no 2019. Na tempada 2017/2018 ou exercicio 2018 resultaron beneficiarios 72 equipos femininos (fronte aos 69 da tempada anterior) e 7 mixtos (un máis ca na tempada anterior), fronte aos 92 masculinos (que no 2016/2017 foron 91). A este respecto é importante salientar que na tempada 2016/2017, en cómputo global, os equipos patrocinados foron, 166 mentres que na tempada 2017/2018 son, 171 producíndose un incremento dun 3,01%.
- b) Nas políticas de fomento do deporte de alto nivel e de axuda aos deportistas, o último recoñecemento de deportistas galegos de alto nivel, publicado por resolución do 13 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se fai pública a lista de deportistas recoñecidos/as como deportistas galegos/as de alto nivel polo procedemento iniciado en novembro de 2017, veu a recoñecer a 154 mulleres deportistas, nun total de 409.

Ambas actuacións fomentan a participación activa das mulleres no deporte, fortalecendo a súa imaxe na sociedade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

No exercicio 2019, prevese seguir incrementando o número de beneficiarias nos programas antes referidos o que, en todo caso, virá supeditado á consecución dos parámetros e resultados obxectivos, de marcas deportivas acadadas. Neste incremento espérase seguir obtendo unha positiva evolución do deporte feminino.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Compre destacar dous parámetros: o número de licencias femininas, que no 2017 foi de 58.269 fronte ás 53.088 do 2016, e os equipos de alto nivel patrocinados que na tempada 2017/2018 foron 72 fronte aos 69 da 2016/2017.

No ámbito das subvencións a clubs deportivos, valórase a adhesión das entidades deportivas ao Manifesto pola Igualdade e pola Erradicación da Violencia de Xénero no Deporte da Secretaría Xeral de Igualdade e da Secretaría Xeral para o Deporte, o número de licencias femininas e o número de mulleres en postos directivos da entidade. Polo que respecta ás federacións deportivas, os convenios de colaboración atenden tamén á adhesión ao Manifesto e a evolución das licenzas, así como tamén contemplan a subvención directa de programas de promoción da igualdade no deporte onde, entre outros extremos, valórase número de mulleres en postos directivos da federación deportiva.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral para o Deporte

Fundación Deporte Galego

III.1.4. PROGRAMA 461A - COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como obxecto a promoción dos valores e a imaxe de Galicia, o apoio a proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios e a divulgación da acción institucional da Xunta.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa está dirixido fundamentalmente ás empresas xornalísticas e de radiodifusión, así como ás universidades.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os medios de comunicación social constitúen un dos elementos básicos da promoción dos valores e a imaxe de Galicia, das súas institucións e da lingua e cultura galegas.

Considérase fundamental que o sector dos medios informativos e de comunicación teñan a mellor capacidade para desenvolver as súas potencialidades nun sector extremadamente cambiante e dinámico e, polo tanto, as actuacións da Xunta de Galicia van encamiñadas a favorecer un marco xurídico, económico e social que permita aos medios de comunicación exercer as súas actividades eficaz e eficientemente.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Lei 14/1966, do 18 de marzo, de prensa e imprenta, e as sucesivas modificacións.
- Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e as sucesivas modificacións.
- Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é potenciar o coñecemento de Galicia e das súas institucións así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación social.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa orzamentario basicamente está enfocado á cobertura informativa da actividade institucional da Xunta de Galicia, así como á difusión dos valores e a imaxe de Galicia a través de accións de comunicación institucional de alcance xeral.

Neste senso, a Secretaría Xeral de Medios incorpora a perspectiva de xénero nunha dobre vertente.

Por un lado, as campañas de comunicación contribúen á igualdade entre homes e mulleres, fomentando unha imaxe equilibrada e non estereotipada. Ademais realízanse campañas de comunicación que promoven a aplicación das políticas de igualdade e visibilizan a perspectiva de xénero.

Por outra banda, os procedementos de contratación incorporan nos pregos de cláusulas administrativas particulares o criterio de desempate para aqueles licitadores que teñan implantado un Plan de Igualdade nas súas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Dentro da programación anual de campañas, cabe salientar a campaña do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, que está destinada principalmente á sensibilización e educación co fin de potenciar a igualdade de mulleres e homes.

Tamén se desenvolve a campaña do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, destinada principalmente á sensibilización e o tratamento integral de cara a erradicación da violencia sexista.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As campañas do Día Internacional da Muller e do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller teñen como poboación obxectivo os homes e mulleres de Galicia, sen que exista un tratamento exclusivo ou preferente a persoas dun sexo ou doutro, tendo en conta o obxectivo de reforzar a concienciación social e contribuír a erradicar a violencia de xénero, así como promover actitudes inclusivas e normalizadoras da igualdade entre xéneros.

Estas campañas teñen como público obxectivo a poboación galega maior de 14 anos, cuantificada en aproximadamente 2.407.000 persoas.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Todas as campañas previstas inicialmente realizáronse de conformidade, achegando as mensaxes sobre igualdade e de erradicación da violencia sexista aos homes e mulleres de Galicia, mediante a utilización dos soportes de prensa, radio e internet.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

As campañas de publicidade e comunicación institucional xa incorporan a perspectiva de xénero, polo que poden ser consideradas como actuacións óptimas de cara a reforzar a concienciación social en materia de igualdade e de erradicación da violencia de xénero.

Tanto a creatividade como a planificación das campañas son fundamentais para mellorar o impacto na poboación das mensaxes sobre a perspectiva de xénero. Neste senso, acadar as me-

llores ideas creativas e unha óptima planificación da campaña son os mecanismos que permiten incrementar o impacto das mensaxes sobre xénero entre a poboación galega.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

Dirección Xeral de Comunicación

III.1.5. PROGRAMA 461B - RADIODIFUSIÓN E TVG:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Coa consignación orzamentaria deste programa preténdese continuar coa mellora de infraestruturas, sistemas, equipos e servizos de telecomunicacións para a radiodifusión, a televisión ou outros servizos de comunicacións oficiais, así como os servizos técnicos para o correcto funcionamento dos equipos e sistemas que integran estas infraestruturas de difusión da comunicación audiovisual.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Cidadáns galegos ou outros cidadáns residentes en calquera das entidades de poboación de Galicia, concellos, empresas fabricantes ou instaladoras de equipos e infraestruturas de telecomunicacións, empresas públicas de telecomunicacións.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Mediante o Real decreto 805/2014, do 19 de setembro, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional de Televisión Dixital Terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do dividendo dixital, a Comunidade Autónoma de Galicia puxo en marcha un plan de investimentos para a adaptación da rede de difusión e cobertura do múltiple dixital autonómico de TDT ás novas condicións de emisión derivadas da liberación do dividendo dixital.

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible, obrigou a abandonar a banda de frecuencias de 790 a 860 MHz, utilizada polos servizos de televisión dixital terrestre, para ser utilizada por novos servizos de comunicacións en mobilidade de cuarta xeración 4G.

A Decisión do Parlamento Europeo do 2 de febreiro de 2016, respaldada polo Consello de Europa na sesión do 22 de xaneiro de 2017, acordou unha nova liberalización da banda de frecuencias entre 690 MHz e 790 MHz para o uso de redes de comunicacións electrónicas en

banda ampla, para garantir unha elevada calidade de cobertura á súa poboación en todo o territorio, con velocidades por riba de 30 Mbps, debendo adaptarse á banda 470 MHz a 694 Mhz os servizos de comunicación audiovisual televisiva terrestre dirixidos ao gran público.

Todo isto supón un novo reto para a rede de difusión dos múltiplex públicos de televisión dixital, investimentos en novo equipamento e axustes necesarios para o funcionamento do servizo público de titularidade autonómica.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Real decreto 805/2014, do 19 de setembro, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional de Televisión Dixital Terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do dividendo dixital.
- Plan Nacional de Transición á TDT (aprobado polo Consello de Ministros do 18/11/2011).
- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual e radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Unha vez rematada a transición da tecnoloxía analóxica á dixital, completado o primeiro proceso de liberación do dividendo dixital, faise necesario investir en novos equipamentos necesarios para o correcto funcionamento dos múltiplex dixitais de titularidade pública autonómica, conforme aos plans técnicos aprobados e aos estándares de innovación tecnolóxica no eido da televisión.

A través deste programa dótese de medios económicos complementarios á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, así como facilitarlle os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.U. (en diante Corporación RTVG) ten un renovado compromiso empresarial na implicación e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminación indirecta por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da política corporativa e de recursos humanos, de acordo cos principios que fixan a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A nivel operativo, as actuacións incorporan o enfoque integrado de xénero como unha intervención transversal que pretende transformar o conxunto da organización nunha estrutura máis igualitaria, que en termos de alcance, incide en todas as áreas: programación e contidos, produción de informativos, comercial e publicidade, recursos humanos e medios.

Neste contexto a Corporación RTVG dispón de procesos, a nivel de soporte, para avanzar nestes obxectivos, nomeadamente a comisión de contidos e igualdade constituída no seu consello de administración e o proxecto de igualdade corporativo.

Tamén cabe sinalar que a Corporación RTVG está representada no Observatorio Galego da Violencia de Xénero previsto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e regulado no Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, no relativo aos órganos consultivos e de participación.

Un dos eixos fundamentais do seu traballo é a prevención de todo tipo de violencia machista e, por iso, ten encomendadas entre outras, a función de vixiar e denunciar que non haxa discriminación sexual na publicidade.

No seo do dito observatorio, creouse unha comisión asesora de publicidade non sexista, que vela pola eliminación dos sexismos nas mensaxes publicitarias e pola incorporación de accións positivas que contribúan, dende un ámbito tan importante como a publicidade, a erradicar todo tipo de discriminación por razón do sexo das persoas. Neste senso, a Corporación RTVG ten un papel destacado.

Por outra banda, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asinou coa Corporación RTVG un convenio de colaboración en materia de igualdade, dirixido a realizar accións conxuntas dirixidas á promoción da igualdade e á loita contra a violencia de xénero.

Mediante esta colaboración, preténdese contribuír a reforzar a integración do principio de transversalidade de xénero na administración pública galega, de cara a conseguir unha maior eficiencia na intervención a favor da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, xa que, pola súa implantación en Galicia, este é o medio idóneo para a difusión das accións de información, divulgación e sensibilización dirixidas á sociedade galega en xeral.

No marco deste convenio, a Xunta de Galicia e a Corporación RTVG, promoverán grupos de traballo para o tratamento axeitado dos temas relacionados coa igualdade na súa programación, promovendo a formación en materia de igualdade entre mulleres e homes do persoal da dita sociedade.

A Corporación RTVG potenciará a visibilidade e audibilidade das mulleres dentro da súa programación, empregará unha linguaxe e/ou imaxes non sexistas, especialmente no ámbito da publicidade, prestando atención informativa e dando cobertura a actividades como o Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero ou o Día Internacional da Muller.

Incluirase o número de teléfono de información ás mulleres nos programas, reportaxes e/ou espazos relacionados co ámbito da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O regulador interno sobre o cumprimento das estratexias de Igualdade na CRTVG é o propio Consello de Administración que conta cunha Comisión de Igualdade que vela pola observancia da normativa neste eido nos medios de comunicación dependentes da CRTVG. A Comisión de Igualdade celebrou catro sesións no 2016 e 6 no 2017 participando nelas os responsables das Áreas de Proxección Social, Recursos Humanos e Informativos e Documentación.

A finais de 2017 foron aprobadas as “Normas reguladoras de comunicación comercial audiovisual emitida a través das canles e servizos conexas e interactivos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG)” co seu capítulo III dedicado á “Imaxe da Muller”:

Artigo 41. Normativa.

As comunicacións comerciais audiovisuais que se difundan a través das canles e servizos conexas e interactivos da Corporación RTVG nas que apareza a imaxe do home ou da muller deberán realizar unha promoción activa da igualdade entre o home e a muller. Nese senso, non conterán elementos que contraveñan a normativa aplicable, especialmente:

- a) Na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- b) No Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Artigo 42. Imaxe da muller nas comunicacións comerciais audiovisuais.

1. Na Corporación RTVG estará prohibido calquera tipo de sexismo na comunicación comercial audiovisual. Consecuentemente, as comunicacións comerciais audiovisuais serán extremadamente coidadosas coa imaxe da muller.
2. Non se admitirán aquelas comunicacións comerciais audiovisuais que utilicen unha linguaxe ou a imaxe da muller con carácter vexatorio ou discriminatorio, entre elas aquelas que:
 - a) Promovan, xustifiquen, banalicen ou inciten á violencia contra as mulleres, ou nas que se conteñan expresa ou implicitamente mensaxes misóxinas ou que atenten contra a dignidade humana.
 - b) Presenten ás mulleres ben utilizando particular e directamente o seu corpo ou partes do mesmo como mero obxecto desvinculado do produto ou servizo que se pretende promover, ben na súa imaxe asociada a comportamentos estereotipados que vulneren os fundamentos do ordenamento xurídico coadxuvando a xerar a violencia á que se refire a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, ou norma que a substitúa.
 - c) Fomenten un canon de beleza feminino que pode incitar comportamentos lesivos para a súa saúde.

Artigo 43. Campañas institucionais.

A Corporación RTVG apoiará e dará un tratamento preferente no acceso aos seus espazos publicitarios ás campañas institucionais que desenvolvan os organismos públicos co obxectivo de eliminar as desigualdades e promover a igualdade de mulleres e homes. A tales efectos, estableceranse os oportunos mecanismos ou acordos de colaboración institucional.

- Externamente a CRTVG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído en 2014 e que conta con representantes das administracións, da Xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación coma a CRTVG para traballar coordinadamente para atallar o machismo e as mortes e agresións. A CRTVG participou activamente na comisión específica creada para detectar e retirar os contidos e mensaxes publicitarias sexistas que promovan a discriminación sexual. A CRTVG forma parte desde 2015 da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, e participa activamente neste foro de asesores no que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que fai un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade. Informe do que logo se da conta para un control interno na Comisión de Igualdade do Consello de Administración.

A CRTVG está integrada na asociación Autocontrol de Publicidade, organización da que participa todo o sector da publicidade en España. Esta entidade ten vixente un código de conduta ou normas reguladoras da emisión de mensaxes publicitarias e de televenda que atende, entre outros aspectos, o cumprimento dos principios da igualdade de xénero e persegue, de oficio e tamén en resposta a reclamacións, a emisión de contidos sexistas a través das mensaxes comerciais.

A web da CRTVG dispón dunha canle temática sobre temas de igualdade. Dentro da súa función de servizo público e en consonancia coas súas liñas de acción de responsabilidade social corporativa, creou unha sección específica denominada "CRTVG coa Igualdade", onde se recolleron, en 2017, 45 contidos sobre igualdade, emitidos en distintos espazos da TVG (<http://www.crtvg.es/crtvg/canles-tematicas/igualdade>).

A CRTVG estableceu que nas contratacións públicas, no caso de empate entre varios candidatos un criterio de desempate sería o licitador que acredite a condición de Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

A CRTVG participou o 18 de novembro de 2017 no I Congreso Cultura e Igualdade no Palacio de Congresos Auditorio Mar de Vigo, integramente dedicado á industria audiovisual. A Corporación estivo representada polo seu director de Proxección Social, Xaime Arias, na mesa "A produción audiovisual 50/50".

É salientable mencionar o pomenorizado informe interno realizado sobre a análise de impactos de violencia de xénero e desigualdade nos medios públicos na semana do 20 ao 26 de

febreiro de 2017, coincidindo cunha semana trágica pola morte de varias mulleres a mans das súas parellas. Nese período, nas dúas canles de Televisión de Galicia e na Radio Galega, emitíronse 408 pezas dedicadas á muller sobre violencia de xénero e desigualdade.

O primeiro tema foi recollido en 380 espazos e o segundo en 28. En total, 151 informacións citaron o número 016, o servizo telefónico de información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero. Estas informacións ocuparon un total de 15 horas, 39 minutos e 34 segundos. No caso da Radio Galega, na información local non se pode medir a duración pero non implica unha variación considerable na contabilidade de minutos. Os resultados deste informe foron comunicados na Comisión de Control da CRTVG do Parlamento de Galicia, o 30 de marzo de 2017. A modo de exemplo, emítense máis de 1.000 noticias sobre igualdade entre a radio e a televisión no ano 2017. Na páxina web, no Portal de Transparencia, poden tamén consultarse as recomendacións do Consello de Administración para o tratamento de casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos. A cobertura dos medios públicos galegos para sensibilizar contra esta lacra e previr novos casos esténdese durante todo o ano e en grande cantidade de programas, con centos de pezas e con diversos enfoques.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Na plantilla, é destacable que o 37% do total do persoal da CRTVG son mulleres. Ata o un de xuño que foi cando mudou a directiva tanto a directora da TVG como a da Radio Galega eran mulleres. E tamén o son a subdirectora da radio ou a directora dos Servizos Informativos da televisión.

O 1 de xuño de 2017 cambiou a estrutura da CRTVG para afrontar o proceso de dixitalización pero a presenza feminina na directiva seguiu igual ou mesmo gañou máis peso aínda. Da nova directiva a Adxunta ao director xeral, a directora de Soporte Tecnolóxico e Medios e a de Informativos e Documentación son mulleres. A área de Soporte Tecnolóxico é a que engloba toda a parte técnica e de produción da casa, e Informativos a de maior peso na parte xornalística. Nos mandos intermedios en informativos, o Telexornal Mediodía e o Serán teñen dúas directoras, o mesmo que o programa A Revista. So o Bos Días e a Fin de Semana están dirixidos por homes. Na pantalla a presenza das mulleres en informativos é maioritaria. En todos os informativos hai mulleres. O Galicia Noticias por exemplo ou o Telexornal Serán son exemplos. Tamén nos deportes temos facianas femininas e non só dando as novas, senón tamén narrando os partidos de fútbol e comentando a xornada. En "O Tempo" hai tres mulleres en pantalla por un só home.

No que respecta á conciliación laboral, a CRTVG implementa distintas medidas para facilitar a compatibilización do traballo e da vida persoal para os empregados e empregadas. A porcentaxe deles que goza de medidas de conciliación é do 6,6%.

Entre outros aspectos, no 2017 a CRTVG dedicou toda unha programación especial ao redor do 25 de novembro e o 8 de marzo co hashtag #Poligualdade sobreimpresionado toda

a xornada. Tamén en aplicación do convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, a TVG emitiu publicidade de balde desta mesma campaña.

Por outra parte, a web da CRTVG dispón desde 2014 dunha canle temática sobre temas de igualdade. Dentro da súa función de servizo público e en consonancia coas súas liñas de acción de responsabilidade social corporativa, creou unha sección específica denominada “CRTVG coa Igualdade”, onde se recollen reportaxes, informacións ou entrevistas sobre igualdade, emitidas en distintos espazos da TVG (<http://www.crtvg.es/crtvg/canles-tematicas/igualdade>).

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A CRTVG seguirá velando pola transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade, tanto no eido dos contidos da súa programación como no da publicidade.

Nesta liña, e como membro do Observatorio Galego de Violencia de Xénero -constituído en 2014 con representantes das administracións, da xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación-, a CRTVG continuará participando activamente na comisión específica creada para detectar e retirar os contidos e mensaxes publicitarias sexistas que promovan a discriminación sexual.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

III.1.6. PROGRAMA 571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O Programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento atende ao obxectivo estratéxico do PEG 2015-2020 OE 4.1.04 “Mellorar o uso e a calidade das TIC e o acceso as mesmas” incluído no “EIXE 4. SOCIEDADE DIXITAL, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO”, en concreto na PA.4.I. “Consolidar o modelo de crecemento

vinculado á economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da Información”.

Adicionalmente, as actuacións da Axencia nas áreas de Xustiza, Política Social e Educación aparecen recollidas nos correspondentes programas de gasto:

- 131A “Administración de Xustiza”
- 311A “Dirección e Servizos Xerais de Promoción Social”
- 421A “Dirección e Servizos Xerais de Educación”

As necesidades e retos detectados son os de:

- Desenvolver servizos públicos dixitais en todos os ámbitos de goberno que melloren a calidade de vida dos cidadáns e que garantan a súa autonomía persoal.
- Lograr unha cidadanía altamente competente no ámbito dixital e completamente integrada na sociedade do coñecemento.
- Conformar un sector TIC competitivo e innovador, catalizador doutros sectores estratéxicos da economía a partir da innovación e especialización tecnolóxica.
- Evolucionar cara a un sector empresarial integrado totalmente na economía do coñecemento.
- Dispoñer de infraestruturas de telecomunicacións de última xeración tractoras de novos servizos que posibiliten un maior achegamento da cidadanía á sociedade do coñecemento.

Así, os resultados que se pretende conseguir son os de acadar a modernización tecnolóxica dos servizos públicos mediante proxectos vinculados á Administración electrónica e consolidar o e-Goberno e a incorporación das TIC e as novas posibilidades de xestión que estas ofrecen á Administración Pública para facilitar e facer máis eficientes as relacións coa cidadanía e as empresas.

Os indicadores de resultado son:

- IR 4.1.04.a Persoas que interactuaron coa Administración por Internet para obter información.
- IR 4.1.04.b Empresas que presentan impresos á Administración de forma electrónica.

E os indicadores de produtividade; número de usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En Galicia atopámonos inmersos nun proceso gradual de transición cara a sociedade dixital, que trae consigo unha transformación radical a nivel tecnolóxico, económico, social e político.

A pesar do esforzo realizado neste eido durante os últimos anos e da progresiva incorporación da nosa comunidade autónoma á sociedade do coñecemento, resulta evidente que aínda estamos lonxe da consecución dunha sociedade galega capaz de empregar as novas tecnoloxías co obxectivo de incrementar de maneira significativa os niveis de calidade de vida e benestar social da cidadanía, e a eficiencia e competitividade das nosas empresas.

Neste contexto, e dentro da estratexia do goberno galego en materia de sociedade dixital, con data 30 de abril de 2015 o Consello da Xunta aprobou a Axenda Dixital de Galicia 2020.

Así, a Axenda Dixital de Galicia 2020 é a resposta para converter o escenario dixital que nos rodea no motor dunha sociedade mellor, apostando por un modelo de crecemento vinculado á economía dixital, solidaria e inclusiva, e á transparencia e participación cidadá. Introducendo elementos que permitirán maximizar o impacto das políticas tecnolóxicas, como un factor imprescindible e clave para acadar os obxectivos de crecemento económico-social que se marca Galicia para o futuro.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal, pois están dirixidas a acadar a inclusión no novo contexto dixital da sociedade galega no seu conxunto (cidadanía en xeral, administracións públicas, sector empresarial, asociacións sen ánimo de lucro), contribuíndo de xeito decisivo na xeración dunha economía do coñecemento que sirva de base para o progreso económico e social cara uns maiores niveis de benestar para a totalidade da poboación galega, ademais de levar a cabo un proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a modernización da Administración pública.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No ano 2015 aprobouse o “Plan de Administración e Goberno Dixitais: Horizonte2020”, que recolle, entre outras, actuacións vinculadas a acadar a tramitación electrónica integral dos procedementos e servizos, o desenvolvemento das relacións coa cidadanía no eido da transparencia, participación e reutilización de información do sector público, e o sistema único de información ao cidadán. As actuacións recollidas no plan están tamén aliñadas coa lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que supón un novo marco no que o funcionamento dixital debe considerarse a modalidade de funcionamento prioritaria, e que confirma as liñas establecidas no devandito Plan de Administración e Goberno Dixital.

Dende a aprobación do plan leváronse actuacións para a posta a disposición das ferramentas, sistemas e medios para habilitar a posibilidade de tramitación electrónica, no proceso íntegro de relación entre un cidadá e a administración pública. Así puxéronse en marcha, elementos tan salientables como o arquivo electrónico único da Administración pública, unha nova sede electrónica que permite a presentación de calquera documentación, a dixitalización nas oficinas de rexistro, o nodo de interoperabilidade PasaXe! que permite na actualidade o acceso a máis de 60 certificados, o sistema de notificación electrónica, etc. En todos estes sistemas estase a producir un incremento continuado dos niveis de uso, como así queda recollido no sistema de indicadores de Administración dixital.

Neste senso é necesario, en 2019, continuar coa mellora continua destes servizos, coa súa integración cos sistemas de tramitación especializados incrementando os procedementos con tramitación 100% electrónica, e coa posta en marcha de novas iniciativas que complementen o xa dispoñible: incremento dos contidos da carpeta cidadá, e a posta en marcha de servizos que simplifiquen a presentación por parte do cidadán; a posta en marcha do Rexistro Electrónico de Apoderamentos, a ampliación de servizos en oficinas de atención e rexistro que permitan unha dixitalización máis áxil da documentación, e poñan a disposición do persoal da oficina medios para a prestación da súa función de asistencia a cidadanía.

No eido da Administración de xustiza, no ano 2015 elaborouse o II Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda2020, cuxo principal obxectivo e o desenvolvemento da administración xudicial electrónica e o expediente xudicial electrónico. Como iniciativas postas en marcha no marco deste plan destaca a posta en marcha da sinatura dixital en órganos xudiciais, o visor do expediente xudicial, a sede electrónica e a dotación de medios para a xestión do expediente xudicial electrónico, completándose a rede de videoconferencia.

En 2019 continuarase coa implantación destas ferramentas en todos os órganos, pero farase especial fincapé na progresiva conversión do visor xudicial electrónico na ferramenta de xestión, non só de visualización, dos contidos do expediente xudicial, a adaptación das salas de vistas a posibilidade de funcionamento en dixital.

No eido da Cultura en 2018, avanzouse na execución de proxectos no marco da iniciativa Memoria Dixital de Galicia, para o aproveitamento das TIC no eido da dixitalización, xestión e difusión do patrimonio cultural de Galicia. Neste marco púxose en marcha a nova Galiciana.Gal que recolle o patrimonio dixital de Galicia, tanto no relativo a fondos arquivísticos, como fondos bibliográficos, e integrado coa rede Europea. Na actualidade recolle máis de 300.000 obxectos dixitais. Leváronse igualmente a cabo procesos de dixitalización de fondos custodiados en arquivos e bibliotecas dependentes da Xunta de Galicia, e realizouse a convocatoria de 0,8M€ dunha liña de axudas para a dixitalización de fondos patrimoniais de interese para Galicia custodiados en outras administracións ou institucións. Todo elo orientado ao incremento de fondos dixitalizados e custodiados en Galiciana. Xunto con Galiciana, outras iniciativas en marcha orientadas a recolección, catalogación e difusión do patrimonio, serían a posta en marcha do sistema de

recolleita de toponimia ou o inicio da posta en marcha da xestión e xeolocalización do catálogo de bens patrimoniais.

En 2019, continuarase coa liñas de mellora da difusión dos contidos de galiciana.gal para o seu achegamento á cidadanía, a execución das axudas á dixitalización e o incremento dos obxectos dixitais; e coas liñas abertas de toponimia e patrimonio, e posta en marcha das canles de difusión da rede de museos dependentes da Xunta de Galicia.

En canto ao catálogo colectivo único de rede de bibliotecas de Galicia, continuouse a integración de novas bibliotecas e axencias de lectura nun sistema de xestión bibliotecario único, estando na actualidade máis de 130 integradas. Esta liña continuará en 2019 coa ampliación das bibliotecas integradas e o análise e posta en marcha da extensión da rede cara as bibliotecas escolares.

En turismo avanzouse na dixitalización dos procedementos incluídos no sistema de Xestión de Recursos Turísticos de Galicia, así como na posta en marcha da definición do modelo da rede de oficinas de turismo.

Por outra banda, ao comezo da execución do Plan de Banda Larga soamente un 71,8% da poboación galega contaba con cobertura de banda larga de calidade. O desigual despregamento territorial das infraestruturas que permiten dispor das novas tecnoloxías da información daba lugar a que os concellos da zona rural se visen discriminados fronte ás cidades, producíndose a “fenda dixital”, que tiña como consecuencia a limitación das posibilidades de crecemento rural en canto á implantación de novos negocios e a competitividade das actividades tradicionais.

Coas actuacións postas en marcha, esta cifra aumentou ata acadar un 98%. Así mesmo, ao comezo do plan tan só o 83% dos centros de demanda da administración contaban con cobertura. Na actualidade a cobertura é de máis dun 99%. Estas actuacións tiveron continuidade no 2014 e no 2015 para poder acadar os obxectivos e os compromisos establecidos no Plan de Banda Larga, para que o 98% da poboación poida ter acceso á banda larga coas actuacións postas en marcha e o 2% restante mediante satélite. O 1 de outubro de 2015 o Consello de Xunta aprobou o Plan de Banda Larga de Galicia 2020, que asume os obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga por riba dos 100Mbps.

En 2016 púxose en marcha a primeira das actuacións do PDBL2020 e así o 7 de xullo o Consello da Xunta aprobou a adxudicación a R Cable e Telecomunicaciones Galicia S.A. a primeira liña de axudas do Plan de Banda Larga 2020, destinada a despregar redes ultrarrápidas nos polígonos industriais que non contan con cobertura nin previsión de dispoñer deste servizo.

A Xunta, a través da Axencia para a Modemización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), subvencionará estes despregamentos cunha axuda de 3,4 millóns de euros no período 2016-2018, que xerarán un investimento total de 5,2 millóns de euros. Con esta medida dotarase de redes

ultrarrápidas a 81 polígonos industriais. Deste xeito, un total de 130 polígonos, nos que se concentra case o 93% da superficie empresarial ocupada, disporán de acceso a redes de máis de 100 Mbps no ano 2018.

Neste senso, a en xuño de 2018 xa dispoñen de cobertura de redes de banda larga ultrarápida de cando menos 100Mbps un total de 63 polígonos, dos 81 obxectivo que estarán cubertos ao remate de 2018.

No ano 2017, púxose en marcha a segunda actuación do PDBL2020 que consiste nunha liña de axudas dirixidas a empresas e autónomos, ubicados en zonas illadas do rural, para a dotación de redes de banda larga ultrarápida de 30Mbps ou máis e cunha dotación de 500.000 euros. Baixo esta liña concedéronse en 2017 subvencións a 40 empresas e autónomos. Vista a acollida empresarial plantéxase unha nova convocatoria para executar no ano 2019.

Durante o ano 2018 púxose en marcha a terceira actuación do PDBL2020 para o despregamento de redes de máis de 100 Mbps en entidades de poboación de menos de 300 habitantes. Concretamente, o 22 de marzo de 2018 o Consello da Xunta acordou autorizar a concesión a Telefónica dunha subvención de 14,2 millóns de euros que mobilizará un investimento total de 15,8 millóns de euros para o despregue de redes de fibra óptica en máis de 600 núcleos de poboación de 181 concellos galegos.

Así mesmo, en xullo de 2018 aprobouse o Plan Galicia 5G para posicionar á comunidade como territorio preferente na fase de pilotaxe de solucións tecnolóxicas baseadas na tecnoloxía 5G, que será o paso previo ao despregamento destas redes. O Plan, elaborado en colaboración cos axentes do ecosistema TIC galego, ten un dobre obxectivo: por unha banda, que Galicia sexa das primeiras rexións europeas en dispoñer de servizos 5G e, por outra, que o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica en equipamento e software necesario para desenvolver posibles casos de uso desta tecnoloxía se localice en Galicia. Para conseguilo o Plan establece catro liñas de actuación con diferentes medidas facilitadoras.

En canto á infraestrutura de telecomunicacións, na actualidade a rede corporativa da Xunta de Galicia dá servizo a preto de 3.000 centros repartidos por toda a xeografía galega. Esta dispersión fai moi complexo garantir unha equidade no servizo proporcionado, debido a que hai moitas ubicacións rurais onde non é tecnoloxicamente posible chegar co mesmo nivel de servizo que nas zonas urbanas.

Así pois, é imprescindible manter o servizo de comunicacións de datos e de telefonía para estes centros, ao mesmo tempo que é preciso acadar pouco a pouco un servizo mínimo aceptable para os centros onde a día de hoxe se chega con dificultade, o que require importantes investimentos, que son precisos para acadar unha equidade nos servizos independentemente da situación dos centros galegos.

Grazas ao “Convenio multilateral de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Consellería de Cultura,

Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e a entidade pública empresarial Red.es para a extensión do acceso á banda ancha ultrarrápida dos centros docentes españois”, durante o ano 2018 finalizarase a mellora de conectividade dun mínimo de 100 Mbps para todos os centros públicos con ensinanzas de educación primaria e secundaria de Galicia que non teñan este tipo de conexión, beneficiando por tanto a máis de 800 centros, dotando boa parte deles tamén de accesos wifi co obxectivo de facilitar a conexión á rede dos alumnos dende tódalas aulas, de forma que se poda facer un uso efectivo dos servizos de banda ancha.

O CPDi está a ser o centro de proceso de datos onde se consolidan todos os sistemas de información da Xunta de Galicia, polo que é fundamental reforzar a súa capacidade co fin de garantir os servizos críticos que se prestan. Durante o ano 2018 iniciouse a consolidación dos sistemas de copias de seguridade da Xunta de Galicia, co obxecto de dotar das maiores garantías a recuperación dos sistemas de información nos casos de incidencias de seguridade. Tamén continuouse coa execución do Plan Director de Seguridade TIC co obxectivo de mellorar a confianza dixital por parte dos cidadáns e empregados públicos.

En materia de seguridade, deuse seguimento ás liñas de traballo incluídas no plan director de Seguridade TIC 2015-2020, realizáronse tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa da Xunta de Galicia e seguimento do cumprimento normativo en materia de protección de datos de carácter persoal e do Esquema Nacional de Seguridade, ademais da promoción e realización de actividades de concienciación e formación, destacando as labores de adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade realizando o proxecto de valoración da información e dos servizos da Xunta de Galicia que son xestionados utilizando plataformas TIC da Amtega, de cara a poder ofrecer os adecuados niveis de seguridade.

Púxose en marcha a finais de 2016 un novo servizo de vixilancia e auditoría da ciberseguridade, para mellorar as capacidades de prevención, detección e reacción ante incidentes de ciberseguridade. Grazas ao servizo de vixilancia dixital, revísase a información del obtida iniciándose as accións que resultan oportunas en consecuencia.

Durante o ano 2016 executouse a ampliación da plataforma para a protección ante ataques de denegación de servizo distribuídos, co obxectivo de mellorar a dispoñibilidade desta plataforma.

No ano 2017 levouse a cabo a ampliación da plataforma de xestión de eventos e información de seguridade (SIEM), para dotala de maiores capacidades e funcionalidades.

Nos ámbitos sectoriais, a modernización tecnolóxica de distintas áreas: educación, servizos sociais, transporte, vivenda, medio ambiente, agro-gandería, forestal, mar, turismo, eido da cultura,... conleva a necesidade de procesos de transformación, e de plataformas e sistemas de información que dean soporte a ditos procesos de modernización e permitan tanto a relación telemática entre os cidadáns e a administración, como a xestión dixital desas áreas, e a xeración de valor engadido a través da análise da información. Esta necesidade tamén se ve acrecentada

pola necesidade de sistemas que permitan a xestión dos instrumentos dispoñibles no novo período de financiamento europeo.

En particular destacar proxectos estratéxicos de transformación nos seguintes ámbitos:

- Proxecto Abalar - Educación Dixital. O impulso ao proxecto de transformación do sistema educativo galego a través das TIC, suporá que ao longo do curso 2018-19 máis de 18.000 rapaces de máis de 260 centros reciban un ensino dixital. Para acompañar este impulso dotarase ao alumnado e profesorado de novos dispositivos; proporcionaranse novos contidos educativos dixitais, e centro de creación de contidos educativos dixitais, que una as capacidades dos docentes e dos sectores TIC e audiovisual; ofrecerase ao alumnado, profesorado e familias un soporte Premium acorde as necesidades dunha educación dixital; e levarase a cabo un plan de capacitación de profesorado no aproveitamento das posibilidades das TIC na transformación do ensino.
- Plan Trabe - Modernización Tecnolóxica dos Servizos Sociais. A modernización producirase arredor de dous eixes, a Historia Única Social Electrónica, e o Sistema Integral de Xestión de Centros e a Teleasistencia Avanzada no fogar. A Historia Social Única Electrónica está a converterse no ferramenta de traballo de todos os profesionais con intervencións sobre os cidadáns no ámbito social e o elemento de relación e comunicación entre eles; facilitando o traballo e a coordinación dos profesionais, e simplificando o proceso aos cidadáns. Na actualidade conta con máis de 530.000 historias sociais dixitais e máis de 245 concellos adheridos e usando o plataforma. Doutra banda, o desenvolvemento dun modelo de teleasistencia avanzada en Galicia, permitirá a prestación de servizos asistenciais, tanto sociais como sanitarios, no fogar do cidadán, de xeito integrado e coordinado, aproveitando as capacidades de ambos ámbitos.
- Modernización tecnolóxica do transporte. A modernización tecnolóxica do transporte basease nos principios dunha xestión integral de todo o transporte e unha relación telemática co sector (oficina virtual do transporte), que permita proporcionar información e novos servizos aos cidadáns (a través do portal bus.gal e da app do transporte en Galicia), e que permita a análise para unha toma de decisións óptima por parte da administración (a través de ferramentas de análise de datos). Con base nestes principios, en 2017 aprobouse o Plan de Modernización Tecnolóxica do Transporte en Galicia (e-Mobility), que estableceu as liñas mestras de actuación tecnolóxica no transporte en Galicia para o período 2018-2020, e instalouse o equipamento embarcado necesario para o correcto funcionamento do SAE en 9 empresas adheridas ao proxecto (co que se contabilizan 21 empresas no proxecto), que suman un total de 191 vehículos monitorizados a través da plataforma.
- Xestión e conservación do medio ambiente. A modernización neste ámbito estase a levar a cabo mediante o desenvolvemento de sistemas integrais para a xestión da relación telemática co sector (como e o caso da Plataforma Galega de Xestión de Información Ambiental – GAIA), como o aproveitamento das posibilidades da tecnoloxía na difusión, aproveitamento e posta en valor dos recursos naturais de Galicia a través de novos medios telemáticos de

difusión e posta en valor dos recursos naturais de Galicia (Plataforma de difusión da Rede de Espazos e Parques Naturais).

- Programa Primare. A panca de transformación do sector primario a través das TIC artéllase a través do Programa Primare, que aglutina as actuacións de transformación dos distintos ámbitos do sector primario (agrario, forestal, do mar) aproveitando as capacidades e oportunidades das TIC. Destacar tanto o proxecto de modernización tecnolóxica integral das lonxas (Primare-Lonxas), que vai permitir dotar as lonxas de Galicia de solucións de xestión e comercialización que melloren os procesos de negocio destas a través dun investimento previsto de 3,8 millóns de euros (1,7 en 2019) do que resultará, beneficiarias 35 lonxas (10 en 2018) mediante a implantación de melloras tecnolóxicas nas súas instalacións; como o proxecto de innovación Inspeccións Intelixentes Avanzadas (Primare-Agro), que ten como obxectivo automatizar os procesos de control en campo asociados as axudas da Política Agraria Común, proporcionar información e recursos ao sector produtivo, e dotar, dende á demanda temperá, de solucións innovadoras a problemas reais da administración, a vez que se impulsa a innovación tecnolóxica no sector primario, sector clave da economía galega. Cun orzamento inicial comprometido de 4 millóns de euros, e mediante o procedemento de compra pública de tecnoloxía innovadora, vaise desenvolver no período 2016-2019 un proxecto de inspeccións intelixentes avanzadas. No 2017 desenvolvéronse as consultas ao mercado (cun notable éxito de participación, de máis de 50 axentes), a publicación do mapa de demanda temperá (de tres subproxectos) e o dialogo cos participantes nos 3 procesos de dialogo competitivo (case 30 propostas de empresas ou consorcios).

En paralelo, e para que a cidadanía poida sacar o máximo aproveitamento das TIC, o 21 de abril de 2016 o Goberno galego aprobou en Consello da Xunta o Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 co obxectivo de pasar da «alfabetización á autonomía dixital» para resolver non só a primeira fenda dixital, a do acceso, senón tamén a segunda fenda dixital, a relacionada coas «habilidades dixitais» necesarias para obter todos os beneficios do acceso á rede.

As actividades enmarcadas neste plan estanse a realizar a través dun novo modelo de inclusión dixital que proporciona á cidadanía as aptitudes dixitais que lles permitan facer pleno uso das TIC a nivel persoal, profesional e social, mellorando a súa calidade de vida, favorecendo a súa inserción social e aumentando a súa empregabilidade.

Esta estratexia estase a desenvolver grazas á cooperación, consenso, implicación e participación de todos os axentes do ecosistema dixital, contando actualmente coa colaboración de máis de 780 Aliad@s Dixitais entre entidades, asociacións, empresas e organismos públicos e persoas voluntarias.

Proxectos xa asentados continuaron coa súa actividade durante os exercicios precedentes, como o Programa de Voluntariado Dixital, que conta con 530 persoas voluntarias que realizaron apoios dixitais, beneficiando a máis de 10.300 persoas no ano 2017, e a Rede CeMIT que dende a súa posta en marcha planificáronse máis de 280.800 horas formativas e na que atendéronse a 72.775 persoas e está a continuar coa formación e avaliación dos contidos formativos para a

obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, emitindo máis de 2.400 certificacións dende a súa posta en marcha en 2014.

Ao abeiro do Plan de Software Libre estanse a realizar actuacións dirixidas tanto á cidadanía en xeral como ao sector empresarial en particular a prol de incrementar o uso e o coñecemento das solucións tecnolóxicas baseadas no software libre (con máis de 47.000 horas de formación en software libre a máis de 31.000 persoas no ano 2017).

No marco dos obxectivos do programa TransformaTIC, asumíuse un compromiso coa promoción do talento dixital en Galicia co lanzamento do Plan DigiTalent coa visión posta en asegurar que Galicia compite como rexión de referencia a nivel europeo no ámbito da transformación dixital a través de profesionais que respondan ás necesidades tecnolóxicas actuais e futuras.

Ademais, no marco do Programa ViraxeTIC celebrouse en 2017 o DICO Summit 2017, primeiro foro internacional sobre contidos dixitais celebrado en Galicia.

Así mesmo, deuse continuidade ao programa ReAccionaTIC, a través do lanzamento de novas convocatorias, para acompañar a pemes e autónomos na súa transición cara á economía dixital, achegando formación especializada en materia de transformación dixital ás pemes galegas, beneficiando a 50 entidades de diversos sectores como turismo, construción, saúde, educación, enerxía, industria química, actividades administrativas ou pequeno comercio.

Finalmente, a Axenda Dixital de Galicia 2020 define a estratexia da Xunta de Galicia para dar o impulso definitivo que necesita a comunidade autónoma no que se refire ás tecnoloxías da información e a comunicación. O achegamento das distintas axudas para o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos conclúe nunha aposta decidida por impulsar o sector da economía do coñecemento e dos sectores produtivos e por potenciar a posta en marcha de actuacións en ámbitos prioritarios para Galicia como son, entre outros, a sanidade e a educación. Así como a posta en marcha de actuacións para a incorporación das TIC nas pemes dos sectores produtivos de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa orzamentario e os instrumentos de planificación sectoriais que enmarcan as distintas actuacións previstas desenvolveranse, con carácter xeral, dentro do marco establecido pola Axenda Dixital de Galicia e a Estratexia Galega de Crecemento Intelixente, nas súas diferentes liñas estratéxicas.

En concreto, a normativa legal e os instrumentos de planificación máis salientables son os seguintes:

- O Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 149/2014, do 20 de novembro.

- O Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.
- O Decreto 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- A Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia.
- Decreto 150/2014, do 27 de novembro, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en estradas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Decreto 11/2016, do 28 de xaneiro, polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia e a súa integración na rede corporativa da Xunta de Galicia.
- Orde do 19 de setembro de 2016 pola que se aproba a Guía de especificacións das infraestruturas de telecomunicacións na Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 127/2016, do 15 de setembro, polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do fogar dixital nas vivendas de nova construción.
- A Axenda Dixital de Galicia 2020, que recolle a estratexia global da Xunta de Galicia no emprego das novas tecnoloxías para converter a economía actual nunha economía intelixente, sustentable e integradora, cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial.
- O Plan de Administración e Goberno Dixitais. Horizonte 2020, que da continuidade ao Plan de Modernización da Administración Pública, baseado na posta en marcha dunha serie de proxectos destinados a potenciar o desenvolvemento dos servizos de Administración electrónica na propia Xunta e á mellora e modernización dos servizos que ofrece esta de cara ao cidadán.
- O Plan Director de Seguridade 2015-2020, que mellorará a seguridade dos sistemas de información da Xunta de Galicia.
- O Plan de Banda Larga 2020, que busca posibilitar o acceso á banda larga ultrarrápida a toda a sociedade galega.

- O II Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda2020 para o desenvolvemento da Administración xudicial electrónica e o expediente xudicial electrónico. Ademais de dar continuidade ás actuacións de infraestrutura, seguridade, implantación de sistemas de información e formación específica do uso das TIC neste contexto.
- O Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 que ten como obxectivo acadar unha sociedade galega plenamente integrada na sociedade dixital, incorporando accións para a alfabetización dixital con outras que permitan a calquera persoa, independentemente do nivel dixital no que se atope, avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC, camiñando cara a innovación social dixital.
- O Plan Trabe de Modernización Tecnolóxica do Sistema de Servizos Sociais de Galicia.
- A estratexia de Educación Dixital Innovadora para o impulso do uso de contidos dixitais nos centros educativos que imparten educación primaria e secundaria en Galicia.
- O Plan tecnolóxico do Transporte en Galicia.
- O Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente.
- O programa Primare, de impulso TIC o sector primario, artellado a través de varios retos, entre eles os incluídos no Civil UAVsIniciative.
- O Plan SmartTurismo, para a consolidación das TIC como ferramenta para a xestión, promoción, fidelización e innovación no turismo de Galicia.
- A iniciativa Memoria Dixital de Galicia, para avanzar na dixitalización e difusión do patrimonio cultural de Galicia.
- O Programa TransformaTIC que establece unha política común da Administración autonómica contando cos axentes do sector, coas universidades e co tecido empresarial para o impulso e desenvolvemento do sector TIC en Galicia. Co obxectivo de dinamizar o tecido rexional TIC a través da aplicación de solucións en sectores tradicionais e estratégicos para Galicia. Así como impulsar a produtividade de todos os sectores produtivos e favorecer o emprego e a xeración de riqueza en Galicia.
- O Pacto Dixital de Galicia, un acordo entre a Xunta, o Cluster TIC e 12 grandes empresas tecnolóxicas, no que tanto o Goberno galego como as empresas asinantes asumen un decálogo de compromisos para atraer investimento a Galicia, favorecer a internacionalización das pemes galegas e lograr a colaboración activa entre as grandes e pequenas empresas para conseguir o crecemento do sector.
- Decreto 77/2018, do 26 de xullo, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en áreas empresariais promovidas polas administracións públicas de Galicia. Plan de promoción do Talento dixital de Galicia 2020 – Digitalent, para o fomento das vocacións tecnolóxicas e novos perfís dixitais
- Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia (DICO Mindset).
- Plan Galicia 5G.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ano 2015 aprobouse en Consello da Xunta a Axenda Dixital de Galicia 2020 que establece a estratexia tecnolóxica global de Galicia de cara ao novo período de financiamento con horizonte 2020, orientada a asegurar que Galicia compite como rexión de referencia no ámbito dixital a nivel europeo, facendo un uso intelixente das novas tecnoloxías como soporte á consecución dos obxectivos sociais e económicos da comunidade.

Unha estratexia de todos e para todos que asume o desexo dun cambio cualitativo na sociedade galega e que, por tanto, construíra un novo modelo de impulso para esa transformación.

Así, as actuacións da Axenda Dixital de Galicia 2020 establece 20 desafíos articulados en torno a cinco liñas estratéxicas que constrúen a VEREA na que avanzar, en liña co establecido na Estratexia Galega de Crecemento Dixital: valorización da administración, énfase na vida dixital, aceleración da economía dixital, estímulo ao crecemento do sector TIC e articulación dixital do territorio.

Co obxectivo de acadar unha administración funcionando de xeito óptimo no eido dixital, tanto na súa relación coa cidadanía como no seu propio funcionamento interno, debe continuar o desenvolvemento da Administración dixital. Para o exercicio 2018, continuarase co fomento e presenza das administracións públicas na rede (autonómica, local e de xustiza). Así mesmo, abordaranse novos obxectivos no desenvolvemento da administración en funcionamento dixital, como é a consolidación dunha nova sede electrónica e a carpeta do cidadán, o impulso da xestión dixital integral de procedementos, o deseño do modelo de oficinas de asistencia en materia de rexistro, o desenvolvemento de sistemas que permitan a xestión integramente dixital de diversos rexistros e servizos de eido administrativo, etc. Potenciaranse as liñas de atención ao cidadán, e de promoción do uso dos sistemas na propia administración pública. E continuarase co impulso da tramitación electrónica na relación dos empregados públicos coa propia administración.

En definitiva, durante o ano 2018, darase continuidade ao desenvolvemento e implantación da administración e goberno electrónicos, consolidando a implantación de sistemas xa desenvolvidos e a posta en marcha e dotación de medios para novas actividades no marco do “Plan de Administración e Goberno Dixitais: Horizonte 2020”.

Como xa se ten mencionado anteriormente, varios ámbitos serán recollidos de xeito detallado en atención á súa especificidade tecnolóxica e funcional: a ordenación dos recursos e necesidades TIC para levar ao contexto dixital a difusión do patrimonio cultural de Galicia, o impulso dos contidos e difusión de Galiciana; a continuación da implantación do catálogo colectivo único da rede de bibliotecas de Galicia; e a evolución do sistema de información xeográfico necesario para a xestión de medios e recursos nun contexto dixital; o desenvolvemento de novos sistemas en ámbitos sectoriais: patrimonio, educación, servizos sociais, emprego, medio ambiente, transporte, vivenda, sector primario...

En definitiva, durante o ano 2019:

- Darase continuidade ao desenvolvemento e implantación da administración e goberno electrónicos, consolidando a implantación de sistemas xa desenvolvidos e a posta en marcha e dotación de medios para novas actividades no marco do “Plan de Administración e Goberno Dixitais: Horizonte 2020”: continuación da integración de sistemas de tramitación especializados no arquivo electrónico administrativo, co sistema de notificacións, ou o nodo de interoperabilidade, para acadar unha tramitación 100% dixital. A extensión do uso do rexistro electrónico de apoderamentos, a aplicación das funcións de dixitalización nas oficinas de atención á cidadanía; O incremento de servizos na carpeta cidadá; a publicación do sistema de indicadores de administración dixital; ea mellora ou posta en marcha dos servizos de atención especializada para as persoas usuarias dos servizos públicos dixitais.
- Darase tamén continuidade a execución do “II Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda2020”, mediante a continuidade da implantación do proceso de sinatura dixital en órganos xudiciais e fiscalía; e evolución do visor do expediente xudicial cara un sistema de xestión integral do expediente especializado en función do perfil do usuario, así como a adecuación para o seu uso nunha sala de vistas, e a ampliación do número de salas de vistas adecuadas ao funcionamento dixital. No relativo á cidadanía e profesionais, incrementaranse os procedementos a xestionar a través da sede electrónica.
- Continuará a execución de proxectos no marco da iniciativa Memoria Dixital de Galicia, en concreto: Posta en marcha do proxecto de xestión dos bens de interese cultural e patrimonial; a xestión da recolleita e xeolocalización de toponimia, e proxectos orientados a difusión da rede de museos dependentes da Xunta de Galicia. No relativo a Galiciana.gal afondarase no incremento de obxectos dixitais, e a mellora da difusión e achegamento á cidadanía.
- O catálogo colectivo único da rede de bibliotecas verá incrementado o número de bibliotecas municipais integradas, e iniciarase a renovación e do sistema de xestión bibliotecaria nas bibliotecas escolares avanzando tamén na integración do libro dixital en préstamo.
- No eido do turismo, avanzarase en iniciativas para a visibilización do Xacobeo2021; e dotación de medios dixitais nas oficinas de turismo; e a xeolocalización dos recursos turísticos e o seu achegamento a cidadanía. Iniciarase a liña de posta en marcha do sistema de análise avanzado no eido de turismo.

Nos ámbitos sectoriais (educación, servizos sociais, medio ambiente, transporte, vivenda, emprego, agrogandeiro, forestal e pesqueiro), desenvolveranse programas de modernización tecnolóxica deses ámbitos, como son:

- O Proxecto Abalar de transformación do sistema educativo galego a través das TIC, coa consolidación dun modelo de Educación Dixital, que permita ao alumnado e profesorado participante (preto de 20.000 alumnos e 264 centros) aproveitar as posibilidades dun ensino completamente dixital.

- O Plan Trabe de Modernización Tecnolóxica dos Servizos Sociais arredor de tres eixes, a consolidación da Historia Única Social Electrónica como elemento central de apoio no proceso de intervención; o Sistema Integral de Xestión de Centros; e o avance na implantación dun modelo de teleasistencia avanzada en Galicia para a prestación de servizos asistenciais no fogar.
- A modernización tecnolóxica do transporte, con ferramentas para a xestión telemática integral da relación co sector (oficina virtual do transporte), e para o desenvolvemento de novos servizos e canles de información aos cidadáns (transporte a demanda, app e portal – bus.gal -- de información de servizos dispoñibles, ...).
- A modernización tecnolóxica da xestión e conservación do medio ambiente, tanto co desenvolvemento de sistemas integrais para a xestión da relación telemática co sector como o aproveitamento das posibilidades da tecnoloxía na difusión e posta en valor dos recursos naturais de Galicia.
- A modernización dos sistemas que dan soporte ao Sistema Público de Emprego de Galicia, así como o establecemento de novos canles telemáticos (móviles, ...) de intermediación entre cidadáns e o sector empresarial.
- O desenvolvemento de instrumentos de soporte á execución dos fondos europeo do programa de desenvolvemento rural, á política agraria común, e á ordenación forestal e rural.
- O desenvolvemento de proxectos de innovación e transformación no sector primario a través do Programa Primare, que aglutina as actuacións de transformación aproveitando as capacidades e oportunidades das TIC dos distintos ámbitos do sector primario (agrario, forestal, do mar), tanto de modernización do ámbito agrario (Primare-Agro, ...), como das lonxas (Primare-Lonxas).

Con respecto ás telecomunicacións, continuarase coa mellora no ancho de banda e na dispoñibilidade das liñas de comunicacións da rede corporativa, destacando as seguintes actuacións:

- Ampliación de 100 Mbps a 1.000 Mbps as conexións dos Xulgados das 7 cidades.
- Mellora da conexión asimétrica compartida de Cable de 36 xulgados a tecnoloxía Metroethernet dedicada, e a conexión a 100 Mbps de outros 6 xulgados que non dispoñían de conexión de Cable, o que permitirá a centralización dos CPDs dos xulgados con garantías, desfrutando non só de maior ancho de banda de subida, senón tamén unha mellor calidade da liña, con menor latencia e total garantía de caudal.
- Mellora da conexión asimétrica compartida de Cable de 37 centros da axencia tributaria (oficinas de distrito hipotecario) a tecnoloxía Metroethernet dedicada, e a conexión a 100 Mbps de 11 centros que non dispoñían de conexión de Cable, co obxecto de atender as necesidades derivadas da implantación do proxecto Aport@, que permite a dixitalización certificada da documentación nos procedementos tributarios. Esta dixitalización permitirá unha tramitación máis áxil, incorporando toda a documentación ao expediente de modo inmediato.

- Mellora da conexión de 184 centros da rede corporativa nas que o ancho de banda e calidade da liña son insuficientes, pasando a dispor de conexión de fibra ou de radioenlaces de alta velocidade (lonxas, albergues, aulas Cemit, concellos, residencias de maiores, oficinas de emprego, centros OAC ...).

No ámbito das infraestruturas de CPD, durante o ano 2019 está previsto iniciar a obra de ampliación do Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia co obxecto de dar cabida ao equipamento crecente que é necesario adquirir para manter o nivel de servizo dos sistemas de información da Xunta de Galicia. O crecemento no CPD de Respaldo ten difícil solución a curto prazo polas limitacións da localización na que se atopa, polo que é urxente polo menos abordar a ampliación do CPD principal, de forma que se poida garantir manter o nivel de servizo que se proporciona actualmente.

O constante crecemento de sistemas de información que xestiona a AMTEGA (actualmente unhas 1.400 aplicacións), así como o crecemento de usuarios dos devanditos sistemas e o imparable crecemento das necesidades de almacenamento, non só ocasionaron que en 2019 se prevexa chegar ao máximo de ocupación tanto no CPD principal como no CPD de Respaldo, senón que tamén será necesario dimensionar adecuadamente os equipos de administración das plataformas para manter o nivel de servizo, así como facer unha importante inversión en almacenamento e en servidores.

O Regulamento Xeral de Protección de Datos europeo (RXPDP), Regulamento UE 2016/679 introduce unha serie de importantes cambios no relativo á protección de datos persoais, que a Amtega debe promover no ámbito da Xunta de Galicia, polo que durante o ano 2019 están previstas unha serie de actuacións encamiñadas a dar cumprimento do novo regulamento, garantindo a confidencialidade, autenticidade, integridade e dispoñibilidade da información sensible da cidadanía e das empresas que as administracións públicas e empresas teñen almacenada nos seus sistemas de información, así como garantindo o bo funcionamento dos servizos ofrecidos pola Xunta de Galicia, acadando unha protección avanzada, sendo capaces de anticipar, detectar e resistir ciberataques. Entre as actuacións previstas podemos destacar a progresiva adecuación técnica ao RXPDP e ao ENS (Esquema Nacional de Seguridade) dos sistemas de información, o servizo de apoio aos Delegados de Protección de Datos, a implantación dunha ferramenta específica de protección contra malware avanzado tanto no posto cliente como no correo, a ampliación dos sistemas de xestión de eventos e información de seguridade para analizar o crecente volume de eventos de seguridade que se producen na Xunta de Galicia, a extensión da nova plataforma de copias de seguridade corporativa, así como o impulso da formación e concienciación en seguridade da información.

Tamén durante o 2019 procederase á renovación do software de base do posto de traballo ao chegar ao fin o soporte dos fabricantes, sendo especialmente significativo no ámbito de xustiza.

No ámbito dos medios dixitais, continuarase coa adecuación continuada dos medios en posto de traballo para o funcionamento nun contexto dixital, facendo especial fincapé nos aspectos de seguridade e de actualización continuada. Continuará o proceso de ordenación dos medios de impresión e dixitalización nas ubicacións administrativas, e a posta en marcha de plans preventivos de soporte e mantemento dos medios TIC.

Manteranse as iniciativas que se están levando a cabo no ámbito da sociedade dixital, reorientando os colectivos obxectivo a aqueles nos que a fenda dixital é máis evidente, no ámbito empresarial ás PEMES, micropemes e autónomos, e no ámbito da cidadanía, facendo foco nos colectivos en risco de exclusión social.

Levaranse a cabo actuacións para a incorporación das TIC nas pequenas e medianas empresas de Galicia e impulsarase o uso dos servizos TIC por parte de todos os sectores produtivos a través dun novo programa de apoio á transformación dixital das pemes, Reacciona Contidos.

Así mesmo no 2019 continuaranse impulsando actuacións para o fomento de iniciativas de emprendemento en ámbitos como a innovación social dixital. E poranse en marcha novas iniciativas de innovación aberta en determinados sectores estratéxicos, en colaboración con empresas tractoras neses ámbitos. Máis concretamente, porase en marcha unha aceleradora de startups no marco do DICO Mindset.

Proseguirase co desenvolvemento das actuacións recollidas no Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020, co obxectivo de converter á sociedade galega nunha "Comunidade Dixital" que comparta valores, fomente a igualdade de oportunidades neste eido e sexa participativa e colaborativa, utilizando servizos dixitais para a mellora do seu benestar e a súa calidade de vida.

No ano 2019 está previsto incidir nun dos piares do Plan, a Rede CeMIT xestionada en colaboración cos concellos, impulsando as aulas CeMIT dispoñibles para a alfabetización dixital e mellora das competencias da cidadanía.

Poranse en marcha distintas actuacións no marco do Plan de Promoción do Talento dixital, que ten como obxectivo o fomento das vocacións tecnolóxicas e os novos perfís dixitais e facilitar as habilidades e competencias que permitan potenciar o emprendemento e a transformación dixital como base para favorecer a empregabilidade, a competitividade e o crecemento económico. Cómpre salientar as iniciativas que se están a deseñar co sector tecnolóxico galego no marco do plan DigiTalent 2020, promovidas pola Amtega en colaboración coas empresas asinantes do Pacto Dixital. Así mesmo desenvolveranse diversas iniciativas lideradas por ditas empresas asinantes do Pacto.

Lanzaranse novas actuacións no marco do Programa ViraxeTIC para impulsar a modernización e innovación tecnolóxica no ámbito dos contidos dixitais de Galicia co fin de apoiar á aceleración do desenvolvemento e competitividade do sector dos contidos dixitais como baluarte do crecemento económico e social vinculado á economía dixital. A principal actuación que se desenvolverá no ano 2019 derívase da resolución conxunta Amtega CRTVG aprobada

polo Consello da Xunta do 19 de xullo de 2018 polo que se acorda levar a cabo un proceso de Compra Pública Innovadora para dotar á CRTVG dun canal dixital de contidos educativos con interactividade.

En 2019 continuarase co desenvolvemento de actuacións para o fomento e difusión do Software Libre no sector empresarial, a cidadanía e a propia administración pública.

Tamén no ano 2019 prevese avanzar na colaboración entre Retegal e as entidades locais para permitir a extensión de novos servizos de telefonía móbil.

No marco do Plan de Banda Larga 2020 seguirase co despregamento de redes ultrarrápidas en polígonos e poranse en marcha novas actuacións para conseguir o obxectivo marcado por Europa de que todos os galegos poidan acceder a redes de banda larga ultrarrápidas no 2020.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A pesar de que as actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal, pois están dirixidas a acadar a inclusión no novo contexto dixital da sociedade galega no seu conxunto

(cidadanía en xeral, administracións públicas, sector empresarial, asociacións sen ánimo de lucro), o mesmo ten tamén un impacto positivo na redución da fenda dixital de xénero existente na actualidade.

Cabe salientar que no ano 2017, en Galicia, un 78,1% das mulleres e un 78,8% dos homes fixo uso de internet nos últimos tres meses, diminuíndo en 2,3 puntos a fenda de xénero que se rexistraba no ano 2016 (3 puntos porcentuais). No período 2014-2017 a porcentaxe de mulleres galegas que utilizan internet medrou en maior medida que no conxunto do Estado, incrementándose nun 15,9% fronte aos 12,3% da media estatal. Isto permitiu que, actualmente, a fenda de xénero a nivel autonómico (0,7 puntos porcentuais) sexa inferior á dos ámbitos estatal e europeo (1,8 e 3 puntos porcentuais respectivamente).

Doutra banda, o sector tecnolóxico galego conta con 16.866 traballadores dos que o 32,1% son mulleres. Sen embargo só o 11,1% están adicadas a funcións TIC fronte ao 41,5% de homes. A porcentaxe de mulleres en postos directivos nas empresas do sector tamén é minoritaria (21,1%).

Do total do persoal dedicado a I+D+i nas empresas TIC galegas, un 88,6% son homes e o restante 11,4% son mulleres, o que amosa unha baixa presenza das mulleres nesta actividades.

O Plan de Inclusión Dixital incluído no presente programa, aínda que non dirixido unicamente a mulleres, si ten un impacto positivo dende a perspectiva de xénero na medida en que contribúe á redución da fenda dixital e a facilitar o acceso á sociedade da información daqueles colectivos máis desfavorecidos (persoas con discapacidade, mulleres, persoas maiores...).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Realización de actividades formativas, de sensibilización e de capacitación co apoio do voluntariado dixital e os aliados dixitais do Plan de Inclusión Dixital, destinadas á alfabetización dixital, redución da fenda dixital e a facilitar o acceso á sociedade da información daqueles colectivos máis desfavorecidos (persoas con discapacidade, mulleres, persoas maiores...), así como a mellorar a súa calidade de vida e empregabilidade a través da capacitación dixital e a innovación social dixital.

Adicionalmente, continuaranse realizado estudos e informes que analizan o uso das TIC atendendo a unha perspectiva de xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

A priori, as actuacións enmarcadas no Programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento destínanse a toda a cidadanía, pero permitirán mellorar a incorporación das mulleres e dos homes á sociedade dixital e mellorar a súa calidade de vida e empregabilidade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Durante 2017, no marco do Programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento continuouse reducindo a fenda existente entre homes e mulleres no acceso á sociedade da información e publicáronse tres estudos que analizan o uso das TIC atendendo a unha perspectiva de xénero (“A Sociedade da Información nos fogares galegos”, “A Sociedade da Información en Galicia desde unha perspectiva de xénero” e “As mulleres no sector TIC 2016”) o que permite coñecer de primeira man as necesidades da sociedade galega e as actuacións a realizar.

Adicionalmente, realizáronse 3.783 actividades formativas con case 46.196 horas de formación en cursos e charlas en alfabetización dixital, capacitación dixital e innovación social dixital, a través da Rede CeMIT onde o 57,93% dos seus usuarios son mulleres (42.158).

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Salientar que na análise previa para a definición do Plan de promoción do Talento dixital de Galicia 2020 – Digitalent, para o fomento das vocacións tecnolóxicas e novos perfís dixitais, tívose especialmente en conta a perspectiva de xénero, tanto na presenza actual das mulleres nas carreiras do ámbito STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) como no ámbito profesional, adoptándose iniciativas tendentes a reducir a fenda de xénero identificada.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 111A PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	
Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	
Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I03 - Contribuír a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Contribuír a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida (Presidencia da Xunta)	
Programa: 131A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	
Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	
Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración de xustiza en Galicia.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0007 - Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.	
Programa: 311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I02 - Contribuír aos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0102 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0002 - Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.	
Programa: 312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA04 - Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0105 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Atención socioasistencial e sociocultural aos cidadáns galegos do exterior.	
0002 - Atención ás entidades galegas no exterior para desenvolver os seus programas.	
0004 - Apoio ao retorno a través de axudas económicas e de fomento da actividade emprendedora e autoemprego	
Indicador	Valor Previsto
P0076D - Entidades galegas do exterior beneficiadas	170
P1027H - Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Homes	4.385
P1027M - Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Mulleres	6.370
Programa: 421A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	
Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente	
Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I01 - Garantir o funcionamento operativo dos servizos administrativos do sistema educativo, así como, os gastos derivados do funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia o do Consello Escolar de Galicia.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0104 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0004 - Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.	
Programa: 441A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA01 - Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Consolidar a práctica deportiva e a actividade física, así como desenvolver o conxunto de funcionalidades do feito deportivo, mais alá da mera competición, como a saúde pública, a economía ou as funcións educativa e social	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI07 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Fomento da actividade física mediante a ampliación do Plan Galicia Saudable.	
0002 - Actuacións de dinamización deportiva mediante a construción ou mellora das infraestruturas deportivas.	
0005 - Axuda á docencia deportiva e promoción activa da investigación no deporte a través de axudas á Facultade de Ciencias do Deporte	
0006 - Fomento do deporte a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas	
Indicador	Valor Previsto
P0076C - Entidades deportivas beneficiadas	1.000
P01011 - Actuacións en infraestruturas e equipamentos deportivos	38
P080.H - Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Homes	75.000
P080.M - Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Mulleres	38.000
P1009H - Número de licenzas federativas. Homes	180.000
P1009M - Número de licenzas federativas. Mulleres	50.000
Programa: 461A COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL	
Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	
Prioridade de Actuación: PA01 - Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Potenciar a comunicación social como instrumento de difusión da información e fomentar o acceso ás novas tecnoloxías dixitais.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI05 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Accións de dinamización e consolidación do sector da comunicación.	
0003 - Actuacións de apoio ás políticas educativas.	
Indicador	Valor Previsto
P00044 - Axudas concedidas aos medios de comunicación social	59
Programa: 461B RADIODIFUSIÓN E TVG	
Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	
Prioridade de Actuación: PA01 - Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Modernizar os servizos de comunicación e facilitar o acceso da poboación aos mesmos.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI04 - Transferencias internas (Actuacións de soporte e apoio)	
0001 - Accións de mellora e ampliación da rede de infraestruturas de comunicación e radiodifusión	
0002 - Emisión e produción de contidos de calidade de radio e televisión en galego	
Indicador	Valor Previsto
P00023 - Actuacións de infraestrutura de comunicación e radiodifusión	451
P01005 - Visitas ás páxinas web da Corporación RTVG	12.200.000
P01006 - Emisión de programas de radio producidos en Galicia	7.525

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P01007 - Emisión de programas de televisión producidos en Galicia	6.650
Programa: 571A FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	
Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	
Prioridade de Actuación: PA01 - Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información	
Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E04 - Mellorar o uso e a calidade das TIC e o acceso ás mesmas.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI06 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.	
0002 - Accións que potencien o uso das TIC na cidadanía.	
0003 - Aceleración da Economía Dixital promovendo a incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, nas empresas.	
0004 - Estimulos ao Crecemento do Sector TIC.	
0005 - Articulación dixital do territorio.	
Indicador	Valor Previsto
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica	2.359.000
DE024A - Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación	900

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	10	11	20	21
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	3.513	98		
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social			5.572	131
461B-Radiodifusión e TVG			102.924	
Total	3.513	98	108.496	131

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos			
	30	40	A1	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia				3.612
131A-Administración de xustiza			6.885	6.885
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social			3.708	3.708
312C-Servizos sociais relativos ás migracións	12.433			12.433
421A-Dirección e servizos xerais de educación			7.484	7.484
441A-Promoción da actividade deportiva		24.259		24.259
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social				5.703
461B-Radiodifusión e TVG				102.924
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento			93.380	93.380
Total	12.433	24.259	111.456	260.387

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	IV	VI	VII	VIII	IX	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	2.803	793	5	11				3.612
131A-Administración de xustiza		339		6.546				6.885
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social		57		3.650				3.708
312C-Servizos sociais relativos ás migracións	1.632	2.643	7.489	56	613			12.433
421A-Dirección e servizos xerais de educación		2.160		5.324				7.484
441A-Promoción da actividade deportiva	3.449	4.116	11.859	3.084	1.750			24.259
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social	1.827	1.087	1.244	1.545				5.703
461B-Radiodifusión e TVG				2.281	250	99.867	526	102.924
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento	12.281	11.189	783	50.002	9.298		9.827	93.380
Total	21.993	22.385	21.380	72.498	11.911	99.867	10.353	260.387

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.649	2.705	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	793	793	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	5	5	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	11	11	0,0
Total	3.457	3.513	1,6

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

11 D.X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	96	98	2,1
Total	96	98	2,1

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

20 SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.661	1.696	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.087	1.087	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.244	1.244	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	3.389	3.826	12,9
Cap. VII - Transferencias de capital	250	250	0,0
Cap. VIII - Activos financeiros	96.958	99.867	3,0
Cap. IX - Pasivos financeiros	526	526	0,0
Total	105.114	108.496	3,2

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

21 DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	129	131	2,1
Total	129	131	2,1

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

30 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.598	1.632	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.163	2.643	22,2
Cap. IV - Transferencias correntes	6.039	7.489	24,0
Cap. VI - Investimentos reais	70	56	-20,0
Cap. VII - Transferencias de capital	613	613	0,0
Total	10.483	12.433	18,6

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

40 SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.376	3.449	2,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.366	4.116	-5,7
Cap. IV - Transferencias correntes	10.921	11.859	8,6
Cap. VI - Investimentos reais	1.883	3.084	63,8
Cap. VII - Transferencias de capital	1.400	1.750	25,0
Total	21.946	24.259	10,5

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	11.962	12.281	2,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	11.054	13.745	24,3
Cap. IV - Transferencias correntes	783	783	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	63.846	65.522	2,6
Cap. VII - Transferencias de capital	5.127	9.298	81,4
Cap. IX - Pasivos financeiros	9.843	9.827	-0,2
Total	102.615	111.456	8,6

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2018	2019	% Var.
10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	3.457	3.513	1,6
11 D.X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA	96	98	2,1
20 SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	105.114	108.496	3,2
21 DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN	129	131	2,1
30 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	10.483	12.433	18,6
40 SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE	21.946	24.259	10,5
A1 AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	102.615	111.456	8,6
Total	243.841	260.387	6,8

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Cap. I - Gastos de persoal	9.508	9.711	11.962	12.281	0	0	21.470	21.993
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	8.410	8.640	11.054	13.745	0	0	19.464	22.385
Cap. IV - Transferencias correntes	41.999	47.297	783	783	23.790	26.699	18.992	21.380
OPERACIÓNS CORRENTES	59.917	65.648	23.799	26.809	23.790	26.699	59.926	65.758
Cap. VI - Investimentos reais	5.352	6.976	63.846	65.522	0	0	69.198	72.498
Cap. VII - Transferencias de capital	81.079	85.098	5.127	9.298	78.816	82.485	7.390	11.911
Cap. VIII - Activos financeiros	96.958	99.867	0	0	0	0	96.958	99.867
Cap. IX - Pasivos financeiros	526	526	9.843	9.827	0	0	10.369	10.353
OPERACIÓNS DE CAPITAL	183.915	192.468	78.816	84.647	78.816	82.485	183.915	194.629
Total	243.832	258.116	102.615	111.456	102.606	109.185	243.841	260.387

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Presidencia da Xunta de Galicia	2019
Altos Cargos	7
Persoal Funcionario	143
Subgrupo A1	40
Subgrupo A2	31
Subgrupo C1	31
Subgrupo C2	32
Agrupacións profesionais	9
Persoal Laboral	58
Grupo I	8
Grupo II	5
Grupo III	7
Grupo IV	2
Grupo V	36
TOTAL	208

Medios Persoais

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	2019
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	196
Subgrupo A1	71
Subgrupo A2	46
Subgrupo C1	78
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	96
Grupo I	8
Grupo II	17
Grupo III	65
Grupo IV	6
TOTAL	293

**Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Funda-
cións do Sector Público Autónomo**

Fundacións do sector público autónomo	Explotación	Capital
Fundación Deporte Galego	3.775	20
Sociedades mercantís públicas autónomas	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	9.079	455
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	99.305	9.860
Total	112.159	10.335

(Miles de Euros)



VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA

SECCIÓN 05

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

A través do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, configurouse na estrutura do Goberno galego, a Vicepresidencia, como órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia en relación á planificación interdepartamental, e a súa execución, ás relacións coas administracións locais, ao programa legislativo da Xunta de Galicia, e á elaboración de normas de carácter xeral e, en particular, con funcións de coordinación das relacións entre o poder executivo e o Parlamento de Galicia. Para o desenvolvemento das súas funcións e competencias, estableceuse que contaría co apoio e auxilio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Como desenvolvemento do anterior, o Decreto 72/2013, do 25 de abril, modificado polo Decreto 11/2015, de 5 de febreiro, estableceu a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atendendo á necesidade de continuar co proceso de racionalización, simplificación e redución das estruturas administrativas iniciado polo Goberno.

A nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, aprobada polo Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, plasma o compromiso do Goberno galego cos criterios de máxima eficacia, austeridade e economía na súa actuación e organización administrativa.

Co obxectivo de establecer un marco de estabilidade con respecto á estrutura da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza fixada polo citado Decreto 72/2013 e co fin de incorporar novidades introducidas por diversas normas con rango de lei e decreto, tanto autonómicas como estatais de carácter básico aprobouse o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Así pois, a nova estrutura plasmada neste decreto xorde como consecuencia da necesidade de afondar na mellora continua das estruturas administrativas co fin de acadar o máximo nivel de calidade na prestación dos servizos públicos e a estrutura nos seguintes órganos superiores:

1. Vicepresidencia

Secretaría Xeral da Igualdade.

Asesoría Xurídica Xeral, con nivel orgánico de dirección xeral.

2. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Xustiza

Dirección Xeral de Administración Local
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Así mesmo, quedan adscritas organicamente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

- O órganos superiores previstos no artigo único do Decreto 176/2016, do 15 de decembro, dependerán funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos termos establecidos nel.
- As delegacións territoriais da Xunta de Galicia na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.
- As secretarías territoriais, con nivel orgánico de subdirección xeral, dependen orgánica e funcionalmente dos delegados ou delegadas territoriais.
- As delegacións da Xunta de Galicia no exterior: Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires (Arxentina) e a Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo (Uruguai).
- Os órganos colexiados en que así se determine pola súa normativa reguladora e o Instituto de Medicina Legal de Galicia, órgano técnico ao servizo da Administración de xustiza, creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio.

Adscritos á Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, como organismos autónomos e demais entidades do sector público autonómico figuran:

- Escola Galega de Administración Pública, que se axustará nos seus fins estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 4/1987, do 27 de maio.
- Academia Galega de Seguridade Pública, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro.
- Axencia Galega de Emerxencias, que se axustará nos seus fins estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

I.2. COMPETENCIAS

A actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia establece a figura da Vicepresidencia, como órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia en relación á planificación interdepartamental e a súa execución, ás relacións coas administracións locais, ao programa legislativo da Xunta de Galicia e á elaboración de normas de carácter xeral e, en particular, con funcións de coordinación das relacións entre o poder executivo e o Parlamento de Galicia. Para

o desenvolvemento destas funcións e competencias. conta co apoio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Pola súa banda, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configurada como órgano de apoio á Presidencia e á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, Administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea e avaliación e reforma administrativa, que exercerá no nivel de desenvolvemento que se indica para cada un dos órganos que integran este departamento, no precitado Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

1.2.1. DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

VICEPRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade correspóndelle as seguintes funcións, tal e como se establece no artigo 6 do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

- Impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero.
- Promover a incorporación do principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as normas, políticas, actuacións, plans e estratexias da Xunta de Galicia así como planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de igualdade entre mulleres e homes, erradicación da violencia de xénero e promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes no ámbito persoal, familiar e laboral.
- Establecer e fomentar relacións de cooperación cos organismos competentes en materia de igualdade da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e da Administración local, así como cos organismos internacionais e comunitarios en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Propoñer medidas, programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.

- Establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Promover as actuacións referentes ás medidas municipais de conciliación, bancos municipais de tempo e plans de programación do tempo da cidade.
- Impulsar e coordinar o conxunto das actuacións das diferentes Consellerías e departamentos da Xunta de Galicia implicados para a execución e seguimento das medidas contempladas na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e intersexuais.

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Co rango de dirección xeral, asume a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da comunidade autónoma e da súa Administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 7/1984, do Parlamento de Galicia, e do artigo 551.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

A Secretaría Xeral Técnica exercerá, con carácter xeral, as competencias e funcións establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas nas consellerías da Xunta de Galicia e demais normativa autonómica que lle sexa aplicable e en particular as seguintes:

- A asistencia técnica, apoio e asesoramento á persoa titular da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- As funcións de réxime interior e os asuntos xerais da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- O Secretariado do Goberno da Xunta de Galicia e das súas comisións delegadas, coa excepción da asistencia as súas sesións, exercendo as competencias sinaladas nas normas reguladoras de réxime interior da Xunta de Galicia.
- A Vicepresidencia da Comisión de Secretarios Xerais Técnicos, correspondéndolle redactar a acta das reunións para elevala ao Consello da Xunta de Galicia.

Ademais do anterior e xunto co desenvolvemento de competencias de carácter xenérico, asume a xestión, entre outras, das seguintes materias:

- A dirección do Rexistro e atención á cidadanía da Xunta de Galicia e a súa coordinación cos demais rexistros oficiais da Administración autonómica.
- A tradución, revisión lingüística e o asesoramento aos órganos da Administración autonómica que así o soliciten.
- A edición do Diario Oficial de Galicia (DOG).
- A xestión e custodia do Rexistro Central de Asociacións da comunidade autónoma.
- A xestión e custodia do Rexistro Xeral de Academias de Galicia e as demais funcións que na materia lle correspondan.
- O exercicio das funcións que lle correspondan á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de colexios profesionais.
- O seguimento e supervisión das obras e proxectos de competencia da consellería.
- O impulso, coordinación e xestión das actuacións de carácter transversal que poidan afectar á Xunta de Galicia.
- A dirección do Parque Móbil da Xunta de Galicia e a coordinación dos parques sectoriais pertencentes a outras consellerías.
- A coordinación da asistencia médica facultativa ao persoal dos servizos centrais.
- As funcións que establece o artigo 31.3º da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en relación co persoal da Administración da Xunta de Galicia e o da Administración de xustiza.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Correspóndelle á Dirección Xeral de Xustiza exercer as competencias atribuídas á Xunta de Galicia estatutariamente ou por transferencia, relativas á promoción e ao desenvolvemento do dereito civil especial, promoción do galego no ámbito da xustiza, demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, acceso dos cidadáns á xustiza en igualdade de oportunidades a través do sistema de asistencia xurídica gratuíta, as relacións co Poder Xudicial e demais institucións relacionadas coa xustiza, así como as facultades organizativas e de xestión de medios que configuran a denominada administración da Administración de xustiza.

O artigo 20 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) recolle unha cláusula subrogatoria que fai relación ao que a sentenza do Tribunal Constitucional 56/1990, do 29 de marzo, denomina “administración da Administración de xustiza”, concretamente referíndose ao exercicio de tódalas facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúen ao Goberno do Estado en relación coa Administración de xustiza. Ao abeiro desta cláusula estatutaria apróbase o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro), o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real decreto

233/1998, do 16 de febreiro, sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e os institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo), que completan o proceso de transferencia de medios en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia. O marco das competencias da Comunidade Autónoma nesta materia resultan da relación das anteditas normas coas previsións da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985 do Poder Xudicial, que supuxo unha significativa ampliación de competencias da comunidade autónoma en materia de xustiza.

En fin, o feixe de facultades e potestades comprendidas no ámbito da actuación da Dirección Xeral de Xustiza poden resumirse en:

- Dotación de medios de soporte da Administración de xustiza, incluíndo recursos humanos así como medios económicos (pagamento de valoracións e peritaxes, transportes e indemnizacións por razóns de servizo) e materiais (parque inmobiliario, mobiliario, instrumental, material e outros subministros) dos xulgados, tribunais, fiscalías, rexistros civís, instituto de medicina legal e demais servizos da Administración de xustiza en Galicia. Neste ámbito, recentemente, e en virtude do disposto na Lei orgánica 4/2014, do 11 de xullo, complementaria da lei de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, transfírense á comunidade autónoma a xestión da xubilación do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza con destino en Galicia, competencia reservada ata agora ao Ministerio de Xustiza.
- Xestión do sistema de asistencia xurídica gratuíta no relativo á regulamentación administrativa, recoñecemento das prestacións aos cidadáns beneficiarios e indemnización económica á avogacía e a procura polos servizos profesionais.
- Deseño do modelo de implantación da nova organización da Administración de xustiza e das relacións de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza.
- Planificación estratéxica e seguimento, en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, das medidas encamiñadas ao impulso das novas tecnoloxías na administración de xustiza, cara á plena implantación do expediente xudicial electrónico.
- Fomento do coñecemento, investigación e desenvolvemento das ciencias xurídicas e forenses, en especial do dereito galego e na formación dos operadores xurídicos, así como desenvolvemento de proxectos e iniciativas que colaboran cos fins de prevención e solucións dos conflitos, seguridade xurídica e paz social aos que está orientada á xustiza.
- Promoción do uso do galego no ámbito da xustiza.
- Coordinación das delegacións territoriais en materia de xestión de medios persoais, económicos e materiais da Administración de xustiza.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de administración local. Correspóndenlle a este órgano as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local.

En particular, son competencias da Dirección Xeral de Administración Local:

- A coordinación das políticas públicas en materia de Administración local, xestión en materia de pacto local e cooperación coas asociacións de municipios.
- A proposición das directrices en relación cos programas de cooperación e financiamento local e, en especial, co Fondo de Cooperación Local.
- A elaboración dos programas formativos en materia de Administración local.
- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.
- O fomento e a ordenación dos procesos asociativos e consorciais das entidades locais así como as propostas en materia de organización territorial.
- O fomento do asociacionismo veciñal.
- A execución das competencias que, con respecto ao funcionariado con habilitación de carácter estatal, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.
- A elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local e no ámbito das competencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facendo especial fincapé nas accións enmarcadas no eido da cooperación Galicia-Norte de Portugal.
- O impulso, estudo e control do cumprimento da lei de Administración local de Galicia e demais normativa de réxime local, así como o exercicio das competencias que nesa materia lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.
- O impulso de incorporación do galego á Administración local de forma coordinada coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- A xestión do portal Eido Local, así como o fomento e impulso da incorporación das novas tecnoloxías, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.
- A tramitación dos expedientes de declaración de urxente ocupación nas expropiacións forzosas instados polas entidades locais.
- O Rexistro de entidades locais de Galicia.
- A tramitación dos expedientes de alteración e deslindamento de termos municipais; a tramitación dos expedientes suxeitos a intervención autonómica en materia de patrimonio das entidades locais e a tramitación dos expedientes de solicitude de disolución dos

órganos das corporacións locais e de consultas populares en asuntos de competencia municipal.

- Aquelas outras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á comunidade autónoma galega nas seguintes materias:

- A información e asistencia ao Goberno nas súas relacións co Parlamento de Galicia.
- O seguimento do programa lexislativo e dos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia.
- A organización e coordinación dos procesos electorais en que sexa competente a Comunidade Autónoma de Galicia, así como a representación da Xunta de Galicia en aqueles procesos electorais aos cales estea invitada como observadora.
- O seguimento das iniciativas tramitadas nas Cortes Xerais ou noutras comunidades autónomas, que puideran ter algunha relación coa Comunidade Autónoma de Galicia.
- A determinación do departamento da Xunta de Galicia que debe dar resposta ás iniciativas parlamentarias que se presenten na cámara.
- A representación da comunidade autónoma no que atinxe ás relacións institucionais coa Administración e Goberno estatal así como coas restantes administracións e gobernos de outras comunidades autónomas.
- O rexistro dos convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades instrumentais do sector público autonómico galego.
- A legalización de sinaturas de documentos da administración da Comunidade Autónoma de Galicia que vaian producir efectos no estranxeiro conforme ao establecido no Decreto 351/2009, do 9 de xullo, polo que se regula a legalización de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que deban producir efectos no estranxeiro.
- A representación da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión Mixta de Transferencias e nas comisións bilaterais de cooperación entre a Administración xeral do Estado e a Administración autonómica, así como naqueles foros en que sexa necesaria a súa presenza, e non estea predeterminado o departamento que deba asistir por razón da materia que se vai a tratar, cando así sexa acordado polo Consello da Xunta de Galicia.
- O seguimento da participación da Xunta de Galicia nas conferencias sectoriais.
- A coordinación da actividade da Comisión de seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas.

- A representación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en aqueles supostos en que lle sexa encomendada polo seu titular.
- Aquelas outras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior exercerá as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia, estatutariamente ou por transferencia, relativas ás materias de atención de emerxencias e protección civil, interior e seguridade.

En particular, correspóndelle o exercicio das funcións que derivan das competencias nas seguintes materias:

- En materia de emerxencias e protección civil:
 - A dirección, a coordinación e a execución das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de atención de emerxencias e de protección civil, tales como a intervención e a atención das emerxencias e o restablecemento dos servizos esenciais para a cidadanía afectada por unha emerxencia, en colaboración coa Axencia Galega de Emerxencias e no marco das funcións atribuídas a esta pola Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia.
 - A planificación da protección civil e a prevención, a previsión e a análise de riscos relacionados con ela, en colaboración coa Axencia Galega de Emerxencias.
 - O establecemento das directrices de actuación da Axencia Galega de Emerxencias e o exercicio das atribucións derivadas da adscrición orgánica desta á consellería.
 - A representación da consellería na Comisión Nacional de Protección Civil e noutros organismos de coordinación internacionais, europeos e autonómicos de protección civil.
 - O exercicio da planificación e a coordinación dos plans e os programas dos servizos contra incendios e salvamento locais, en colaboración coa Axencia Galega de Emerxencias e sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder á Dirección Xeral de Administración Local.
 - As relacións da Administración autonómica, en materia de atención de emerxencias, coas administracións locais, coas comunidades autónomas, coa Administración xeral do Estado e cos estados da Unión Europea, tendo unha relación especial con Portugal pola súa proximidade e pola posibilidade e ter que compartir emerxencias comúns.
 - O seguimento da encomenda do Consello de Seguridade Nuclear á Xunta de Galicia en materia de vixilancia radiolóxica co exercicio de autoridade competente para a protección dos traballadores e da poboación fronte á exposición a fontes de radiación natural asociada a actividades laborais, en aplicación da normativa vixente.
- En materia de seguridade e interior:

- O exercicio da xefatura dos servizos de seguridade baixo a superior autoridade do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
 - A proposta e execución dos plans de seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia así como a elaboración e proposta dos plans e proxectos de actuación, xestión e planificación operativa dos servizos policiais adscritos á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
 - A planificación, xestión e distribución dos recursos humanos e materiais destinados á seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia e a proposta ou a resolución, se é o caso, das cuestións relativas á selección, formación e perfeccionamento do persoal adscrito aos servizos policiais da Xunta de Galicia.
 - As funcións de coordinación das policía locais que lle correspondan á comunidade autónoma.
 - O establecemento de mecanismos e fórmulas de cooperación coas forzas e corpos de seguridade do Estado para a coordinación e realización das competencias en materia de prevención e seguridade.
 - A elaboración de cantos informes e estudos requira e esixa o exercicio das competencias que lle corresponden á consellería en materia de prevención e seguridade.
 - A preparación dos correspondentes estudos e anteproxectos de disposicións xerais.
- En materia de xogo e espectáculos públicos:
 - A tramitación dos expedientes administrativos en materia de casinos, xogos e apostas cuxa autorización corresponda a esta dirección xeral; a execución das directrices que lle sexan indicadas en relación aos distintos sectores do xogo e a elaboración dos correspondentes estudos, informes e anteproxectos de disposicións xerais na materia, así como para a recolla da información estatística das empresas correspondentes en coordinación coa Secretaría Xeral Técnica.
 - A tramitación dos expedientes administrativos relativos á autorización de horarios nos termos establecidos na Disposición Transitoria Quinta da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como de probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos que se desenvolvan integramente por vías situadas no ámbito territorial de Galicia, e en xeral, todos os que sexan de competencia da dirección xeral en materia de espectáculos públicos, así como a elaboración dos correspondentes estudos, informes e anteproxectos de disposicións xerais na materia.
 - Aqueloutras que, non estando incluídas nesta relación, lle atribúa a normativa vixente, así como as que dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓN EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

Entre as atribucións da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión europea destacan as seguintes:

- A implementación da estratexia da acción exterior de Galicia.
- Executar a Acción Exterior de Galicia, como política de acción exterior propia, consensuada cos principais actores representados no Consello de Acción Exterior (CAEX), atendendo aos seus valores e intereses, para contribuír a difusión da imaxe integral de Galicia así como apostar pola internacionalización das empresas galegas.
- Consolidar a representación de Galicia no marco europeo.
- Potenciar a coordinación e as interrelacións dos axentes da acción exterior galega dentro do marco dos organismos comunitarios e coa Administración xeral do Estado. Coñecer e analizar a participación das unidades administrativas galegas no entorno europeo.
- Preparar, organizar e promover visitas institucionais desde Galicia ao espazo europeo e de representantes de institucións europeas a Comunidade Autónoma de Galicia; en definitiva apostar por unha "máis e mellor Europa".
- Exercer a política de cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria.
- Executar con maior eficacia os compromisos que definen a política de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, para contribuír á consecución dun mundo máis xusto e á redución da pobreza, así como dar resposta ás emerxencias internacionais, o que implica o fortalecemento dos actores do sistema galego da cooperación, a mellora da calidade técnica e operativa do sector, a ordenación dos medios da cooperación galega e a busca de sinerxias cos sectores galegos experimentados no eido.
- Contribuír á consolidación da Eurorexión Galicia – Norte de Portugal, especialmente neste momento en que preside a Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal o Presidente da Xunta de Galicia.
- Actuar como Unidade de Coordinación e organismo intermedio do Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg V-A España – Portugal 2014-2020.

DIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA

A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa ten recollidas as súas competencias no artigo 41 do vixente decreto de estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e configúrase como o órgano central, con ámbito de actuación sobre todas as consellerías e entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia definido pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa exclusión dos sistemas sanitario, educativo e xudicial, para impulsar actuacións de modernización e reforma administrativa

co obxectivo de acadar unha Administración pública eficaz, eficiente e orientada á prestación de servizos de calidade ao/á cidadán/á.

En particular, son competencias da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa:

- En materia de funcionamento dos servizos públicos:
 - A realización de auditorías de control do funcionamento dos centros, servizos e unidades, dentro do seu ámbito de actuación, para a detección de posibles deficiencias, emitindo o correspondente informe e propoñéndolle ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para a súa corrección.
 - Exercer o labor de control establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, en relación cos procesos de creación de novas entidades instrumentais ou de integración no sector público autonómico doutras existentes, a través da análise e informe sobre a súa procedencia, tendo en conta razóns de eficacia, autonomía de xestión e non duplicidade.
 - A vixilancia do cumprimento da normativa vixente en materia de xornada, horario, permisos e licenzas do persoal ao servizo da Administración autonómica galega así como a coordinación e o impulso do teletraballo a través da análise, valoración e informe dos postos de traballo que sexan susceptibles de seren prestados baixo esta modalidade non presencial de prestación de servizos.
 - En xeral, aquelas funcións de información, inspección, auditoría e control que, con carácter extraordinario, lle sexan encomendadas polo/a conselleiro/a de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- En materia de avaliación do rendemento e xestión da calidade:
 - O desenvolvemento e a xestión de medidas para a implantación de sistemas de mellora da calidade tendentes a promover a mellora continua dos servizos da Administración autonómica, tanto dos que se lle prestan directamente ao/á cidadán/á como dos servizos internos.
 - A colaboración cos órganos competentes doutras administracións públicas no deseño e na aplicación de programas de avaliación do rendemento e da calidade tendentes a mellorar a prestación dos servizos públicos mediante o asinamento de convenios que faciliten o intercambio de información, métodos e experiencias.
- En materia de racionalización e simplificación de procedementos administrativos:
 - A promoción, planificación e coordinación dos procesos de racionalización, simplificación e modernización dos procedementos administrativos, suprimindo trámites e documentos innecesarios, reducindo cargas administrativas e promovendo a implantación da Administración electrónica coa finalidade de mellorar a resposta á cidadanía.
 - A emisión de informe, con carácter preceptivo e previo á súa aprobación e posterior publicación no Diario Oficial de Galicia, sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que regulen procedementos administrativos por instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións. así como o establecemento de servizos

- á cidadanía e ao persoal empregado público da Administración xeral da comunidade autónoma e demais entidades integrantes do sector público autonómico.
- A emisión de informe para a incorporación ao inventario de información administrativa e á sede electrónica dos procedementos administrativos iniciados de oficio na administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - A xestión e coordinación funcional do Sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA), ou outros sistemas integrados de xestión dos procedementos administrativos que sirvan de base do sistema de información da Xunta de Galicia.
 - A xestión e coordinación funcional do Servizo de Resposta Inmediata (Seri).
 - A coordinación da aplicación da normativa europea e estatal sobre simplificación e mellora da xestión administrativa.
- En materia de transparencia, información administrativa e atención á cidadanía:
 - Velar e supervisar o cumprimento das obrigas de publicidade activa do sector público autonómico e do dereito de acceso da cidadanía á información pública, de conformidade coa normativa reguladora en materia de transparencia.
 - Desenvolver as accións que permitan incrementar o nivel de calidade e transparencia da información pública que difunde o sector público autonómico a través do Portal de transparencia e goberno aberto.
 - A dirección e coordinación, desde un punto de vista funcional, do sistema de información administrativa e atención ao/á cidadán/á da Xunta de Galicia, en colaboración coa Secretaría Xeral Técnica.
 - A avaliación periódica da calidade do sistema de información administrativa, propoñendo as medidas de mellora precisas co fin de facilitarles aos/ás cidadáns/ás e usuarios/as os servizos que demandan.
 - Actuar funcionalmente como oficina de defensa das persoas usuarias dos servizos públicos do sector público autonómico, de acordo co indicado no artigo 25 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
 - Garantir, en coordinación coa Secretaría Xeral e coas secretarías xerais técnicas das respectivas consellerías, a axeitada tramitación das suxestións e queixas presentadas pola cidadanía ante a Oficina de defensa das persoas usuarias dos servizos públicos do sector público autonómico, co obxecto de mellorar a calidade na prestación dos servizos públicos.
 - En materia de estruturas orgánicas e relacións de postos de traballo:
 - A realización de análises da carga de traballo soportada polas distintas unidades administrativas e que respondan a criterios de racionalidade, simplificación e austeridade, para acadar unha Administración pública eficaz e eficiente. Neste sentido, as secretarías xerais das consellerías deberán solicitar informe á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa antes de ser solicitado o informe á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos sobre as estruturas orgánicas e as relacións de postos de traballo. De non ser emitido no prazo máximo de oito días

naturais, o informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa entenderase favorable.

- A realización de estudos sobre o dimensionamento de cadros de persoal, propoñendo as medidas necesarias sobre a reasignación de efectivos en función das cargas de traballo soportadas polas distintas unidades administrativas para conseguir un mellor funcionamento dos servizos.

DELEGACIÓNS TERRITORIAIS

As delegacións territoriais da Xunta de Galicia na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, nas cales se integran todos os órganos, unidades e servizos da Administración periférica autonómica sitos no seu respectivo ámbito territorial foron creadas por Decreto 245/2009, do 30 de abril.

Os delegados ou delegadas territoriais exercen a representación da Xunta de Galicia e a coordinación do exercicio das competencias da Administración xeral da comunidade autónoma no seu correspondente ámbito territorial, dependendo funcionalmente das directrices, instrucións ou criterios que emanen dos diversos órganos superiores das consellerías correspondentes, por razón das distintas competencias materiais.

1.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A EGAP é a institución, creada pola Lei 4/1987, do 27 de maio, encargada das tarefas de selección e formación do persoal ao servizo da Administración pública galega, así como do estudo e a difusión das ciencias da administración.

De acordo co artigo 3 da referida lei de creación da EGAP na redacción dada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, son competencias da EGAP:

- Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de funcionario ao servizo da Administración desta comunidade autónoma convocadas de conformidade o disposto na lei de función pública de Galicia, e doutras administracións públicas que previo convenio llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, correspondentes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao que se alude no apartado a).
- Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.

- Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais con “habilitación de carácter estatal”.
- Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios dos entes locais de Galicia “sen habilitación estatal”, de acordo cos convenios que se subscriban coas distintas entidades locais
- A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.
- O establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel estatal e internacional.
- A difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

A Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), foi creada pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, que regula, entre outros aspectos, os seus fins e as súas funcións:

Fins:

A Academia Galega de Seguridade Pública orientará a súa actuación ao:

- Enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia.
- Compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública.
- Impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención ao cidadán e maior satisfacción dos seus xestores.

Funcións formativas:

As funcións formativas da Academia Galega de Seguridade Pública son as seguintes:

1. No ámbito da formación xudicial e penitenciaria e da seguridade privada:
 - Organizar e realizar nas materias de seguridade pública, en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e cos ministerios competentes en materia de xustiza e interior, así como con outros organismos, universidades ou centros de investigación, actividades dirixidas á formación de xuíces e fiscais, dos funcionarios de institucións penitenciarias e dos traballadores da seguridade privada, a través do asinamento dos oportunos convenios.
2. No ámbito da formación policial:

- Elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización.
 - Colaborar coas administracións competentes na selección do persoal dos corpos da policía de Galicia e das policía locais.
 - Facilitarles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policía locais.
3. No ámbito da formación de protección civil, bombeiros e axentes forestais:
- Elaborar os programas formativos e impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais coas que se formalice o correspondente convenio de colaboración.
 - Impartir os cursos dirixidos aos axentes forestais.
 - Colaborar coas entidades locais na selección e formación continua do persoal integrante dos corpos de bombeiros e de protección civil.
 - Facilitarles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.

Outras funcións.

Son tamén funcións da Academia Galega de Seguridade Pública nas materias que lle son propias:

- Investigar, estudar e divulgar contidos, técnicas e documentación, con especial referencia á realidade galega.
- Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
- Homologar, cando proceda, os títulos correspondentes aos cursos de formación impartidos por outras academias, escolas ou centros.
- Calquera outra que lle poida ser atribuída polas normas, de conformidade coa súa natureza.

1.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

Segundo o disposto no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a

Axencia Galega de Emerxencias se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Correspóndelle á Axencia Galega de Emerxencias o exercicio das seguintes funcións:

- Xestionar o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e prestar materialmente a asistencia requirida polos cidadáns e polas cidadás a través del, ou dar traslado, segundo se estableza regulamentariamente, daquelas que lles corresponda atender a outros organismos competentes na materia.
- Xestionar os medios e recursos operativos que se poidan incorporar á axencia.
- Analizar os riscos e mais identificalos e localizalos no territorio co fin de elaborar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia, así como os catálogos de medios e recursos e o catálogo de servizos.
- Desenvolver programas en materia de protección civil e xestión de riscos e de emerxencias consonte as directrices emanadas da Xunta de Galicia e establecer os medios para fomentar actuacións que contribúan á prevención de riscos, á atenuación dos seus efectos e, en xeral, á toma de conciencia e sensibilización da cidadanía da importancia de protección civil.
- Levar a cabo os estudos necesarios para a elaboración do Plan territorial de protección civil de Galicia, dos plans especiais e das liñas directrices para a elaboración dos plans territoriais que correspondan.
- Avaliar e cualificar o risco cando lle sexa comunicada unha situación de emerxencia das que poden dar lugar á activación dun plan público de protección civil.
- Pór á disposición dos órganos competentes da Xunta de Galicia os medios á súa disposición para a xestión das emerxencias de interese galego baixo a superior dirección da persoa titular da presidencia da Xunta ou da persoa titular da consellería na que esta delegue e mais daquelas outras emerxencias que os plans especiais ou territoriais determinen.
- Estudar as actuacións necesarias para o restablecemento dos servizos esenciais para a comunidade e a restauración, a rehabilitación e o retorno á normalidade nos casos de catástrofe ou calamidade.
- Fomentar, en colaboración coa consellería competente en materia de voluntariado, a vinculación voluntaria e desinteresada da cidadanía ás actividades de protección civil.
- As demais funcións que no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias se determinen no seu estatuto.

1.2.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

A entrada en vigor da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, supuxo o mandato do parlamento de Galicia para que se acaden importantes obxectivos no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias, sendo un dos máis destacables a necesidade de acadar a maior ho-

moxeneidade posible da prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento en toda Galicia do xeito máis eficaz.

Neste senso a Xunta de Galicia, xunto coas deputacións provinciais de Galicia, participa na xestión e financiamento dos distintos consorcios contra incendios existentes na nosa comunidade.

A figura do consorcio contra incendios foi posta en marcha pola Xunta de Galicia, ao abeiro da lei de Administración local de Galicia, no ano 1999 coa finalidade de prestar este servizo esencial á poboación galega con independencia do seu lugar de residencia, garantindo a protección das súas vidas e patrimonios mediante a implementación de servizos profesionais de atención ás emerxencias as vinte e catro horas do día os 365 días do ano.

Estes consorcios, que inicialmente foron configurados con carácter comarcal, permitiron pasar dos 7 parques existentes na nosa comunidade no ano 1999 (parques municipais das grandes cidades galegas) á existencia neste intre, xa en funcionamento, de 32 parques en Galicia, completados en xuño de 2017 coa entrada en funcionamento dun novo parque comarcal do Carballiño/O Ribeiro, integrado no consorcio provincial de Ourense.

A fórmula de xestión destes servizos é a través dos consorcios contra incendios e de salvamento, que permiten unha xestión áxil e eficaz dos recursos, ao mesmo tempo que unha proximidade ao territorio cuberto polos mesmos e ás administracións implicadas no seu ámbito de actuación.

Estes consorcios que xestionan o servizo de extinción de incendios e salvamento, teñen actualmente todos eles, agás o consorcio comarcal Deza/Tabeirós con parque en Silleda, un carácter provincial nas catro provincias galegas, logo da entrada en funcionamento operativo do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de Ourense, en febreiro de 2017.

1.2.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

De acordo co vixente decreto de estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ten entre as súas competencias efectuar o seguimento das actuacións da Fundación Galicia Europa. Por outra parte as actividades da FGE están reguladas pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

A FGE é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de interese galego pola Orde do 24 de maio de 1988 da Consellería de Cultura e Deportes adscrita o Protectorado da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza por Orde do 18 de marzo de 2013. O Decreto 178/2015 de acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia define

a Fundación Galicia Europa como “unha entidade sen ánimo de lucro e ente instrumental do sector público autonómico galego [...] que ten o mandato da Xunta de Galicia para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado.”

A Xunta de Galicia forma parte do padroado da FGE xunto con ABANCA, Consorcio da Zona Franca de Vigo, deputacións de Coruña e Lugo e a Axencia Galega de Innovación. O padroado é o órgano de representación, goberno e administración da FGE.

As funcións da FGE a través das súas oficinas en Santiago de Compostela e en Bruxelas son principalmente as seguintes:

1. Defender os intereses de Galicia ante a Unión Europea

Co obxectivo de promover os intereses galegos ante as institucións europeas, a FGE realiza un seguimento das políticas comunitarias para informar sobre elas en Galicia, especialmente á administración autonómica. Ao mesmo tempo, presta apoio e asesora aos participantes galegos en foros como o Comité das Rexións e outras reunións do ámbito comunitario.

Complementariamente, a fundación organiza actividades de promoción cultural, económica ou turística para dar a coñecer Galicia en Bruxelas.

2. Informar sobre a Unión Europea en Galicia.

A información constitúe un requisito indispensable para a defensa efectiva dos intereses galegos no proceso comunitario de toma de decisións e para fomentar a participación de entidades galegas en programas de financiamento comunitario. O portal web e os contactos directos con diversos departamentos da Xunta de Galicia son as principais canles utilizadas para a transmisión desta información.

3. Formación e sensibilización en Galicia sobre a realidade europea.

Coa finalidade de facer mais comprensible o funcionamento das institucións comunitarias e achegar a Unión Europea e os restantes países europeos a sociedade galega, a FGE desenvolve importantes actividades de formación (concesión de becas e cursos) e sensibilización en Galicia, principalmente a través da oficina de Santiago de Compostela.

4. Promover a participación das entidades galegas en proxectos europeos.

A FGE fomenta a participación de entidades galegas en proxectos europeos co fin de potenciar a competitividade dos sectores público e privado de Galicia. Esa promoción tradúcese en asesoramento técnico, procura de socios a escala europea, organización de reunións con representantes das institucións ou na mesma participación da FGE en consorcios de proxectos que lle resulten de interese. Por outra banda, a fundación organiza seminarios de formación sobre este tipo de financiamento.

FUNDACIÓN SEMANA VERDE

A Fundación Semana Verde de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída mediante escritura pública outorgada o 16 de Marzo de 1991. Foi declarada de interese galego por Orde da Consellería de 10 de xullo de 1991 (DOG, núm. 140, do 23 de xullo). Figura inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego, Sección da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co número 1991/5.

A composición do padroado, establecida no artigo 12 dos estatutos (aprobados por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de marzo de 2010 e formalizados en escritura pública do 26 de marzo de 2010) é a seguinte: O presidente e 6 patróns en representación da Xunta de Galicia; Dous patróns en representación da Deputación de Pontevedra; Dous patróns en representación da Asociación Feiral Semana Verde de Galicia; Un patrón en representación do Concello de Silleda e un patrón en representación de Abanca.

Entre os fins da fundación atópanse:

- Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e mercados agropecuarios.
- Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no eido agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar a mellora continua dos devanditos sectores.
- Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacionais.
- O impulso e promoción do Recinto Feiral de Galicia en Silleda como un enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia, e en particular, como infraestrutura de promoción e exposición comercial.

Así mesmo, a Fundación Semana Verde de Galicia realiza as tarefas resultantes das encomendas que se lle asignan.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2019

II.1. DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

O papel central da Vicepresidencia da Xunta e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na súa acción para o ano 2019 continuará a ser o de exercer a súa función como o órgano superior de coordinación interdepartamental da Xunta de Galicia, así como o de coordinación da mesma coas administracións locais, coas institucións do Estado e co Parlamento de Galicia. Ademais, a Vicepresidencia exercerá a coordinación da acción exterior do Goberno galego, en todos aqueles ámbitos de interese estratéxico para Galicia e coa interlocución coas distintas institucións e organizacións implicadas.

Esta función de coordinación tradúcese na tarefa de planificación conxunta da acción da Xunta de Galicia, especialmente no referido ao programa legislativo, á elaboración de normas de carácter xeral, á supervisión de plans e actuacións de carácter transversal ou á coordinación da estrutura periférica da Xunta, a través da adscrición orgánica das delegacións e secretarías territoriais á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Vicepresidencia integra na súa estrutura dous órganos directivos cun evidente cometido interdepartamental como son a Asesoría Xurídica Xeral, responsable da asistencia xurídica da administración autonómica e a Secretaría Xeral de Igualdade, órgano superior que ten como unha das súas principais funcións encargarse de que os principios de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes estean incorporados a todas as normas, políticas, actuacións, plans e estratexias da Xunta. Pola súa banda, intégranse na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaría Xeral Técnica (con funcións de secretariado do goberno e de coordinación de servizos transversais), a Dirección Xeral de Xustiza, a Dirección Xeral de Administración Local, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ou a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

No ano 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza continuará centrando os seus esforzos en mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas impulsando a igualdade entre mulleres e homes, contribuíndo a unha xustiza máis eficiente e próxima á cidadanía, atendendo ás demandas das entidades locais, procurando a mellora constante na atención ás emerxencias no territorio galego, dirixindo a acción exterior da Comunidade Autónoma cun esforzo renovado a prol da cooperación ao desenvolvemento e achegando unha administración cada vez máis eficiente á cidadanía.

A aprobación e impulso do I Plan de conciliación e corresponsabilidade e a continuación das actuacións previstas no I Plan de educación en igualdade constituirán medidas clave no que atinxe á promoción da igualdade entre mulleres e homes na Comunidade Autónoma. Ambas reflíctense, entre moitas outras, no VII Plan de igualdade entre mulleres e homes 2017-2020, que tamén recolle actuacións contra a máxima expresión da desigualdade, a violencia de xénero.

A prevención e tratamento da violencia de xénero en Galicia recibirá un importante impulso orzamentario ao longo de 2019. As achegas ás Comunidades Autónomas no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (polo momento, orzáméntanse 8 millóns de euros para Galicia), xunto cun novo esforzo orzamentario da propia administración autonómica (preto de 700.000 euros), permitirán a implantación de novas medidas como a constitución dunha “quenda de oficio” de atención psicolóxica ás vítimas, a implantación dun programa integral de atención aos e ás menores de 25 anos orfos e orfas pola violencia de xénero ou o reforzo das medidas de acceso á vivenda e á inserción laboral das vítimas. Todo isto ao tempo que se volven incrementar as axudas periódicas para favorecer a independencia económica das mulleres vítimas desta lacra (nun 33%, ata os 4 millóns de euros) e se mantén en plena actividade a rede de recursos de atención integral dispoñible, con profesionais cada vez máis formados ao abeiro do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e cun Protocolo de coordinación institucional cada vez máis difundido.

No ámbito xudicial, 2019 será o ano de remate da construción do novo edificio xudicial de Pontevedra, así como da reforma do antigo centro de saúde de Tui para dotar dunha sede única aos xulgados da vila, de avances destacados nas obras da Cidade da Xustiza de Vigo e de execución doutras obras de mellora da eficiencia enerxética en edificios xudiciais (TSXG, Audiencia Provincial de Lugo e de Pontevedra, Xulgados de Santiago, da Estrada e de Chantada, entre outros), así como da posta en marcha dun plan plurianual de renovación do equipamento mobiliario dos arquivos e oficinas xudiciais. A renovación estruturarase entre os anos 2018 e 2021 e suporá un investimento de case 5 millóns de euros, contemplando tanto a dotación de mobiliario ás dependencias xudiciais (mesas, armarios, cadeiras de oficina, confidentes) como a instalación de armarios rodantes.

Ademais, o Goberno galego iniciará a implantación dos servizos procesuais comúns da Nova Oficina Xudicial tras a situación excepcional xerada nos xulgados pola folga na Administración de xustiza. Unha situación que está a atallar seguindo a planificación conxunta con Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma, secretarios coordinadores, representantes da avogacía e procuradoría e coas organizacións sindicais asinantes do acordo, e que afronta xa a súa segunda fase.

Así mesmo, manterase o apoio á prestación do servizo da xustiza gratuíta, consolidando o incremento da partida para mellorar os baremos de retribución dos e das profesionais da avogacía e procuradoría e continuarase promovendo a mediación nos diferentes ámbitos e impulsando a modernización tecnolóxica na actividade cotiá dos xulgados galegos.

Por outra banda, o apoio aos concellos para que poidan prestar os mellores servizos de proximidade á cidadanía continuará sendo unha prioridade para este departamento en 2019. Así, o Goberno galego manterá un foco especial no seguimento do desenvolvemento dos acordos acadados pola Comisión Galega de Cooperación Local, reactivada no ano 2017, onde estas entidades trasladaron algunhas das súas prioridades inmediatas. Do mesmo xeito, atenderanse neste

ano outras necesidades manifestadas polos concellos, como é a da carencia de persoal habilitado nacional, que se paliará facilitando a selección e o nomeamento de persoal interino e tralo éxito da convocatoria realizada no ano 2018, a Dirección Xeral de Administración Local continuará traballando na cobertura dos postos vacantes. En paralelo, o Goberno galego seguirá apoiando a dinamización da vida local dos concellos a través da consolidación da liña de apoio económico ás asociacións veciñais.

O diálogo cos propios concellos e as deputacións provinciais como institucións titulares da competencia, será fundamental para abordar ao longo do vindeiro ano a mellora continua da atención ás emerxencias e a seguridade na Comunidade Autónoma, sobre a base do sólido mapa de recursos desenvolvido nos últimos anos. Neste ámbito, avánzanse importantes novidades, de acordo cos compromisos acadados no Grupo de Traballo dependente da Comisión Galega de Protección Civil, co obxectivo de completar o mapa de emerxencias coa comarcalización de parques de bombeiros e a creación de novos servizos para cubrir zonas de sombra, e concretar no seu caso o cambio no modelo de xestión dos Consorcios Provinciais polo que avogan determinadas Deputacións Provinciais, sempre que por parte desas Deputacións se definan e concreten as consecuencias tanto xurídicas como económicas e iso non supoña un incremento nos custos de xestión ou o despedimento de traballadores.

Están pendentes os informes sobre a viabilidade do cambio de modelo que deberán concluír as Comisións creadas a tal efecto nos Consorcios provinciais, agás no de Pontevedra onde a Deputación non deu pasos nesta dirección.

Do mesmo xeito, logo de que o Grupo de Traballo polas Emerxencias, antes sinalado, aprobase iniciar os necesarios procesos para a comarcalización dos parques municipais de bombeiros das grandes cidades galegas, e de ter chegado xa a acordos previos con Santiago de Compostela e Ourense, ademais de Ferrol cuxa comarcalización xa comezara no ano 2013, a Xunta de Galicia seguirá traballando xunto coas Deputacións e a FEGAMP, para que en 2019 sexa realidade a comarcalización dos parques de bombeiros municipais das grandes cidades, unha iniciativa necesaria para mellorar as isócronas de atención ás emerxencias, así como a eficiencia e eficacia dos servizos contra incendios e de salvamento.

No ámbito da seguridade cómpre destacar que realizouse por primeira en Galicia o primeiro proceso unitario selectivo de policía local e o primeiro proceso unitario de auxiliares de policía local, centralizados ambos na Academia Galega de Seguridade Pública.

En pouco mais de oito meses de vixencia do Decreto 115/2017, do 17 de novembro (a setembro de 2018), xa tiñan asinado convenio para delegar na Agasp un 40% dos concellos de Galicia con corpo de policía local, e convocáronse preto de 150 prazas entre policía local e auxiliares de policía local.

Durante o ano 2019 consolidarase a realización da centralización na Agasp dos procesos unitarios de selección da policía local e dos auxiliares de policía local de Galicia, así como o aumento do número de Concellos delegantes.

Asemade durante o ano 2019 realizarase a formación da maior promoción da policía local de Galicia con mais de 80 policías para despois incorporarse aos seus concellos.

A acción exterior galega desenvolverase en 2019 no marco de dous novos documentos de referencia axustados á nova lexislación básica; a Estratexia Galega de Acción Exterior e o Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento. Precisamente no eido da cooperación ao desenvolvemento é destacable o esforzo orzamentario que se imprimirá novamente dende o Goberno galego de cara a 2019, incrementando as contías, en consonancia cos compromisos acadados co sector. Así, a dotación do programa orzamentario de cooperación para o desenvolvemento incrementarase nun 11,6%, o que permitirá desenvolver un Plan anual da cooperación galega 2019 no que se incluírán actuacións en todos os ámbitos (cooperación no exterior, acción humanitaria, educación para o desenvolvemento, etc.), destinando máis dun 80% do orzamento operativo de gastos ás convocatorias públicas de axudas a proxectos.

No ámbito europeo participárase activamente nos debates que máis afectan a Galicia, como pode ser o deseño da política de cohesión post-2020, e manterase un foco especial na evolución e impacto da saída do Reino Unido da Unión Europea. Todo isto, ao tempo que Galicia mantén a súa activa e frutífera cooperación transfronteiriza con Portugal, ocupando o Presidente do Goberno galego na actualidade a Presidencia da Euromexión Galicia-Norte de Portugal e efectuándose dende a Administración galega un seguimento exhaustivo do Plan de Investimentos Conxuntos e da concreción dos fondos do POCTEP.

Xa para rematar, no eido da mellora continua da Administración Pública, cabe destacar no ano 2019, a modernización dos espazos de traballo e servizo público. No marco da estratexia global de rehabilitación de inmobles existentes para dotar á administración de infraestruturas melloradas e máis eficientes, destacan en 2019 a finalización da reforma do complexo administrativo de san Caetano, onde se acometerán medidas de eficiencia enerxética cun investimento total de 6,5 millóns de euros, o inicio das obras de reforma interior deste complexo administrativo orzamentadas en 1,09 millóns de euros, e a finalización da rehabilitación do edificio administrativo da rúa Benito Corbal, en Pontevedra, un espazo con usos planificados para a universidade, servizos públicos de emprego e entidades asociativas no que se investirán máis de 4,8 millóns de euros. Ademais, executaranse novas obras de eficiencia enerxética de edificios administrativos (Pontevedra, de Lugo e de Ourense, entre outros). E, ao tempo, reforzarase a formación a estes funcionarios e funcionarias a través da Escola Galega de Administración Pública, que porá unha énfase especial na programación académica dirixida á adquisición de competencias dixitais.

II.1.1. DA VICEPRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

De cara a 2019, a Secretaría Xeral da Igualdade manterá como unha das súas prioridades a extensión da transversalidade de xénero como estratexia eficaz de cara ao avance na consecución da igualdade entre mulleres e homes nas políticas públicas, promovendo a corrección de procedementos e métodos de traballo e impulsando tendencias de cambio social. Non se trata dunha aplicación esporádica de medidas puntuais senón da aplicación de políticas transversais de xénero que supoñan un cambio estrutural e social.

Todo isto dende o convencemento de que a igualdade constitúe un dereito fundamental, así como un requisito irrenunciable para a construción dun modelo social igualitario que aposta pola sustentabilidade social e a calidade de vida.

Así, continuaranse a optimizar todos os recursos e servizos de cara a alcanzar os seguintes obxectivos máis concretos: erradicar a violencia que sofren as mulleres polo feito de selo; integrar plenamente o principio de igualdade de trato e de oportunidades en todas as políticas e accións da Xunta de Galicia, para o que se promoverá a formación en igualdade e loita contra a violencia de xénero de todo o persoal ao servizo da administración xeral da Xunta de Galicia; mellorar a participación e o empoderamento das mulleres en todos os ámbitos; loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual e/ou identidade de xénero; apoiar medidas que fomenten a conciliación e a corresponsabilidade da vida persoal, familiar e laboral, contribuíndo tamén á dinamización demográfica.

No que respecta á prevención e tratamento da violencia de xénero, o Goberno galego volve ampliar de xeito singular o seu compromiso orzamentario.

As achegas económicas ás Comunidades Autónomas para a loita contra esta lacra, anunciadas xa polo anterior Goberno do Estado no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, reflíctense no orzamento da Xunta de Galicia para 2019, acadando os 8 millóns de euros.

Estes recursos deberán investirse no desenvolvemento das medidas contidas neste Pacto, actuacións de amplo consenso, xa que, como exixiron os acordos acadados tanto no Congreso dos Deputados, como no Senado, deberon ser sometidas polo Goberno a acordo coa representación das diferentes administracións territoriais, partidos políticos, Administración de Xustiza, organizacións sindicais e empresariais e asociacións civís.

Cómpre salientar que no desenvolvemento dos traballos das Cortes Xerais, as Comunidades Autónomas foron convidadas a expoñer as súas achegas na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, o 9 de marzo de 2017, nun debate onde Galicia presentou un documento de consenso de todas as forzas políticas con representación no seu Parlamento. Todas as achegas desta Comunidade Autónoma están integradas nos Informes finais que conforman o Pacto.

Neste marco, algunhas das novas medidas que se implantarán ao longo do ano 2019 serán:

- Programa de apoio integral e axudas económicas (indemnización), aos orfos e orfas por causa da violencia machista que carezan de rendas.

Durante os pasados anos (con anterioridade ao seu recoñecemento no ano 2015), Galicia veu defendendo a necesidade de incluír aos menores como vítimas directas da violencia de xénero. Por iso, en todos os programas do Goberno galego incluíronse outros específicos para os e as menores.

Abordarase agora a indemnización económica e un programa de asistencia social, legal, psicolóxica e administrativa para apoiar aos e ás orfos e orfas tralo asasinato da súa nai por violencia de xénero.

- Quenda de garda psicolóxica permanente para as vítimas da violencia de xénero. Procurarase o seu acceso á asistencia psicolóxica desde o momento da denuncia e en adiante durante o proceso xudicial, xa que estes intres son sumamente duros para a muller.
- Reforzo da asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero, mediante a ampliación da asistencia xurídica, psicolóxica, a implantación de novas liñas de apoio directo ao emprego e á contratación de mulleres vítimas da violencia de xénero, así como da promoción do seu acceso á vivenda.

E máis aló destas e doutras medidas que permitirá implementar o orzamento achegado polo Pacto de Estado, a administración autonómica volve incrementar o seu presuposto destinado á loita contra esta lacra. O total consignado para as axudas periódicas incrementase neste novo exercicio nun millón de euros, acadando os 4 millóns de euros ampliables.

O obxecto destas axudas é fundamental para a erradicación da violencia. Trátase de proporcionar apoio económico ás mulleres vítimas para intentar garantirles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor ou da persoa que mantivese sobre elas unha relación de dominación (caso das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual), e intentar axudalas a romper coa situación de violencia, que lles posibilite dar o primeiro paso o consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Ademais, consígnanse os orzamentos para seguir aprofundando noutras novas medidas e nas xa implantadas no ámbito da rede de recursos asistenciais dispoñible en Galicia para as vítimas da violencia de xénero.

- Implantación de programas de prevención da violencia sexual e de atención especializada ás súas vítimas
- Reforzo da rede galega de acollemento, impulsando a posta en funcionamento de novos recursos de acollida para mulleres que sofren violencia machista e ademais presentan outras problemáticas engadidas (toxicomanías ou enfermidade mental).
- Reforzo da colaboración co ámbito educativo para a prevención da violencia de xénero, e promover a súa erradicación, consolidando e impulsando a liña de traballo relativa a

abordaxe da violencia de xénero no ámbito educativo, aberta no marco do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, xerando novas ferramentas e análises.

- Impulso e difusión do Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á Violencia de Xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado definitivamente polo Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero en marzo de xullo de 2018.
- Implantación progresiva do decreto que regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero de todo o persoal ao servizo da administración da Comunidade Autónoma, o que permitirá fortalecer o coñecemento da violencia machista e mellorar o tratamento das vítimas.
- Impulso e apoio ás oficinas xudiciais de atención ás vítimas da violencia de xénero en Galicia, coa formación das e dos profesionais que nelas prestan apoio e asistencia psicolóxica ás vítimas, en coordinación coa DX Xustiza.
- Incremento das actividades formativas específicas destinadas a diferentes colectivos profesionais relacionados co tratamento da violencia de xénero e/ou coa trata de seres humanos (policiais, sanitarios, sociais etc.), buscando a coordinación con todas as instancias implicadas na loita fronte á violencia machista.
- Apoio socio-laboral ás vítimas da violencia machista, continuando coa implantación dun programa específico de inserción laboral, por considerar a súa integración no mercado laboral como un elemento clave para unha recuperación integral, e que este programa apoia mediante itinerarios de inserción, formación, acompañamento na busca de emprego e intermediación con empresas.
- Impulso de accións e actividades de apoio e atención ás mulleres que son vítimas de trata, fundamentalmente con fins de explotación sexual, para proporcionarles o asesoramento e atención que precisan. Reforzaranse as pautas de actuación para a detección, identificación, asistencia e protección destas mulleres, favorecendo a coordinación das institucións implicadas na súa atención e impulsarse o apoio e a cooperación da administración autonómica coas organizacións e entidades con experiencia acreditada en Galicia na asistencia a estas vítimas.
- Reforzo e ampliación do programa de atención psicolóxica especializada para as mulleres vítimas de violencia de xénero e para os seus fillos e fillas, o que permitirá desenvolver dun xeito máis eficaz estas actuacións e mellorar os recursos terapéuticos que son fundamentais para abrir vías de recuperación tanto para as mulleres vítimas de violencia de xénero, como para os menores e persoas do seu ámbito familiar que vivan ou padezan esta situación.
- Consolidación do proxecto de intervención do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero, establecendo novas liñas de traballo e grupos de autoaxuda. Fortalecerase ademais o seu papel como centro coordinador da Rede Galega de Acollemento, con novas ferramentas de xestión, para continuar no proceso de mellora da coordinación.

Por outra banda, no que se refire ao ámbito concreto da promoción da igualdade, no ano 2019 incidirase nos seguintes aspectos:

- Execución e seguimento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021.

Constitúe un programa de máis de cen medidas que contan cun orzamento de 848.755.030 millóns de euros para o seu desenvolvemento.

Estrutúrase en cinco áreas estratéxicas de actuación nas que o Goberno galego está a traballar para avanzar na conciliación corresponsable:

- A primeira delas, co título de “Xerando conciencia e coñecemento”, ten como obxectivo sensibilizar a sociedade e contribuír ao coñecemento en materia de conciliación e corresponsabilidade.
- A segunda, “Coeducando para unha sociedade corresponsable” ten por finalidade traballar mediante unha programación educativa dirixida á eliminación dos estereotipos de xénero que perpetúan a división sexual do traballo e unha distribución asimétrica das tarefas do fogar e os coidados, implicando a toda a comunidade educativa, persoal docente e familias, no fomento da corresponsabilidade.
- A terceira área estratéxica “Artellando unha nova cultura dos tempos”, pretende potenciar un cambio cultural xeral no uso dos tempos e na racionalización horaria, coa implicación de distintos actores sociais.
- A través da área estratéxica catro “Reforzando o compromiso das organizacións cunha conciliación corresponsable”, trátase de consolidar esforzos xa iniciados e estender os cambios positivos acontecidos en materia de conciliación da vida laboral e privada desde a perspectiva da acción das distintas organizacións, principalmente administracións públicas e empresas.
- Por último, a quinta área estratéxica “Fortalecendo os recursos de apoio”, ten por obxecto a provisión de recursos de apoio e medidas económicas de soporte e compensación que permitan que mulleres e homes poidan levar a cabo o proxecto familiar que desexen e facer compatible a actividade laboral co coidado das persoas.

No ano 2019 comezase o seguimento do Plan que se realizará pola Secretaría Xeral da Igualdade en coordinación coas consellerías, a través de indicadores de execución orzamentaria, de indicadores de produtividade e de indicadores de resultados e coa información sobre o desenvolvemento das medidas que achegarán as Consellerías e se plasmará nun informe de seguimento anual.

- Desenvolvemento de actuacións no ámbito da coeducación así como actividades formativas, de sensibilización e concienciación a prol da igualdade e contra a violencia de xénero, dirixidas especificamente á comunidade educativa (alumnado, profesorado e persoal de orientación dos centros), no marco do I Plan Galego de Educación en Igualdade.

Entre os fitos máis destacados no tempo de vixencia do Plan atópase a creación de 2 materias de libre configuración autonómica no ámbito da Igualdade: “Igualdade de Xé-

nero” no curso 2016-2017, que permitiu dar o primeiro paso para a abordaxe dunha estratexia coeducativa nos centros, e a aprobación en xuño de 2018 do currículo da materia de libre configuración para 1º de Bacharelato da materia “Coeducación para o Século XXI”.

- Implantación progresiva do DECRETO 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o que permitirá fortalecer a presenza transversal da perspectiva de xénero nos diferentes niveis da administración, ao mesmo tempo que se desenvolven accións formativas específicas con diferentes colectivos co fin de sensibilizar arredor das desigualdades de xénero e o xeito de superalas.
- Colaboración e coordinación coas distintas administracións públicas e, en especial, coas entidades locais de Galicia para a promoción de programas de igualdade, especialmente no ámbito do fomento da conciliación e a corresponsabilidade, da prevención e loita contra a violencia de xénero, así como da atención e asesoramento a mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Desenvolvemento de programas dirixidos a fomentar o emprendemento das mulleres e o autoemprego feminino, favorecendo o acceso das mulleres a sectores economicamente viables, ofrecéndolles apoio, acompañamento e orientación específica durante todo o proceso emprendedor.
- Apoio á participación social das mulleres e ao seu movemento asociativo, que atopa unha canle institucionalizada de diálogo coas administracións no Consello Galego das Mulleres. Incidirase sobre todo na importancia deste tecido asociativo no medio rural, onde supón un soporte fundamental para asentar poboación, evitar a masculinización e o envellecemento do medio rural e impulsar a diversificación económica.
- No marco do Consello Galego das Mulleres, promoverase a realización de estudos e investigacións de temática específica para abordar a situación da igualdade en distintos ámbitos. No eido da Comisión de coeducación traballarase na difusión, divulgación e implantación das actividades de coeducación que se recollerán na “Guía de coeducación” que se está a elaborar.

Tamén darase impulso ao seguimento e avaliación dos plans estratéxicos en materia de igualdade, no seo da Comisión creada ao efecto neste ano 2018.

- Promoción da igualdade coa colaboración das entidades de iniciativa social e asociacións de mulleres para a plena incorporación das mulleres en situación de vulnerabilidade que sofren unha dobre discriminación, e mediante actuacións de difusión, divulgación, formación e participación para toda a cidadanía, especialmente para a mocidade e a infancia.

Por último, desde a Secretaría Xeral de Igualdade, e desde a Xunta de Galicia no seu conxunto, continuarase velando tamén pola igualdade de oportunidades e dereitos das persoas LGTBI.

En 2019 este labor exercerase da man do Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, onde se atoparán representadas, ademais da administración autonómica, os colectivos LGTBI, a administración estatal, as entidades locais, o Consello Galego de Relacións Laborais, as universidades, as centrais sindicais e as organizacións patronais.

Entre as funcións deste organismo estarán: analizar os principais problemas para o recoñecemento, restablecemento e garantía dos dereitos das persoas LGTBI; realizar propostas e recomendacións en materia de normas e políticas públicas; manter unha comunicación permanente coas instancias públicas e privadas; seguir a evolución da normalización da situación do colectivo LGTBI; e, por suposto, denunciar situacións de discriminación.

Esta iniciativa constitúe un paso máis no desenvolvemento da pioneira Lei 2/2014, do 14 de abril pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e intersexuais, no marco da cal, entre outras medidas, continuarase a colaboración coas asociacións que levan a cabo proxectos específicos dirixidos ao colectivo LGTBI, apoiando as accións, programas e campañas que desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTBI.

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Os obxectivos e liñas de acción deste centro directivo son as definidas na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público. Así, en esencia: a defensa máis efectiva da administración autonómica e do seu sector público ante os órganos xurisdiccionais; a emisión de todo tipo de informes en dereito; o estudo e informe dos distintos proxectos normativos; o asesoramento en asuntos de orde xurisdiccional constitucional; o seguimento de normativa comunitaria e a prestación de asesoramento xurídico en materia de dereito comunitario europeo.

Coa aprobación da devandita lei reguladora dos servizos xurídicos do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica Xeral afronta un proceso de importante reorganización, procedendo a establecer unha nova mecánica de traballo e de reparto de funcións.

Para o ano 2019 continúaase, polo que respecta ao sector público autonómico, intensificando a aplicación do principio de autoprovisión deseñado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e que supón a asunción, con carácter xeral, por parte do corpo letrado da Xunta de Galicia das funcións de asesoramento xurídico e defensa en xuízo dos entes da administración paralela. Naqueles casos excepcionais nos que isto non sexa posible e se recorra a un contrato externo, a Asesoría Xurídica Xeral conserva o poder de supervisar a execución do dito contrato e de coordinar a súa actuación para que se suxeite á unidade de doutrina legal dentro do sector público autonómico.

Deste xeito, refórzase o control legal para que todo o sector público estea suxeito ao mesmo grao de supervisión e control legal, o que debe traducirse nunha mellora da súa actuación e, en consecuencia, nun incremento substantivo da calidade xurídica da súa actividade.

Asemade, este control transversal permite tamén procurar o seguimento dos modelos de colaboración entre entes do sector público autonómico previstos na guía da colaboración horizontal, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, que facilita aos órganos da Xunta a subscripción de encomendas de xestión e acordos de colaboración que permitan poñer en práctica o principio de autoprovisión inserido na devandita lei de racionalización.

Tamén se pretende, neste ano 2019, ao igual que no ano 2018, seguir reforzando a coordinación dos servizos consultivos e contenciosos nas diversas áreas, especialmente nas materias de contratación pública e subvencións.

A intervención dos letrados nas distintas fases do procedemento de contratación pública proporciánalles unha posición in mellorable, non só para garantir a legalidade dos procedementos, senón tamén para, a través do asesoramento aos órganos xestores, aproveitar as contratacións públicas para contribuír a obxectivos estratéxicos da comunidade, como poden ser a innovación ou a atención ás necesidades sociais, impulsando os obxectivos da nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP); obxectivos básicos que xa foran en gran medida introducidos pola lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ao ser elaborada de acordo coas directivas europeas obxecto de transposición pola LCSP.

Para desenvolver ese mandato legal, a Xunta de Galicia aprobou, Guías de actuación para o fomento da contratación innovadora, da contratación socialmente responsable e da participación das pequenas e medianas empresas, a través da introdución de cláusulas e condicións específicas nos pregos, ás que se unen as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da Xunta en 2018. Durante o ano 2019 a Asesoría Xurídica ocupárase da actualización e desenvolvemento das indicadas guías.

Será papel do corpo de persoal letrado da Xunta seguir asesorando aos órganos de contratación do sector público autonómico na aplicación dos instrumentos xurídicos recollidos nestas Guías e, en consecuencia, dar concreción a ese carácter estratéxico da contratación pública galega.

En particular, tendo en conta a importancia dos fondos comunitarios previstos para estas atencións, a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia debe seguir potenciando a utilización das modalidades de compra pública innovadora, mantendo o papel acadado por Galicia como unha das comunidades autónomas máis avanzadas neste campo.

Do mesmo xeito, a aplicación das recomendacións da Guía de cláusulas sociais debe garantir que as empresas contratistas do sector público autonómico non só sexan as mellores no concreto proxecto que se lles require, senón que ofrezan tamén un plus de compromiso coa

sociedade a través de boas prácticas sociais no eido das condicións laborais, do fomento da igualdade e do fomento da inclusión das persoas con discapacidade.

Así mesmo, de acordo coa Guía para unha contratación pública aberta a PEMES e empresas incipientes, a Asesoría Xurídica Xeral desempeña un papel importante no deseño dos pregos e expedientes contractuais trasladando orientacións aos órganos de contratación acerca de como aplicar o réxime de contratación pública de forma que se facilite a participación das pequenas e medianas empresas nas licitacións do sector público.

As PEMES considéranse en xeral a espiña dorsal da economía da UE e, por ende da economía galega, e para aproveitar ao máximo o seu potencial de creación de emprego, crecemento e innovación, debe facilitarse o seu acceso aos contratos públicos. A maior participación das PEMES nas compras públicas xerará unha competencia máis intensa pola obtención de contratos públicos, o que ofrecerá aos poderes adxudicadores unha mellor relación calidade-prezo e unha maior eficiencia do uso dos fondos públicos.

A Asesoría Xurídica Xeral convértese polo tanto en peza clave para seguir velando pola incorporación de medidas e boas prácticas que garantan o acceso das PEMES e empresas incipientes aos procedementos de contratación.

Tamén debe destacarse que segundo a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, a Asesoría Xurídica Xeral debe asistir á administración autonómica na elaboración de modelos de pregos de cláusulas administrativas que contribúan a homoxeneizar a práctica contractual da administración xeral e do seu sector público, co obxectivo de acadar unha maior eficiencia na tramitación dos procedementos de adxudicación en interese de tódolos participantes e facilitar a concorrencia.

Nesta mesma liña, en cumprimento da propia Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica seguirá velando pola aplicación das Directrices de Técnica Normativa, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia, que proporciona as pautas e os criterios técnicos para conseguir unha estrutura e unha redacción homoxéneos nas diferentes disposicións administrativas de carácter xeral, o que facilita a súa aplicación. A aplicación da nova lexislación, que garantirá a presenza da Asesoría Xurídica dende o comezo dos procesos de elaboración normativa, facilitará a consecución destes obxectivos.

Así mesmo, de acordo co artigo 32 da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, relativo á prevención da corrupción:

“A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participará na elaboración dos plans de prevención de riscos de corrupción que se elaboren polo sector público autonómico. En particular, deberá emitir informe sobre a súa adecuación aos requirimentos establecidos no artigo 31 bis do

Código penal con carácter previo á súa remisión ao Consello de Contas de Galicia. Así mesmo, coñecerá dos resultados das avaliacións que este órgano faga sobre os devanditos plans.

Sen prexuízo das funcións dos órganos encargados da supervisión do funcionamento e do cumprimento dos modelos de prevención que se implanten, a Asesoría Xurídica Xeral exercerá a función de control de legalidade nos procedementos de formación da vontade das entidades do sector público que se determinen nos plans indicados, conforme, se é o caso, co que se dispoña nos acordos de asistencia xurídica previstos no artigo 2 desta lei. No marco destas funcións, informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do modelo de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraralos en dereito cando así o soliciten”.

Ademais, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participará na definición e aplicación das medidas impulsadas pola administración autonómica en relación ao protocolo que se asinará co Consello de Contas e que ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional permanente coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia.

En efecto, co obxectivo de eliminar ou minimizar os riscos de corrupción no seo da estrutura orgánica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico, o protocolo prevé as seguintes áreas de actuación, nas que no seo da administración autonómica colaborará a asesoría xurídica:

- a) Promoción de políticas de integridade. Preténdese a propagación dunha cultura da transparencia e comportamento ético nos sectores público e privado, así como na difusión de conceptos esenciais en materia de control interno, administración de riscos e fomento da integridade institucional.
- b) Implantación de instrumentos de prevención de riscos de corrupción. Colaborarase para que tódalas entidades que integran o sector público autonómico establezan políticas de integridade institucional e contén un programa de prevención de riscos de corrupción que estableza esa política de integridade, unha identificación e valoración de riscos, e o establecemento de medidas correctivas para o seu tratamento.

A estes efectos, e sen prexuízo do fomento de plans de prevención individualizados para cada institución, a Administración autonómica implantará progresivamente unha política centralizada de integridade institucional e de prevención da corrupción e impulsará o fortalecemento de sistemas de control interno que produzan un efecto disuasorio de actuacións inadecuadas e a administración e análise de riscos que afecten ao cumprimento de obxectivos da organización.

- c) Avaliación dos sistemas de prevención. Colaborarase coa Sección para a Prevención da Corrupción do Consello de Contas na elaboración dun diagnóstico do estado e situación dos sistemas de control interno e de prevención de riscos de corrupción da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico de acordo coa metodoloxía e cuestionarios propostos polo Consello de Contas.

- d) Colaborarase na implantación e actuacións de acompañamento dos modelos tipo dos plans de prevención de riscos de corrupción que elabore a Sección de Prevención da Corrupción do Consello de Contas para as entidades públicas.
- e) Instrumentos normativos e internos de prevención. No ámbito das respectivas competencias, ambas institucións colaborarán co obxectivo de que a normativa administrativa nas materias máis susceptibles de corrupción conteña uns principios preventivos básicos que poidan ser concretados por cada entidade nos respectivos plans de prevención da corrupción.
- f) Seguimento de recomendacións e avaliación sistemática de plans. Colaborase nesta materia co Consello de Contas.
- g) Formación dos empregados públicos en materia de prevención da corrupción. A asesoría xurídica colaborará en actividades formativas que permitan aos empregados públicos en xeral, e aos das institucións asinantes en particular, a mellora de coñecementos nos ámbitos da ética, a integridade e o control da corrupción.

Para cumprir os obxectivos anteriores e, en calquera caso, para garantir unha asistencia xurídica satisfactoria e de calidade á Administración Autonómica, a Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral persigue seguir atendendo adecuadamente á formación e especialización dos letrados, tanto mediante xornadas internas de formación como a través da organización e participación en seminarios impartidos por profesionais caracterizados pola súa excelencia e coñecemento das materias xurídicas, buscando especialmente a colaboración da EGAP como entidade instrumental da Administración autonómica dedicada á formación das persoas empregadas públicas.

En particular, tendo en conta o incremento de asuntos penais nos que a Administración ten intervención (ademais dos supostos nos que a administración sofre prexuízos directamente, outros casos que afectan aos intereses xerais como os delitos de incendios, contra o medio ambiente ou casos de violencia de xénero), seguirase reforzando a formación en materia penal. Do mesmo modo, seguirase prestando especial atención á formación en dereito laboral así como en cuestións relativas ao principio de autoprovisión da Administración e ao dereito da competencia.

Por último, a Asesoría Xurídica continuará executando a personación da Xunta de Galicia nos casos de asasinato por violencia de xénero nos que se conte coa autorización da familia da vítima. Dende o ano 2013 son un total de 16 os casos nos que se levou a cabo esta personación.

II.1.2. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

A Secretaría Xeral Técnica exerce as competencias e funcións establecidas polo ordenamento xurídico vixente en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a Consellería, correspóndelle en particular a asistencia técnica, apoio e asesoramento á persoa

titular da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; as funcións de réxime interior, os asuntos xerais e o secretariado do Goberno da Xunta de Galicia.

Os obxectivos e liñas fundamentais, dentro do ámbito das competencias da consellería, céntranse no apoio e na coordinación das actividades do resto dos órganos que a integran nos seguintes eidos:

- a) Na elaboración de estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estruturación, planificación, organización, métodos de traballo e de mellora da xestión.
- b) No seguimento e control dos expedientes de contratación, dos convenios e protocolos de colaboración.
- c) Nas obras e proxectos.
- d) E no seguimento e control dos expedientes de subvencións.

Estes últimos anos véñense adoptando un conxunto de medidas que, agrupadas, posibilitan acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada dende o punto de vista da relación cos cidadáns e tamén das empresas.

En 2019 continuaremos avanzando na adopción desas medidas.

En colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza e coas delegacións territoriais, seguiremos modernizando as infraestruturas administrativas e xudiciais, tanto centrais, como periféricas, en atención a criterios de eficiencia enerxética e sostibilidade ambiental, coa finalidade de mellorar as condicións de traballo dos empregados públicos.

Así, no ano 2019 culminarase un ambicioso proxecto, iniciado no ano 2018, de optimización da eficiencia enerxética no Complexo Administrativo de San Caetano, fundamentalmente de rehabilitación da envolvente térmica e da renovación dos sistemas de iluminación por outros máis eficientes, o que suporá un investimento total de 6,5 M€, e que complementará a posta en marcha no ano 2016 da caldeira de biomasa que permite satisfacer unha grande parte das necesidades de calefacción deste Complexo. Ademais acometerase o inicio das obras de reforma interior deste complexo administrativo orzamentadas en 1,09 millóns de euros.

Por outra parte, no ano 2019 finalizarán as obras de rehabilitación do Edificio Administrativo situado na Rúa Benito Corbal de Pontevedra, que estará plenamente operativo ao longo do ano. Con esta rehabilitación mellorarase a eficiencia enerxética e as condicións de funcionalidade deste inmovible, optimizando os recursos sen renunciar a un deseño contemporáneo e identificativo e diversificando os usos con espazos reservados para a Universidade, os servizos públicos de emprego e o tecido asociativo. A execución desta actuación, conleva un orzamento total para a Xunta de Galicia de case 4,8 M€.

Estas obras complementaranse con outras actuacións a executar tanto en edificios administrativos como xudiciais, o que redundará na mellora das condicións de traballo dos empregados

públicos, na optimización enerxética das edificacións, na redución de custos asociados á súa utilización e na protección ambiental, o que terá unha repercusión beneficiosa en toda a cidadanía. Dentro destas actuacións, destacan as obras de mellora da eficiencia enerxética nos edificios administrativos de Pontevedra, de Lugo e de Ourense, ou nos edificios xudiciais do TSXG, Audiencia Provincial de Lugo e de Pontevedra, Xulgados de Santiago, da Estrada e de Chantada, entre outros.

Postos en marcha os servizos de cita previa e o Chave 365, e sendo posible xa a presentación electrónica de solicitudes de información xeral, de información particular, queixas e suxestións, cómpre agora estender a dixitalización ao longo de 2019 ao maior número de oficinas posible, así como reforzar a colaboración cos rexistros oficiais doutras administracións coa finalidade de dar unha mellor prestación do servizo á cidadanía.

Efectivamente, a modernización da Administración autonómica e o cumprimento da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, especialmente no seu artigo 16, fai necesaria a colaboración da Secretaría Xeral Técnica coa AMTEGA para a posta en marcha de novas funcionalidades nas oficinas de rexistro. No ano 2018 ampliouse o número de procedementos a dixitalizar ata 23, cabe destacar os seguintes: os carnés de familia numerosa, a certificación rexistro de parellas de feito, a autorización de máquinas recreativas e de azar, as pensións non contributivas e a xustiza gratuíta, entre outros. A dixitalización destes procedementos conleva a incorporación a esta modalidade a sectores de gran sensibilidade social; durante o ano 2019 avanza duplicando o número de procedementos afectados.

Igualmente e co fin de conseguir a interoperabilidade dos rexistros da Administración autonómica cos doutras Administracións públicas, incorporaranse ao proceso de dixitalización, ademais dos Rexistros dos edificios administrativos das sete grandes cidades, os trinta e nove rexistros con maior carga de traballo, o que suporá que a maior parte da documentación que entre nos rexistros da Xunta de Galicia se dixitalizará e terá unha tramitación absolutamente electrónica e, por tanto, máis áxil.

Tamén se renovarán as oficinas de rexistro dos edificios das sete grandes cidades, facéndoos máis accesibles á cidadanía e permitindo unha proximidade e un trato máis directo co persoal que lles atenda.

Dentro dese esforzo xeral conxunto de modernización e optimización do funcionamento da administración autonómica, coa colaboración, asesoramento e apoio da Asesoría Xurídica Xeral, impulsaremos a aprobación das iniciativas legislativas e regulamentarias previstas no Plan Anual Normativo que se aprobe para 2019 e seguiremos avanzando na introdución de melloras no ámbito da contratación pública.

Por último, continuaranse a desenvolver as funcións propias da dirección do Parque Móbil da Xunta de Galicia; do despacho dos asuntos propios das asociacións, fundacións de interese

galego, colexios profesionais e academias de Galicia; así como as de avaliación, implantación e planificación en materia de prevención de riscos laborais.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

As principais liñas de actuación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de Administración de xustiza e no marco do programa de gasto I31A “Administración de xustiza”, son as seguintes:

- A reorganización da Administración de xustiza mediante o inicio da implantación dos servizos procesuais comúns da Nova Oficina Xudicial, un mecanismo máis flexible e eficiente de xestión dos efectivos baseado en servizos conxuntos que atenden a máis dun xulgado. Tras a situación excepcional xerada nos xulgados pola folga na Administración de xustiza, no ano 2019 darase continuidade aos traballos para iniciar o despregue do modelo na Cidade de Ourense para, de forma progresiva, continuar noutros partidos xudiciais.
- Proseguir co desenvolvemento do plan de actuación de recuperación do traballo por causa das xornadas de folga, elaborado co Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma, secretarios coordinadores, representantes da avogacía e procuradoría e coas organizacións sindicais asinantes do acordo.
- Continuarase coa execución das actuacións recollidas no Plan de Infraestruturas Xudiciais, no referente a actuacións de mantemento, rehabilitación e ampliación de edificios xa existentes.
- No que atinxe ás obras para a posta en marcha de novas infraestruturas, no 2019:
 - Concluída a construción do novo edificio xudicial de Pontevedra, cun investimento total de máis de 21 millóns de euros, estará plenamente operativo ao longo do ano.
 - Logo de finalizarse as obras de demolicións para a adaptación do antigo Hospital Xeral de Vigo, futura Cidade da Xustiza de Vigo (primeira fase), e iniciada en xuño de 2018 a segunda fase da rehabilitación, durante o 2019 continuarán os traballos de acondicionamento desta sede xudicial, de xeito que a súa posta en servizo teña lugar no ano 2020.
 - Iniciada a obra da sede xudicial de Tui coa finalidade de dar unha solución integral as necesidades de espazo xudicial da vila, a través da rehabilitación do antigo centro de saúde da localidade, está previsto que se poña en funcionamento no segundo semestre de 2019, tras un investimento total de case de 2 millóns de euros.

Unha vez que se acadou a práctica totalidade dos investimentos previstos no plan de infraestruturas xudiciais, poñerase en marcha un Plan plurianual de renovación do equipamento mobiliario das oficinas e arquivos xudiciais, que suporá un investimento total de preto de 5 millóns de euros para así poder acadar unha renovación do equipamento dos xulgados, tribunais e fiscalías de Galicia con atención, tamén, á instalación de arqui-

vos “rodantes” que permitan mellorar a capacidade do volume de almacenamento dos expedientes xudiciais.

- Proseguir, trala ralentización producida como consecuencia da folga, os labores de expurgo, que a día de hoxe teñen permitido transferir á Xunta e Expurgo e aos arquivos históricos provinciais máis dun millón de expedientes, así como a retirada de máis de 70 toneladas de pezas de convicción. No ano 2019 continuarase a racionalización dos espazos dedicados a arquivo xudicial, a través principalmente do labor dos arquiteiros e do proceso de expurgo, que se seguirá estendendo nos distintos órganos xudiciais de Galicia e que conta cunha solución informática que permite a xestión do ciclo de vida completo dos documentos xudiciais e expedientes en papel e controla a localización e trazabilidade dos mesmos, así como a localización dun expediente en calquera sede xudicial da comunidade.
- A consolidación do impulso da mediación intraxudicial como mecanismo de solución de conflitos distinto ao proceso xudicial, dando continuidade ao dito recurso en todas as cidades galegas con extensión ao ámbito da mediación penal.
- A asunción do coste da posible posta en funcionamento das novas unidades xudiciais en Galicia que determine a Administración xeral do Estado, como administración competente para a súa creación, sobre a base da proposta acordada en Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- Proseguir coa mellora da Asistencia Xurídica Gratuíta, unha vez que é un feito a consolidación no orzamento das dúas subidas dos anos anteriores para asumir o acordo cos consellos da avogacía e de procuradores de Galicia sobre a modificación e incremento dos conceptos e baremos da indemnización económica que perciben os profesionais da quenda de oficio pola súa actuación, chegando a unha cifra consignada no orzamento de 11.200.000 €.
- A potenciación da Comisión Mixta coa Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, coa aprobación dun protocolo de funcionamento similar ao que xa existe para a Comisión Mixta de coordinación coa Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia, protocolo que permitirá mellorar as canles e o procedemento de interlocución da Administración Autónoma co Tribunal Superior.
- A potenciación de medidas alternativas ao cumprimento de penas de prisión.
- O impulso das medidas dirixidas a aumentar a seguridade nos edificios xudiciais, modernizando as dotacións de vídeo vixilancia dos edificios das cidades e dotando das mesmas aos partidos xudiciais de vilas con 4 e 3 xulgados.
- O mantemento das axudas a corporacións locais para xulgados de paz.
- A continuidade e impulso dos traballos, en colaboración coa AMTEGA e o Ministerio de Xustiza, para a modernización da administración de xustiza a través do uso das novas tecnoloxías e solucións informáticas, avanzando cara á plena implantación do expediente xudicial electrónico, e unha vez dotados todos os partidos xudiciais galegos de aparellos de videoconferencia, proseguirase con máis dotacións desta ferramenta que

se revela fundamental no funcionamento da Administración de xustiza, proseguindo coa dotación das salas de vistas para que estas sexan plenamente dixitais.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Dirección Xeral de Administración Local, no marco e execución das súas competencias, persegue como obxectivos prioritarios:

- A optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía.
- O logro de melloras progresivas na cooperación coas entidades locais.
- O avance en dotacións e servizos prestados aos administrados.
- O fomento e o impulso da incorporación das novas tecnoloxías e da e-Administración ou administración electrónica nas entidades locais, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A colaboración entre a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Dirección Xeral de Administración Local permitiu a posta a disposición dos concellos de Galicia do Portal de Transparencia e a Guía de Transparencia Local de Galicia que se configuran como unha ferramenta para que os concellos podan dar información a cidadanía e o mesmo tempo serve de vía de comunicación permanente a través da rede entre tódolos concellos e a Administración autonómica e por suposto facilítalles o cumprimento das obrigas derivadas da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno do Estado. Durante o exercicio 2019 manteranse permanentemente actualizados ambos instrumentos incorporando as novas obrigas derivadas da lexislación sectorial, asemade realizáranse xomadas de difusión e formación en materia de transparencia dirixidas aos concellos.

- O establecemento, dentro do marco básico estatal, dun réxime normativo propio para a administración local galega, efectuando as adaptacións e propostas, tanto a nivel lexislativo como regulamentario, que reflectan as particularidades e características propias, tanto da nosa comunidade autónoma, como das nosas entidades locais.

Neste eido, no exercicio 2019 elaborárase un novo decreto que regule o exercicio das competencias da nosa comunidade autónoma respecto a os/as funcionarios/as de habilitación con carácter nacional adaptado aos cambios normativos producidos a nivel estatal.

- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución de liñas de subvención destinadas a eles, achegando financiamento máis aló do Fondo de Cooperación Local, que en 2019 volve incrementarse.

En 2019, non só se consolida, senón que se reforza tamén, cun incremento dun 30% con respecto a 2018, que se traduce en 680 mil euros mais, a liña de colaboración coas entidades locais galegas destinada ao financiamento da construción e mellora dos seus equipamentos e infraestruturas, coa finalidade de continuar contribuíndo a que poidan

dispor duns espazos dignos e adecuados para a prestación dos servizos que teñen encomendados, así como a mellorar o benestar da poboación rural, favorecer o reequilibrio territorial e facilitar a realización de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación. Mais de 29 millóns, en total, destinados a esta liña no período 2009 – 2018. Para o exercicio 2019 incrementábase a dotación orzamentaria nun 30% sobre as cifras do orzamento 2018.

- A colaboración cos concellos galegos no exercicio das súas competencias tamén se evidenciará nas medidas de apoio ás policía locais da nosa comunidade, con especial fincapé no reforzo da seguridade cidadá naqueles concellos con elevado incremento poboacional durante a tempada de verán.
- A necesidade de que as entidades locais afronten o reto de acadar unha suficiente capacidade organizativa e financeira para prestar os servizos públicos da súa competencia, de maneira axeitada e sostible, subxace nas accións que promoverá a Dirección Xeral de Administración Local en apoio ás fórmulas de colaboración e cooperación intermunicipal, que racionalicen servizos e recursos para ofrecer uns mellores servizos á cidadanía, favorecendo na concesión das axudas ás entidades locais que se acollan a estas fórmulas. Tamén se lle dará impulso ao asociacionismo municipal das entidades locais mediante iniciativas que premien accións concretas de colaboración na xestión conxunta de servizos entre agrupacións de concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, no eido das subvencións e do sostemento común dos postos de habilitados no que se fomentará as agrupacións de concellos
- O apoio aos procesos de fusión voluntaria de concellos, tanto a nivel normativo, co establecemento de vantaxes obxectivas para os concellos fusionados, como a nivel orzamentario, a través do fondo especial para fusións.
- A coordinación das políticas da Xunta e as deputacións provinciais, avanzando na concreción do reparto de competencias entre gobernos e especializando a actividade das deputacións na garantía dos servizos locais nos concellos de menor poboación. Isto atopa a súa mellor expresión no obxectivo de estender os servizos de emerxencias ao 100% do territorio galego.
- A relación coas corporacións locais e a elaboración dos programas formativos en materia de Administración local.
- O fomento da formación nas administracións locais de Galicia, potenciando para iso os medios dos que dispón a Administración autonómica, de xeito que se asegure unha oferta formativa racional e axeitada no conxunto das administracións existentes en Galicia.
- A execución das competencias que, con respecto ao funcionariado con habilitación de carácter nacional, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

No 2019, tralo éxito da convocatoria realizada no ano 2018, a Dirección Xeral de Administración Local continuará traballando na cobertura dos postos vacantes reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

- O impulso, en estreita relación coas entidades locais, ao desenvolvemento e materialización das accións previstas no Pacto Local, de modo que se poida acadar a implantación e desenvolvemento das previsións contidas nel. Continuarase na senda iniciada no 2017, ano no que a Comisión Galega de Cooperación Local retomou a súa actividade. A Dirección Xeral de Administración Local realiza un importante labor de seguimento e impulso do cumprimento dos acordos adoptados.
- Os incentivos ás entidades locais que cumpren coa súa obriga anual de rendición de contas. Estas institucións cando son beneficiarias dunha subvención financiada con fondos propios da comunidade autónoma non teñen que xustificar o pagamento material das actuacións subvencionadas con carácter previo ao libramento da subvención, é suficiente a acreditación do recoñecemento da obriga, sen prexuízo de ter que acreditar a efectividade do pagamento da actuación no prazo de sesenta días desde a recepción dos fondos públicos.
- A xestión do Fondo de Compensación Ambiental como ferramenta de reequilibrio territorial e de impulso ao funcionamento dos servizos e á dotación de infraestruturas e realización de investimentos produtivos e xeradores de emprego no ámbito local e no financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia ambiental.
- A elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local e no ámbito das competencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza concrétnanse no Proxecto 0101_GNP_AECT_I_E que ten por obxecto a implantación dunha ferramenta que permita a aplicación das TIC como medio que identifique e poña en valor os recursos transfronteirizos
- No ano 2019, tendo en conta a importante demanda e os resultados acadados polas convocatorias de axudas específicas destinadas as asociacións veciñais de Galicia nos exercicios anteriores, convocaranse novamente axudas destinadas a apoiar ao asociacionismo veciñal, coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade de vida local e dar un impulso efectivo a participación cidadá recoñecendo o labor realizado por estes colectivos en Galicia, incrementado o crédito adicado a esta finalidade en medio millón de euros, é dicir, un incremento do 50% sobre a consignación orzamentaria do ano 2018.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Esta Dirección Xeral seguirá, de cara ao exercicio de 2019 avanzando no proceso de modernización da súa actividade.

No eido das Relacións Parlamentarias, mantén como destacadas liñas de traballo:

- A coordinación e canalización das actividades da Xunta de Galicia na súa relación co Parlamento de Galicia, exercendo como canle de comunicación axeitada entre ambas

as dúas institucións respecto da tramitación das iniciativas que derivan da función de control e impulso ao Goberno.

- O apoio ao Goberno na evacuación da información e documentación interesada, solicitando aos diferentes organismos da Xunta de Galicia e ao Sector Público Autonómico os informes que procedan para dar resposta ás diferentes iniciativas que sexan formuladas no seo da Cámara galega.
- A implementación de melloras no sistema informático de xestión do fluxo do traballo parlamentario.
- A promoción da participación dos diferentes membros do Goberno ante o Parlamento de Galicia.
- O seguimento do cumprimento dos acordos parlamentarios aprobados en sede parlamentaria, así como facer un labor de seguimento da actividade legislativa no Parlamento de Galicia e, especialmente, do desenvolvemento do programa legislativo do Goberno galego, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

No eido das Relacións Institucionais, o labor desta Dirección Xeral centrarase en optimizar tanto as relacións bilaterais da Xunta de Galicia co Goberno de España así como a cooperación horizontal coas demais Comunidades Autónomas, na busca dunhas relacións intensas e fluídas en aras da coordinación e colaboración institucional.

Na busca da mellora das relacións coa Administración Xeral do Estado, tanto dende o punto de vista dos resultados como dende o punto de vista de custo económico:

- O reforzo da regularidade das reunións do Grupo de Traballo, como órgano permanente para a análise e estudo dos conflitos no seo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, sendo convocadas por videoconferencia, e non presenciais, obtendo así un importante aforro en custos de desprazamentos e una maior axilidade e eficiencia nas comunicacións.
- A demanda ao goberno de España da convocatoria dunha Conferencia de Presidentes, tendo en conta o calendario electoral, en cumprimento do compromiso acadado na VI Conferencia de Presidentes celebrada o 17 de xaneiro de 2017 de celebrar anualmente a conferencia, e a solicitar que nela se retomen cuestións que afectan substantivamente a Galicia, como as negociacións encamiñadas a deseñar un novo modelo de financiamento autonómico e local a partir do informe técnico xa realizado polos expertos designados polas distintas administracións autonómicas así como a defender nesas negociacións a postura fixada polos acordos acadados no Parlamento de Galicia no pasado ano.
- A regularidade na convocatoria da Comisión de Seguimento e análise das disposicións normativas estatais e doutras Comunidades Autónomas dende o punto de vista competencial. A finalidade é defender as competencias propias da Comunidade Autónoma de Galicia coa posta en marcha, se procede, dos requirimentos correspondentes nos casos de conflitos de competencias e do procedemento da Comisión Bilateral, co fin de conseguir acordos para a resolución das discrepancias que poidan xurdir entre as partes,

como paso previo a presentación dos posibles recursos de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional.

- A reivindicación da necesaria participación e audiencia da Comunidade Autónoma de Galicia na toma de decisión e na elaboración de disposicións normativas de rango estatal que poidan afectar as súas competencias e á prestación dos seus servizos ou distorsionar a súa planificación económico-orzamentaria.
- A cooperación horizontal coas demais Comunidades Autónomas é outro obxectivo prioritario para esta Dirección Xeral, que continuará na liña de reforzar o seguimento das súas disposicións normativas e tamén potenciar a colaboración a través de convenios e protocolos que permitan compartir servizos e recursos, unificar criterios e aportar eficiencia ao funcionamento do noso modelo territorial e á prestación dos servizos públicos.

Neste ámbito, cómpre sinalar a intensa actividade desenvolvida nos últimos anos, coa materialización de distintos acordos de cooperación con Comunidades Autónomas que comparten intereses e demandas comúns. Así, o 25 de outubro de 2017, tivo lugar o Encontro dos Gobernos de Galicia, Madrid e Castela León, e o 4 de decembro de 2017 o Encontro dos Gobernos de Galicia, Asturias e Castela e León, un marco de traballo compartido en ámbitos capitais como a demanda dun novo modelo de financiación autonómica ou a necesidade de impulsar estratexias de colaboración para abordar o reto demográfico, que se veu ampliado a outras Comunidades Autónomas nos Encontros celebrados o 19 de febreiro de 2018 (Galicia, Asturias, Aragón e Castela e León) e o pasado 10 de setembro de 2018 (Galicia, Asturias, A Rioxá, Aragón, Castela A Mancha e Castela e León).

Por último, dentro do compromiso da Xunta de Galicia coa transparencia, seguirase o funcionamento do Rexistro de Convenios, actualizándoo para facilitar o acceso ao mesmo por parte das persoas interesadas.

No marco do compromiso da Xunta de Galicia colaborarase coa transparencia e as boas prácticas na administración, de conformidade coa Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Outra das liñas principais de actuación deste centro directivo ten como obxectivo seguir afofondando no autogoberno, ben mediante a mellora do sistema competencial co reforzamento das capacidades executivas ou ben pola vía do traspaso de competencias.

Neste marco, seguirase traballando ante o novo Goberno central para conseguir a transferencia da titularidade da AP-9 para a Comunidade Autónoma. En tanto non se acadada este obxectivo, demandarase a continuidade da Comisión sobre a AP-9 creada entre Xunta e Ministerio de Fomento en febreiro do ano pasado como marco estable no que abordar os asuntos de interese para a Comunidade, esixindo a supresión da peaxe de Redondela e as obras de compensación comprometidas para Chapela.

Ademais, seguiranse analizando as materias susceptibles de incrementar o teito competencial, suxeito sempre a avaliación da oportunidade para cada materia xunto coa relativa aos recursos orzamentarios precisos para a súa correspondente asunción.

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dirixe as súas actuacións nos seguintes eidos e liñas de actuación:

1º Protección Civil e Emerxencias: As accións neste campo se centrarán en tres obxectivos estratéxicos, que a súa vez incluírán medidas operativas para o seu cumprimento:

1) Aplicación e desenvolvemento da Lei de emerxencias e consolidación do mapa galego de emerxencias:

A homoxeneización da prestación de salvamento e emerxencias en todo o territorio, mediante a consolidación do mapa de emerxencias de Galicia, tendo en conta o sistema de consorcios provinciais dos servizos de extinción de incendios e salvamento, rematado en febreiro de 2017 coa posta en marcha do parque do Carballiño integrado no Consorcio Provincial de Ourense, e os Grupos de Emerxencia Supramunicipais.

Neste sentido, a Comisión Galega de protección Civil, órgano de cooperación e coordinación interadministrativa, acordou no ano 2017 a creación dun Grupo de Traballo dependente desta Comisión e con representantes das administracións autonómica e locais que acometa entre outras funcións o estudo do actual mapa de emerxencias co obxecto de elaborar propostas consensuadas entre as diferentes administracións que permitan consolidar dito mapa, coas modificacións que procedan, e darlle maior estabilidade e cobertura ao servizo de emerxencias.

Despois de varias reunións, no seo deste Grupo acadouse un acordo unánime sobre un modelo de atención as emerxencias que supere as fronteiras administrativas e conformado polos parques de bombeiros municipais, os parques dos Consorcios provinciais de Extinción de Incendios e Salvamento e os GES.

Acordouse tamén dar continuidade á figura dos GES, ampliando os existentes para mellorar a cobertura de xeito que practicamente toda a poboación e territorio de Galicia teñan un servizo dilixente de atención ás emerxencias. A estes efectos, recóllense no orzamento da Xunta de Galicia para 2019 as partidas necesarias na parte que corresponde ao Goberno galego para incrementar en 8 os servizos de emerxencias e mellorar os existentes, sempre en colaboración imprescindible coa FEGAMP e, especialmente, as Deputacións provinciais, que terán que implicarse economicamente para a prestación destes servizos cuxa competencia, cómpre non esquecer, correspóndelles a elas en exclusiva.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia continuará no ano 2019 dotando aos GES e ás Agrupacións de Protección civil con material necesario para o exercicio das súas funcións,

a cuxo efecto se incrementa en máis dun 18% a partida dedicada a infraestruturas e equipamento nos servizos de emerxencias e protección civil.

A potenciación dos consorcios provinciais de extinción de incendios e salvamento, a través das achegas para equipamento e para gastos de funcionamento, que garanten á poboación galega, independentemente do seu lugar de residencia, un servizo permanente e profesional de atención e resposta ás emerxencias.

Neste ámbito, a Xunta de Galicia confía en que por parte das deputacións provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra se concreten definitivamente as implicacións xurídicas e económicas do cambio do modelo de xestión dos Consorcios polo que teñen apostado, de acordo ao comprometido no seu día co Goberno Galego.

Respecto dos consorcios de bombeiros, é intención da Xunta de Galicia acadar o consenso necesario coa deputación da Coruña para pechar os procesos de equiparación salarial do persoal dos distintos consorcios, unha vez que este proceso xa está rematado no Consorcio de Lugo e consensado no de Pontevedra.

Ademais, a Xunta de Galicia consigna no orzamento de 2019 o presuposto para acometer a comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades.

Logo de que o Grupo de Traballo polas Emerxencias aprobase iniciar os necesarios procesos para a comarcalización dos parques municipais de bombeiros das grandes cidades galegas, e de ter chegado xa a acordos previos con Santiago de Compostela e Ourense (ademais de Ferrol cuxa comarcalización xa comezara no ano 2013) a Xunta de Galicia seguirá a traballar xunto coas Deputacións e a FEGAMP, para que en 2019 poida estar operativa a comarcalización dos parques de bombeiros municipais das grandes cidades.

Nestes momentos o inicio dos procesos de comarcalización está pendente da autorización do Goberno central que permita efectuar as contratacións do persoal necesario, mediante a cesión da taxa de reposición entre administracións a través do instrumento normativo procedente, unha posibilidade que xa recoñecera o Ministerio de Facenda a principios deste ano 2018, pero que segue pendente de ratificación co novo Goberno.

A comarcalización constitúe unha das recomendacións do ditame final da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal do Parlamento de Galicia, que a propoñía coa finalidade de reducir os tempos de resposta ás emerxencias nas súas áreas metropolitanas.

Para ambos procesos de equiparación salarial e comarcalización se contemplan para 2019 os necesarios incrementos orzamentarios.

O establecemento dun Plan de intervención dos servizos de emerxencia en todo o territorio galego que garanta a coordinación e colaboración dos distintos servizos que poidan actuar nas emerxencias. Así, se pretende identificar as funcións de cada colectivo, reforzando as Asociacións e Voluntarios de Protección Civil e os Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES), para convertilos en auténticos colaboradores nas incidencias ou emerxencias de menor calado, nunha primeira intervención máis próxima e inmediata ao cidadán, e tamén nos incendios forestais de ámbito periurbano e rural para os que foran requiridos.

A ampliación da dotación de medios e recursos naquelas Asociacións de Voluntarios de Protección Civil e zonas nas que aínda houbese necesidades pendentes. Esta actuación virá complementar o amplo proceso de renovación e mellora do equipamento que se levou a cabo nos últimos catro anos e que achegou ás Asociacións equipamento (129 todoterreos pick up, 131 remolques de emerxencias, 48 furgóns, 45 espaxadores de sal, 40 embarcacións ou 212 equipos de protección individual contra a vespa velutina, entre outros) por valor de máis de 9 millóns de euros.

A impartición de programas de formación homoxéneos para os profesionais das emerxencias de Galicia e potenciación da formación dos voluntarios que complementen de forma coordinada os medios de intervención na nosa comunidade.

A sinatura de convenios de colaboración con entidades, organismos e colectivos con interese na súa integración no sistema de xestión de emerxencias de Galicia.

2) Planificación:

- A modificación e actualización dos plans existentes para adaptalos á Lei de emerxencias e á estrutura prevista dos sistemas de atención ás emerxencias, incluíndo os mapas de riscos correspondentes. Unha vez renovados no ano 2013 o Plan Especial de Protección Civil por Accidentes en Transporte de Mercadorías Perigosas (cuxa primeira versión databa do ano 2000) e no 2015 o Plan Especial de Protección Civil ante Incendios Forestais (datado no 2001), actualizado e revisado no ano 2016 o Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións (INUNGAL), conforme aos criterios dos Plans de xestión do risco de Inundacións, iniciouse a revisión e actualización do PLATERGA, Plan Territorial de Emerxencias de Galicia. No ano 2019 continuarase coa revisión deste Plan para adaptalo ao novo mapa de emerxencias que se consensúe entre as diferentes administracións.
- A elaboración de novos plans de emerxencia para actividades novas ou que requiren plans de emerxencia de nova redacción.
- A implantación dos plans de emerxencia renovados e dos plans de emerxencia novos, competencia desta dirección xeral, en particular o Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións (INUNGAL), o Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Incendios Forestais e os diferentes Plans de emerxencia exterior ante o risco químico. Así mesmo se fomentará o coñecemento na poboación das medidas de autoprotección a adoptar, a través da elaboración e edición de ferramentas divulgativas e das Campañas de Información á poboación dos Plans de Emerxencia.
- O fomento da colaboración e coñecemento dos procedementos de traballo entre os servizos que compoñen os grupos operativos, recollidos nos diferentes plans, por medio do impulso de exercicios conxuntos e simulacros de activación dos plans de emerxencia.

- O desenvolvemento, actualización e impulso do rexistro dos plans de autoprotección en Galicia, con especial significación na autoprotección escolar.
- O apoio á Comisión Galega de Protección Civil para a revisión dos plans de emerxencia, especialmente dos plans de emerxencia municipal (PEMU), así como a convocatoria e coordinación dos grupos de traballo que se creen no seno de dita comisión, con especial dedicación ao Grupo de Traballo para revisar tecnicamente e identificar liñas de traballo das diferentes administracións, para mellorar a atención as emerxencias en Galicia.
- O favorecemento das Asociacións de Voluntarios de Protección Civil mediante agrupacións de concellos e, en especial o fomento da participación das AVPC en programas específicos, como a atención as incidencias que poidan ocorrer nos camiños de Santiago. No ano 2017 asináronse convenios coas AVPC do camiño francés, que no ano 2018 se estenderon tamén ao camiño portugués e no 2019 se ampliarán a outras rutas, co obxectivo de garantir a seguridade dos peregrinos e peregrinas.
- O fomento do voluntariado de protección civil. Tanto potenciando a súa formación, como realizando campañas de promoción entre a cidadanía, con especial atención á poboación en idade escolar así como a xente maior que pode atopar nas AVPC unha oportunidade para un envellecemento activo participando en actividades da Agrupación e transmitindo coñecementos, experiencias e valores aos mais novos.

3) Coordinación e colaboración transfronteiriza en emerxencias: (AXEGA)

O impulso do papel do novo Centro Integrado de Atención ás Emerxencias I12 Galicia (CIAE I12-Galicia), ubicado na Estrada, como elemento catalizador para a paulatina “integración operativa” dos distintos servizos básicos de atención ás emerxencias: sector seguridade, sector sanitario, sector asistencial, sector contraincendios e salvamento, sector medioambiental e sector protección civil, para así acadar unha xestión e coordinación “integral” e “integrada” das emerxencias. “Integral” para que aborde tódolos campos posibles da emerxencia, e “integrada”, para que os distintos axentes dos servizos de intervención traballen de forma conxunta, coordinada compartindo información en tempo real.

Así, neste senso, no exercicio 2018 tivo lugar a incorporación ao CIAE I12 de persoal da Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA) así como da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, actualmente integrados no centro.

Atópase en tramitación, pendente de sinatura por parte do Ministerio do Interior, o convenio para a integración da Garda Civil.

A consolidación da colaboración na atención das emerxencias producidas en zonas fronteirizas comúns con Portugal, Castela-León e o Principado de Asturias.

Tras o éxito acadado polo proxecto ARIEM I I 2, recoñecido como mellor proxecto europeo de Cooperación Internacional en materia de Emerxencias pola Asociación Europea do Número Único de Emerxencias (EENA), consígnase no orzamento da Axencia Galega de Emerxencias o importe correspondente á anualidade 2019 para o proxecto “ARIEM +”, encadrado no INTERREG V España – Portugal (POCTEP) 2014-2020, do cal a AXEGA é o beneficiario principal.

Entre os obxectivos do proxecto ARIEM PLUS atópase a prevención e xestión transrexional de riscos naturais e da actividade humana, así como medidas dirixidas á adaptación ao cambio climático, en Galicia, Norte e Centro de Portugal e Castela-León.

No ano 2019 está previsto o desenvolvemento de actividades dentro do proxecto ARIEM PLUS encamiñadas a mellorar a xestión e coordinación in situ das emerxencias na zona transfronteiriza e a identificar e delimitar os riscos existentes mediante estudos que permitan trazar un mapa de riscos da zona ARIEM e a elaboración dun Plan Territorial de Emerxencias Transfronteirizas.

O orzamento establecido para o proxecto ARIEM PLUS permitirá desenvolver, entre outras, actividades formativas, de estudo e planificación, así como a adquisición de material e equipamento de emerxencias preciso para atender as situacións de risco detectadas.

2º Seguridade e Policía.

1) No ámbito dos Corpos de Policía local:

- Rematar o desenvolvemento normativo derivado da modificación da lei 4/2007, recollendo e solucionando todas aquelas cuestións máis conflitivas, favorecendo deste xeito tanto aos concellos como ao persoal policial.
- Consensuar coa representación da FEGAMP e dos sindicatos, un marco para establecer convenios e protocolos de colaboración intermunicipal en materia de policía local.
- Avaliar, no marco do Grupo de Traballo creado na Comisión de Coordinación, a posibilidade de establecer protocolos de traballo e ferramentas de coordinación, que permitan unha xestión homoxénea e áxil na operativa dos corpos de policía local
- Reestruturar a aplicación do Rexistro de Policía locais, dotándoo de máis operatividade e funcionalidade, para adaptalo ás necesidades actuais.

2) No ámbito da Unidade de Policía Adscrita (UPA):

- Promover o aumento dos medios humanos da Unidade da Policía Nacional Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, mantendo a reclamación ante o Ministerio do Interior da cobertura de vacantes na UPA, que permita retomar aos niveis de persoal do ano 2013, tendo en conta ademais que a UPA ten asumido novas

competencias, entre elas moi especialmente a protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.

- Continuar coa renovación de vehículos e medios técnicos necesarios para unha mellor prestación do servizo policial e un óptimo desenvolvemento das funcións propias da Unidade da Policía Nacional Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente nos eidos da seguridade e protección de persoas, órganos, edificios e establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia; a prevención e investigación de incendios; a protección do medio natural e dos recursos mariños; a colaboración en tarefas de rescate e salvamento; e a actuación e colaboración na protección de vítimas de violencia de xénero e nos casos de violencia intrafamiliar e contra menores.
- Fomentar a participación do persoal da UPA na formación específica, dirixida especialmente a aquelas funcións que precisan dunha maior actualización e competencia profesional, respecto de todas as funcións que desenvolve.
- Manter e ampliar os mecanismos de colaboración e coordinación das actuacións da UPA con outros corpos e forzas de Seguridade que desenvolven as súas tarefas na nosa comunidade.

3º Xogo e Espectáculos Públicos.

- En materia de xogo

No que atinxe á actividade de xogo, as previsións para o vindeiro ano continuarán encamiñadas á aprobación dunha nova Lei de xogo, que terá que atender en todo caso ás modificacións contempladas da normativa estatal e que propiciará medidas que faciliten a unidade de mercado para mellorar a competitividade do sector, actualizará os procedementos administrativos e recollerá a necesidades dos distintos sectores e da sociedade no seu conxunto na procura da consecución dunha conciencia xeral do que se entende como xogo responsable. Neste último ámbito, prestarase unha especial atención ás novas formas de xogo en relación aos seus efectos na saúde; como a incidencia da ludopatía, nomeadamente, na mocidade.

Pola súa banda, está prevista a próxima apertura dun Casino en Vigo, logo da modificación normativa realizada, en resposta ás demandas dos sector, para posibilitar a apertura de salas adicionais na mesma provincia na que se atopa xa instalado o Casino principal. Ao longo de 2019, esta unidade directiva, supervisará a súa posta en marcha, de xeito que este proxecto cumpra con todas as garantías para converterse nun factor dinamizador da economía da cidade.

- En materia de espectáculos públicos:

No exercicio 2019 continuarase co desenvolvemento normativo derivado da entrada en vigor da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Ademais do impulso normativo, manterase a coordinación da tramitación dos expedientes en materia de espectáculos públicos entre as xefaturas territoriais.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

O obxectivo prioritario da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea é a promoción da Acción Exterior de Galicia en xeral, especialmente nas relacións coa Unión Europea, nas relacións con Portugal, prioritariamente coa Rexión do Norte, e a Cooperación para o desenvolvemento nos países desfavorecidos mencionados no Plan Director da Cooperación Galega.

Esta promoción da Acción Exterior verase extraordinariamente potenciada no exercicio 2019 grazas ao emprego de dous importantes instrumentos: o decreto regulador da acción exterior de Galicia e a Estratexia Galega de Acción Exterior aprobada polo Consello da Xunta o día 1 de febreiro de 2018. Ambos os dous instrumentos converten a Galicia na primeira Comunidade Autónoma en dotarse do marco normativo e de planificación que lle permitan aproveitar as oportunidades que abre a nova lexislación básica.

Cómpre sinalar en todo caso un dos principais logros acadados no eido da Acción Exterior no que vai de lexislatura: o peso que ten a cooperación transfronteiriza, tanto na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, como, en xeral, nas relacións entre España e Portugal.

No marco da primeira convocatoria de proxectos do POCTEP aprobáronse 45 proxectos con socio galego, cun importe total de 90,2M€, o que supón algo máis do 35% do total aprobado nesa primeira convocatoria, de toda a fronteira entre España e Portugal.

Nos vindeiros meses está previsto resolver a segunda convocatoria do INTERREG V-A POCTEP, na que a Xunta de Galicia espera rematar o éxito acadado na primeira convocatoria, na que se conseguiron máis da terceira parte dos fondos dispoñibles. Nesta segunda convocatoria, a Eurorrexión é a área que mais proxectos presentou: dos 275 proxectos admitidos na segunda convocatoria para toda a área de fronteira, hai un total de 46 proxectos con socios da Xunta de Galicia e un total de 61 proxectos máis con socios galegos. En total, 107 proxectos galegos do total con socio galego na segunda convocatoria. En consecuencia, aínda que non se poden avanzar cifras, as expectativas para esta segunda convocatoria son moi positivas.

As liñas básicas de actuación son as seguintes:

- Seguimento das temáticas de actualidade na Unión Europea, como entre outras, as posibles consecuencias para Galicia das negociacións da saída do Reino Unido da Unión Europea (BREXIT), e o debate sobre o futuro deseño das políticas europeas de cohesión, agricultura e pesca, transporte, I+D+i e inmigración.

- Afianzar unha Eurorexión do coñecemento e da proximidade para que os cidadáns que viven a carón da fronteira se beneficien do feito transfronteirizo.
- Executar o Plan de Acción para a Presidencia da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal do presidente da Xunta de Galicia, que desempeña esta responsabilidade desde o Plenario da Comunidade de Traballo de 15 de maio de 2017.
- Apoiar e potenciar á Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal, que é un instrumento esencial para fomentar as relacións de cooperación con todas as entidades, públicas e privadas, dentro da Eurorexión.
- Facer o seguimento do Plan de Investimentos Conxuntos da Eurorexión Galicia - Norte de Portugal, como elemento fundamental para a execución conxunta dos principais investimentos da Eurorexión no período 2014-2020.
- Executar as competencias da unidade de Coordinación e do organismo intermedio para os fondos comunitarios destinados á cooperación transfronteiriza, (Programa de Cooperación Transfronteriza Interreg V-A España-Portugal 2014-2020), especialmente as de valoración das candidaturas de proxectos presentadas de acordo coas prioridades rexionais, a xestión e control do programa e a validación e verificación dos gastos dos socios baixo a súa dependencia. A Unidade de Coordinación participa como membro no Comité de Seguimento e no de Xestión e co-preside o Comité Territorial.
- Apoiar o desenvolvemento dos obxectivos da Macrorrexión RESOE, que xunto con Galicia, inclúe a Castela e León, Asturias e Cantabria, e as Rexións Norte e Centro de Portugal.
- Apostar polo crecemento e pola creación de emprego en Galicia, como país con identidade propia, potenciando a súa integración económica, social e territorial co resto de rexións europeas.
- Impulsar a participación de Galicia no ampliado Plan de Inversión Europeo -Plan Juncker- coa finalidade de contribuír a que o financiamento chegue á economía real e a facilitar o acceso ao investimento para as pequenas e medianas empresas.
- Participar nos debates sobre o próximo Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 e sobre o futuro de Europa, co obxectivo da defensa dos fins e intereses de Galicia.
- Apoiar o programa de traballo da Comisión Europea e consolidar a participación de Galicia no Comité das Rexións para dar a coñecer e defender os intereses galegos no tramado de toma de decisións comunitario.
- Achegar a Comunidade Autónoma de Galicia, no contexto de Rexión Europea, como país con identidade propia, apostando por unha maior integración e por unha “máis e mellor Europa”.
- Coordinar actuacións con outros territorios que teñan intereses e obxectivos comúns dentro do marco das organizacións rexionais europeas (CRPM, Comisión Arco Atlántico, ARFE), para permitir a elaboración de estratexias conxuntas e o seu desenvolvemento.

- Concertar a representación de Galicia nos órganos comunitarios abertos á participación autonómica e participar nos mecanismos de diálogo existentes entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas nos asuntos europeos, como son os órganos da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE)
- Impulsar unha resposta coordinada da UE aos retos derivados do cambio demográfico e a súa consideración como cuestión transversal que afecta a distintas políticas sectoriais da UE.
- Apoiar todas aquelas actuacións da Fundación Galicia Europa que contribúan a divulgar as políticas comunitarias en Galicia, e a que as institucións comunitarias coñezan de primeira man as peculiaridades e a casuística da rexión galega.
- Promover sinerxías entre a Fundación Galicia Europa e outras entidades públicas e privadas galegas para o fomento da investigación e innovación e para promover o crecemento sustentable e a cohesión social e territorial de Galicia.
- Executar a Estratexia Galega de Acción Exterior, consensuada cos principais actores, atendendo aos seus valores e intereses.
- Potenciar e difundir unha imaxe integral de Galicia no exterior, facendo fincapé nunha "especialización intelixente".
- Reforzar as actuacións das Delegacións da Xunta de Galicia no exterior, racionalizando e simplificando os procesos de actuación.
- Dar cumprimento a Lei 3/2003, do 19 de xuño de cooperación para o desenvolvemento e ao Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- Seguir a dar cumprimento ao IV Plan director da cooperación galega (2018-2021), elaborando e executando un Plan anual da cooperación galega para o 2019 no que se contemplan actuacións en todas as liñas estratéxicas do Plan director.
- Promover á consecución da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible das Nacións Unidas.
- Conseguir unha maior eficacia da axuda desembolsada no ámbito da cooperación para o desenvolvemento.
- Garantir a participación da Xunta de Galicia en proxectos de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, que se verá reforzada financeiramente polo incremento dun 11,6% do orzamento do programa 331A, en consonancia cos compromisos acadados co sector.
- Seguir apostando polas convocatorias públicas de axudas en réxime de concorrencia competitiva como principal instrumento para a xestión dos fondos destinados a cooperación, destinando ao conxunto das mesmas máis dun 80% do orzamento operativo de gastos.
- Apoiar a profesionalización do sector da cooperación para o desenvolvemento en Galicia.
- Fomentar a Educación para o Desenvolvemento da cidadanía galega.

DIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA

Unha Administración de maior calidade debe de impulsar actuacións orientadas ao logro da eficacia no seu funcionamento, a eficiencia na asignación de recursos, ao impulso da transparencia e á axilización de procedementos administrativos; a potenciar o acceso electrónico aos servizos públicos e a garantir o coñecemento dos dereitos das persoas usuarias e, en definitiva, ao establecemento dos mecanismos necesarios para a mellora continua dos servizos públicos incrementando así o grao de satisfacción da cidadanía.

Neste marco, os obxectivos e liñas de acción da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, ademais de dar continuidade a actuacións e proxectos xa iniciados en exercicios anteriores, son os que se indican a continuación:

- Velar, supervisar e seguir propoñendo criterios e actuacións normalizadas para o mellor cumprimento das obrigas de publicidade activa e do dereito de acceso da cidadanía á información pública de conformidade coa normativa básica de transparencia e a Lei galega 1/2016 de 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, co obxecto de que Galicia continúe á cabeza das administracións públicas mais transparentes.

En relación co anterior, fomentar e coordinar a posta en marcha das accións que permitan incrementar o nivel da calidade e reutilización da información pública que difunde o sector público autonómico a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto para a súa consolidación como punto de referencia e acceso da cidadanía.

- Garantir o eficiente funcionamento da Oficina de defensa das persoas usuarias dos servizos públicos, en cumprimento da Lei 1/2015, do 1 de abril e do Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia, que ten como obxectivos entre outros, servir de enlace entre a cidadanía e o sector público autonómico, centralizar a tramitación das suxestións e queixas promovendo a participación cidadá e propoñer actuacións de mellora ou accións correctivas das deficiencias que se detecten no seu caso, no funcionamento do sector público autonómico. Así, moitas melloras organizativas tiveron a súa causa nas máis de 1.700 suxestións e queixas tramitadas dende a súa posta en funcionamento, como a axilización e automatización das comunicacións de queixas no agro galego, os avisos de retirada de niños de vespa velutina, as melloras dos protocolos na xestión de citas das solicitudes de dependencia e discapacidade ou na sinalización dos edificios administrativos, entre outras.

Dentro do compromiso co incremento da participación cidadá e da eficiencia na xestión pública, garantir a dispoñibilidade de todos os canles de presentación de suxestións e queixas previstas no decreto de atención á cidadanía poñendo especial atención na modalidade de recepción telefónica dirixido especialmente a facilitar a accesibilidade ás persoas con discapacidade visual.

- Afondar nas técnicas, metodoloxías e sistemáticas que permitan a implantación de sistemas de xestión de calidade no sector público autonómico, o establecemento de

estándares de calidade na prestación dos servizos públicos e a avaliación das demandas cidadás a través da realización de estudos sobre o seu grao de satisfacción. Para iso continuarase co desenvolvemento da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración a través, entre outras medidas, dos Plans plurianuais de mellora da calidade.

- Impulsar, asesorar e apoiar aos órganos, servizos e unidades na elaboración e actualización das súas cartas de servizo, en especial, no relativo ao establecemento de indicadores e estándares de calidade, emitindo informe con carácter previo á súa aprobación pola consellería ou entidade instrumental respectiva.
- Avaliar a experiencia piloto de análise de cargas de traballo finalizada no ano 2018 na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e pór en práctica as melloras e recomendacións obtidas do método, con carácter previo a súa extensión as restantes unidades administrativas.
- Unha vez rematado o Plan de Axilización Administrativa (Plan Achea 2014-2016), no que máis de 900 procedementos administrativos foron simplificados e incorporados á sede electrónica da Xunta de Galicia para o seu inicio, favorecendo unas relacións máis áxiles e próximas coa cidadanía, o obxectivo seguinte é acadar unha tramitación electrónica integral no novo contexto da administración dixital, en cumprimento da normativa vixente en materia de procedemento administrativo común.

Un proceso que se está a levar a cabo en colaboración coa AMTEGA e que está a implicar entre outras actuacións a necesidade de normalizar os formatos electrónicos de toda a documentación administrativa, determinar os mecanismos e os procesos de conservación e de eliminación dos expedientes e dos seus documentos, así como o acceso aos mesmos de xeito electrónico coa conseguinte redución das cargas administrativas e aforro en tempos.

- Continuar co labor de control que a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico atribúe a este departamento no relativo aos procesos de creación de novas entidades instrumentais ou de integración no sector público autonómico doutras existentes, a través da análise e informe sobre a súa procedencia, tendo en conta razóns de eficacia, autonomía de xestión e non duplicidade.

Continuar co proceso de acreditación dixital e co establecemento dun sistema de información e control horario dos empregados públicos das entidades públicas instrumentais que restan, logo de ter finalizado o proceso no ámbito da administración xeral, co obxecto de vixiar o cumprimento da normativa vixente en materia de xornada, horario, permisos e licenzas.

- Afondar no proceso de simplificación administrativa en colaboración coa AMTEGA destinado a eliminar os trámites e documentos innecesarios ou en poder da Administración, reducir as cargas administrativas, así como os tempos de tramitación.

Continuar coa promoción da flexibilidade horaria e do teletraballo no sector público autonómico. Ditas medidas de conciliación da vida familiar e laboral foron postas en marcha no ano 2014. Na actualidade, preto de 11.000 empregados públicos están

acollidos á flexibilidade horaria (concretamente 10.801) e máis de 300 (concretamente 309) acollidos ao teletraballo.

- Informar as estruturas orgánicas e as relacións de postos de traballo, seguindo criterios de racionalidade para acadar así unha Administración pública máis eficaz e eficiente.
- Analizar e informar todas as normas reguladoras dos procedementos administrativos, e as bases e convocatorias das axudas e subvencións do sector público autonómico, propoñendo criterios de racionalización e simplificación de trámites, eliminando documentación innecesaria ou en poder da Administración e normalizando os anexos a utilizar pola cidadanía.
- Actualizar permanentemente a guía de procedementos e servizos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, garantindo que estea a disposición de toda a cidadanía a lexislación aplicable, os requisitos e documentación necesaria para a súa tramitación, os seus prazos de resolución, o órgano responsable da súa xestión, a necesidade de abono de taxas, se fose necesario, así como os modelos normalizados dispoñibles.
- Promover a implantación dos contratos programa nas entidades instrumentais do sector público autonómico, en especial nas axencias públicas autonómicas, velando polo cumprimento dos obxectivos e compromisos asumidos nos mesmos a través das respectivas comisións de control e seguimento.
- Levar a cabo o rexistro e seguimento das pautas de actuación recollidas no Código ético institucional da Xunta de Galicia.
- Coordinar e impulsar o sistema de información pública da Xunta de Galicia.
- Avaliar periodicamente a calidade do sistema de información administrativa, propoñendo as medidas de mellora precisas co fin de facilitarles á cidadanía os servizos que demandan.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A Escola Galega de Administración Pública orienta a súa actuación a garantir o cumprimento, coa máxima eficiencia, dos obxectivos marcados na súa lei de creación.

Neste marco, algunhas das principais liñas de actuación en 2019 serán:

- A universalización da formación da EGAP, a través dun plan formativo único, que integra a formación destinada aos distintos colectivos de empregados públicos da comunidade autónoma.
- A aposta, a partir de criterios de innovación pedagóxica, polas diferentes contornas de aprendizaxe e metodoloxías de carácter flexible, entre as que están a autoformación e a teleformación ou o uso de sistemas de videoconferencia, co obxectivo de facilitar a

formación continua por parte do persoal empregado público e favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

- A adecuación da oferta formativa ás necesidades e aos desafíos das administracións públicas, desde un compromiso de transparencia e ética pública, na procura de que a formación contribúa á mellora do sector público de Galicia, á modernización administrativa e á prestación duns servizos de calidade, en liña coas demandas da sociedade actual, a partir da mellora da cualificación e o desempeño profesional do persoal empregado público.
- A extensión dos convenios e a realización de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel nacional e internacional.
- A ampliación, mantemento e difusión do fondo bibliográfico e documental da EGAP, especialmente en soporte electrónico para achegar a información aos/ás interesados/as, así como a utilización das novas tecnoloxías para creación de espazos que favorezan a difusión do coñecemento xerado a partir das actividades organizadas pola escola.
- A consolidación e mellora do Sistema Integral de Avaliación da Calidade da Formación da Escola, que incorpora a opinión dos distintos axentes participantes no proceso formativo e permite tomar en consideración as peculiaridades de cada modalidade de impartición.
- A potenciación da formación na lingua galega, reforzando a misión da escola de difundir e normalizar o idioma galego na Administración pública e de contribuír á capacitación lingüística do seu persoal, co obxecto de facer reais e efectivos os dereitos da cidadanía en materia lingüística, mediante a realización de actividades destinadas ao persoal das distintas administracións e o incremento do uso dos medios telemáticos na formación en lingua galega.

Así mesmo, a EGAP seguirá apostando pola formación en linguas estranxeiras co fin de dotar ao persoal empregado público da posibilidade de empregar outros idiomas e, en especial, daqueles que, por ser as linguas propias dos países da nosa contorna ou idiomas de especial peso no panorama internacional, constitúen unha necesaria ferramenta no desempeño do seu traballo.

- O desenvolvemento de programas de capacitación e formación para o exercicio da función directiva -curso para a obtención do diploma de directivo/a da Xunta de Galicia- e predirectiva –actividades formativas para xefes/as de sección e negociado- na Administración, en colaboración, de ser o caso, con outros centros ou órganos de formación especializados.
- A organización e a impartición dos cursos selectivos para o acceso aos corpos e escalas da Administración autonómica que se determine, sempre e cando se teñan superado as probas correspondentes aos procesos selectivos, así como o acceso aos corpos de funcionarios locais con habilitación de carácter estatal. Nesta mesma liña a EGAP pretende servir de apoio para aqueles/as empregados/as públicos que desexen promocionar na súa carreira administrativa.

- A convocatoria de bolsas, axudas e premios destinados a fomentar o estudo e a investigación en materias relacionadas coas actividades da escola, como o Dereito no eido da Administración Pública, a Ciencia Económica, a difusión e dinamización da nosa lingua ou cultura ou calquera outra que se considere de relevancia.
- A promoción da investigación, a documentación e o debate nas materias relacionadas coas administracións públicas, mediante a edición de dúas publicacións científicas periódicas: a Revista Galega de Administración Pública (REGAP) e a revista Administración&Cidadanía.
- A impartición de formación dirixida especificamente a concienciar da necesidade de asumir os principios de igualdade e non discriminación como principios básicos da nosa sociedade. No vindeiro ano, esta formación terá un novo alicerce que ven constituído pola implementación do programa de formación deseñado polo Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A aposta pola formación dos empregados públicos das distintas administracións públicas da comunidade autónoma en competencias dixitais, co gallo de adaptar plenamente a xestión pública aos contornos dixitais. Nesta liña, a EGAP ofrece formación que habilita para a consecución da Certificación Galega de Competencias Dixitais en ofimática que, deste xeito, constitúese como elemento básico da capacitación do empregado público.

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

A Academia Galega de Seguridade Pública, de acordo co establecido na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, orienta a súa actuación ao enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia, ao compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública e ao impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención ao cidadán.

A Agasp iniciou en 2016 un novo horizonte tendente principalmente a ampliar ás relación e sinerxías con novos colectivos así como a exercer competencias delegadas ou compartidas a través de convenios ou outros instrumentos de xeito que o conxunto dos diferentes colectivos que conforman a seguridade pública en Galicia, en sentido amplo, teñan como referencia a academia e cabida nela.

Proba deste novo horizonte é a consecución por primeira vez do acordo co Ministerio do Interior para a formación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Os efectivos da Garda Civil e da Policía Nacional suman preto de 8.000 efectivos na Comunidade Autónoma, supoñendo mais do dobre de efectivos do número de profesionais da Policía Local e Unidade da Policía Nacional Adscrita na Comunidade Autónoma de Galicia, o que supón sen dúbida un novo potencial cada ano, para procurar a súa formación.

Por outra banda, nesta mesma liña, estableceuse a súa participación no convenio de colaboración en materia de formación continuada de xuíces e maxistrados entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia e asinouse o Convenio co Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza en materia de formación de fiscais, letrados da administración de Xustiza, médicos forenses e avogados do Estado. Así, tamén a Agasp configurárase como centro de formación global en materia de xuíces, maxistrados, fiscais, médicos forenses e avogados do Estado.

Pero sen dúbida, o fito mais importante dos derradeiros anos e cara ó futuro é a aprobación e posta en funcionamento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, publicado no DOGA de 22 de novembro de 2017, que posibilita unha total colaboración cos concellos para realizar a centralización dos procesos selectivos da Policía Local.

Este feito ten permitido que, logo de que máis do 40% dos concellos asinasen convenios para a delegación na AGASP, en 2018 se desenvolva por primeira vez en Galicia o primeiro proceso unitario selectivo tanto para policía locais como para auxiliares de policía local, centralizados ambos na Academia Galega de Seguridade Pública, cun total de 150 prazas ofertadas.

En materia de emerxencias, os colectivos de protección civil, bombeiros e persoal de emerxencias, incorporaron no seu itinerario formativo as materias baseadas nas cualificacións profesionais a través das unidades formativas de cualificación profesional de extinción de incendios e salvamento (SEA129_2) e o certificado de profesionalidade de nivel 2 de extinción de incendios e salvamento (SEAD0111). Deste xeito, os profesionais e voluntarios fórmanse con referencia á obtención dunha habilitación, neste caso o certificado de profesionalidade, que sen lugar a dúbidas beneficia no contorno profesional e de empregabilidade.

Tamén introduciuse unha formación regrada na Agasp de formación profesional para obter o título de técnico en emerxencias e protección civil, o que supón un importante avance para un adecuado itinerario académico, un recoñecemento para a profesión e mesmo unha mellora no que atinxe ás expectativas laborais.

Así, completárase a referida formación oficial mediante a implantación do título por módulos e a homologación directa do certificado de profesionalidade, de xeito que a longo da vida profesional dos colectivos poidan ir cursando de modo parcial anualmente as diferentes unidades formativas cara a obtención do título e simultaneamente a obtención do certificado.

Neste sentido, as liñas de actuación previstas para o exercicio 2019 son as que de seguido se relacionan:

- I. No ámbito da formación policial:
 - Continuar as adhesións dos concellos delegantes e a realización na Agasp dos procesos unitarios de selección da policía local e dos auxiliares de policía local de Galicia, no mar-

co do do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, publicado no DOGA de 22 de novembro de 2017.

- Asemade, durante o ano 2019 realizarase a formación da maior promoción da policía local de Galicia dende a aprobación da lei 4/2007, con máis de 80 policía para despois incorporarse aos seus concellos.
 - De xeito simultáneo, elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos das policía locais segundo a demanda dos concellos.
 - Impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización, para todas as categorías ou todos os postos das policía locais e da Unidade da Policía Nacional Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Impartir formación para as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, en concreto á Garda Civil e á Policía Nacional, en execución da Resolución do 4 de novembro de 2015, BOE de data 16 de novembro de 2015, da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio do Interior, pola que se publica o Convenio coa Xunta de Galicia para a colaboración en materia de formación e actualización do persoal dos Corpos de Seguridade do Estado destinados na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Colaborar co Consello Xeral do Poder Xudicial e co Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza para a formación de maxistrados, xuíces, fiscais, letrados da administración de Xustiza, médicos forenses e avogados do Estado.
 - Colaborar coas persoas representantes do ámbito da seguridade privada para a formación deste colectivo.
 - Facilitarlle aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policía locais.
2. No ámbito da formación de protección civil e bombeiros:
- Impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais, e continuar coa formación baseada no certificado de profesionalidade co obxectivo de posibilitar a este persoal a futura obtención do certificado de profesionalidade en emerxencias homologado polo Sistema Nacional de Cualificacións.
 - Impulsar a formación dos integrantes dos grupos de emerxencia supramunicipais, como parte integrante do sistema de resposta ás emerxencias na nosa comunidade e dar formación baseada no certificado de profesionalidade co obxectivo de facilitar tamén a este persoal a futura obtención dun certificado de profesionalidade en emerxencias homologado polo Sistema Nacional de Cualificacións.
 - Impartir, en colaboración coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o ciclo medio de formación profesional en materia de emerxencias e protección civil.

- Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.
3. No ámbito da investigación e divulgación:
- Investigar, estudar e divulgar contidos, técnicas e documentación, na materia de seguridade pública e con especial referencia á realidade galega, a través principalmente da produción editorial, ampliación do fondo bibliográfico e potenciación da páxina web da AGASP e da formación on-line.
 - Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

A AXEGA configúrase como unha entidade instrumental da Xunta de Galicia, para o estudo e execución da política autonómica en materia de protección civil e xestión de emerxencias, que mobiliza recursos esenciais en materia de resposta ás emerxencias, protección civil e seguridade pública a través do novo CIAE I 12 Galicia.

En atención ao exposto, a AXEGA continuará adoptando como criterio básico para a confección dos seus orzamentos, o da optimización dos recursos existentes en aras a garantir o mesmo nivel de eficiencia e eficacia na prestación deses servizos. O seu orzamento para o ano 2019 experimenta un incremento do 30,7%.

Desde o punto de vista organizativo, no exercicio 2019 a AXEGA continuará a traballar na reordenación das súas competencias e a modernización do seu funcionamento, completando os trámites conducentes á adaptación dos seus Estatutos ás normas de funcionamento das axencias públicas autonómicas, consonte ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro.

A) Optimización dos recursos existentes:

Neste ámbito as liñas de actuación son as seguintes:

- Continuar coa potenciación do Servizo de Xestión do CIAE I 12-Galicia, para adaptalo ás novas esixencias e necesidades operativas e tecnolóxicas do novo Centro Integrado de Atención ás Emerxencias I 12 Galicia da Estrada.

Entre outras novidades organizativas implementadas no funcionamento do I 12, durante o exercicio 2018 procedeuse a establecer o acceso prioritario ás chamadas dos alcaldes e alcaldesas da nosa Comunidade Autónoma (que teñen acceso directo á sección de Enlace do CIAE I 12, de xeito que a chamada non entra na sala de Operación), evitando

posibles tempos de esperas para ser atendidos. Todo isto coa finalidade de facilitar a comunicación coa máxima autoridade responsable de protección civil a nivel dos concellos, redundando nunha xestión máis fluída e directa ante as emerxencias.

- Seguir co proceso de integración de servizos operativos en emerxencias despois de terse incorporado no mes de xullo de 2018 a Unidade de Policía Adscrita a nosa Comunidade Autónoma (UPA) e tamén, en outubro deste mesmo ano, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia -061.

Atópase pendente de sinatura polo Ministerio do Interior o Convenio para a integración da Garda Civil no CIAE 112.

No exercicio 2019 continuarase a traballar na integración dos restantes servizos operativos.

- A potenciación do Grupo de Apoio Loxístico á Intervención (GALI). O éxito do GALI fixo que se incrementase en mais dun 300% a demanda dos seus servizos, o que permitiu ir paulatinamente reforzando o equipamento operativo especializado de apoio loxístico en emerxencias complexas ou de gran magnitude na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta a disposición dos axentes intervintes de recursos especializados e do Posto de Mando Avanzado.
- A AXEGA continuará a adquirir medios materiais para a atención e xestión de emerxencias, segundo as necesidades detectadas no Catálogo de Medios e Recursos mobilizables en caso de emerxencia da AXEGA, coa finalidade de poñelos a disposición dos Servizos de Intervención de Emerxencias e Protección Civil dos concellos.

Un dos obxectivos da AXEGA é dotar aos servizos de intervención de equipamento axeitado para mellorar a súa capacidade de resposta ante as situacións de emerxencia, co fin de acadar un maior grado de seguridade para a cidadanía. A esta razón de interese público responde a adquisición de equipamento que a AXEGA veu realizando nos últimos anos (adquisición de diversos tipos de vehículos, equipos de exarceración, pértegas para a loita contra a vespa velutina, etc), que continúa a desenvolver coas licitacións levadas a cabo no exercicio 2018 e que continuará na próxima anualidade.

Así, o orzamento da AXEGA no exercicio 2019 experimenta un incremento do 45,1% respecto ao ano precedente, co obxectivo de proseguir coa antedita dotación de medios especializados aos servizos de intervención.

B) A colaboración con outros entes xestores de emerxencias no ámbito interrexional e transfronteirizo.

Neste ámbito as liñas de actuación son as seguintes:

- A consolidación da colaboración na atención das emerxencias producidas en zonas fronteirizas comúns con Portugal, Castela-León e o Principado de Asturias. Consígnase no orzamento do exercicio 2019 o importe correspondente para o proxecto "ARIEM

+", encadrado no INTERREG V España – Portugal (POCTEP) 2014-2020, do cal a AXEGA é o beneficiario principal.

O proxecto ARIEM PLUS ten por finalidade a cooperación transfronteiriza en materia de emerxencias (sur de Galicia, Castela-León e norte de Portugal). Os obxectivos do proxecto que se tratarán de acadar coas actividades a desenvolver no ano 2019 son:

- a creación dun Mando Operativo Único que permita mellorar a xestión e coordinación in situ das emerxencias na zona transfronteiriza. Perséguese tamén a identificación e delimitación dos riscos existentes na zona mediante a realización de estudos que permitan trazar un mapa de riscos da zona ARIEM e elaborar en base a el un Plan Territorial de Emerxencias Transfronteirizas.
 - a adquisición de materiais e de equipamentos de emerxencias en base aos riscos detectados da zona.
 - o desenvolvemento de actividades formativas (cursos, simulacros), perseguindo unha formación especializada en resposta aos riscos detectados, así como accións de sensibilización á poboación (formación sobre prevención e autoprotección).
 - a armonización de protocolos e tácticas de actuación ante emerxencias.
- A exportación da experiencia acadada no ámbito da colaboración transfronteiriza en materia de emerxencias ao ámbito da colaboración con outras comunidades veciñas, especialmente con aquelas coas que se mantén fronteiras comúns.
 - O impulso da colaboración de AXEGA con outras entidades ou institucións que teñan por obxecto o tratamento das emerxencias, mediante a participación en proxectos europeos e internacionais. Neste senso, a AXEGA participará no proxecto SUDOE FIRE-ASSESSMENT, proxecto de I+D no que se trata de acadar tecnoloxías que poidan implementarse no campo das emerxencias en xeral e, concretamente, en tipoloxías de incidencias relacionadas coa busca de persoas desaparecidas.

A AXEGA está a traballar nunha serie de convenios con diversas entidades, entre os que podemos destacar o convenio coa Cruz Vermella (relacionado co servizo de atención e protección para vítimas de violencia de xénero) ou o convenio con Nedgia Gas Natural para intercambio de información en casos de incidencias ou emerxencias relacionadas co gas).

II.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

A entrada en vigor da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, supuxo o mandato do Parlamento de Galicia para que se acaden importantes obxectivos no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias, sendo un dos máis destacables a necesidade de acadar a maior homoxeneidade posible da prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento en toda Galicia do xeito máis eficaz.

Neste senso, a Xunta de Galicia, xunto con outras administracións locais de Galicia, participa na xestión e financiamento dos distintos consorcios contra incendios existentes na nosa

comunidade, tal e como se deu conta no apartado desta memoria relativo á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

A FGE é unha entidade sen ánimo de lucro e ente instrumental do sector público autonómico, creada en 1988, que ten como obxectivos prioritarios a defensa dos intereses xerais da Comunidade Autónoma de Galicia ante a Unión Europea, a información ás institucións, organismos ou empresas da nosa comunidade interesadas e á cidadanía galega en xeral de todas aquelas decisións comunitarias que lles afecten ou interesen, a formación de expertos en temas europeos e en xeral a sensibilización da poboación galega ao proceso de integración europeo, así como a promoción da participación de entidades galegas en proxectos europeos. As actuacións que se van desenvolver para a consecución destes obxectivos son as seguintes:

- I. Defensa dos intereses galegos ante a Unión Europea:
 - Seguimento das negociacións que se desenvolverán en 2019 para dar forma ao próximo marco de programación europea posterior a 2020, tanto dos aspectos financeiros como do futuro das políticas europeas. En particular:
 - Seguimento e participación dos debates sobre o futuro Marco Financeiro Plurianual a partir de 2020, que debería aprobarse antes das eleccións ao Parlamento Europeo de finais de maio de 2019.
 - Seguimento e participación dos debates sobre o futuro das principais políticas europeas, principalmente da Política de Cohesión, a Política Pesqueira Común, a Política Agrícola Común e a de Investigación e Innovación.
 - Reivindicación a nivel europeo da importancia dos retos demográficos, mediante a participación na rede de rexións afectadas polo cambio demográfico (DCRN), no Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos.
 - Seguimento a nivel europeo das novidades en materia de transporte e apoio as reivindicacións galegas nos debates preliminares relativos ao futuro deseño da Rede Transeuropea de Transportes.
 - Seguimento das negociacións entre o Reino Unido e a Comisión Europea sobre a saída do primeiro da Unión Europea, así como das posibles consecuencias do BREXIT na nosa economía.
 - Promoción da participación galega nos debates sobre o futuro de Unión Europea, que comezaron en marzo de 2017 con motivo da conmemoración do 60º aniversario dos Tratados de Roma dar forma ao camiño a seguir do proxecto europeo despois das eleccións ao Parlamento Europeo de maio de 2019.

- Apoio á participación da Xunta de Galicia no Comité Europeo das Rexións para defender os intereses galegos no proceso de toma de decisións comunitario dende este órgano consultivo.
 - En xeral, posta a disposición da Xunta de Galicia de asesoramento técnico e o apoio para asegurar unha activa participación da Comunidade Autónoma nos foros europeos de carácter institucional ou asociativo dos que é membro ou nos que está invitada a pronunciarse.
2. Información:
- Envío de información europea a Galicia a través de publicacións, contactos directos cos departamentos da Xunta de Galicia, e principalmente, a través do portal web (www.fundaciongaliciaeuropa.eu) e das redes sociais, incluíndo a elaboración dun boletín electrónico quincenal da FGE, que recolle novas de actualidade comunitaria e da participación galega nos asuntos europeos, así como anuncios de convocatorias e de procuras de socios para participar nelas.
 - Información á mocidade galega sobre saídas profesionais en organismos internacionais e nas institucións comunitarias mediante xornadas divulgativas e mediante a difusión dunha guía sobre o tema que ven actualizando a FGE dende hai varios anos.
3. Formación en temas europeos:
- Convocatoria de bolsas dirixidas a titulados superiores, para a realización de prácticas en asuntos europeos nas dúas oficinas da FGE (Santiago de Compostela e Bruxelas) así como acollemento en prácticas de estudantes de graos e mestrados universitarios das tres universidades galegas.
 - Organización de xornadas, cursos e seminarios que contribúan a dar a coñecer a Unión Europea en Galicia, facendo fincapé nas oportunidades laborais e de financiamento que esta ofrece.
4. Promoción da participación de entidades galegas en proxectos europeos:
- Continuación do programa de especialización en financiamento comunitario, denominada TecEuropa, iniciado en 2015, e dinamización da rede de especialistas co mesmo nome formada por profesionais ao servizo de entidades galegas susceptibles de optar a fondos da Unión Europea
 - Asesoramento aos actores interesados, con especial incidencia nas pemes e nas entidades locais de Galicia, de xeito que estes poidan desenvolver ideas innovadoras nos seus eidos, fomentando o crecemento e o emprego.
 - Difusión da Guía de financiamento comunitario 2014-2020 elaborada pola FGE e celebración de cursos e/ou seminarios sobre as posibilidades de financiamento comunitario 14-20 e a xestión de proxectos europeos.
 - Estreita colaboración en Bruxelas coa Axencia Galega de Innovación (GAIN), de xeito que o sector da investigación e a innovación en Galicia mellore a súa participación no programa de financiamento de actividades de I+D+i da UE, Horizon 2020.

- Participación da propia FGE en proxectos europeos que contribúan a impulsar en Galicia a aplicación das políticas comunitarias, en concreto nos dous proxectos aprobados no marco da primeira convocatoria do programa de cooperación transfronteiriza España Portugal (POCTEP) 2014-2020: LIDERA e EUROCIDADE 2020.

FUNDACIÓN SEMANA VERDE

A Fundación Semana Verde de Galicia manterá a liña de racionalización na xestión, iniciada en anos pasados, que permitiu, xa en 2016, saldar a débeda histórica cos provedores, tras catro anos consecutivos sen perdas, así como na media de pago a provedores que, a día de hoxe, mantense dentro dos parámetros legais.

No tocante á actividade, en clara liña ascendente nos últimos anos, a Fundación Semana Verde de Galicia terá como liñas mestras da súa actividade no ano 2019:

- A dinamización das feiras consolidadas, incluíndo a feira ABANCA SEMANA VERDE, e GALIFOREST ABANCA.
- A consolidación das novas feiras e eventos, como a Feira de Caza, Pesca e Natureza, Silleda Park e XGN R Encounter.
- A creación de novos eventos feirais e non feirais, incidindo no carácter multisectorial do recinto, con eventos deportivos, musicais ou vinculados á produción audiovisual.
- A organización de eventos da propia Xunta de Galicia ou dos seus organismos, como fixo en anos precedentes con varios eventos da Axencia Galega de Innovación, Sergas e Facenda, a través de encomenda, xa que a fundación ten carácter de medio propio da Xunta de Galicia e está claramente especializada na organización de eventos, tanto propios como alleos, e tanto no recinto como fóra del.
- Ademais, a fundación afondará na implantación das estratexias de crecemento: internacionalización, actualización informática, mantemento de infraestruturas, aplicación do principio de autoprovisión no ámbito do sector público e a canalización das políticas públicas, así como a procura de novos membros do padroado ou patronos-patrocinadores, tanto públicos como privados e seguirá co aproveitamento e explotación dos edificios e infraestruturas agora non utilizados, mediante o pagamento do correspondente canon polas entidades e empresas usuarias.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 111E - RELACIONES EXTERIORES:

A. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Galicia goza dunha proxección internacional cualificada, sen prexuízo do seu sólido entroncamento en España.

Esa proxección fundaméntase nos xenuínos trazos da súa identidade, cun idioma e unha cultura propios e singulares, entre outras características que lle outorgan trazos específicos, e que nos acreditan como pobo europeo-atlántico e especialmente afín a Portugal, cunha diáspora asentada e integrada en múltiples nacións do planeta.

Desde a nosa adhesión ás Comunidades Europeas, Galicia persegue ademais como obxectivo estrutural de primeira orde a súa plena equiparación socioeconómica coa Europa máis desenvolvida. Unha comunidade aberta e homologable cos estándares propios das comunidades máis avanzadas da Unión. O consenso xeneralizado do país aposta por unha converxencia real co núcleo da UE, avanzando no ámbito da cohesión económica, social e territorial, pero tamén no da coherencia política coa integración dentro dun modelo de economía social de mercado.

Esta prioridade europea é a base que define os obxectivos e finalidades da Acción Exterior da nosa Comunidade Autónoma, que, sen embargo, non se restrinxen á área europea.

Para acadar os obxectivos de proxección exterior, desde a Dirección xeral de Relacións Exteriores e coa UE desenvolveranse as seguintes actividades:

- Defender e impulsar os intereses de Galicia no ámbito da Unión Europea, e aplicar esta actuación a outras áreas xeográficas nas que Galicia poida estar interesada.
- Representar á comunidade autónoma nos órganos de cooperación e nas institucións europeas e de acción exterior, garantindo a presenza activa de Galicia en institucións e organismos comunitarios así como noutras esferas de actuación.
- Responder as incidencias que, por actuacións da Unión Europea, poidan afectar aos intereses e competencias da comunidade autónoma.
- Promover a cooperación institucional e cooperación técnica en relación coas actuacións da Administración autonómica, naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais de interese para a comunidade autónoma.

- Executar as relacións exteriores de Galicia, potenciación da coordinación e das interrelacións cos organismos comunitarios e consolidación e/ou ampliación dos organismos de cooperación interrexional.
- Impulsar a cooperación con rexións da Unión Europea e con rexións doutras áreas xeográficas a través de estruturas de participación bilateral e multilateral. Neste ámbito é necesario destacar a especial cooperación coa Rexión Norte de Portugal, especialmente neste momento que o Presidente da Xunta de Galicia é o Presidente da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, e as actuacións dentro da Macrorrexión "RESOE" na que, xunto a Galicia, Castela e León e o Norte de Portugal, integráronse Asturias, a Rexión Centro de Portugal e Cantabria.
- Definir prioridades, conciliar actuacións e canalizar a información que sexa de interese para os departamentos da Xunta de Galicia e para a sociedade galega en xeral, tanto no ámbito da Unión Europea como no ámbito da acción exterior.
- Coordinar e seguir o procedemento de axudas públicas e o procedemento de queixas comunitarias ante a Comisión Europea, a través da realización de tarefas de coordinación e interlocución entre os departamentos da Xunta de Galicia, a Administración xeral do Estado e a Unión Europea.
- Desempeñar as tarefas inherentes á súa condición de Unidade de Coordinación para a xestión dos fondos comunitarios destinados á cooperación transfronteiriça, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios, nas disposicións de aplicación do programa operativo e no acordo coa autoridade de xestión. Principalmente terá que valorar as candidaturas de proxectos presentadas, de acordo coas prioridades rexionais, realizar a xestión e control do programa e a validación e verificación dos gastos dos socios baixo a súa dependencia. A Unidade de Coordinación participará como membro do Comité de Seguimento e do Comité de Xestión e co-preside o Comité Territorial.
- Desenvolver unha política de acción exterior propia, tendo en conta os intereses de Galicia e os escenarios políticos internacionais, afirmando a presenza e a imaxe de Galicia, difundindo a súa realidade e especificidade, e impulsando a participación con voz propia nos procedementos e mecanismos da política europea e da política internacional.
- Defender os intereses e atender a colectividade galega no exterior cos mesmos dereitos e garantías que se estivese en territorio galego, promocionar a imaxe da comunidade autónoma a través das delegacións da Xunta de Galicia no exterior e avanzar na racionalización e modernización dos procedementos.
- Colaborar no proceso de internacionalización da economía e das empresas, como un dos obxectivos prioritarios da Xunta de Galicia.
- Asegurar un correcto funcionamento administrativo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e da Fundación Galicia Europa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa ten carácter universal, en termos xerais trata de afirmar a presenza e a imaxe de Galicia no contexto europeo e internacional para defender os intereses dos seus cidadáns.

Non obstante hai subgrupos específicos que se citan deseguido:

1. Delegacións da Xunta de Galicia no exterior
2. Fundación Galicia Europa
3. Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal
4. Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os principais obxectivos da acción exterior de Galicia son o apoio á cidadanía galega no exterior e a consolidación da imaxe de Galicia fóra das nosas fronteiras, en especial nos principais mercados, co fin da internacionalización da economía e das empresas galegas.

Desde a década dos 90, o foco fundamental da actuación de Galicia mais alá do noso territorio veu dado pola cooperación coa Rexión Norte de Portugal, coa que temos constituída a Comunidade de Traballo mais antiga da fronteira, desde hai algo máis de 25 anos. Ademais, desde 2010 funciona a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal, que é o instrumento esencial para fomentar as relacións de cooperación con todas as entidades, públicas e privadas na Eurorrexión.

Tanto nas dúas lexislaturas anteriores como na actual, a Xunta de Galicia puxo en marcha algunhas iniciativas tendentes a reforzar a acción exterior de Galicia e a súa presenza alén das nosas fronteiras. Dentro delas cabe salientar o Consello de Acción Exterior, creado para consensuar cos principais actores as liñas básicas da actuación exterior de Galicia; a Macrorrexión "RESOE" como un elemento aglutinador das actuacións das rexións do sudoeste europeo. E, no eido eurorrexional, o Presidente da Xunta de Galicia desempeña, desde maio de 2017, a presidencia da Comunidade de traballo Galicia-Norte de Portugal. Pola súa banda, a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal (GNP, AECT) é a entidade que executa as políticas que diseña a Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Portugal.

No ámbito da cooperación transfronteiriza, cómpre salientar que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ten asumido a competencia como Unidade de Coordinación do Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg V-A España Portugal 2014-2020, e actúa como organismo intermedio nas tarefas de verificación de gastos dos beneficiarios da súa competencia.

Por outra parte Galicia, xunto co Norte de Portugal e con Castela e León, deu os pasos para impulsar a posta en marcha da macrorrexión RESOE, na que se integraron en 2014 o Principado de Asturias e a Rexión Centro de Portugal e, en 2017, Cantabria.

Na procura de consolidar e incrementar a presenza de Galicia nas organizacións rexionais europeas, este Programa orzamentario contribúe á participación moi activa que se está a desenvolver na Comisión do Arco Atlántico, na Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas de Europa (CRPM) e na Asemblea das Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE).

No ámbito da Unión Europea un dos principais obxectivos foi a defensa dos intereses galegos en todos os órganos e institucións con participación autonómica, en especial no Comité das Rexións, no que Galicia liderou no 2018 o ditame "O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) más alá de 2020- investir nas comunidades costeiras de Europa"; introducindo a cuestión demográfica entre os desafíos europeos e participando no debate de diferentes ditames de grande interese para Galicia (mercado único dixital; políticas ambientais e cambio climático; estratexia forestal da UE; Mecanismo Conectar Europa (MCE) do Transporte; protección civil; impulso do crecemento e a cohesión nas rexións fronteirizas da UE; innovación nas rexións de Europa; reforma da unión económica e monetaria; condicións laborais; contratación pública; etc.).

Levou a cabo o seguimento das políticas comunitarias de maior incidencia para Galicia como son as negociacións do Brexit, as redes de transporte (Corredor Atlántico), a política agraria común (PAC) e da pesca (FEMP) ou os fondos estruturais dentro da política de cohesión, nun momento en que o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 esta sendo obxecto de debate no ámbito comunitario.

Galicia deu continuidade aos mecanismos de coordinación existentes entre a Administración xeral do Estado (AXE) e as comunidades autónomas (CCAA) nos asuntos europeos mediante o seguimento e a participación activa nos distintos órganos de cooperación sectoriais no seno da CARUE así como nos comités da Comisión Europea e nos Consellos da UE.

Durante os pasados anos Galicia exerceu a representación das comunidades autónomas en varias formacións do Consello de Ministros da Unión Europea, destacando especialmente a participación no 2018 no ámbito da agricultura, da pesca e do medio ambiente.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa está encadrado no marco legal seguinte:

- Decreto 74/2018, do 5 de xullo, que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Decreto 368/2009 do 30 de xullo, polo que se crea e se regula o Consello de Acción Exterior.
- Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo constitutivo da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, realizado en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 2006.
- Convenio de cooperación territorial europea entre a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, polo que se crea a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT), realizado en Santiago de Compostela, o 22 de setembro de 2008.

- Programa Interreg V-A España – Portugal (POCTEP) 2014-2020, aprobado pola Comisión Europea o 12 de febreiro do 2015, e financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actuacións deste programa teñen por finalidade reforzar a presenza exterior de Galicia e dar visibilidade a súa participación naqueles foros nos que se poida mellorar a posición galega, en especial no período de programación comunitaria 2014 - 2020. Así mesmo, estas accións diríxense a prestar apoio e asesoramento aos distintos departamentos da Xunta de Galicia sobre as políticas comunitarias de especial incidencia e interese para a comunidade autónoma, como a prolongación ata Galicia do Corredor Atlántico, á Política de Cohesión máis alá do 2020, ou o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027.

Esta promoción da acción exterior verase extraordinariamente potenciada no exercicio 2019 grazas ao emprego de dous importantes instrumentos: o decreto regulador da acción exterior de Galicia e a Estratexia Galega de Acción Exterior. Ambos os dous instrumentos converten a Galicia na primeira Comunidade Autónoma en dotarse do marco normativo e de planificación que lle permitan aproveitar as oportunidades que abre a nova lexislación básica.

A busca de sinerxías con outras rexións servirá para acadar unha maior forza á hora de defender as nosas posicións, para maximizar a rendibilidade do esforzo ao aglutinar a outras rexións con obxectivos concorrentes cos galegos. De maneira singular, continuarase a consolidación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal mediante o desenvolvemento do Programa europeo Interreg V-A do actual período de programación.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	

Outros (especificar)	
----------------------	--

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires (Arxentina)

Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo (Uruguai)

Fundación Galicia Europa

III.1.2. PROGRAMA 121A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto, asignado á Secretaría Xeral Técnica, atende as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e daqueles departamentos que, por non ter orzamento singularizado para o desenvolvemento da totalidade das súas funcións, precisan do apoio técnico, administrativo e orzamentario da Secretaría Xeral Técnica.

Dentro do ámbito das competencias da consellería, céntranse no apoio e na coordinación das actividades do resto dos órganos que a integran nos seguintes eidos:

- a) Na elaboración de estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estruturación, planificación, organización, métodos de traballo e de mellora da xestión
- b) No seguimento dos expedientes de contratación, dos convenios e protocolos de colaboración, así como dos expedientes de subvencións.
- c) Nas obras e proxectos.

En 2019 continuarase avanzando na adopción desas medidas.

En colaboración coa dirección xeral de Xustiza e coas delegacións territoriais, seguiremos actuando nas infraestruturas administrativas e xudiciais, tanto centrais, como periféricas, en atención a criterios de eficiencia enerxética e sostibilidade ambiental, coa finalidade de mellorar as condicións de traballo dos empregados públicos.

Así, no ano 2019 culminarase un ambicioso proxecto, iniciado no ano 2018, de optimización da eficiencia enerxética no Complexo Administrativo de San Caetano, fundamentalmente de rehabilitación da envolvente térmica e da renovación dos sistemas de iluminación por outros máis eficientes, o que suporá un investimento total de 6,5 M€, e que complementará a posta en marcha no ano 2016 da caldeira de biomasa que permite satisfacer unha grande parte das necesidades de calefacción deste Complexo e acometerase o inicio das obras de reforma interior deste complexo administrativo orzamentadas en 1,09 millóns de euros.

Por outra parte, no ano 2019 finalizarán as obras de rehabilitación do Edificio Administrativo situado na Rúa Benito Corbal de Pontevedra. Con esta rehabilitación mellorarase a eficiencia enerxética e as condicións de funcionalidade deste inmovible, optimizando os recursos sen renunciar a un deseño contemporáneo e identificativo e diversificando os usos con espazos reservados para a Universidade, os servizos públicos de emprego e o tecido asociativo. A execución desta actuación, conleva un orzamento total para a Xunta de Galicia de case 4,8 M€.

Estas obras complementaranse con outras actuacións a executar tanto en edificios administrativos como xudiciais, o que redundará na mellora das condicións de traballo dos empregados públicos, na optimización enerxética das edificacións, na redución de custos asociados á súa utilización e na protección ambiental, o que terá unha repercusión beneficiosa en toda a cidadanía. Dentro destas actuacións, destacan as obras de mellora da eficiencia enerxética nos edificios administrativos de Pontevedra, de Lugo e de Ourense, ou nos edificios xudiciais do TSXG, Audiencia Provincial de Lugo e de Pontevedra, Xulgados de Santiago, da Estrada e de Chantada, entre outros.

Postos en marcha os servizos de cita previa e o Chave 365, e sendo posible xa a presentación electrónica de solicitudes de información xeral, de información particular, queixas e suxestións, cómpre agora estender a dixitalización ao longo de 2019 ao maior número de oficinas posible, así como reforzar a colaboración cos rexistros oficiais doutras administracións coa finalidade de dar unha mellor prestación do servizo á cidadanía.

Efectivamente, a modernización da Administración autonómica e o cumprimento da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, especialmente no seu artigo 16, fai necesaria a colaboración da Secretaría Xeral Técnica coa AMTEGA para a posta en marcha de novas funcionalidades nas oficinas de rexistro. No ano 2018 ampliouse o número de procedementos a dixitalizar ata 23, cabe destacar os seguintes: os carnés de familia numerosa, a certificación rexistro de parellas de feito, a autorización de máquinas recreativas e de azar, as pensións non contributivas e a xustiza gratuíta, entre outros. A dixitalización destes procedementos conleva a incorporación a esta modalidade a sectores de gran sensibilidade social; durante o ano 2019 avanza duplicando o número de procedementos afectados.

Igualmente e co fin de conseguir a interoperabilidade dos rexistros da Administración autonómica cos doutras Administracións públicas, incorporaranse ao proceso de dixitalización, ademais dos Rexistros dos edificios administrativos das sete grandes cidades, os trinta e nove

registros con maior carga de traballo, o que suporá que a maior parte da documentación que entre nos registros da Xunta de Galicia se dixitalizará e terá unha tramitación absolutamente electrónica e, por tanto, máis áxil.

Tamén se renovarán as oficinas de rexistro dos edificios das sete grandes cidades, facéndoos máis accesibles á cidadanía e permitindo unha proximidade e un trato máis directo co persoal que lles atenda.

Dentro dese esforzo xeral conxunto de modernización e optimización do funcionamento da administración autonómica, coa colaboración, asesoramento e apoio da Asesoría Xurídica Xeral, impulsarase a aprobación das iniciativas legislativas e regulamentarias previstas no Plan Anual Normativo que se aprobe para 2019 e seguirase avanzando na introdución de melloras no ámbito da contratación pública.

Por último, continuarase a desenvolver as funcións propias da dirección do Parque Móbil da Xunta de Galicia; do despacho dos asuntos propios das asociacións, fundacións de interese galego, colexios profesionais e academias de Galicia; así como as de avaliación, implantación e planificación en materia de prevención de riscos laborais.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións recollidas no programa están dirixidas a atender as necesidades de funcionamento dos servizos administrativos, o que redunda nun servizo público máis eficaz que ten como destinataria directa á cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia, o que determina o carácter universal do colectivo ao que van dirixidas as ditas actuacións.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Tralas medidas adoptadas nas pasadas lexislaturas, unha vez reordenados os créditos e axustados ás necesidades reais de prestación dos servizos comúns de xestión ordinaria, continuaremos avanzando na adopción de medidas que garantan a prestación de servizos de calidade.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa encádrase no marco do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como no resto da normativa aplicable ás diferentes actividades incluídas no Programa.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Finalmente, cómpre sinalar que a finalidade deste programa está orientada a proporcionar unha administración de calidade, eficiente e próxima á cidadanía.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa ten por obxecto a mellora da organización e funcionamento da administración, dotando aos centros directivos dos medios materiais e económicos necesarios para que desenvolvan a súa actividade de xeito eficaz e eficiente.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	

Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a coresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Coa aprobación da Lei de Racionalización do sector público, no ano 2013, Galicia dotouse por primeira vez dunha norma legal que establece que os poderes adjudicadores da administración autonómica deben ter en conta criterios sociais na elaboración dos seus pregos de contratación.

Posteriormente, no ano 2015 coa aprobación Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración volveuse incidir neste eido, incorporando previsións como a de considerar incumprimento grave que xustifica a resolución dun contrato a vulneración dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras (en especial os permisos de paternidade e maternidade), xa sexa directamente ou mediante coaccións.

En cumprimento desas obrigas legais, a Asesoría Xurídica da Xunta elaborou unha Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego, aprobada polo Consello da Xunta o 17/09/2015, para que os órganos de contratación dispoñan de pautas para concretar esa obriga legal. A elaboración desta guía enmárcase nunha serie de decisións adoptadas nos últimos tres anos para desenvolver o Plan de Mellora da Contratación Pública.

Exemplos de aplicación desta normativa e das recomendacións das guías en licitacións xa realizadas pódense consultar na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

A estas accións únense as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da Xunta en 2018.

Finalmente, cómpre sinalar que a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social abarca a investigación de calquera denuncia de incumprimento da lexislación en materia laboral, seguridade e saúde laboral, incluso por quen non estea afectado directamente pola suposta infracción, ademais de desenvolver un Plan Anual para velar polo cumprimento das condicións laborais das persoas traballadoras galegas que se consensúa cos interlocutores sociais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As distintas actividades levadas a cabo con base a este Programa, así como do resto dos Programas desta Consellería, contribúen, de forma xeral, a garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.3. PROGRAMA 121B - ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, con rango de dirección xeral, correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da administración da comunidade autónoma e da súa administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos

da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 55 I.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Para o ano 2019 continúaase, polo que respecta ao sector público autonómico, intensificando a aplicación do principio de autoprovisión deseñado pola Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e que supón a asunción, con carácter xeral, por parte do corpo letrado da Xunta de Galicia das funcións de asesoramento xurídico e defensa en xuízo dos entes da administración paralela. Naqueles casos excepcionais nos que isto non sexa posible e se recorra, a un contrato externo, a Asesoría Xurídica Xeral conserva o poder de supervisar a execución do dito contrato e de coordinar a súa actuación para que se suxeite á unidade de doutrina legal dentro do sector público autonómico.

Deste xeito, refórzase o control legal para que todo o sector público estea suxeito ao mesmo grao de supervisión e control legal o que se traduce nunha mellora da súa actuación e, en consecuencia, nun incremento substantivo da calidade xurídica da súa actividade.

Asemade, este control transversal permite tamén procurar o seguimento dos modelos de colaboración entre entes do sector público autonómico previstos na Guía da colaboración horizontal, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, que facilita aos órganos da Xunta a subscripción de encomendas de xestión e acordos de colaboración que permitan poñer en práctica o principio de autoprovisión inserido na devandita lei de racionalización.

Tamén se pretende, neste ano 2019, ao igual que no ano 2018, seguir reforzando a coordinación dos servizos consultivos e contenciosos nas diversas áreas, especialmente nas materias de contratación pública e subvencións.

A intervención dos letrados nas distintas fases do procedemento de contratación pública proporciónalles unha posición inmejorable, non só para garantir a legalidade dos procedementos, senón tamén para, a través do asesoramento aos órganos xestores, aproveitar as contratacións públicas para contribuír a obxectivos estratéxicos da comunidade, como poden ser a innovación ou a atención ás necesidades sociais, impulsando os obxectivos da nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP); obxectivos básicos que xa foran en gran medida introducidos pola lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ao ser elaborada de acordo coas directivas europeas obxecto de transposición pola LCSP.

Para desenvolver ese mandato legal, a Xunta de Galicia aprobou, Guías de actuación para o fomento da contratación innovadora, da contratación socialmente responsable e da participación das pequenas e medianas empresas, a través da introdución de cláusulas e condicións específicas nos pregos, ás que se unen as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da

Xunta en 2018. Durante o ano 2019 a Asesoría Xurídica ocuparase da actualización e desenvolvemento das indicadas guías.

Será papel do corpo de persoal letrado da Xunta seguir asesorando aos órganos de contratación dos sector público autonómico na aplicación dos instrumentos xurídicos recollidos nestas guías e, en consecuencia, dar concreción a ese carácter estratéxico da contratación pública galega.

En particular, tendo en conta a importancia dos fondos comunitarios previstos para estas atencións, a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia debe seguir potenciando a utilización das modalidades de compra pública innovadora, mantendo o papel acadado por Galicia como unha das comunidades autónomas máis avanzadas neste campo.

Do mesmo xeito, a aplicación das recomendacións da Guía de cláusulas sociais debe garantir que as empresas contratistas do sector público autonómico non só sexan as mellores no concreto proxecto que se lles require, senón que ofrezan tamén un plus de compromiso coa sociedade a través de boas prácticas sociais no eido das condicións laborais, do fomento da igualdade e do fomento da inclusión das persoas con discapacidade.

Así mesmo, de acordo coa Guía para unha contratación pública aberta a PEMES e empresas incipientes, a Asesoría Xurídica Xeral desempeña un papel importante no deseño dos pregos e expedientes contractuais trasladando orientacións aos órganos de contratación acerca de como aplicar o réxime de contratación pública de forma que se facilite a participación das pequenas e medianas empresas nas licitacións do sector público.

As PEMES considéranse en xeral a espiña dorsal da economía da UE e, por ende da economía galega, e para aproveitar ao máximo o seu potencial de creación de emprego, crecemento e innovación, debe facilitarse o seu acceso aos contratos públicos. A maior participación das PEMES nas compras públicas xerará unha competencia máis intensa pola obtención de contratos públicos, o que ofrecerá aos poderes adjudicadores unha mellor relación calidade-prezo e unha maior eficiencia do uso dos fondos públicos.

A Asesoría Xurídica Xeral convértese polo tanto en peza clave para seguir velando pola incorporación de medidas e boas prácticas que garantan o acceso das PEMES e empresas incipientes aos procedementos de contratación.

Tamén debe destacarse que segundo a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, a Asesoría Xurídica Xeral debe asistir á Administración autonómica na elaboración de modelos de pregos de cláusulas administrativas que contribúan a homoxeneizar a práctica contractual da administración xeral e do seu sector público, co obxectivo de acadar unha maior eficiencia na tramitación dos procedementos de adjudicación en interese de tódolos participantes e facilitar a concorrència.

Nesta mesma liña, en cumprimento da propia Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica seguirá velando pola aplicación das Directrices de Técnica Normativa, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia, que proporciona as pautas e os criterios técnicos para conseguir unha estrutura e unha redacción homoxéneos nas diferentes disposicións administrativas de carácter xeral, o que facilita a súa aplicación. A aplicación da nova lexislación, que garantizará a presenza da Asesoría Xurídica dende o comezo dos procesos de elaboración normativa, facilitará a consecución destes obxectivos.

Así mesmo, de acordo co artigo 32 da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, relativo á prevención da corrupción:

“A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participará na elaboración dos plans de prevención de riscos de corrupción que se elaboren polo sector público autonómico. En particular, deberá emitir informe sobre a súa adecuación aos requirimentos establecidos no artigo 31 bis do Código penal con carácter previo á súa remisión ao Consello de Contas de Galicia. Así mesmo, coñecerá dos resultados das avaliacións que este órgano faga sobre os devanditos plans.

Sen prexuízo das funcións dos órganos encargados da supervisión do funcionamento e do cumprimento dos modelos de prevención que se implanten, a Asesoría Xurídica Xeral exercerá as funcións de control de legalidade nos procedementos de formación da vontade das entidades do sector público que se determinen nos plans indicados, conforme, se é o caso, co que se dispoña nos acordos de asistencia xurídica previstos no artigo 2 desta lei. No marco destas funcións, informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do modelo de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraralos en dereito cando así o soliciten”.

Por último, para cumprir os obxectivos anteriores e, en calquera caso, para garantir unha asistencia xurídica satisfactoria e de calidade á Administración autonómica, a Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral persigue seguir atendendo adecuadamente á formación e especialización dos letrados, tanto mediante xornadas internas de formación como a través da organización e participación en seminarios impartidos por profesionais caracterizados pola súa excelencia e coñecemento das materias xurídicas, buscando especialmente a colaboración da EGAP como entidade instrumental da Administración autonómica dedicada á formación das persoas empregadas públicas. En particular, tendo en conta o incremento de asuntos penais nos que a administración ten intervención (ademais dos supostos nos que a administración sofre prexuízos directamente, outros casos que afectan aos intereses xerais como os delitos de incendios, contra o medio ambiente ou casos de violencia de xénero), seguirase reforzando a formación en materia penal. Do mesmo modo, seguirase prestando especial atención á formación en dereito laboral así como en cuestións relativas ao principio de autoprovisión da administración e ao dereito da competencia.

Ademais, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participará na definición e aplicación das medidas impulsadas pola administración autonómica en relación ao protocolo que se asinará co Consello de Contas e que ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional

permanente coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia diríxese á cidadanía, dado que este centro directivo, e dentro dela os seus letrados, teñen atribuída en exclusiva unha dobre función: a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo da mesma.

Esta dobre función ten como finalidade asegurar o sometemento da actuación administrativa á legalidade e á defensa dos intereses propios da comunidade autónoma, o que redundará, en último termo, a favor do cidadán.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como se sinalou anteriormente, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e, dentro dela os seus letrados, teñen atribuída en exclusiva unha dobre función, a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo desta.

Así, e en canto á labor de defensa en xuízo da administración, aos preitos seguidos en primeira instancia (polos gabinetes das catro provinciais e de Santiago) hai que sumarlle os recursos ordinarios e extraordinarios (de casación). A todo isto hai que engadirle ademais os preitos e recursos no Servizo Galego de Saúde e das entidades do sector público asistidas mediante convenio de colaboración.

Por outra banda, en canto á función de asesoramento xurídico, hai que ter en conta que a elaboración de informes constitúe unha das principais actividades dos letrados de cada unha das consellerías.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Os obxectivos e liñas de acción da Asesoría Xurídica Xeral son os que se definen e concretan na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público e, en xeral, a prestación de asistencia xurídica tanto contenciosa como consultiva á administración autonómica e ao seu sector público.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os obxectivos a conseguir son os propios da Asesoría Xurídica Xeral definidos na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e que se concretan no asesoramento á administración autonómica e ao sector público en asuntos constitucionais así como a representación e defensa ante o Tribunal Constitucional; no asesoramento á administración da comunidade autónoma e ao seu sector público en materia de dereito comunitario europeo e o seguimento de normativa comunitaria; no asesoramento e emisión de informes en dereito á administra-

ción autonómica e ao seu sector público; no estudo e informe dos anteproxectos de lei e dos proxectos de normas regulamentarias e na defensa e representación en xuízo da administración autonómica e das entidades pertencentes ao seu sector público.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Asesoría Xurídica Xeral e, dentro dela os seus letrados e letradas, teñen atribuída en exclusiva as funcións de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo desta.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

O Consello da Xunta na súa reunión de once de xullo de dous mil trece aprobou un Acordo conxunto da Secretaría Xeral da Igualdade e da Asesoría Xurídica Xeral para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en casos de morte por causa de violencia de xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia

III.1.4. PROGRAMA 121C - RELACIÓNS INSITUCIONAIS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto está configurado para atender o exercicio das funcións que ten asignadas a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias en execución do previsto no vixente decreto de estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Proba disto é a súa destacada liña de traballo na coordinación e canalización das actividades da Xunta en relación coas iniciativas de control e impulso do Parlamento de Galicia, exercendo como canle de comunicación axeitada entre a Xunta de Galicia e o Parlamento respecto á tramitación de calquera tipo de iniciativa parlamentaria e solicitando das distintas consellerías ou órgano da Xunta os informes procedentes para a resposta e tramitación das iniciativas que derivan da función de control e impulso ao Goberno e a elaboración das respostas ás preguntas escritas.

Por outra banda, outro dos obxectivos principais desta dirección xeral será o seguimento dos acordos parlamentarios e, especialmente, do desenvolvemento do programa legislativo aprobado polo Consello da Xunta.

Na súa vertente de Relacións Institucionais, a dirección xeral centrarase tamén en optimizar as relacións bilaterais da Xunta de Galicia co Goberno de España, tanto dende o punto de vista de resultados como dende o de custo económico.

Así, búscase o fomento e mellora das relacións coa Administración xeral do Estado, reforzando a regularidade das reunións da Comisión Bilateral de Cooperación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Dende esa comisión, buscarase iniciar negociacións para a transferencia de novas competencias naquelas materias nas que a nosa comunidade ten un especial interese, coidando sempre

de que veñan acompañadas da suficiente dotación económica para sostelas. Tamén xestionarase a conflitividade constitucional, intentando solucionar mediante a negociación os conflitos de competencias que poidan xurdir entre as partes. E reivindicarase a necesaria participación e audiencia de Galicia na toma de decisións e na elaboración de disposicións normativas de rango estatal que poidan afectar as súas competencias e á prestación dos seus servizos ou distorsionar a súa planificación económico-orzamentaria.

A cooperación horizontal coas demais comunidades autónomas é outro obxectivo prioritario para a dirección xeral, que buscará reforzar o seguimento das súas disposicións normativas e tamén potenciar a colaboración a través de convenios e protocolos que permitan compartir servizos e recursos, unificar criterios e aportar eficiencia ao funcionamento do noso modelo territorial e á prestación dos servizos públicos.

Neste ámbito, cómpre sinalar a intensa actividade desenvolvida nos últimos anos, coa materialización de distintos acordos de cooperación con Comunidades Autónomas que comparten intereses e demandas comúns. Así, o 25 de outubro de 2017, tivo lugar o Encontro dos Gobernos de Galicia, Madrid e Castela León, e o 4 de decembro de 2017 o Encontro dos Gobernos de Galicia, Asturias e Castela e León, un marco de traballo compartido en ámbitos capitais como a demanda dun novo modelo de financiación autonómica ou a necesidade de impulsar estratexias de colaboración para abordar o reto demográfico, que se veu ampliado a outras Comunidades Autónomas nos Encontros celebrados o 19 de febreiro de 2018 (Galicia, Asturias, Aragón e Castela e León) e o pasado 10 de setembro de 2018 (Galicia, Asturias, A Rioxa, Aragón, Castela A Mancha e Castela e León).

Por último, dentro do compromiso da Xunta de Galicia coa transparencia, seguirase mantendo o funcionamento do Rexistro de Convenios, actualizándoo para facilitar o acceso ao mesmo por parte das persoas interesadas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

No exercicio destas funcións non se ve afectado ningún colectivo en particular, senón o total da poboación galega.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A dinámica administrativa e parlamentaria española complicouse nos últimos anos dende un punto de vista cualitativo, xa que a cambiante dinámica socioeconómica do Estado e a influencia da produción normativa europea motivan, xunto a outros factores, a complexidade crecente da normativa española, abarcando habitualmente co mesmo produto normativo funcións pluridisciplinares e multisectoriais.

A efectos prácticos isto implica unha maior carga de traballo e unha maior complexidade do seu desempeño.

As medidas levadas a cabo pasaron pola implementación de novas aplicacións informáticas, que permiten axilizar e mellorar o traballo a realizar, e polo esforzo persoal e directo dos funcionarios da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal que comprende as actuacións do programa é o seguinte:

- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.
- Decreto 351/2009, do 9 de xullo, polo que se regula a legalización de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que deban producir efectos no estranxeiro.
- Orde do 12 de marzo de 2003 pola que se dispón a publicación do acordo de aprobación das normas de organización e funcionamento da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado- Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 379/2009, do 27 de agosto, polo que se crea a Comisión de seguimento de disposicións normativas estatais e doutras comunidades autónomas.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os beneficios que se pretenden acadar son: mellorar a canle de comunicación entre a Xunta de Galicia e o Parlamento galego, salvagardar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia e garantir o coñecemento e acceso da cidadanía aos convenios que sexan autorizados polo Consello da Xunta de Galicia e os que outorguen os departamentos da Xunta, organismos autónomos e entes de dereito público da Administración autonómica.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	

Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións institucionais e Parlamentarias

III.1.5. PROGRAMA 122A - AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Unha administración de maior calidade debe de impulsar actuacións orientadas ao logro da eficacia no seu funcionamento, a eficiencia na asignación de recursos, ao impulso da transparencia e á axilización de procedementos administrativos; a potenciar o acceso electrónico aos servizos públicos e a garantir o coñecemento dos dereitos das persoas usuarias e, en definitiva, ao establecemento dos mecanismos necesarios para a mellora continua dos servizos públicos incrementando así o grao de satisfacción da cidadanía.

Neste marco, os obxectivos e liñas de acción da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, ademais de dar continuidade a actuacións e proxectos xa iniciados en exercicios anteriores, son os que se indican a continuación:

- Velar, supervisar e seguir propoñendo criterios e actuacións normalizadas para o mellor cumprimento das obrigas de publicidade activa e do dereito de acceso da cidadanía á información pública de conformidade coa normativa básica de transparencia e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno co obxecto de que Galicia continúe á cabeza das administracións públicas mais transparentes.
- En relación co anterior, fomentar e coordinar a posta en marcha de accións que permitan incrementar o nivel da calidade e reutilización da información pública que difunde o sector público autonómico a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto para a súa consolidación como punto de referencia e acceso da cidadanía.
- Garantir o eficiente funcionamento da oficina de defensa das persoas usuarias dos servizos públicos, en cumprimento da Lei 1/2015, do 1 de abril e do Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico

de Galicia, que ten como obxectivos entre outros, servir de enlace entre a cidadanía e o sector público autonómico, centralizar a tramitación das suxestións e queixas promovendo a participación cidadá e propoñer actuacións de mellora ou accións correctivas das deficiencias que se detecten no seu caso, no funcionamento do sector público autonómico. Así, moitas melloras organizativas tiveron a súa causa nas mais de 1.700 suxestións e queixas tramitadas dende a súa posta en funcionamento, como a axilización e automatización das comunicacións de queixas no agro galego, os avisos de retirada de niños de vespa velutina, as melloras dos protocolos na xestión de citas das solicitudes de dependencia e discapacidade ou na sinalización dos edificios administrativos, entre outras.

- Dentro do compromiso co incremento da participación cidadá e da eficiencia na xestión pública, garantir a dispoñibilidade de todos os canles de presentación de suxestións e queixas previstas no decreto de atención á cidadanía poñendo especial atención na modalidade de recepción telefónica dirixido especialmente á facilitar a accesibilidade ás persoas con discapacidade visual.
- Afondar nas técnicas, metodoloxías e sistemáticas que permitan a implantación de sistemas de xestión de calidade no sector público autonómico, o establecemento de estándares de calidade na prestación dos servizos públicos e a avaliación das demandas cidadás a través da realización de estudos sobre o seu grao de satisfacción. Para iso continuarase co desenvolvemento da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración a través, entre outras medidas, dos plans plurianuais de mellora da calidade.
- Impulsar, asesorar e apoiar aos órganos, servizos e unidades na elaboración e actualización das súas cartas de servizo, en especial, no relativo ao establecemento de indicadores e estándares de calidade, emitindo informe con carácter previo á súa aprobación pola consellería ou entidade instrumental respectiva.
- Avaliar a experiencia piloto de análise de cargas de traballo finalizada no ano 2018 na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e por en practica as melloras e recomendacións obtidas do método, con carácter previo a súa extensión as restantes unidades administrativas.
- Unha vez rematado o Plan de Axilización Administrativa (Plan Achega 2014-2016), no que máis de 900 procedementos administrativos foron simplificados e incorporados á sede electrónica da Xunta de Galicia para o seu inicio, favorecendo unas relacións máis áxiles e próximas coa cidadanía, o obxectivo seguinte é acadar unha tramitación electrónica integral no novo contexto da administración dixital, en cumprimento da normativa vixente en materia de procedemento administrativo común.
- Un proceso que se está a levar a cabo en colaboración coa AMTEGA e que está a implicar entre outras actuacións a necesidade de normalizar os formatos electrónicos de toda a documentación administrativa, determinar os mecanismos e os procesos de conservación e de eliminación dos expedientes e dos seus documentos, así como o acceso

aos mesmos de xeito electrónico coa conseguente redución das cargas administrativas e aforro en tempos.

- Continuar co labor de control que a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico atribúe a este departamento no relativo aos procesos de creación de novas entidades instrumentais ou de integración no sector público autonómico doutras existentes, a través do análise e informe sobre á súa procedencia, tendo en conta razóns de eficacia, autonomía de xestión e non duplicidade.
- Continuar co proceso de acreditación dixital e co establecemento dun sistema de información e control horario dos empregados públicos das entidades públicas instrumentais que restan, logo de ter finalizado o proceso no ámbito da Administración xeral, co obxecto de vixiar o cumprimento da normativa vixente en materia de xomada, horario, permisos e licenzas.
- Afondar no proceso de simplificación administrativa en colaboración coa AMTEGA destinado a eliminar os trámites e documentos innecesarios ou en poder da administración, reducir as cargas administrativas, así como os tempos de tramitación.
- Continuar coa promoción da flexibilidade horaria e do teletraballo no sector público autonómico. Ditas medidas de conciliación da vida familiar e laboral foron postas en marcha no ano 2014. Na actualidade, preto de 11.000 empregados públicos están acollidos á flexibilidade horaria (concretamente 10.801) e máis de 300 (concretamente 309) acollidos ao teletraballo.
- Informar as estruturas orgánicas e as relacións de postos de traballo seguindo criterios de racionalidade para acadar así unha Administración pública máis eficaz e eficiente.
- Analizar e informar todas as normas reguladoras dos procedementos administrativos, e as bases e convocatorias das axudas e subvencións do sector público autonómico, propoñendo criterios de racionalización e simplificación de trámites, eliminando documentación innecesaria ou en poder da administración e normalizando os anexos a utilizar pola cidadanía.
- Actualizar permanentemente a guía de procedementos e servizos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, garantindo que estea a disposición de toda a cidadanía a lexislación aplicable, os requisitos e documentación necesaria para a súa tramitación, os seus prazos de resolución, o órgano responsable da súa xestión, a necesidade de abono de taxas, se fose necesario, así como os modelos normalizados dispoñibles.
- Promover a implantación dos contratos programa nas entidades instrumentais do sector público autonómico, en especial nas axencias públicas autonómicas, velando polo cumprimento dos obxectivos e compromisos asumidos nos mesmos a través das respectivas comisións de control e seguimento.
- Levar a cabo o rexistro e seguimento das pautas de actuación recollidas no Código ético institucional da Xunta de Galicia.
- Coordinar e impulsar o sistema de información pública da Xunta de Galicia.

- Avaliar periodicamente a calidade do sistema de información administrativa, propoñendo as medidas de mellora precisas co fin de facilitarlles á cidadanía os servizos que demandan.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións diríxense a todas as entidades do sector público autonómico galego con independencia da súa localización xeográfica así como a todos os procedementos e servizos públicos que presta a administración da Xunta de Galicia, incluídos aqueles destinados aos galegos/as residentes no exterior. A cidadanía galega, será a beneficiaria destas accións xa que o obxectivo é acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión pública.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Xunta de Galicia mantén aberta unha axenda de reformas iniciada no ano 2009 e que proseguirá no presente exercicio orzamentario. Trátase dunha axenda de mellora continua - centrada na modernización da Administración autonómica - e vertebrada en ámbitos esenciais como o da transparencia, a eficiencia na xestión pública, a redución de trámites, a eliminación de duplicidades, o aproveitamento do potencial tecnolóxico, a simplificación de estruturas e de cargas administrativas ou a mellora do marco regulatorio, entre outras.

Múltiples iniciativas que converxen nun único propósito final: mellorar a xestión e incrementar a calidade dos servizos e prestacións que reciben os cidadáns de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30, do 15 de febreiro de 2016).
- Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración (DOG nº 81, do 30 de abril de 2015).
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (DOG nº 17, do 27 de xaneiro de 2014).
- Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 48/2014, do 30 de abril, polo que se autoriza o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para adaptar e incorporar á sede electrónica os procedementos administrativos da Xunta de Galicia (DOG nº 83, do 2 de maio).
- Orde do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o

teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 249, do 31 de decembro de 2013.), modificada por Orde do 5 de setembro do 2016.

- Orde do 7 de decembro de 2012 pola que se regula a tarxeta de acreditación especial de empregados públicos do sector público autonómico.
- Orde do 25 de maio de 2011 pola que se regula a tarxeta do persoal ao servizo do sector público autonómico.
- Resolución do 8 de setembro de 2014, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 polo que se aproba o Código ético institucional da Xunta de Galicia (DOG nº 179, do 19 de setembro de 2014).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Racionalización, reordenación e reestruturación do sector público autonómico de Galicia. Simplificación, redución de cargas administrativas, incremento da transparencia e mellora da calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

III.1.6. PROGRAMA 122B - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A Escola Galega de Administración Pública orientará a súa actuación a garantir o cumprimento, coa máxima eficiencia, dos obxectivos marcados na súa lei de creación. Así, procurará consolidar a súa oferta formativa, mesmo ampliándoa, optimizando os recursos dispoñibles.

Baixo esta premisa, algunhas das necesidades que atenderá o programa son as seguintes:

- A necesidade de universalizar a formación da EGAP, o que se acadará a través dun plan formativo único, que integra a formación destinada aos distintos colectivos de empregados públicos da comunidade autónoma.
- A necesidade de modernizar e mellorar a eficiencia no seu traballo do persoal das distintas administracións, para o cal se ofertará unha formación común, pero tamén uns contidos diferenciados e específicos adecuados ás necesidades de cada colectivo que atenda ás especificidades e aos desafíos concretos que se lle presentan ao persoal de cada administración.
- A necesidade de que os empregados públicos o persoal empregado público e a sociedade en xeral conte cun foro de debate, o que se conseguirá a través da realización de actividades divulgativas, tales como xornadas, cursos monográficos, congresos, seminarios e conferencias en materias de interese para as administracións públicas e a sociedade no seu conxunto, con especial atención ás novidades normativas, e aos desafíos retos que se lles presentan actualmente ás administracións públicas.
- A necesidade de conciliar a vida laboral e familiar dos empregados públicos, para o cal a EGAP aposta, a partir de criterios de innovación pedagóxica, polas diferentes contornas de aprendizaxe e metodoloxías de carácter flexible, entre as que están a autoformación e a teleformación, ou o uso de sistemas de videoconferencia, configurándose a pluralidade de formatos, modalidades e metodoloxías de ensino como unha das liñas distintivas da acción formativa da EGAP.
- A necesidade de capacitación e actualización constante dos coñecementos do persoal empregado público e, en relación con ela, a de que se presten uns servizos de calidade á sociedade, para o cal a EGAP adecuará a súa oferta formativa ás necesidades e aos desafíos das administracións públicas, desde un compromiso de transparencia e ética pública.
- A necesidade de internacionalizar a actividade formativa de cara a ampliar a dita actividade e aforrar custos, para o que se asinarán convenios e acordos para a realización de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel nacional e internacional.
- A necesidade de lograr o maior grao de difusión, ampliación, mantemento e difusión do coñecemento xerado a partir das actividades organizadas pola escola, para o que se

aposta especialmente pola utilización das tecnoloxías da comunicación e a información de cara a crear espazos que favorezan a posta á disposición dos interesados do fondo bibliográfico e documental da EGAP.

- A necesidade de incorporar a opinión dos distintos axentes participantes no proceso formativo e de tomar en consideración as peculiaridades de cada modalidade de impartición para adecuar a formación ás necesidades reais e ás expectativas das persoas usuarias, o que se logra mediante un Sistema Integral de Avaliación da Calidade da Formación da Escola.
- A potenciación da formación na lingua galega, reforzando a misión da escola de difundir e normalizar o idioma galego na Administración pública e de contribuír á capacitación lingüística do seu persoal, co obxecto de facer reais e efectivos os dereitos da cidadanía en materia lingüística, mediante a realización de actividades destinadas ao persoal das distintas administracións e o incremento do uso dos medios telemáticos na formación en lingua galega.
- A necesidade de contar con programas de capacitación e formación para o exercicio da función directiva -curso para a obtención do diploma de directivo/a da Xunta de Galicia- e predirectiva –actividades formativas para xefes/as de sección e negociado- na Administración, así como de organizar e impartir cursos selectivos para o acceso aos corpos e escalas da Administración autonómica que se determine, así como o acceso aos corpos de funcionarios locais con habilitación de carácter estatal.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A escola ofrece formación aos seguintes colectivos: empregados/as públicos ao servizo da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia (20.447 persoas), empregados/as públicos da Administración local (25.748 persoas), empregados/as de xustiza transferidos á comunidade autónoma (2.788 persoas) e persoal da administración e servizos do Sistema Universitario de Galicia (PAS) (4.088 persoas). En total, a EGAP atende ás demandas de formación de 53.061 empregados/as públicos. Por outra banda a EGAP tamén é un organismo aberto á sociedade, especialmente por tratar daqueles temas de actualidade e de especial interese social, desenvolvéndoos a través de xornadas, seminarios e a súa páxina web, instrumentos aos que pode acceder calquera persoa allea á Administración.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A EGAP elabora para cada un dos colectivos mencionados anteriormente (Administración autonómica, local, xustiza e PAS)- e en estreita colaboración co persoal que os representa a estes efectos- un programa de formación específico que se integra, no caso dos tres primeiros colectivos, no plan de formación da EGAP. O devandito plan de formación, así como o programa que se aproba para o PAS mediante convenio coas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia, materialízanse en convocatorias de cursos que se publican no DOG. A través das actividades convocadas, a escola forma aos empregados/as públicos tanto con materias de carácter transversal (procedemento administrativo, ofimática, lingua galega, idiomas estranxeiros, xénero

etc.), que incrementan súa capacitación profesional- promovendo o seu desenvolvemento persoal e facilitando a súa mobilidade e promoción profesional- como con outras materias específicas máis estreitamente relacionadas cos diversos ámbitos de traballo da administración.

Este programa de gasto reflicte o esforzo realizado de cara a consolidar a impartición da formación de acordo con criterios de racionalización e eficiencia no gasto público, criterios que permiten manter, en todo caso, tanto os niveis de calidade na prestación do servizo coma as diferentes liñas de acción do organismo e tanto no ámbito da formación coma no ámbito da investigación e divulgación.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 143, do 2 de xuño), modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo (DOG nº 141, do 24 de xullo).
- Decreto 306/1990, de 24 de maio, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento da EGAP (DOG nº 141, do 12 de xuño).
- Decreto 52/2013, do 14 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 62, do 1 de abril).
- Decreto 294/1992, do 10 de setembro, que regula o diploma de directivo (DOG nº 208, do 26 de outubro), modificado polo Decreto 1/1995, do 12 de xaneiro (DOG nº 9, do 13 de xaneiro de 1995) e polo Decreto 319/1996, do 26 de xullo (DOG nº 153, do 6 de agosto de 1996) e polo Decreto 172/2011, do 4 de agosto (DOG nº 159, do 22 de agosto de 2011).
- Resolución do 4 de xaneiro de 2008, pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008).
- Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas do 9 de marzo de 2018 (BOE nº 74, do 26 de marzo).
- Decreto 13/2014, do 30 de xaneiro, polo que se crea a Comisión Paritaria de Formación Local da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 29, do 12 de febreiro de 2014).
- Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 30 de abril de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2018, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (DOG nº 91, do 14 de maio).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Mediante as diferentes actividades formativas, a EGAP procura a capacitación profesional dos empregados públicos coa finalidade non só de mellorar o seu rendemento laboral e de facilitar a súa mobilidade dentro da administración, senón tamén de ofrecer un mellor servizo á sociedade.

Ademais, a EGAP, a través das diferentes actividades de divulgación (xornadas, seminarios, edición de publicacións) pretende achegar á sociedade en xeral aqueles temas relacionados coa administración que poidan ser do seu interese, e facilitar a comprensión das diferentes novidades normativas.

Finalmente, a escola traballa con diferentes iniciativas relacionadas coa detección de necesidades formativas, a calidade e a satisfacción dos usuarios, que contribúen a mellorar non só a formación, senón que tamén axudan a racionalizar os procesos de xestión.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Escola Galega de Administración Pública vén desenvolvendo actividades de formación sobre igualdade e violencia de xénero dirixidas a todos os colectivos do persoal da administración, que se imparten a través das distintas metodoloxías de ensino, co propósito de achegar a formación nesta materia ao maior número posible de destinatarios. Hai que destacar o incremento da oferta formativa nesta materia que se vén producindo nos últimos anos e tamén a diversificación dos contidos.

As actuacións da EGAP neste eido víñanse enmarcando no Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes, e desenvólvense tamén ao abeiro da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, achegando periodicamente datos acerca da actividade formativa da EGAP cos que avaliar a súa contribución neste eido. Pero, no vindeiro ano, esta formación terá un novo alicerce que ven constituído polo Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto, establecece a obriga de que os centros encargados da formación do persoal empregado público deseñen e executen plans de formación en igualdade entre mulleres e homes e prevención e loita contra a violencia de xénero. Estes plans deberán ter en conta a estrutura desta formación en tres niveis (básico, medio e superior), polo que a formación impartida pola EGAP nesta materia adecuarase a este esquema e adaptará o volume da súa acción formativa aos prazos de referencia recollidos na referida norma.

Ademais da formación especificamente centrada en materia de igualdade, incorpóranse este tipo de contidos nos programas doutras actividades formativas, co propósito de que o alumnado poida formarse en contidos xenéricos respecto do xénero e a igualdade. Trátase, en definitiva, de achegar os conceptos básicos en materia de igualdade de oportunidades e as ferramentas necesarias para integrar a perspectiva de xénero no traballo cotián dos do persoal empregado público.

Así, nas actividades que organiza a escola abórdase a igualdade desde unha perspectiva xurídica, para coñecer o marco legal das políticas de igualdade e aténdese especificamente á igualdade nas administracións públicas, mediante o estudo da avaliación do impacto de xénero e os instrumentos de intervención nesta materia.

Porén a formación neste eido non se circunscribe á igualdade no contexto da Administración pública, senón que tamén se forma ao persoal desde a perspectiva de xénero noutros ámbitos, para fomentar a igualdade en todos os contextos.

Así mesmo, seguirá a desenvolverse un módulo sobre políticas de igualdade nas actividades formativas de maior impacto e que procuran unha capacitación xeral e multidisciplinar do persoal empregado público, co propósito de incorporar a cuestión de xénero como unha materia transversal á formación daquel. Por outra banda, e para promover a igualdade no acceso á formación de todo o persoal ao servizo da administración, a EGAP asignaselle unha puntuación adicional no baremo de selección ás persoas que gozasen dunha licenza de maternidade, dun permiso

de paternidade, dunha redución de xomada ou dunha excedencia para o coidado de familiares, favorecendo así a súa preferencia no acceso ás actividades de formación.

Polo que se refire ás actividades formativas organizadas pola EGAP durante o ano 2017-2018, poden extraerse os seguintes datos:

- % de mulleres que participaron nas actividades formativas: 66,2%.

Así pois, do total do alumnado que participou nas actividades formativas da EGAP en 2017, un 66,2% foron mulleres, o que vén dar conta do elevado grao de participación das empregadas públicas no conxunto da formación desenvolta pola escola.

Se atendemos de xeito diferenciado aos distintos colectivos de empregados públicos aos que se dirixe a formación da EGAP, atopamos que, nos cursos dirixidos ao persoal ao servizo da administración da comunidade autónoma, o 66,1% son mulleres. No caso das actividades para o persoal ao servizo da Administración local, un 67,3% dos participantes foron mulleres. Hai que destacar tamén a elevada presenza feminina nas actividades dirixidas ao persoal da Administración de xustiza, cun 75,1% de mulleres. Finalmente, no caso das actividades que desenvolve a EGAP dirixidas ao persoal de Administración e Servizos (PAS) das universidades galegas, atopamos que un 65% das persoas que participaron nas ditas actividades foron mulleres.

- Nº de cursos impartidos en 2017 en materias especificamente relacionadas coa igualdade ou a prevención da violencia de xénero: 17 edicións de 9 cursos.

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS POR EDICIÓN	PERSOAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO SE É POSIBLE)
A trata de seres humanos con fins de explotación sexual: a nova escravitude do século XXI	1	21 horas	Total= 50 Mulleres= 42
Formación básica en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	2	21 horas	Total= 23 Mulleres= 19
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	3 7	30 horas	Total=339 Mulleres=249
Módulo II. - Violencia de xénero e familiar. Tramitación	1	30 horas	Total=50 Mulleres=42
Violencia de xénero	2	21 horas	Total= 18 Mulleres= 12
Violencia de xénero e mulleres con discapacidade	1	30 horas	Total=49 Mulleres=45
Deseño e avaliación de políticas públicas con perspectiva de xénero	1	25 horas	Total= 11 Mulleres= 8

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS POR EDICIÓN	PERSONAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO SE É POSIBLE)
Estratexias para a eliminación de estereotipos de xénero no exercicio da actividade	1	20 horas	Total= 18 Mulleres= 16
Xénero e igualdade nas administracións públicas. A súa evolución normativa	2	25 horas	Total= 96 Mulleres= 71

- Nº cursos impartidos en 2017 nos que existe un módulo de igualdade: 3 cursos (10 edicións).

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS POR EDICIÓN	PERSONAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO SE É POSIBLE)
Perfeccionamento de xefatura de negociado	6	15 (*)	Total= 196 Mulleres= 142
Perfeccionamento de xefatura de sección	4	15 (*)	Total= 199 Mulleres= 138
Manual de estilo do Diario Oficial de Galicia e outras publicacións institucionais	2	2 (*)	Total= 68 Mulleres= 43

(*) As horas reflectidas na táboa refírense ao módulo de igualdade. A duración total de cada un dos cursos foi de 80 horas para os cursos de xefatura de negociado, 120 horas para os cursos de xefatura de sección e 20 horas o curso de Manual de estilo do Diario Oficial de Galicia e outras publicacións institucionais.

Por outra parte, entre o conxunto do persoal docente da EGAP, isto é, os titores/as das actividades en liña e os docentes da formación presencial, rexistramos así mesmo unha notable presenza feminina, sendo un total de 214 as mulleres que participaron como colaboradoras docentes da EGAP ao longo do 2017.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X

Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Formación do persoal ao servizo da Administración pública para a aplicación do principio de igualdade e a prevención da violencia de xénero, incrementando o número de actividades formativas relacionadas especificamente coa igualdade de xénero ou os cursos que incorporan un módulo de igualdade.

Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas participantes nas actividades formativas da EGAP, coa finalidade de promover a corresponsabilidade e a asunción de responsabilidades familiares entre mulleres e homes, mantendo ou incrementando o número de actividades formativas que se ofertan en formato e-learning.

Proxectar o principio de igualdade nos distintos ámbitos de actuación da Administración pública.

Recoller a perspectiva de xénero nas estatísticas, memorias, informes e outro tipo de material divulgativo que edite a EGAP.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Con este programa conséguese de maneira efectiva a igualdade de trato e oportunidades no acceso á formación de todo o persoal ao servizo da Administración autonómica e local. Así mesmo, téñense en conta as diferenzas que seguen existindo entre mulleres e homes respecto á asunción das responsabilidades familiares, polo que ao ofertar un porcentaxe considerable da actividade formativa na modalidade de teleformación, estase a favorecer a conciliación e a coresponsabilidade.

Ademais, ao incluír módulos específicos sobre igualdade en cursos de temática xenérica promóvese a conciencia de que se debe aplicar a perspectiva de xénero de xeito transversal nas diferentes áreas competenciais da Xunta de Galicia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Escola Galega de Administración Pública

III.1.7. PROGRAMA 123A - ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa está orientado a contribuír a financiar os gastos de alimentación do colectivo de traballadores da Xunta de Galicia.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Subvencionar os gastos de alimentación do persoal da Xunta de Galicia mediante a entrega de bonos de comedor aos traballadores/as que prestan os seus servizos en Santiago de Compostela, que así o soliciten, o que lles permite obter unha redución do prezo do menú de 1,2 € sobre o prezo marcado, na cafetería de San Caetano.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Colectivo de traballadores da Xunta de Galicia con destino en Santiago de Compostela.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Mantense a partida orzamentaria destinada a subvencionar os bonos de comedor dos traballadores que prestan servizo en Santiago de Compostela.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Contribuír a financiar os custos de alimentación dos traballadores da Xunta de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.8. PROGRAMA 131A - ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa na súa concreción ven de soportar o funcionamento dos servizos centrais e periféricos da consellería asociados á Administración de xustiza.

Concretamente o programa recolle o orzamento de gastos que xestionan a Dirección Xeral de Xustiza en coordinación coa Secretaría Xeral Técnica, destinados a garantir o exercicio das competencias en materia de provisión de medios materiais e persoais para o funcionamento da Administración de xustiza.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa de gasto ten carácter sectorial, dirixido directamente ao sostemento dos gastos xerados polos operadores da Administración de xustiza en Galicia, e de modo amplo, dirixido ao sostemento da Xustiza como servizo público fundamental para os cidadáns.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na actualidade este programa de gasto contribúe á mellora da xestión realizada pola Administración autonómica, fundamentalmente en dúas vertentes: por un lado os gastos de funcionamento dos órganos e servizos xudiciais en Galicia, e por outra banda os gastos de mantemento do servizo de Asistencia Xurídica Gratuíta.

Polo que respecta aos gastos de funcionamento da Administración de xustiza, os axustes a realizar deben contribuír á racionalización dos gastos que se viron incrementados nos últimos anos, en primeiro lugar polo incremento no prezo dos artigos e servizos contratados, e en segundo lugar polo feito de que a estrutura da Administración de xustiza en Galicia experimentou un continuo crecemento desde a asunción de competencias. A pesar destes incrementos, o nivel de gasto en bens e servizos non experimentou o mesmo crecemento, en grande medida debido á política da consellería de contratar de modo centralizado e mediante procedementos abertos as subministracións e servizos, o que está contribuíndo de xeito fundamental á contención do gasto, así como o emprego do parque móbil nos desprazamentos do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

Polo que respecta aos gastos asociados ao servizo de asistencia xurídica gratuíta, debemos resaltar a consolidación do esforzo inversor e a mellora na xestión e informatización do servizo.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco normativo no que se encadra este programa ten a súa orixe no artigo 20 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), que recolle unha chamada cláusula subrogatoria ou residual que fai relación ao exercicio pola nosa comunidade autónoma de todas as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúen ao Goberno do Estado en relación coa Administración de xustiza, materia esta que a sentenza do Tribunal Constitucional 56/1990, do 29 de marzo, denominou “administración da Administración de xustiza”.

Concretamente en base a este artigo do Estatuto de Autonomía aprobouse o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios

materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, que foron asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro. Do mesmo xeito aprobouse o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro, sobre ampliación do traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e os institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo).

Desde xeito quedou completado o proceso de transferencias de medios materiais e persoais en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia.

O marco das competencias da Comunidade Autónoma nesta materia resultan da relación das anteditas normas coas previsións da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985 do Poder Xudicial.

Así mesmo, e en virtude do disposto na Lei orgánica 4/2014, do 11 de xullo, complementaria da lei de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, transfírese á comunidade autónoma a xestión da xubilación do persoal ao servizo da Administración de xustiza con destino en Galicia, competencia reservada ata agora ao Ministerio de Xustiza.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Como antes se dicía, a finalidade xeral que persegue o programa é dar soporte á Administración de xustiza en Galicia, incidindo especialmente na posta en marcha de actuacións tendentes ao seu mellor funcionamento e modernización. Para conseguilo é preciso artellar unha serie de políticas instrumentais coa finalidade de dotar os medios de soporte da Administración de xustiza, incluíndo os recursos humanos auxiliares, concretamente aqueles medios económicos para o pagamento das valoracións e peritaxes, as locomocións e indemnizacións por razóns de servizo, así como o fornecemento dos medios materiais relativos ás infraestruturas inmobiliarias, o equipamento mobiliario e instrumental e outros subministros dos xulgados, tribunais, fiscalías, rexistros civís, instituto de medicina legal e demais servizos da Administración de xustiza en Galicia.

Así mesmo dentro deste mesmo programa artículase a xestión do sistema de asistencia xurídica gratuíta, no relativo á regulamentación administrativa, recoñecemento das prestacións aos cidadáns beneficiarios e correlativa indemnización económica á avogacía e á procura polos servizos profesionais.

Outros obxectivos fundamentais que persegue o programa son o deseño do modelo de implantación da nova organización da Administración de xustiza a través da implantación da Nova Oficina Fiscal, así como mediante a implantación progresiva dos servizos procesuais comúns da Nova Oficina Xudicial.

O esforzo económico deste programa está en relación á mellora da estrutura da Administración de xustiza en Galicia, que ven experimentando un continuo crecemento desde a asunción de competencias, co correspondente incremento no número de postos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O Programa ten por obxecto a mellora da organización e funcionamento da administración de xustiza, dotando aos órganos e aos servizos xudiciais en Galicia dos medios materiais e económicos necesarios para que desenvolvan a súa actividade de xeito eficaz e eficiente.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Coa aprobación da Lei de Racionalización do sector público, no ano 2013, Galicia dotouse por primeira vez dunha norma legal que establece que os poderes adjudicadores da administración autonómica deben ter en conta criterios sociais na elaboración dos seus pregos de contratación.

Posteriormente, no ano 2015 coa aprobación Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración volveuse incidir neste eido, incorporando previsións como a

de considerar incumplimento grave que xustifica a resolución dun contrato a vulneración dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras (en especial os permisos de paternidade e maternidade), xa sexa directamente ou mediante coaccións.

En cumprimento desas obrigas legais, a Asesoría Xurídica da Xunta elaborou unha Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego, aprobada polo Consello da Xunta o 17/09/2015, para que os órganos de contratación dispoñan de pautas para concretar esa obriga legal. A elaboración desta guía enmárcase nunha serie de decisións adoptadas nos últimos tres anos para desenvolver o Plan de Mellora da Contratación Pública.

Exemplos de aplicación desta normativa e das recomendacións das guías en licitacións xa realizadas pódense consultar na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

A estas accións únense as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da Xunta en 2018.

Finalmente, cómpre sinalar que a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social abarca a investigación de calquera denuncia de incumplimento da lexislación en materia laboral, seguridade e saúde laboral, incluso por quen non estea afectado directamente pola suposta infracción, ademais de desenvolver un Plan Anual para velar polo cumprimento das condicións laborais das persoas traballadoras galegas que se consensúa cos interlocutores sociais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As distintas actividades levadas a cabo con base a este Programa, así como do resto dos Programas desta Consellería, contribúen, de forma xeral, a garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Xustiza

III.1.9. PROGRAMA 141A - ADMINISTRACIÓN LOCAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A Dirección Xeral de Administración Local, no marco e execución das súas competencias, persegue como obxectivos prioritarios:

- A optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía.
- O logro de melloras progresivas na cooperación coas entidades locais.
- O avance en dotacións e servizos prestados aos administrados.
- O fomento e o impulso da incorporación das novas tecnoloxías e da e-Administración ou administración electrónica nas entidades locais, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- A colaboración coa Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Dirección Xeral de Administración Local.
- O establecemento, dentro do marco básico estatal, dun réxime normativo propio para a administración local galega, efectuando as adaptacións e propostas, tanto a nivel lexislativo como regulamentario, que reflectan as particularidades e características propias, tanto danosa Comunidade Autónoma, como das nosas entidades locais.
- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución de liñas de subvención destinadas a eles, con incidencia no mundo local con especial énfase no apoio aos concellos na prestación dos servizos que lle son propios, apoiando a creación e a mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais para que os concellos poidan contar con espazos dignos e adecuados para a prestación dos servizos que teñen encomendados.
- A colaboración cos concellos galegos con medidas de apoio ás policía locais da nosa comunidade, con especial fincapé no reforzo da seguridade cidadá naqueles concellos con elevado incremento poboacional durante a tempada de verán.
- O apoio ás fórmulas de colaboración cooperación intermunicipal, que racionalicen servizos e recursos para ofrecer uns mellores servizos á cidadanía, favorecendo na concesión das axudas ás entidades locais que se acollan a estas fórmulas.
- O impulso ao asociacionismo municipal das entidades locais mediante iniciativas que premien accións concretas de colaboración na xestión conxunta de servizos entre agrupacións de concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, no eido das subvencións e do sostementocomún dos postos de habilitados no que se fomentará as agrupacións de concellos

- O apoio aos procesos de fusión voluntaria de concellos, tanto a nivel normativo, co establecemento de vantaxes obxectivas para os concellos fusionados, como a nivel orzamentario, a través do Fondo especial para fusións.
- A coordinación das políticas da Xunta e as deputacións provinciais, avanzando na concreción do reparto de competencias entre gobernos e especializando a actividade das deputacións na garantía dos servizos locais nos concellos de menor poboación.
- A relación coas corporacións locais e a elaboración dos programas formativos en materia de Administración Local.
- O fomento da formación nas administracións locais de Galicia, potenciando para iso os medios dos que dispón a administración autonómica, de xeito que se asegure unha oferta formativa racional e axeitada no conxunto das administracións existentes en Galicia.
- A execución das competencias que, con respecto aofuncionariado con habilitación de carácter nacional, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.
- O impulso, en estreita relación coas entidades locais, ao desenvolvemento e materialización das accións previstas no Pacto Local, de modo que se poida acadar a implantación e desenvolvemento das previsións contidas nel.
- Os incentivos ás entidades locais que cumpren coa súa obriga anual de rendición de contas. Estas institucións cando son beneficiarias dunha subvención financiada con fondos propios da Comunidade Autónoma non teñen que xustificar o pagamento material das actuacións subvencionadas con carácter previo ao libramento da subvención, é suficiente a acreditación do recoñecemento da obriga, sen prexuízo de ter que acreditar a efectividade do pagamento da actuación no prazo de sesenta días desde a recepción dos fondos públicos.
- A xestión do Fondo de Compensación Ambiental como ferramenta de reequilibrio territorial e de impulso ao funcionamento dos servizos e á dotación de infraestruturas e realización de investimentos produtivos e xeradores de emprego no ámbito local e no financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia ambiental.
- A elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local e no ámbito das competencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Impulsar as liñas de apoio ao asociacionismo veciñal, coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade de vida local e dar un impulso efectivo a participación cidadá recoñecendo a labor realizada por estes colectivos en Galicia, incrementado o crédito adicado a esta finalidade en medio millón de euros, é dicir, un incremento do 50% sobre a consignación orzamentaria do ano 2018.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa ten carácter universal ao ter como destinatarios últimos o conxunto da cidadanía, sendo os concellos os suxeitos relevantes na implantación das actuacións previstas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A normativa xeral, constituída fundamentalmente pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece o punto de partida para o deseño das propostas a través das cales acadar os obxectivos orzamentarios.

No tocante aos concellos, cómpre indicar que o concello constitúe o nivel básico e esencial da organización territorial de Galicia. A crise financeira, que non deixou de afectar tamén as facendas locais, agudizouse no caso dos pequenos municipios, con escasa poboación e insuficientes medios económicos, que atoparon dificultades para atender as esixencias que requería a prestación dos servizos públicos. É por iso que, nun escenario de recuperación económica en consolidación, deben buscarse fórmulas e recursos técnicos e organizativos adecuados que apoiem o mantemento dun nivel óptimo de prestación de servizos ou contribúan á mellora da súa calidade, na acción de fomento individual ou mediante fórmulas de xestión compartida: convenios de colaboración, subvencións para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, para actuacións destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial que inclúan o financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia medioambiental, axudas para actuacións de reforzo das policía locais, así como o impulso do Portal Eido Local ou o estímulo definitivo á modernización da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a implantación, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, da e-Administración nos concellos de Galicia, constitúen importantes ferramentas para acadar unha prestación homoxénea dos servizos á vez que elevan o seu nivel de calidade.

Por outra banda, o fomento do asociacionismo municipal, a través das mancomunidades de concellos ou os consorcios locais, e a implantación de instrumentos e procedementos que permitan a xestión compartida de servizos municipais na acción de fomento, compoñen fórmulas de xestión que optimizan recursos a menor custo e maior efectividade, especialmente no caso dos pequenos concellos e lles permiten prestar servizos públicos de maneira adecuada e sustentable. Un campo especialmente propicio para a agrupación de pequenos concellos é o do sostemento en común dos postos reservados aos habilitados nacionais, medida que será impulsada dende a Dirección Xeral de Administración Local.

Finalmente, non se pode esquecer a existencia das asociacións veciñais. Por mandato da lei de Administración local de Galicia, desde a Xunta de Galicia deberá favorecerse o desenvolvemento das asociacións que se constituán para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños dos concellos de Galicia. As asociacións que se constituén con esta finalidade teñen a consideración de entidades de participación cidadá e, xa que logo, eríxense nun dos elementos clave de vertebración da política e da vida local dos concellos galegos. Por este motivo o asocia-

cionismo veciñal é outro dos escenarios en que se desenvolve a acción subvencional da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. O seu labor mediante o financiamento de novos investimentos e equipamentos das asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de augas e asociacións de mulleres rurais coa finalidade de mellorar a prestación dos servizos de interese local.

Outros ámbitos de actuación salientables serán as colaboracións cos colexios oficiais de secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local de Galicia. A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten atribuídas as competencias de elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local. Dentro desta materia, ten atribuída a execución das competencias que, con respecto aos funcionarios con habilitación de carácter nacional, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia. Entre as funcións dos colexios atópase o impulso, a través dos medios que procedan, do estudo do dereito e técnicas de administración que afecten aos profesionais colexiados, así como cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados, como pode ser a implantación da e-Administración. Para facilitar a consecución dos seus intereses comúns, cómpre establecer un marco de colaboración que permita xuntar esforzos con estas asociacións de carácter profesional, que agrupan o persoal funcionario con habilitación de carácter estatal, e que deben xogar un papel central no proceso de modernización e racionalización da Administración local.

Debe destacarse a cooperación internacional transfronteriza con incidencia no mundo local que impulsarse mediante o Proxecto 0101_GNP_AECT_I_E que ten por obxecto a implantación dunha ferramenta que permita a aplicación das TIC como medio que identifique e poña en valor os recursos transfronteirizos.

Por último sinalar que o fomento da cooperación local centrará a actuación deste centro directivo mediante o impulso da actuación da Comisión Galega de Cooperación Local que retomou a súa actividade no 2017.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario que comprende as actuacións do programa vén constituído por:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico o e Fondo de Compensación Ambiental.
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medias urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local

- Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa 141A. Administración Local concrétase, por unha banda, na optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía a través da convocatoria e execución de liñas de subvencións para a prestación de servizos municipais, o apoio ás policía locais, o impulso do asociacionismo entre concellos e as actuacións de seguimento do Pacto Local. Por outra banda o obxectivo do programa é a contribución á mellora da xestión administrativa local en si mesma, mediante a incorporación de novas tecnoloxías, fomento da formación do persoal, apoio á cobertura dos postos de habilitación nacional por persoal interino.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Entre os obxectivos deste programa de gasto están a de contribuír ao financiamento de equipamentos e infraestruturas nas entidades locais para a prestación de servizos á cidadanía e a realización de investimentos produtivos que seren emprego no ámbito local, así como o impulso

da Administración electrónica para posibilitar unha mellor relación entre a Administración autonómica e os concellos e entre estes e a cidadanía.

Polo que se refire á dotación de equipamentos e infraestruturas, analizado dende o punto de vista da perspectiva de xénero hai que considerar que, a pesar da súa aparente neutralidade e do suposto carácter universal, as necesidades de mulleres e homes en canto a equipamentos públicos non son iguais, derivadas da situación que se recolle en numerosos estudos e estatísticas de que as mulleres utilizan máis o espazo público para tarefas de xestión doméstica e de coidado das persoas que dependen delas (maiores ou menores) e de que seguen a existir diferenzas en canto á mobilidade.

Por este motivo, a programación das infraestruturas e dos equipamentos públicos debe realizarse tendo en conta que mulleres e homes teñen diferentes obrigas, oportunidades e necesidades. Dende o punto de vista do xénero será diferente o impacto que pode ter o financiamento para a construción dunha escola infantil ou dun centro de atención a persoas maiores, que a construción dun campo de fútbol. Así, polas características dos investimentos que se financian (prazas e paseos, espazos e parques para a infancia, obras e equipamentos para a protección do ambiente e do medio natural e para o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais), hai que considerar que este programa de gasto vai ter un impacto positivo dende o punto de vista do xénero.

Polo que se refire ao fomento da e-Administración para facilitar a relación entre as entidades locais e a cidadanía, hai que considerar a existencia dunha fenda dixital de xénero que afecta non só ao acceso aos ordenadores e a internet, senón tamén á intensidade xa que as mulleres son usuarias menos intensivas, conectándose con menos frecuencia e durante menos tempo.

En canto ao número de mulleres e homes que potencialmente poden beneficiarse do programa de gasto, debemos considerar ao total da poboación galega, xa que desde este programa de gasto desenvólvense actuacións dirixidas á Administración local galega co fin de promover a realización de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos. A diversidade de servizos que se pretende dotar ou mellorar, dentro dun amplo catálogo que vai desde as infraestruturas de uso público ata a realización de obras, equipamentos e subministracións para a prestación dos servizos públicos relacionados no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, permite identificar como poboación potencialmente beneficiaria por igual á poboación masculina como á feminina.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
--	---

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Ademais das actuacións directas que se financian e que como xa se indicou poden ter un impacto positivo na promoción da igualdade entre mulleres e homes, no punto seguinte relaciónanse os obxectivos e as medidas concretas para a incorporación da perspectiva de xénero e a identificación dos indicadores de seguimento.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	DESTINATARIOS
Integrar a perspectiva de xénero na actuación xeral do departamento	Procedementos de contratación promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Empresas
	Convocatorias de subvencións promovidas pola Dirección Xeral de Administración Local	Entidades locais
	Subscrición de convenios promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Entidades locais, entidades sen ánimo de lucro no ámbito do asociacionismo veciñal
Promover o uso da linguaxe inclusiva en toda a documentación producida pola Dirección Xeral de Administración Local (convenios de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, ...)	Redacción de convocatorias de subvencións, contratos e convenios	Persoal ao servizo da Dirección Xeral de Administración Local
		Entidades locais, entidades sen ánimo de lucro no ámbito da Administración local
Promover a actividade empresarial e laboral das mulleres introducindo medidas que faciliten o acceso das mulleres a todos os sectores da actividade profesional sobre os que se actúa	Execución de obras e adquisición de equipamentos para a prestación de servizos públicos	Entidades locais, entidades sen ánimo de lucro no ámbito da Administración local
	Procedementos de contratación promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Empresas
Potenciar o desenvolvemento e adecuación dos proxectos en materia de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos que facilitan a conciliación	Subvencións a entidades locais para a execución de proxectos de obras e para a adquisición de equipamentos para a prestación de servizos públicos	Entidades locais

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero:

OBXECTIVOS	MEDIDAS	INDICADORES
Integrar a perspectiva de xénero na actuación xeral do departamento	Introdución da perspectiva de xénero nos procedementos administrativos promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Porcentaxe de procedementos de contratación que incorporan cláusulas con perspectiva de xénero
		Porcentaxe de convocatorias de axudas que incorporan criterios de igualdade de xénero
		Porcentaxe de convenios asinados que incorporan criterios de igualdade de xénero
Promover o uso da linguaxe inclusiva en toda a documentación producida pola Dirección Xeral de Administración Local (convenios de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, ...)	Desenvolvemento de pautas de supervisión e orientación para facilitar e estimular un mellor uso dunha linguaxe inclusiva na documentación producida pola actividade administrativa da Dirección Xeral de Administración Local	Número de accións realizadas por tipoloxía (convocatorias de subvencións, contratos, convenios)
		Número de textos de convocatorias de subvención, contratos e convenios revisados e validados

OBXECTIVOS	MEDIDAS	INDICADORES
Promover a actividade empresarial e laboral das mulleres introducindo medidas que faciliten o acceso das mulleres a todos os sectores da actividade profesional sobre os que se actúa	Incorporación de criterios de valoración que, desde a perspectiva de xénero, incentiven a contratación de mulleres na execución dos proxectos que se desenvolvan baixo o impulso da Dirección Xeral de Administración Local, a través de convenios de colaboración e convocatorias de subvencións	Porcentaxe de mulleres contratadas sobre o total de persoas contratadas
	Incorporación de cláusulas nos pregos de contratación que promovan a integración da perspectiva de xénero nos contratos xestionados pola Dirección Xeral de Administración Local	Porcentaxe de mulleres contratadas sobre o total de persoas contratadas
Potenciar o desenvolvemento e adecuación dos proxectos en materia de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos que facilitan a conciliación	Integración da perspectiva de xénero nos proxectos de obras e equipamentos para a prestación dos servizos públicos	Número de proxectos que actúan sobre os servizos públicos que facilitan a conciliación
		Número de proxectos e obras que teñen en conta a dimensión de xénero
		Poboación potencialmente destinataria desagregada por sexo

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

No exercicio 2017 a principal liña de axudas dirixida aos concellos, deste centro directivo, a orde do Fondo de Compensación Ambiental, recolle dentro dos criterios de valoración das solicitudes presentadas na liña de concorrencia competitiva, a puntuación da presentación do compromiso de incluír nos criterios de adjudicación dos pregos que rexan a contratación das obras e equipamentos subvencionados aos concellos o incentivo da contratación de mulleres. Coma resultado do establecemento deste criterio de valoración das 241 solicitudes presentadas, 79 presentaron este compromiso, das cales 14 resultaron beneficiarias desta axuda.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Administración Local

III.1.10. PROGRAMA 212A - PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O papel da Xunta de Galicia na atención de emerxencias céntrase en tres funcións fundamentais: a superior dirección e coordinación da protección civil, a xestión dos servizos que

se considere necesario prestar de forma unitaria para todo o territorio galego, e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais.

Os obxectivos deste programa na área de protección civil e emerxencias consisten na definición e a posterior posta en funcionamento dun sistema que garanta a protección da cidadanía fronte a situación de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, e que por extensión poda utilizarse dun xeito efectivo para a xestión das situacións de urxencia ou emerxencia que de xeito cotián ocorren á poboación da comunidade autónoma.

Na área de seguridade consisten en soportar o funcionamento do sistema de seguridade público galego, desde a aplicación, ordenación e calidade do servizo público para garantir unha prestación máis eficaz e eficiente, tanto na consecución dos resultados desexables como no uso racional e sostible dos recursos públicos dispoñibles, tendo en conta que estamos ante unha materia moi sensible e transcendente, ao constituírse como un ben público que vai unido ao benestar social e a calidade de vida da sociedade galega.

As prioridades de actuación do programa orzamentario 212A a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da AXEGA e da AGASP, atendendo a problemática observada ata o momento actual, tanto nas emerxencias producidas na comunidade, como tendo en conta a dispersión poboacional e a poboación sobre a que se leva a cabo o obxectivo estratéxico do programa, son, fundamentalmente:

- Planificación axeitada e actualizada en materia de protección civil.
- Equipamento dos servizos profesionais e organizacións de voluntariado que forman parte do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia para garantir unha adecuada atención a cidadanía.
- Aplicación e desenvolvemento da lei de emerxencias.
- O desenvolvemento normativo da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, no que atinxe a un novo decreto que a desenvolva, logo da entrada en vigor da Lei 9/2016, do 8 de xullo, que modifica a anterior.
- A aposta pola mellora continua en medios humanos, vehículos e medios técnicos destinados á Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á CA de Galicia (UPA).
- A potenciación da formación de carácter permanente na Academia Galega de Seguridade Pública para: a) os funcionarios da UPA en todas as funcións que lle son propias e, en especial, para os grupos de investigación especializada en medio ambiente e incendios, menores, violencia de xénero...etc; b) para os voluntarios de protección civil, persoal de protección civil e emerxencias e resto de axentes que interveñen nas emerxencias.
- A adecuación da normativa galega de xogo á realidade actual do sector de xogo en España, coas actualizacións que fosen necesarias para garantir o bo funcionamento do sector e a garantía dos dereitos de consumidores e usuarios.
- Modernización e potenciación do sistema de atención ás emerxencias en Galicia a través do novo CIAE I 12, dando unha resposta máis áxil e eficaz aos galegos.

- Integración dos grupos operativos de emerxencias no CIAE-112 de Galicia.
- Consolidación e potenciación do Grupo de Apoio Loxístico nas súas funcións de intervención nas emerxencias así como en operativos preventivos, poñendo a disposición dos distintos colectivos operativos os seus recursos especializados e o Posto de Mando Avanzado.

O programa desenvólvese a través de tres centros directivos: Dirección Xeral de Emerxencias, Academia Galega de Seguridade Pública e Axencia Galega de Emerxencias, que dirixen as súas actividades en orde a:

- Na área de protección civil elabóranse e implántanse plans de emerxencia por mor de riscos tanto naturais como aqueles ocasionados pola actividade humana, aténdese a xestión de emerxencias derivadas dos avisos ó CIAE-112 Galicia e da activación dos devanditos plans, préstase apoio os concellos e agrupacións de voluntarios de protección civil como parte fundamental do sistema e dáse apoio técnico á Comisión Galega de Protección Civil como órgano colexiado da administración da comunidade autónoma que ten como finalidade a coordinación e colaboración interadministrativa en materia de protección civil.
- Na área de bombeiros, a través dos catro consorcios provinciais e un comarcal nos que participa a Xunta de Galicia xunto coas deputacións provinciais, aténdense prioritariamente por persoal especializado as incidencias derivadas de incendios urbanos, industriais e forestais de afectación a vivendas, explosións, fugas, inundacións, rescates, demubamentos e outras actividades de salvamento que for precisas.
- Na área de policía as intervencións do persoal policial da Unidade de Policía Adscrita se dirixen a complementar as actuacións das distintas consellerías da Xunta que poidan precisar de prevención, reforzo ou investigación desde a perspectiva da seguridade: protección, incendios forestais, medio natural, furtivismo e marisqueo ilegal, patrimonio cultural, protección de vítimas de violencia de xénero, de menores e familia, e as inspeccións en materia de urbanismo.
- A través da Axencia Galega de Emerxencias as necesidades que se tratan de atender consisten na definición e a aplicación dun criterio integral e integrado de coordinación, cooperación e colaboración entre os distintos axentes que interveñen na emerxencia, que permita dar unha resposta integral no eido da xestión das emerxencias e, no seu caso, na posterior rehabilitación da situación o seu estado anterior.
- A través da Academia Galega de Seguridade Pública aténdese á formación do persoal do sistema integrado de protección civil, emerxencias e seguridade pública así como ao desenvolvemento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, publicado no DOG do 22 de novembro de 2017, continuando coas adhesións dos concellos delegantes e a realización da centralización na Agasp dos procesos unitarios de selección da policía local e dos auxiliares de policía local de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Polo que respecta ao colectivo ao que se dirixen as actuacións do programa, tanto nas áreas de protección civil e emerxencias como na de policía, ao estaren despregados os efectivos destes colectivos por toda a xeografía galega, as súas intervencións abarcan toda a Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración e coordinación cos corpos de emerxencias, voluntarios e profesionais de protección civil seguridade e bombeiros dependentes dos concellos, así como tamén cos corpos de seguridade dependentes da Administración estatal.

Na área de formación as actividades están dirixidas á policía Local de Galicia, UPA, agrupacións de protección civil, bombeiros, axentes forestais e forzas e corpos de seguridade do Estado.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En relación a actividade da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

I. Na área de protección civil.

I.1 Situación de partida.

- Disponse de plans e programas de emerxencias que necesitan ser renovados por imperativo legal e mellorar a súa implantación.
- Hai novas obrigas legais que é preciso atender como é o sistema de plans de autoprotección que teñen que ter e implantar os establecementos suxeitos ao Decreto 171/2010 sobre Plans de Autoprotección en Galicia.
- O rexistro de voluntarios de protección civil debe ser actualizado para responder ás necesidades das agrupacións e da administración para o seu mellor funcionamento, en orde a acadar unha óptima mobilización dos recursos dispoñibles.

I.2 Actuacións novas.

Ademais de atender as emerxencias ordinarias (incendios, inundacións, accidentes,...), tramitación de expedientes de subvencións, convenios, etc. está previsto:

- Renovación e implementación dos plans de emerxencia exterior que caducaron ou van a caducar, ademais de elaborar novos plans para establecementos que por diversos motivos (superación de umbrais ou nova normativa) é preciso realizar. Unha vez renovados no ano 2013 o Plan Especial de Protección Civil por Accidentes en Transporte de Mercadorías Perigosas (cuxa primeira versión databa do ano 2000), no 2015 o Plan Especial de Protección Civil contra Incendios Forestais (datado no 2001), e no ano 2016 o Plan Especial de Protección Civil ante Inundacións, é necesario a renovación e actualización do PLATERGA, Plan Territorial de Emerxencias en Galicia, para adaptalo ao novo mapa de emerxencias que se consensúe entre as diferentes administracións.

- Revisar os plans vixentes e proceder á súa implantación: se están a implantar novas aplicacións informáticas e está previsto a realización de exercicios e simulacros.
- Mantemento e mellora da aplicación web para o rexistro e xestión de plans de autoprotección. Facilitar aos concellos, servizos de emerxencias e outras consellerías evitando toda a burocracia asociada á xestión destes plans e dotando de verdadeira utilidade para a protección civil o contido destes plans.
- Implantación do aplicativo en remoto do CIAE-112 para os servizos e organismos que participen en labores de emerxencias e protección civil.
- Participación en proxectos europeos na área de protección civil e xestión de riscos.
- Desenvolvemento do mapa de riscos de Galicia, que se constituirá como unha ferramenta de axuda na avaliación de riscos potenciais, na toma de decisións durante a xestión de emerxencias e permitirá que a poboación teña unha maior información de cara a adoptar medidas de autoprotección.
- A ampliación da dotación de medios e recursos naquelas Asociacións de Voluntarios de Protección Civil e zonas nas que aínda houberse necesidades pendentes. Esta actuación virá complementar o amplo proceso de renovación e mellora do equipamento que se levou a cabo nos últimos catro anos e que achegou ás Asociacións equipamento (129 todo terreo pick up, 131 remolques de emerxencias, 48 furgóns, 45 espaxadores de sal, 40 embarcacións ou 212 equipos de protección individual contra a vespa velutina, entre outros) por valor de máis de 9 millóns de euros.
- O fomento do voluntariado de protección civil. Tanto potenciando a súa formación, como realizando campañas de promoción entre a cidadanía, con especial atención á poboación en idade escolar así como a xente maior que pode atopar nas AVPC unha oportunidade para un envellecemento activo participando en actividades da Agrupación e transmitindo coñecementos, experiencias e valores aos máis novos.
- Fomento do coñecemento e bo uso do teléfono único europeo de emerxencias 112 a través de campañas divulgativas.

2. Na área de bombeiros

2.1 Situación de partida

A Xunta de Galicia está a participar no funcionamento e operatividade do consorcio provincial da Coruña (con 10 parques comarcais de bombeiros), de Lugo (con 6 parques comarcais de bombeiros), no de Pontevedra (con 4 parques comarcais de bombeiros) e no consorcio provincial de Ourense (4 parques comarcais de bombeiros), ademais do parque do Consorcio de Bombeiros das Comarcas Deza/Tabeirós e Terra de Montes, con sede en Silleda.

2.2 Actuacións novas

O ano 2018 comezara con todos os consorcios provinciais en pleno funcionamento, atendendo deste xeito á obriga recollida na disposición adicional terceira, apartado 2, da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, e se homoxeniza un mesmo sistema de prestación deste servizo en toda a comunidade autónoma. Mesmo se deu comezo a equiparación salarial, tomando como referencia os salarios actuais do consorcio provincial de Ourense; esta equiparación xa está efectiva en Lugo, aprobada en Pontevedra e pendente no caso de Coruña.

Para 2019 continúaase coa mesma actuación, por parte da Xunta de Galicia e das deputacións provinciais, que seguirán participando nos orzamentos dos Consorcios de bombeiros, estando prevista ao efecto unha aportación da Xunta de máis de 10 millóns de euros, que se verán incrementados de seguro por procesos pendentes de comarcalización dos parques municipais das grandes cidades, coas que xa se teñen realizado contactos para a posta en marcha da comarcalización.

A Xunta de Galicia e as deputacións provinciais seguirán participando nos orzamentos dos Consorcios de bombeiros, achegando ao efecto a Xunta unha aportación de máis de 10 M de euros cada ano.

A Xunta de Galicia e as deputacións provinciais que son os organismos locais responsables da dotación de recursos para facer fronte as emerxencias seguirá participando nos orzamentos que permitan consolidar os Grupos de Emerxencia Supramunicipais mellorando e homoxeneizando as súas condicións laborais.

A Xunta de Galicia está a través da Comisión Galega de Protección Civil a fomentar un proceso de comarcalización para dar un servizo de atención de emerxencias, así como fomentando a creación de novos grupos operativos de emerxencia de xeito que se atenda a obriga recollida na disposición adicional terceira no apartado 3, da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia de definir un modelo de reordenación territorial e a estrutura operativa dos servizos contra incendio e de salvamento.

2.3 Datos estatísticos

Tendo en conta as variables de territorio e poboación atendidos nunha isócrona non superior aos 30 minutos, as intervencións dos consorcios de bombeiros, sumados as parques municipais de bombeiros dependentes das grandes cidades galegas, permiten a cobertura de poboación seguinte: A Coruña: 100 %; Lugo: 89,65% ; Ourense: 70,36% ; Pontevedra: 73,21% .

3. Na área de policía.

3.1 Situación de partida.

Dende a súa creación en 1991, a Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia ven ampliando notablemente a prestación dos seus servizos, para dar resposta á asunción paulatina de novas funcións e competencias. Actualmente, o labor da Unidade de Policía Adscrita abrangue eidos importantes para a vida cotiá dos cidadáns, en materia de menores, xogo, a loita contra o

furtivismo e incendios forestais, a ordenación do territorio ou a intervención fronte aos casos de violencia de xénero.

3.2 Actuacións novas.

- Promover o incremento e actualización dos medios humanos, dos vehículos e materiais da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), que permita o funcionamento de novos equipos operativos, que coas súas intervencións de prevención e protección incrementen o benestar da poboación galega, e dean unha mellor resposta ás súas demandas.
- Potenciar o desenvolvemento das funcións propias da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente as referidas a prevención e investigación de incendios; protección do medio natural e dos recursos mariños; colaboración en tarefas de rescate e salvamento; colaboración na protección de vítimas de violencia de xénero e nos casos de violencia intrafamiliar e contra menores.
- Potenciar a formación de carácter permanente na Academia Galega de Seguridade Pública para os funcionarios da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia en todas as funcións que lle son propias e, en especial, para os grupos de investigación especializada en medio ambiente e incendios; control de marisqueo ilegal; protección das vítimas de violencia de xénero, dos menores e da familia; patrimonio histórico; seguridade de persoas e edificios; operativos de seguridade e outros.
- Dotar á Unidade dos medios técnicos (vestiario, informática, transmisións e outros) e dos vehículos necesarios para desenvolver con maior eficacia as súas tarefas.

4. A través da Axencia Galega de Emerxencias.

4.1 Situación de partida.

Na actualidade o sistema de atención de emerxencias de Galicia está baseado nunha estrutura multidisciplinar, que dependendo de distintas administracións e con sistemas organizativos moi diversos, procede a resolución destas unha vez que os recursos dispostos para elo son alertados polo Centro Integrado de Atención de Emerxencias I12 Galicia.

4.2 Actuacións novas.

- Potenciar os recursos cos que conta o Grupo de Apoio Loxístico á Intervención (GALI). O éxito do GALI fixo que se incrementase no anterior exercicio un 300% a demanda dos seu servizos, o que permitiu reforzar o equipamento operativo especializado en emerxencias complexas ou de gran magnitude na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta a disposición dos axentes intervincentes de recursos especializados e do Posto de Mando Avanzado

- Xestión e mobilización da única estación base repetidora portátil da nova rede tetra móbil dixital de emerxencias e seguridade de Galicia (RESGAL) para reforzar a cobertura de dita rede en aquelas situacións de emerxencia ou de risco que así o requiran.
- Desenvolvemento e implantación de plataformas tecnolóxicas que permitan compartir datos para unha mellor coordinación e resolución das incidencias ou emerxencias.
- Consolidación da súa estrutura organizativa con criterios de tecnificación e especialización na atención das emerxencias.
- Adquisición de novas ferramentas TIC así como a evolución e optimización das existentes.
- Formación e constante especialización do persoal da AXEGA e do CIAE I 12 Galicia.
- Impulsar e dar apoio ao papel que debe xogar o novo Centro Integrado de Atención ás Emerxencias I 12 Galicia (CIAE I 12-Galicia) da Estrada, como elemento catalizador para a paulatina “integración operativa” dos distintos servizos básicos de atención ás emerxencias: sector seguridade, sector sanitario, sector asistencial, sector contraincendios e salvamento, sector medioambiental e sector protección civil, para así acadar unha xestión e coordinación “integral” e “integrada” das emerxencias.
- Deseño, aprobación e evolución de protocolos de intervención de recursos de emerxencias no territorio de Galicia, atendendo a criterios pronta resposta, de territorialidade e operatividade dos recursos.
- Mellora continua dos protocolos e procedementos que regulan os simulacros que se coordinan dende o CIAE I 12 Galicia potenciando a presenza da AXEGA e do CIAE I 12 Galicia como centro coordinador e vertebrador daqueles exercicios prácticos que se realizan no ámbito da comunidade autónoma calquera que sexa a súa natureza.
- Participación en proxectos de investigación, en colaboración con outras administracións ou entidades, co obxectivo de desenvolver ferramentas ou materiais que permitan controlar os riscos e diminuír o número de situacións de emerxencias que se producen.
- O mantemento da cooperación interrexional en materia de emerxencias con Portugal, Castela-León e o Principado de Asturias en zonas fronteirizas comúns, promovendo iniciativas como as desenvolvidas polo novo proxecto “ARIEM +”, encadrado no INTERREG V España – Portugal (POCTEP) 2014-2020, do cal a AXEGA é o beneficiario principal.
- Mantemento da coordinación e cooperación cos CAE I 12 do resto de comunidades autónomas e a Dirección General de Protección Civil para a implanta-

ción de sistemáticas homoxéneas de atención á cidadanía (xeolocalización de terminais móbiles, atención a persoas con discapacidade auditiva ou visual, etc).

- Adquisición de material necesario para dar resposta a emerxencias tanto por parte do Grupo de Apoio Loxístico da AXEGA como de Grupos de intervención en labores de salvamento e contra incendios.

5. A través da Academia Galega de Seguridade Pública.

5.1 Situación de partida.

A AGASP, organismo autónomo administrativo, ten como finalidade a formación no eido de protección civil, bombeiros e axentes forestais así como no ámbito de formación policial, mediante cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas das policía locais, e a formación continua, perfeccionamento e especialización do persoal destes corpos da policía local, así como do persoal da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

Asemade o desenvolvemento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, publicado no DOG do 22 de novembro de 2017, continuando coas adhesións dos concellos delegantes e a realización da centralización na Agasp dos procesos unitarios de selección da policía local e dos auxiliares de policía local de Galicia.

5.2 Actuacións novas:

- Consolidar o desenvolvemento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, publicado no DOG do 22 de novembro de 2017, continuando coas adhesións dos concellos delegantes e a realización da centralización na Agasp dos procesos unitarios de selección da policía local e dos auxiliares de policía local de Galicia.

Por outra banda, durante o ano 2019 realizarase a formación da maior promoción da policía local de Galicia dende a aprobación da lei 4/2007, con mais de 80 policía para despois incorporarse aos seus concellos.

- Ampliar ás relación e sinerxías con novos colectivos así como exercer competencias delegadas ou compartidas a través de convenios ou outros instrumentos de xeito que o conxunto dos diferentes colectivos que conforman a seguridade pública en Galicia, en sentido amplo, teñan como referencia a academia, en especial continuar coa execución do convenio posto en funcionamento en 2016 co Ministerio do Interior, a formación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, en concreto da Garda Civil e da Policía Nacional, que en total suman preto de 8.000 efectivos na CCAA supoñendo un aumento exponencial

en número de membros ata de agora colectivos mais presentes na Agasp da Policía Local e UPA.

- Colaborar en materia de formación continuada de xuíces e maxistrados mediante o convenio entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia.
- Colaborar co Ministerio de Xustiza poñendo en funcionamento o convenio marco, entre o Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza e a Xunta de Galicia en materia de formación de fiscais, letrados da Administración de xustiza, médicos forenses e avogados do Estado.
- Colaborar co Ministerio do Interior na formación dos colectivos de seguridade privada na CCAA.
- A impartición de formación baseado no Certificado de Profesionalidade nos programas do itinerario formativo das cualificacións profesionais a través das unidades formativas de cualificación profesional de extinción de incendios e salvamento (SEA129_2) e o certificado de profesionalidade de nivel 2 de extinción de incendios e salvamento (SEAD0111).
- Continuar e ampliar mediante novo acordo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Academia Galega de Seguridade Pública, a colaboración educativa nas ensinanzas de formación en emerxencias e protección civil tanto completa como modular.
- Implantar un itinerario formativo para axentes forestais e mediambientais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Polo que respecta ao marco legal no que se desenvolve o programa, este está integrado polas seguintes disposicións legais:

- Lei 17/2015, do 9 de xullo, do sistema nacional de protección civil.
- Real decreto, 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a norma básica de protección civil.
- Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, polo que se aproba a directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.

- Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación dos voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil.
- Decreto 123/2014, do 18 de setembro, polo que se regula a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias.
- Resolución do 2 de agosto de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Galicia, polo que se publica o Plan Territorial de Emerxencias e Protección Civil de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997 da Administración local de Galicia.
- Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de corpos e forzas de seguridade.
- Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- Lei 9/2016, do 8 de xullo, que modifica a Lei 4/2007.
- Decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- Decreto 60/2010, do 8 de abril, de uniformidade, acreditación e medios técnicos a disposición dos corpos de Policía local
- Orde do 29 de xaneiro de 2009, referida aos méritos, probas e temarios para os distintos procesos selectivos referidos aos corpos de Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de tempada.
- Decreto 59/2012, do 19 de xaneiro, do procedemento de homologacións da AGASP de cursos realizados por outras entidades.
- Real decreto 221/1991, do 22 de febreiro, de regulación das unidades adscritas.
- Real decreto 1089/2000, do 19 de xuño, que modifica ao anterior.
- Orde do 19 de xuño de 1991, do Ministerio do Interior, de creación da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproba o estatuto da AXEGA.
- Real decreto 903/1997, do 16 de xuño, do Ministerio de Fomento sobre transposición da normativa europea referente ó número único de emerxencias I I 2.
- Acordo do Consello da Xunta do 1 de outubro de 1997, en virtude do cal se constitúe a Xunta de Galicia en entidade prestataria do servizo de atención de chamadas de urxencia I I 2.
- Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.
- Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia.

- Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa pretendese:

- mellorar e renovar a implantación de plans de protección civil.
- reforzar e mellorar a xestión dos parques de bombeiros.
- apoiar aos diferentes organismos da Xunta en necesidades relativas a protección, investigación, vixilancia e garantía da seguridade das persoas e do medio.
- asemade perséguese o estudo e a execución da política autonómica en materia de protección civil e emerxencias, mediante o exercicio das funcións definidas no artigo 18 da lei de emerxencias.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa desenvólvese a través de tres centros directivos: Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Axencia Galega de Emerxencias e Academia Galega de Seguridade Pública, e en-

tre as actividades afectadas atópanse a implantación de plans de emerxencia e protección civil e a súa activación, actividades de prevención, reforzo e investigación dende a área da seguridade e formación do persoal do sistema integrado de protección civil, emerxencias e seguridade pública.

Entre as súas finalidades está a de favorecer a incorporación da muller ás forzas e corpos de seguridade, así como aos servizos de emerxencias, e promover as condicións para que, mellorando a súa formación e capacitación, adquira unha maior participación.

Dende o ano 1991 no que se crea a UPA, o acceso de persoal feminino á Unidade de Policía Adscrita ven sendo progresiva e as novas promocións van producindo un paulatino aumento da porcentaxe de mulleres respecto do total de efectivos.

Na actualidade esta porcentaxe é dun 14,60% sobre o total do persoal.

Por outra banda, na Unidade de Policía Adscrita tense creado un grupo específico para desenvolver tarefas en materia de violencia de xénero e protección das vítimas, conformado con persoal especializado, ao que se deu formación na materia, e prácticas reais nas comisarías do CNP, incorporándose en xullo de 2016 a estas labores.

A Axencia Galega de Emerxencias na súa actividade ordinaria de xestión, segundo o disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, incorpora a perspectiva de xénero coma un dos principios reitores na súa política de xestión e contratación pública.

Sendo unha das súas funcións principais a da dirección do Centro Integrado de Atención de Emerxencias I 12 Galicia, tal principio plásmase nos pregos dos contratos de servizos licitados para a xestión do mesmo, tanto no que atinxe estritamente ao servizo de teleoperación como o de xestión dos sistemas informáticos e de telecomunicacións.

Así, hoxe pódese afirmar que das 84 persoas contempladas no contrato de xestión operativa e soporte tecnolóxica do número de emerxencias I 12, 65 son mulleres o que representa que o 78% do total de persoas que traballan no Centro de Atención de Emerxencias son mulleres.

Dende Agasp outorgáselle prioridade as mulleres para o acceso á formación así como establece prioridade no suposto de empate nos procesos selectivos de policía local e auxiliar de policía local, ademais de fomentar a formación en materia de VIOGEN.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
--	---

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Tratarase de incorporar de xeito paulatino a perspectiva de xénero como unha ferramenta da análise que permita desagregar por sexo as estatísticas de vulnerabilidade e de risco, tendo en conta que as situacións que fan vulnerables a homes e mulleres non son as mesmas (por exemplo, nunha emerxencia as mulleres embarazadas poden ter máis risco ou posibilidade de dano).

As actividades previstas para o ano 2019 consisten en afondar na capacitación a través de cursos de especialización e actividades formativas organizadas pola AGASP. Nos cursos de formación policial obrigatorios (novo ingreso e promoción) e nos cursos básicos en materia de protección civil existirán módulos sobre a igualdade entre homes e mulleres.

Logo da creación na UPA en xullo de 2016 dun grupo específico en materia de violencia de xénero, no ano 2019 as actuacións van dirixidas a perfeccionar e mellorar as actuacións na protección das mulleres vítimas fronte aos seus maltratadores, favorecendo a presentación das correspondentes denuncias e poñendo en marcha o máis amplo abano de actuacións asistenciais e de protección, ao fin de evitar o desamparo.

Así mesmo, polo que se refire ás actividades desenvolvidas no Centro Integrado de Atención de Emerxencias I12 Galicia dependente da Axencia Galega de Emerxencias, respecto das políticas activas de igualdade, é necesario ter presente que a maioría do persoal son mulleres, non sendo necesario unha especial acción de fomento de contratación feminina (as mulleres representan o 80% dos curriculumns presentados na bolsa de traballo do Centro de Atención de Emerxencias).

Dende a AXEGA e o CIAE-I12 colabórase a través das redes sociais na información e formación a través de campañas para loitar contra a violencia machista en grandes eventos e xerar espazos seguros para as mulleres.

En definitiva, na Axega e no Centro Integrado de Atención de Emerxencias I12 Galicia, a muller é considerada como un factor clave no desenvolvemento de tan esencial servizo.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Maior e mellor coñecemento en materia de análise de xénero e de políticas de igualdade.

Potenciar as unidades dedicadas especificamente a loita contra a violencia de xénero e a atención a este tipo de vítimas. Neste sentido, ademais da creación do grupo específico da UPA para a loita contra a violencia de xénero e a protección das vítimas, mantense un protocolo de colaboración coa Xefatura Superior de Policía de Galicia, para a colaboración e coordinación do persoal de ambos corpos dedicados a estas tarefas, de xeito que se acaden mellores cotas de eficacia e cooperación.

Realizar un esforzo en materia de formación co obxecto de aumentar os cursos específicos en materia de xénero, en especial os dirixidos as forzas e corpos de seguridade.

Continuar coa prioridade as mulleres para o acceso á formación así como no suposto de empate nos procesos selectivos de policía local e auxiliar de policía local, ademais de fomentar a formación en materia de VIOGEN.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Academia Galega de Seguridade.

Axencia Galega de Emerxencias.

III.1.11. PROGRAMA 312G - APOIO A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Na actualidade aínda persisten desigualdades entre homes e mulleres e mesmo estereotipos de xénero que dificultan a igualdade real e efectiva en todos os ámbitos da vida, tanto no eido persoal, como familiar, económico e social.

Unha das realidades que é preciso combater é que aínda hoxe no imaxinario social está a crenza de que “a conciliación é un tema das mulleres” e que soamente corresponde a elas a responsabilidade de organizar e coidar das persoas menores a cargo (fillos e fillas) e das persoas maiores, e mesmo atender ás tarefas domésticas. Son aínda moitos os indicadores que reflicten este desequilibrio no reparto das tarefas e no coidado de menores e maiores dependentes.

Así, no eido do mercado laboral, os datos para as mulleres seguen a ser peores ca os dos homes: menor presenza de mulleres na poboación activa e ocupada e maior taxa de desemprego. Maior proporción de contratos temporais e mesmo a tempo parcial (na maior parte dos casos para atender as obrigas familiares e domésticas) e, como consecuencia, existencia dunha fenda salarial. Así mesmo, evidénciase a existencia dunha segregación laboral por razón de xénero, segregación vertical e horizontal que fai que mulleres e homes se concentren en sectores, ramas de actividade e ocupacións diferenciadas e condicionadas por estereotipos de xénero e ocupen postos de menor responsabilidade.

A fenda salarial de xénero, calculada a partir da comparativa dos salarios medios anuais, constitúe un indicador relevante da desigual posición no ámbito laboral de mulleres e homes.

A tradicional asignación ás mulleres da función coidadora ten un reflexo expresivo da desigualdade de xénero no eido laboral se se analizan os motivos polo que as persoas en situación de inactividade deciden saír do mercado de traballo.

Así, as razóns relacionadas con responsabilidades familiares, persoais e de coidado teñen un peso moito máis significativo entre as mulleres que renunciaron á vida laboral, tanto cando

se trata dunha renuncia motivada polo coidado de menores e outras persoas en situación de dependencia como por atender a outras responsabilidades familiares e persoais.

Este escenario completamente asimétrico na asunción de responsabilidades doméstico-familiares por parte de mulleres e homes complétase co dato da condición principal da inactividade (labores do fogar) entre a poboación de Galicia considerada como inactiva: 179.100 mulleres, fronte a 30.500 homes, ou o que é o mesmo, un 85,45 % de mulleres, fronte a un 14,55 % de homes.

Tamén os indicadores de conciliación da vida laboral, familiar e persoal presentan datos desfavorables para as mulleres: a inmensa maioría das prestacións por maternidade son percibidas pola nai (97,9% en 2017). En 2016 un total de 910 persoas acolléronse en Galicia a unha excedencia por coidado de fillas e fillos pequenos, a inmensa maioría delas, mulleres, en concreto o 91,65 %; outro dato que corrobora a ausencia de corresponsabilidade á hora de facer uso dos dereitos laborais existentes en materia de conciliación.

Por todos estes datos é preciso fomentar a conciliación e corresponsabilidade para contribuír á mellora da calidade de vida dos homes e mulleres, de xeito que poidan participar de forma igualitaria na asunción das responsabilidades familiares e dos tempos laborais e de ocio para o desenvolvemento do seu proxecto vital.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, recolle o compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade no ámbito laboral e formativo. Neste sentido, a conciliación do emprego e da vida familiar así como o fomento da corresponsabilidade son criterios xerais fixados na lei que vinculan a actuación dos poderes públicos.

Ademais, resulta imprescindible mudar a conciencia da cidadanía facéndoa consciente da importancia da conciliación e da corresponsabilidade, reforzando a sensibilización e a educación en igualdade para eliminar roles e estereotipos tradicionais que colocan a mulleres e homes en tarefas e funcións diferentes e, polo tanto, nunha posición de desigualdade económica e social.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A conciliación da vida familiar e laboral é unha estratexia que facilita a consecución da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Diríxese a conseguir unha nova organización do sistema social e económico na que mulleres e homes poidan facer compatibles as diferentes facetas da súa vida: o emprego, a familia, o ocio e o tempo persoal.

Polo tanto, a conciliación da vida familiar, persoal e laboral contribúe a crear unha sociedade baseada na calidade de vida das persoas, favorecendo as mesmas oportunidades para as

mulleres e para os homes, co fin de poder desenvolverse en todos os ámbitos vitais, progresar profesionalmente, atender as responsabilidades familiares e poder gozar do tempo, tanto persoal como laboral.

As medidas de conciliación tradicionalmente dirixíanse fundamentalmente as mulleres, contribuíndo a que a conciliación se considerase como un “problema exclusivo das mulleres”. Non obstante, a corresponsabilidade social vai máis alá da conciliación, e non só se refire a aumentar a implicación dos homes no reparto das responsabilidades domésticas e familiares, senón que debe estenderse a outros axentes sociais e instancias públicas e privadas.

Por iso, esta cuestión debe ser abordada dende a perspectiva da igualdade de oportunidades, que é un dos principios reitores das políticas europeas, da lexislación comunitaria así como da Estratexia Europea para o Emprego.

O éxito das medidas que teñen en conta o enfoque da corresponsabilidade radica na súa universalización, é dicir, que se aplican tanto a traballadores como a traballadoras xa que a súa finalidade é promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Polo contrario, se as medidas van dirixidas só ás mulleres, manteranse a desigualdade e as diferenzas de xénero.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020
- Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os cambios experimentados nos últimos anos na sociedade e nas familias (incremento da esperanza de vida, aumento do número de fogares nos que os dous membros da parella traballan, incremento do número de familias monoparentais), os modelos de organización do traballo nas empresas, ou a dificultade para acceder a servizos que permiten o coidado e a atención a persoas dependentes, etc, dificultan a homes e mulleres, pero especialmente a estas últimas ao considerarse socialmente que “é a súa responsabilidade”, facer compatibles os tempos que poden dedicar á familia, ao emprego e ao ocio.

A falta de corresponsabilidade e as dificultades para conciliar vida persoal, familiar e laboral, contribúen a soste a discriminación laboral e salarial das mulleres e constitúen unha das principais barreiras para o seu desenvolvemento e progreso profesional. E no caso da sociedade, supoñen unha importante perda de talento que lastra a competitividade empresarial e dificulta o progreso económico.

É importante coñecer estas consecuencias na vida das persoas, pero tamén para a sociedade no seu conxunto, para ser conscientes do problema e buscar solucións eficaces. Non se trata de axudar ás mulleres para que poidan traballar e atender as responsabilidades familiares, senón de repartir tarefas e equilibrar os tempos e os horarios para que mulleres e homes gocen e exerzan os mesmos dereitos e as mesmas responsabilidades.

Por todo isto, en abril de 2018 aprobouse o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, que ten por finalidade a posta en marcha, a consolidación e a visibilización de actuacións de distinta índole que inciden na conciliación, desde a base da corresponsabilidade familiar, poñendo o foco nun reparto equitativo das responsabilidades doméstico-familiares entre mulleres e homes, en liña coas últimas decisións adoptadas pola Comisión Europea que tratan de apoiar a conciliación da vida familiar e a vida profesional, a través da mobilización de instrumentos financeiros e instando á reorientación dos recursos existentes do orzamento da Unión Europea cara a investimentos prioritarios que contribúan á súa consecución.

O Plan é o resultado dun traballo compartido pola totalidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do sector público autonómico en aplicación do espírito de cooperación e coordinación institucional que forma parte dos principios reitores deste plan, o que permitiu configurar un programa dun cento de medidas.

O Plan estrutúrase en cinco áreas estratéxicas de actuación nas que traballar para avanzar na conciliación corresponsable:

- A primeira delas, co título de “Xerando conciencia e coñecemento”, ten como obxectivo sensibilizar a sociedade e contribuír ao coñecemento en materia de conciliación e corresponsabilidade.
- A segunda, “Coeducando para unha sociedade corresponsable” ten por finalidade traballar mediante unha programación educativa dirixida á eliminación dos estereotipos de xénero que perpetúan a división sexual do traballo e unha distribución asimétrica das tarefas do fogar e os coidados, implicando a toda a comunidade educativa, persoal docente e familias, no fomento da corresponsabilidade.
- A terceira área estratéxica “Artellando unha nova cultura dos tempos”, pretende potenciar un cambio cultural xeral no uso dos tempos e na racionalización horaria, coa implicación de distintos actores sociais.
- A través da área estratéxica catro “Reforzando o compromiso das organizacións cunha conciliación corresponsable”, trátase de consolidar esforzos xa iniciados e estender os cambios positivos acontecidos en materia de conciliación da vida laboral e privada desde a perspectiva da acción das distintas organizacións, principalmente administracións públicas e empresas.
- Por último, a quinta área estratéxica “Fortalecendo os recursos de apoio”, ten por obxecto a provisión de recursos de apoio e medidas económicas de soporte e compensación que permitan que mulleres e homes poidan levar a cabo o proxecto familiar que desexen e facer compatible a actividade laboral co coidado das persoas.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

O programa está destinado a promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral ao tempo que se favorece a asunción compartida das responsabilidades domésticas e familiares por parte de homes e mulleres. Esta dobre vertente implica traballar a sensibilización social, respecto da necesidade de compartir as tarefas no ámbito privado ao tempo que se dota a sociedade de recursos para a conciliación. Promovendo a implicación activa de todas as administracións, das empresas e dos axentes sociais na implantación de modelos que favorezan a participación igualitaria na corresponsabilidade e nos usos do tempo.

Ao resultado e impacto das actuacións que a Secretaría Xeral da Igualdade leva a cabo no ámbito deste programa de gasto haberá que engadir o resto de actuacións e medidas que a Administración pública galega vai desenvolver en cumprimento do citado Plan de Conciliación e Corresponsabilidade.

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	X
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A persistencia dos roles de xénero na nosa sociedade, concretamente no que respecta a asignación histórica ás mulleres do rol de coidadora e responsable principal do traballo doméstico, faise patente se se analizan os motivos polos que a poboación inactiva afirma non buscar emprego. Os datos evidencian que, á marxe de situacións como a xubilación ou a enfermidade ou incapacidade propias, as razóns vinculadas ao coidado de persoas dependentes -nenos e

nenas, persoas maiores, con enfermidades...- así como outras responsabilidades familiares e persoais, son xustificadas principalmente polas mulleres, cun peso extremadamente inferior entre a poboación masculina inactiva.

Segundo datos da EPA do ano 2017, do total de mulleres en situación de inactividade, (621.500) o 13,9% manifestan como razón da súa inactividade motivos asociados á existencia de responsabilidades familiares, fronte ao 2,2% dos homes na mesma situación.

E cando se analizan as estatísticas das excedencias laborais para o coidado de persoas, compróbase que a maioría son solicitadas por mulleres: o 92,3 % no caso das excedencias por coidado de fillas e fillos, e o 78,2 % das relacionadas co coidado de familiares (anuario de estatísticas do Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Ano 2017).

Por outra banda, a desigualdade de xénero no ámbito laboral ten outro dos seus datos máis reveladores no tipo de xornada de traballo. A xornada a tempo parcial presenta unha acusada diferenza entre os sexos: un 21,9 % das mulleres traballa a tempo parcial, fronte a un 5,9 % dos homes (EPA 2017). Pero se ademais o cálculo se realiza sobre o total de persoas que traballan a tempo parcial, compróbase que 3 de cada 4 persoas que realizan este tipo de xornada son mulleres, en concreto o 77,3 %.

Este traballo a tempo parcial non é unha opción voluntaria na gran maioría dos casos. Á hora de sinalar os motivos desta modalidade de traballo, a gran maioría de mulleres e homes aducen facelo por non poder atopar un traballo a tempo completo. O coidado de menores, persoas maiores, en situación de dependencia etc., así como a existencia doutras obrigas familiares e persoais son razóns cun menor peso, pero mencionadas case exclusivamente por mulleres.

A falta de conciliación tamén ten un gran impacto sobre a natalidade: o 44% das mulleres entre 20 e 44 anos aínda non tivo fillos/as e o 58% das mulleres que residen en España asegura que ter fillos/as representa un obstáculo para a vida profesional.

De feito, a incidencia dos factores asociados á maternidade, á coresponsabilidade e á conciliación da vida persoal, familiar e laboral como obstáculos para o acceso e a permanencia das mulleres no mercado do traballo remunerado fanse patentes cando se analizan as taxas de ocupación da poboación de 20 a 49 anos con fillos e fillas. As diferenzas entre homes e mulleres agudízanse neste grupo de poboación cunha diferenza de máis 20 puntos porcentuais entre os sexos cando se é nai ou pai de menores de 11 anos, cun ou varios fillos e/ou fillas; é dicir, unha taxa de ocupación sempre máis alta entre os homes. Segundo os datos da EPA 2017, a taxa de ocupación das mulleres con dous fillos/as menores de 6 anos é do 69,2% fronte ao 89,6% no caso dos homes. Cando se teñen tres ou máis fillos/as de entre 6 e 11 anos, a taxa de ocupación das mulleres baixa ata o 51,9% e a dos homes sitúase no 76,5% (máis de 25 puntos de diferenza).

Neste programa de gasto utilízanse os seguintes indicadores con relevancia dende o punto de vista do xénero:

Persoas beneficiadas (mulleres), homes que reducen a súa xornada para o coidado de fillas/os menores, e familias beneficiadas polas actividades de conciliación.

Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas), Actuacións de formación, Bancos de tempo promovidos (concellos ou outras entidades e administracións), Boas prácticas en materia de conciliación e corresponsabilidade, Centros educativos nos que se imparte materia de libre configuración de perspectiva xénero, Concellos que reciben axudas da SXI para implantar medidas de conciliación.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	

Outros (especificar)	
----------------------	--

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

ACTIVIDADE PREVISTA	PERSOAS DESTINATARIAS
Impulso de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e promoción da corresponsabilidade dos homes na atención das responsabilidades domésticas e familiares	Homes e mulleres titulares de familias monoparentais e sociedade en xeral.
Fomento dos programas de conciliación a través das entidades locais e programas de fomento da conciliación e corresponsabilidade con outras entidades	Familias con fillos e fillas menores e sociedade en xeral

A totalidade das actividades previstas dentro deste programa están directamente relacionadas coa promoción da igualdade entre mulleres e homes e se dirixen á sociedade en xeral aínda que, nalgún caso están previstas actuacións cuxo público obxectivo é preferentemente masculino (liña de axudas á redución de xornada por coidado de fillos/as menores de tres anos).

MEDIDAS e INDICADORES do PLAN GALEGO DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE 2018 - 2021				
ÁREA ESTRATÉXICA	OE	CÓD. MEDIDA	MEDIDA	Indicador de produtividade
2. Coeducando para unha sociedade corresponsable	2.3. Sensibilizar e implicar as familias no fomento dos valores da corresponsabilidade para un reparto das tarefas domésticas e de coidados libre de condicionamentos de xénero	2.3.1	Deseño e posta en marcha de act. vividas de sensibilización e información ás familias con mensaxes relacionadas coa corresponsabilidade e o cambio de roles nas tarefas domésticas e de coidados.	Obradoiros, charlas, coloquios e prácticas sobre a conciliación e corresponsabilidade coa participación da comunidade educativa (familias, profesorado, alumnado).
		2.3.3	Análise e difusión de boas prácticas e materiais de referencia na promoción da conciliación corresponsable dirixidas ás familias.	Publicacións divulgativas para o profesorado que difundan os principios da coeducación, da igualdade na comunidade educativa: est. fase a Preparación e elaboración dunha guía de conciliación para as familias.
3. Artellando unha nova cultura dos tempos	3.1. Apoiar iniciativas que favorezan a reordenación dos tempos, así como a racionalización horaria, coa participación dos diferentes actores sociais 3.2. Promover a implantación no ámbito local de medidas que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral	3.1.8	Realización de accións informativas e formativas para usos máis racionais do tempo e para a difusión de novos modelos e propostas relacionadas co goce do tempo por parte de mulleres e homes.	Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas): est. fase a Preparación dunha campaña e/ou accións de sensibilización.
		3.2.1	Apoio aos concellos galegos para desenvolver iniciativas extraescolares de conciliación que permitan ás familias compatibilizar o traballo remunerado coa vida persoal e familiar.	Concellos que implantan medidas de conciliación: est. máis de 85 concellos. Número de act. vividas de conciliación: est. máis de 215 act. vividas. Nº de nenos e nenas que participan nas act. vividas de conciliación: est. máis de 4.000 nenos e nenas.
		3.2.4	Promoción da implantación de bancos de tempo nas cidades e vilas e apoio para a súa xestión, organización e posta en marcha.	Bancos de tempo promovidos (concellos ou outras entidades e administracións): preparación dun estudo.
4. Reforzando o compromiso das organizacións cunha conciliación corresponsable	4.3. Promover un marco de relacións laborais que favoreza a racionalización horaria e a extensión das accións que faciliten que mulleres e homes compatibilicen de forma corresponsable o emprego e a esfera persoal e familiar	4.3.1	Organización de act. vividas (foros, congresos, xornadas...) para a difusión de boas prácticas de organizacións e empresas que fan un uso racional, harmónico e corresponsable do tempo e outras medidas de conciliación.	Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas).
5. Fortalecendo os recursos de apoio	5.2. Consolidar e ampliar as medidas económicas para favorecer a harmonización dos tempos dedicados á esfera persoal, familiar e laboral. 5.3. Reforzar os recursos de apoio comunitario á conciliación.	5.2.1	Promoción da conciliación e fomento da corresponsabilidade para incidir na decisión dos homes de acollerse á redución da súa xornada de traballo para o coidado de menores ao seu cargo	Homes/familias monoparentais que se acollen a redución de xornada para o coidado de fillos/a menor: est. máis de 250 Homes e 75 mulleres
		5.3.1	Desenvolvemento de accións de difusión e visibilización das iniciativas cidadás de apoio á harmonización dos tempos (bancos de tempo, redes de barrio de apoio á conciliación...) a través de publicacións, de espazos de encontro, dos medios de comunicación, de programas de sensibilización en centros educativos, entre outros, para o coñecemento da sociedade en xeral.	Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas).

A previsión para o ano 2019 das principais medidas que se estima realizar no ámbito do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, é a seguinte:

- Na área estratéxica 2. "Coeducando para unha sociedade corresponsable", programáronse entre outras 2 medidas no obxectivo estratéxico 2.3. Sensibilizar e implicar as familias no

fomento dos valores da corresponsabilidade para un reparto das tarefas domésticas e de coidados libre de condicionamentos de xénero:

- Medida 2.3.1. "Deseño e posta en marcha de actividades de sensibilización e información ás familias con mensaxes relacionadas coa corresponsabilidade e o cambio de roles nas tarefas domésticas e de coidados": no que se ten previsto realizar obradoiros, charlas, coloquios e prácticas sobre a conciliación e corresponsabilidade coa participación da comunidade educativa (familias, profesorado, alumnado).
 - Medida 2.3.3. "Análise e difusión de boas prácticas e materiais de referencia na promoción da conciliación corresponsable dirixidas ás familias": o indicador de produtividade é "Nº de Publicacións divulgativas para o profesorado que difundan os principios da coeducación, da igualdade na comunidade educativa": estímase a Preparación e elaboración dunha guía de conciliación para as familias.
- Na área estratéxica 3. "Artellando unha nova cultura dos tempos", programáronse entre outras 3 medidas, I no obxectivo estratéxico 3.1 "Apoiar iniciativas que favorezan a reordenación dos tempos, así como a racionalización horaria, coa participación dos diferentes actores sociais":
 - Medida 3.1.8. "Realización de accións informativas e formativas para uns usos máis racionais do tempo e para a difusión de novos modelos e propostas relacionadas co goce do tempo por parte de mulleres e homes": no que se ten previsto realizar actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas): estímase a Preparación dunha campaña e/ou accións de sensibilización.
 - No obxectivo estratéxico 3.2. "Promover a implantación no ámbito local de medidas que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral", prevese a realización de 2 medidas:
 - Medida 3.2.1. "Apoio aos concellos galegos para desenvolver iniciativas extraescolares de conciliación que permiten ás familias compatibilizar o traballo remunerado coa vida persoal e familiar": Nesta medida se prevé realizar unha convocatoria de axudas ás Entidades locais de Galicia, cofinanciada co PO FSE Galicia 2014-2020, para que desenvolvan medidas de conciliación, como campamentos lúdicos nas tempadas que non hai escola, programas de almozos ou bos días cole, para que os nenos e nenas poidan quedar e almorzar na escola, antes de que comencen as clases, programas de reforzo e apoio educativo polas tardes, logo da xomada escolar, e outras. Estímase que no ano 2019, uns 85 concellos, recibirán a axuda da Secretaría xeral da Igualdade, pola que se desenvolverán ao redor de 215 actividades; sendo máis de 4.200 os nenos e nenas que participarán nas actividades de conciliación.
 - Medida 3.2.4. "Promoción da implantación de bancos de tempo nas cidades e vilas e apoio para a súa xestión, organización e posta en marcha. ": Nesta medida prevese realizar un estudo sobre Bancos de tempo (concellos ou outras entidades e administracións).

- Na área estratéxica 4. “Reforzando o compromiso das organizacións cunha conciliación corresponsable”, programouse entre outras 1 medida, no obxectivo estratéxico 4.3 “Promover un marco de relacións laborais que favoreza a racionalización horaria e a extensión das accións que facilitan que mulleres e homes compatibilicen de forma corresponsable o emprego e a esfera persoal e familiar”:
 - Medida 4.3.1. “Organización de actividades (foros, congresos, xornadas...) para a difusión de boas prácticas de organizacións e empresas que fan un uso racional, harmónico e corresponsable do tempo e outras medidas de conciliación”: no que se ten previsto realizar actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas).

- Na área estratéxica 5. “Fortalecendo os recursos de apoio”, programáronse entre outras 2 medidas, 1 no obxectivo estratéxico 5.2 “Consolidar e ampliar as medidas económicas para favorecer a harmonización dos tempos dedicados á esfera persoal, familiar e laboral”:
 - Medida 5.2.1. “Promoción da conciliación e fomento da corresponsabilidade para incidir na decisión dos homes de acollerse á redución da súa xornada de traballo para o coidado de menores ao seu cargo”: Nesta medida se prevé realizar unha convocatoria de axudas destinadas aos pais e ás nais de familias monoparentais, con fillos e fillas menores de 3 anos, para fomentar a corresponsabilidade no coidado dos fillos/as mediante a redución de xornada, cofinanciada co PO FSE Galicia 2014-2020. A estimación que se fai para o ano 2019 é de 325 axudas, das que se estima que 250 serán percibidas por pais e unhas 75 por nais de familias monoparentais.

- No obxectivo estratéxico 5.3 “Reforzar os recursos de apoio comunitario á conciliación”, estímase realizar a medida 5.3.1. “Desenvolvemento de accións de difusión e visibilización das iniciativas cidadás de apoio á harmonización dos tempos (bancos de tempo, redes de barrio de apoio á conciliación...)”, a través de publicacións, de espazos de encontro, dos medios de comunicación, de programas de sensibilización en centros educativos, entre outros, para o coñecemento da sociedade en xeral”.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As actuacións previstas neste programa por unha banda son de carácter sensibilizador, pretenden un cambio estrutural e forman parte dunha estratexia a longo prazo baseada na educación en valores de igualdade. Espérase con elas contribuír a un cambio de modelo social que supere as relacións asimétricas de poder no ámbito da parella e reducir as discriminación por razóns de xénero no mercado laboral derivadas dos diferentes roles asignados tradicionalmente a homes e mulleres. Neste sentido cabería esperar, a medio prazo, unha diminución da porcentaxe de persoas que na nosa comunidade continúan pensando que o coidado de persoas dependentes e as tarefas do fogar son unha responsabilidade eminentemente feminina e polo tanto, colocar ás mulleres nunha mellor situación respecto do acceso e permanencia no mercado

laboral permitindo a Galicia contar cunha forza de traballo necesaria para o seu desenvolvemento económico.

Por outra banda, tamén existen no programa actividades directamente dirixidas a apoiar o desenvolvemento de recursos e medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral que, aínda que dirixidas a toda a sociedade, agárdase que teñan unha maior repercusión no acceso e permanencia das mulleres no mercado de traballo e na mellora da súa calidade de vida, dada a persistencia dos roles de xénero tradicionais. A medio prazo agárdase unha diminución da porcentaxe de mulleres que non acceden ao mercado laboral por insuficiencia de recursos de atención a menores durante a xornada de traballo.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Unhas medidas inadecuadas para conciliar o traballo coas responsabilidades familiares, repercuten de maneira desproporcionada nas mulleres (as mulleres que traballan realizan cada semana unha media de 22 horas de traballo non remunerado, cifra que se reduce a 10 horas no caso dos homes, segundo datos de Eurofound 2015), á vez que se desalenta a moitos homes a coller permisos relacionados coa familia ou acollerse a fórmulas de traballo flexible, e presiónase ás mulleres para que abandonen o mercado de traballo ou reduzan as súas horas de traballo. Por ese motivo, en 2017, a Secretaría Xeral da Igualdade promoveu programas de fomento da corresponsabilidade a través dos que se concederon 231 axudas para redución de xornada. Ademais, a través das actividades de conciliación que se desenvolveron en colaboración coas entidades locais de Galicia resultaron beneficiarias un total de 2.613 persoas (1.797 mulleres e 816 homes).

(Fonte: Xunta de Galicia: Secretaría Xeral da Igualdade.)

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Pola asignación de competencias que ten atribuídas, a Secretaría Xeral da Igualdade integra e ten presente en todas as súas actuacións a perspectiva de xénero e a consideración da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, está a desenvolver continuamente novas estratexias para estender esta transversalidade ao resto dos departamentos da Xunta de Galicia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Igualdade

III.1.12. PROGRAMA 313B - ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Impulsar o avance efectivo cara unha igualdade real entre mulleres e homes a través da sensibilización da cidadanía, o empoderamento das mulleres e a incorporación do enfoque integrado de xénero nas actuacións da administración autonómica.

Teranse especialmente en conta as actuacións a desenvolver no ámbito rural e no ámbito educativo, co obxecto de contribuír a cohesión social en Galicia así como para favorecer o cambio de valores e o respecto para conformar unha sociedade con igualdade de oportunidades por razón de xénero.

Realizaranse actividades de promoción da igualdade en colaboración coas diferentes administracións públicas e as asociacións de mulleres, entidades sen fin de lucro, outras institucións e axentes, así como cos concellos en materias con incidencia sobre o colectivo feminino.

Prestarase un especial apoio á promoción do emprego das mulleres, acompañando os programas de fomento de autoemprego e do emprendemento feminino con accións de acompañamento, asesoramento e titorización que axuden a mellorar a taxa de pervivencia das iniciativas emprendedoras. Tamén se promoverá a información das mulleres en todos os eidos, con especial atención a aquelas mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade polo seu entorno persoal, social ou xeográfico.

A través dos programas de atención especializada, fomentaranse accións dirixidas a determinados colectivos de mulleres: mulleres xestantes e/ou lactantes, mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social, mulleres en situación de especial protección.

Finalmente, a través deste programa de gasto, desenvolveranse actuacións para fomentar a participación e o asociacionismo LGTBI, dando visibilidade ás accións, programas e campañas que se desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTBI.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As desigualdades diferenciais que seguen a existir entre homes e mulleres obrigan a mellorar a posición das mulleres en todos os ámbitos e fan necesaria a adopción dunha dobre estratexia que permita, por unha banda, desenvolver accións específicas que respondan a necesidades prácticas e, por outra, o deseño de medidas xerais que fomenten o equilibrio social, laboral, de representación, ...etc entre mulleres e homes e, por outra, promover a introdución de obxectivos de igualdade en todas as políticas (respondendo máis a plantexamentos estratéxicos).

Por outra banda, trátase de promover o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a súa permanencia no emprego e as súas condicións laborais están lonxe de darse en condicións de igualdade con respecto ás dos homes.

Atención especial requiren as mulleres nas que concorren outros factores adicionais que poden conducir a situacións de discriminación e potenciar a ausencia dunha igualdade de oportunidades efectiva; nestes casos resulta necesario facer referencia ao concepto de discriminación múltiple que pon de relevo a conexión que existe entre o xénero e outros factores como a discapacidade, a orixe racial ou étnica, a idade, a capacidade económica, a orientación sexual, etc.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para que a igualdade de xénero se valore e se promova, non só polas administracións públicas, senón tamén pola cidadanía, é preciso que a dita igualdade se recoñeza como un dereito humano e como motor de desenvolvemento da sociedade.

Precísase coñecer a realidade sobre a que se actúa e facer visibles as diferenzas entre homes e mulleres, nos ámbitos en que existan, e identificar se estas diferenzas poden supoñer desigualdades para desenvolver proxectos e actuacións que garantan un beneficio igual (ou equivalente) para mulleres e homes como resultado das políticas públicas.

As actuacións deste programa de gasto terán presentes, ademais, os ámbito prioritarios de actuación incluídos no Compromiso estratéxico para a igualdade de xénero 2016-2019, da Unión Europea: aumento da participación da muller no mercado laboral e a equiparación da independencia económica de mulleres e homes; redución da desigualdade de salarios e pensións por razón de xénero, loita contra a pobreza entre as mulleres, promoción da igualdade entre mulleres e homes na toma de decisións; loita contra a violencia de xénero.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

O programa está destinado á incorporación da transversalidade de xénero nas actuacións da administración autonómica e á promoción da igualdade en todos os ámbitos, prestando unha especial atención á promoción do emprego das mulleres e a aquelas mulleres en situación de vulnerabilidade.

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	X
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Malia que xa se ten avanzado considerablemente e que as actitudes ante a igualdade están evolucionando, aínda persisten desigualdades entre mulleres e homes na educación (en termos de preferencia de titulacións, de rendemento e de patróns de participación). É máis probable que as mulleres cursen educación superior pero seguen sobrerrepresentadas en campos vinculados

cos roles femininos tradicionais, como os relacionados coas tarefas asistenciais e infrarepresentadas en carreiras de ciencias, matemáticas, tecnoloxías da información e enxeñerías.

Como resultado, a desigualdade nas ocupacións adopta formas novas e as mulleres continúan a ter máis probabilidades que os homes de ser economicamente non activas. Segundo a EPA de 2017, en Galicia a taxa de actividade das mulleres era do 70,0% fronte ao 76,5% dos homes.

As mulleres supoñen ademais a principal fonte de potencial empresarial sen explotar. A actividade emprendedora das mulleres foi significativamente máis baixa que a masculina, mais no ano 2016 cambia a tendencia e a actividade emprendedora das mulleres é 9 décimas máis alta que a masculina. As iniciativas emprendedoras femininas sitúanse en sectores con poucas posibilidades de expansión internacional e de creación de emprego, e alonxadas da tecnoloxía. Segundo os datos do informe GEM 2016, a taxa de actividade emprendedora feminina sitúase en Galicia no 4,04, fronte ao 3,95 da taxa masculina.

Polo que respecta ao acceso aos recursos económicos ao longo da vida, a igualdade entre mulleres e homes continúa a ser difícil de alcanzar. As mulleres (especialmente as que teñen asociados outros factores de discriminación) continúan a xerar unha proporción máis baixa de ingresos que os homes no mercado laboral. É moito máis probable que as mulleres traballen a tempo parcial e reciban un salario inferior por hora de traballo. Segundo a EPA do ano 2017, o 21,9% das mulleres traballadoras tiñan contratos a tempo parcial, fronte ao 5,9% dos homes. E isto non é unha opción voluntaria na maior parte dos casos, senón que está asociada ao coidado de menores, persoas maiores, en situación de dependencia, así como a outras obrigas familiares e persoais.

Por outra banda, o diferencial dos salarios medios anuais de mulleres e homes cífrase no 22,3 %, isto é, as mulleres galegas gañan ao ano por termo medio o 77,0 % do salario dos homes. Isto da lugar a unha ampla disparidade nas pensións e polo tanto as mulleres de idade avanzada teñen un maior risco de pobreza e de exclusión social que os homes.

Por todo o anterior, a Secretaría Xeral da Igualdade desenvolve, no marco deste programa de gasto, actuacións dirixidas a reducir as desigualdades en canto a emprego e protección social, co fin de alcanzar os obxectivos da estratexia Europa 2020, especialmente en tres ámbitos de gran relevancia para a igualdade de xénero: o emprego, a educación e o fomento da inclusión social, contribuíndo así ao potencial de crecemento da poboación activa europea.

Así, fináncianse actuacións integrais de promoción da igualdade no eido laboral, complementando accións de apoio directo á actividade empresarial feminina con accións que favorecen a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Tamén se levan a cabo actuacións dirixidas a promover o liderado e a promoción da igualdade na toma de decisións co fin de aproveitar plenamente todas as capacidades, potenciando

o asociacionismo feminino como factor clave e axente de cambio que permite transformar a realidade a través da participación social, especialmente no medio rural.

E programas integrais para a atención a mulleres en situación de especial vulnerabilidade (afectadas por factores de discriminación múltiple) que se desenvolven tanto en colaboración coas entidades locais como con entidades sen fin de lucro, así como actuacións dirixidas a garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual, e fomentar a participación e o asociacionismo LGTBI co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTBI.

Ademais, complementáanse estas actuacións directas con accións de sensibilización e información dirixidas a eliminar os estereotipos de xénero que aínda están presentes na sociedade, así como a mudar os roles de xénero. Ou actividades formativas específicas para profesionais que traballan no ámbito da promoción da igualdade, docentes, persoal orientador, pais e nais, etc.

Neste programa utilízanse, entre outros, os seguintes indicadores de xénero: Mulleres beneficiarias do programa de autoemprego da muller (EMEGA), nº actividades de conciliación, participantes que melloraron a súa situación persoal ou laboral a través de medidas de fomento da igualdade, número de accións de formación e sensibilización no ámbito de promoción da igualdade, mulleres que recibiron información, atención ou asesoramento, mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións, entidades beneficiadas de axudas para a promoción da igualdade.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

ACTIVIDADE PREVISTA	PERSOAS DESTINATARIAS
Centros de información ás mulleres	Mulleres en xeral e mulleres en situación de vulnerabilidade, sociedade en xeral
Accións de sensibilización dirixidas ao fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres	Sociedade en xeral con independencia de que o seu foco de interese sexa variable segundo o ámbito de desigualdade sobre o que se quere incidir
Medidas de apoio a mulleres dirixidas a previr situacións de exclusión social (programas e recursos integrais)	Entidades de iniciativa social e mulleres en situación de vulnerabilidade.
Creación de empresas por mulleres, promoción do autoemprego e do emprego das mulleres	Mulleres
Programas de capacitación no ámbito da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres	Persoal da administración autonómica, persoal docente e persoal técnico de centros e recursos dependentes dos concellos galegos buscando a incorporación da perspectiva de xénero no seu traballo cotiá
Programas dirixidos ao fomento do papel social do movemento asociativo das mulleres e pola igualdade, así como do asociacionismo LGTBI	Movemento asociativo

ACTIVIDADE PREVISTA	PERSOAS DESTINATARIAS
Programas de promoción da igualdade a través das entidades locais	Entidades locais e sociedade en xeral
Actuacións de promoción da igualdade e da corresponsabilidade	Nenas e nenos, pais e nais, profesorado e persoal orientador

A totalidade das actividades previstas dentro deste programa están dirixidas a toda a sociedade pero dependendo da liña de acción pode definirse un perfil destinatario máis concreto.

MEDIDAS e INDICADORES do PLAN GALEGO DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE 2018 - 2021					
ÁREA ESTRATÉGICA	OE	CÓD. MEDIDA	MEDIDA	Indicador de produtividade	
1. Xerando conciencia e coñecemento	1.1. Sensibilizar e informar o conxunto da cidadanía sobre as vantaxes sociais da conciliación corresponsable, incluíndo especialmente na conciliación en torno á necesidade dun reparto equitativo do traballo no fogar e dos coidados.	1.1.1	Realización de campañas informativas e de sensibilización sobre a importancia do traballo doméstico e de coidados para a sustentabilidade da vida cotiá, que salienten o seu valor social e económico e que afirmen a necesidade de asumilo de maneira equitativa por homes e mulleres, así como sobre os beneficios das medidas que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral dende un enfoque que fomente a corresponsabilidade.	Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas).	
		1.1.3	Edición de materiais divulgativos para o fomento da corresponsabilidade, a eliminación dos estereotipos e a posta en valor do traballo doméstico e os coidados.	Edición de materiais divulgativos (nº de novos materiais).	
		1.2.7	Recopilación e difusión de boas prácticas en materia de conciliación e corresponsabilidade.	Boas prácticas en materia de conciliación e corresponsabilidade.	
		1.3.2	Potenciar a través dos medios de comunicación de titularidade pública a difusión de mensaxes e imaxes nas que todas as persoas que integran a familia comparten o traballo doméstico e as responsabilidades familiares e laborais.	Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas). Medios de comunicación participantes.	
2. Coeducando para unha sociedade corresponsable	1.3. Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproducen estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.	1.3.4	Desenvolvemento de accións a través da Comisión Asesora de Publicidade non sexista para a creación de contidos publicitarios que transmitan modelos de convivencia familiar igualitarios, así como as vantaxes da conciliación corresponsable.	Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas). Medios de comunicación participantes.	
		2.1. Impulsar o tratamento da corresponsabilidade, os usos do tempo e a conciliación nos contidos curriculares e nos programas educativos	2.1.1	Realización dun tratamento específico sobre o fomento da corresponsabilidade e a conciliación dentro da programación da materia de libre configuración para abordar a perspectiva de xénero dende o ámbito educativo.	Centros educativos nos que se imparte materia de libre configuración de perspectiva xénero (desagregado por nivel educativo e tipo de centro: público ou privado)
			2.1.2	Elaboración de orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista do fomento da corresponsabilidade, harmonización de tempos e a conciliación	Publicacións divulgativas para o profesorado que difundan os principios da coeducación, da igualdade na comunidade educativa.
			2.1.3	Elaboración e revisión de materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de incluír contidos sobre as vantaxes dunha distribución dos tempos de traballo, persoais e familiares e un reparto equilibrado de responsabilidades entre mulleres e homes	Publicacións divulgativas para o profesorado que difundan os principios da coeducación, da igualdade na comunidade educativa.
			2.1.4	Inclusión de materiais sobre a boa xestión dos tempos, corresponsabilidade e conciliación nas maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero	Publicacións divulgativas para o profesorado que difundan os principios da coeducación, da igualdade na comunidade educativa.
			2.1.5	Elaboración dun programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación, a investigación e a intervención do alumnado en dinámicas e iniciativas ao redor da corresponsabilidade e conciliación.	
	2.1.6		Promoción da imaxe de homes e mulleres conciliando de maneira corresponsable para que o alumnado dispoña de referentes femininos e masculinos neste ámbito		
	2.2. Sensibilizar e capacitar o persoal docente para o cambio dos patróns culturais que sustentan a desigualdade entre mulleres e homes e a transmisión de valores relacionados coa conciliación corresponsable.	2.2.3	Creación dun espazo propio sobre a importancia de coeducar en corresponsabilidade nos foros de debate e discusión interdisciplinares constituídos para garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade	Obradoiros, charlas, coloquios e prácticas sobre a conciliación e corresponsabilidade coa participación de alumnado. Obradoiros, charlas, coloquios e prácticas sobre a conciliación e corresponsabilidade coa participación da comunidade educativa (familias, profesorado, alumnado).	
		2.3. Sensibilizar e implicar as familias no fomento dos valores da corresponsabilidade para un reparto das tarefas domésticas e de coidados libre de condicionamentos de xénero	2.3.1	Deseño e posta en marcha de actividades de sensibilización e información ás familias con mensaxes relacionadas coa corresponsabilidade e o cambio de roles nas tarefas domésticas e de coidados.	Obradoiros, charlas, coloquios e prácticas sobre a conciliación e corresponsabilidade coa participación da comunidade educativa (familias, profesorado, alumnado).
			2.3.3	Análise e difusión de boas prácticas e materiais de referencia na promoción da conciliación corresponsable dirixidas ás familias.	Publicacións divulgativas para o profesorado que difundan os principios da coeducación, da igualdade na comunidade educativa: estímase a Preparación e elaboración dunha guía de conciliación para as familias.
3.1. Apolar iniciativas que favorezan a reordenación dos tempos, así como a racionalización horaria, coa participación dos diferentes actores sociais		3.1.2	Apoio e promoción de estudos diagnóstico e procesos de participación cidadá para que as entidades locais coñezan as necesidades da cidadanía en materia de usos do tempo e sincronización horaria, de cara á elaboración e implantación de plans de ordenación do tempo.	Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas).	
	3.1.8	Realización de accións informativas e formativas para un usos máis racionais do tempo e para a difusión de novos modelos e propostas relacionadas co goce do tempo por parte de mulleres e homes.	Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas); estímase a Preparación dunha campaña e/ou accións de sensibilización.		
		3.1.9	Posta en marcha de actuacións de sensibilización para que os medios de comunicación adapten a súa programación a uns horarios máis racionais.	Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas).	
	3.2. Promover a implantación no ámbito local de medidas que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral	3.2.1	Apoio aos concellos galegos para desenvolver iniciativas extraescolares de conciliación que permitan ás familias compatibilizar o traballo remunerado coa vida persoal e familiar.	Concellos que implantan medidas de conciliación: estímase 85 concellos. Número de actividades de conciliación: estímase 215 actividades. N° de nenos e nenas que participan nas actividades de conciliación: estímase uns 4.000 nenos e nenas	
		3.2.2	Desenvolvemento de accións, en colaboración coa Fegamp, para a difusión e o intercambio de experiencias e boas prácticas en materia de plans e programas municipais de conciliación da vida laboral, persoal e familiar.		
3.2.4	Promoción da implantación de bancos de tempo nas cidades e vilas e apoio para a súa xestión, organización e posta en marcha.	Bancos de tempo promovidos (concellos ou outras entidades e administracións); preparación dun estudo			
4. Reforzando o compromiso das organizacións cunha conciliación corresponsable	4.2. Favorecer a implantación efectiva de medidas de conciliación e de flexibilización do tempo de traballo nas empresas e outras organizacións, fomentando un uso corresponsable entre as persoas traballadoras.	4.2.2	Líña Concilia Emma: Establecemento de axudas ás pequenas e medianas empresas galegas para a introdución de medidas de organización flexible do tempo de traballo (flexibilidade horaria, de xornada, quendas, vacacións), o traballo a distancia, a mobilidade xeográfica así como outros beneficios sociais e servizos que faciliten ás traballadoras e traballadores compatibilizar a estera laboral coa vida persoal e familiar.	Número de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e da conciliación de vida laboral e familiar.	
		4.2.4	Desenvolvemento de actuacións de información, sensibilización e formación sobre novas fórmulas de organización laboral, usos do tempo e corresponsabilidade dirixidas ás empresas e persoas traballadoras do sector pesqueiro e agrogandeiro.	Número de actuacións para desenvolver medidas de fomento da igualdade e da conciliación de vida laboral e familiar nos sectores pesqueiro e agrogandeiro.	
	4.3. Promover un marco de relacións laborais que favoreza a racionalización horaria e a extensión das accións que facilitan que mulleres e homes compatibilicen de forma corresponsable o emprego e a estera persoal e familiar	4.3.1	Organización de actividades (foros, congresos, xornadas...) para a difusión de boas prácticas de organizacións e empresas que fan un uso racional, harmónico e corresponsable do tempo e outras medidas de conciliación.	Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas).	

A previsión para o ano 2019 das principais medidas que se estima realizar no ámbito do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, é a seguinte:

- Na área estratéxica 1. “Xerando conciencia e coñecemento”, programáronse entre outras medidas no obxectivo estratéxico 1.1. “Sensibilizar e informar o conxunto da cidadanía sobre as vantaxes sociais da conciliación corresponsable, incidindo especialmente na concienciación en torno á necesidade dun reparto equitativo do traballo no fogar e dos coidados”:
 - Medida 1.1.1. “Realización de campañas informativas e de sensibilización sobre a importancia do traballo doméstico e de coidados para a sustentabilidade da vida cotiá, que salienten o seu valor social e económico e que afirmen a necesidade de asumilo de maneira equitativa por homes e mulleres; así como sobre os beneficios das medidas que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral dende un enfoque que fomente a corresponsabilidade”: no que se ten previsto realizar actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas).
 - Medida 1.1.3. “Edición de materiais divulgativos para o fomento da corresponsabilidade, a eliminación dos estereotipos e a posta en valor do traballo doméstico e os coidados”: no que se ten previsto realizar a edición dun recurso divulgativo.
- No obxectivo estratéxico 1.2. “Impulsar a xeración e a transferencia de coñecemento en materia de corresponsabilidade e conciliación”, está prevista a realización da medida 1.2.7. “Recompilación e difusión de boas prácticas en materia de conciliación e corresponsabilidade”.
- No obxectivo estratéxico 1.3. “Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproducen estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes”, está prevista a realización dalgunha das medidas, como por exemplo, a 1.3.2. “Potenciar a través dos medios de comunicación de titularidade pública a difusión de mensaxes e imaxes nas que todas as persoas que integran a familia comparten o traballo doméstico e as responsabilidades familiares e laborais” ou 1.3.4. “Desenvolvemento de accións a través da Comisión Asesora de Publicidade non sexista para a creación de contidos publicitarios que transmitan modelos de convivencia familiar igualitarios, así como as vantaxes da conciliación corresponsable”.
- Na área estratéxica 2. “Coeducando para unha sociedade corresponsable”, programáronse entre outras 6 medidas no obxectivo estratéxico 2.1. “Impulsar o tratamento da corresponsabilidade, os usos do tempo e a conciliación nos contidos curriculares e nos programas educativos”:
 - Medida 2.1.1. “Realización dun tratamento específico sobre o fomento da corresponsabilidade e a conciliación dentro da programación da materia de libre configuración para abordar a perspectiva de xénero dende o ámbito educativo”: no que se ten previsto chegar nun primeiro paso a uns 30 centros educativos de ensinanza secundaria, entre os que están aqueles nos que se imparte materia de libre configuración de perspectiva xénero.

- Medida 2.1.3. "Elaboración e revisión de materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de incluír contidos sobre as vantaxes dunha distribución dos tempos de traballo, persoais e familiares e un reparto equilibrado de responsabilidades entre mulleres e homes".
- Medida 2.1.4. "Inclusión de materiais sobre a boa xestión dos tempos, coresponsabilidade e conciliación nas maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero".
- Medida 2.1.5. "Elaboración dun programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación, a investigación e a intervención do alumnado en dinámicas e iniciativas ao redor da coresponsabilidade e conciliación"
- Medida 2.1.6. "Promoción da imaxe de homes e mulleres conciliando de maneira coresponsable para que o alumnado dispoña de referentes femininos e masculinos neste ámbito".

Como indicador de produtividade para estas medidas se inclúe o "Nº de Publicacións divulgativas para o profesorado que difundan os principios da coeducación, da igualdade na comunidade educativa": estímase a Preparación e elaboración dunha guía de conciliación para profesorado, alumnado e familias.

- No obxectivo estratéxico 2.2. "Sensibilizar e capacitar o persoal docente para o cambio dos patróns culturais que sustentan a desigualdade entre mulleres e homes e a transmisión de valores relacionados coa conciliación coresponsable", estímase realizar a medida 2.2.3. "Creación dun espazo propio sobre a importancia de coeducar en coresponsabilidade nos foros de debate e discusión interdisciplinarios constituídos para garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade", no que se computarán o número de Obradoiros, charlas, coloquios e prácticas sobre a conciliación e coresponsabilidade coa participación da comunidade educativa (familias, profesorado, alumnado).
- No obxectivo estratéxico 2.3. "Sensibilizar e implicar as familias no fomento dos valores da coresponsabilidade para un reparto das tarefas domésticas e de coidados libre de condicionamentos de xénero", se ten previsto comezar as seguintes medidas:
 - Medida 2.3.1. "Deseño e posta en marcha de actividades de sensibilización e información ás familias con mensaxes relacionadas coa coresponsabilidade e o cambio de roles nas tarefas domésticas e de coidados" e medida 2.3.3. "Análise e difusión de boas prácticas e materiais de referencia na promoción da conciliación coresponsable dirixidas ás familias".
- Na área estratéxica 3. "Artellando unha nova cultura dos tempos", programáronse entre outras 6 medidas: 3 no obxectivo estratéxico 3.1. "Apoiar iniciativas que favorezan a reordenación dos tempos, así como a racionalización horaria, coa participación dos diferentes actores sociais":
 - Medida 3.1.2. "Apoio e promoción de estudos diagnóstico e procesos de participación cidadá para que as entidades locais coñezan as necesidades da cidadanía en materia de usos do tempo e sincronización horaria, de cara á elaboración e implantación de plans de ordenación do tempo".

- Medida 3.1.8. "Realización de accións informativas e formativas para uns usos máis racionais do tempo e para a difusión de novos modelos e propostas relacionadas co goce do tempo por parte de mulleres e homes".
- Medida 3.1.9. "Posta en marcha de actuacións de sensibilización para que os medios de comunicación adapten a súa programación a uns horarios máis racionais".

O indicador de produtividade que medirá estas 3 medidas é o número de Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas), no que se estima a Preparación dunha campaña e/ou accións de sensibilización.

- No obxectivo estratéxico 3.2. "Promover a implantación no ámbito local de medidas que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral", se prevé a realización das seguintes tres medidas:

- Medida 3.2.1. "Apoio aos concellos galegos para desenvolver iniciativas extraescolares de conciliación que permiten ás familias compatibilizar o traballo remunerado coa vida persoal e familiar".
- Medida 3.2.2. "Desenvolvemento de accións, en colaboración coa Fegamp, para a difusión e o intercambio de experiencias e boas prácticas en materia de plans e programas municipais de conciliación da vida laboral, persoal e familiar", e
- Medida 3.2.4. "Promoción da implantación de bancos de tempo nas cidades e vilas e apoio para a súa xestión, organización e posta en marcha".

Nos que os indicadores de produtividade que as medirán son o número de concellos que implantan medidas de conciliación e bancos de tempo, número de actividades e bancos de tempo promovidos.

- Na área estratéxica 4. "Reforzando o compromiso das organizacións cunha conciliación corresponsable", programáronse entre outras 2 medidas: I no obxectivo estratéxico 4.2. "Favorecer a implantación efectiva de medidas de conciliación e de flexibilización do tempo de traballo nas empresas e outras organizacións, fomentando un uso corresponsable entre as persoas traballadoras":

- Medida 4.2.2. "Establecemento de axudas ás pequenas e medianas empresas galegas para a introdución de medidas de organización flexible do tempo de traballo (flexibilidade horaria, de xornada, quendas, vacacións), o traballo a distancia, a mobilidade xeográfica así como outros beneficios sociais e servizos que faciliten ás traballadores e traballadores compatibilizar a esfera laboral coa vida persoal e familiar."(referida á Liña Concilia Emega. O indicador de produtividade é número de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e da conciliación de vida laboral e familiar, que se estima para 2019 en 50 axudas.

- No obxectivo estratéxico 4.3."Promover un marco de relacións laborais que favoreza a racionalización horaria e a extensión das accións que facilitan que mulleres e homes compatibilicen de forma corresponsable o emprego e a esfera persoal e familiar":

- Medida 4.3.1. "Organización de actividades (foros, congresos, xornadas...) para a difusión de boas prácticas de organizacións e empresas que fan un uso racional, harmónico e corresponsable do tempo e outras medidas de conciliación.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As actuacións que se van levar a cabo son accións propiamente dirixidas a minorar situacións de desigualdade e dotar a cidadanía no seu conxunto, e as mulleres en particular, de maiores índices e cotas de igualdade. É dicir, este programa na súa integridade está dirixido a eliminar a fenda aínda existente no ámbito da igualdade e que homes e mulleres teñan os mesmos dereitos e oportunidades. Por este motivo as actuacións previstas neste programa pretenden un cambio estrutural e forman parte dunha estratexia a longo prazo pero con obxectivos anuais a acadar e que a través das diferentes liñas de acción a desenvolver, pretenden contribuír a un cambio de modelo social e a desaparición das discriminacións por razóns de xénero que aínda existen.

Deste xeito cabería esperar, a medio prazo, unha diminución na brecha aínda existente no ámbito da igualdade entre mulleres e homes, tanto nos espazos públicos (participación igualitaria no mercado laboral, nos órganos de decisión, etc) coma nos espazos privados e domésticos.

Por iso o programa contén diferentes liñas de acción como son as accións de sensibilización dirixidas a diferentes públicos e coas que se agarda contribuír a un cambio de modelo social que supere as relacións asimétricas de poder e a discriminación das mulleres nos ámbitos nos que aínda perdura.

Tamén se agarda que a través das liñas de acción dirixidas ao emprendemento feminino se produza un incremento do emprego feminino por conta propia e allea, e un incremento da conciencia de xénero das mulleres do territorio e capacitación para a busca de emprego.

Espérase fortalecer as capacidades e destrezas do persoal de diferentes ámbitos co obxectivo de ofrecer á poboación unha atención de carácter integral que teña en conta as diferenzas derivadas do xénero para superar as brechas existentes en cada ámbito concreto dos sinalados na diagnose.

En resumo, reducir as fendas de xénero existentes en cada ámbito concreto dos sinalados na diagnose.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

En 2017 financiáronse 67 proxectos de emprendemento feminino, que implicaban un total de 144 postos de traballo por conta propia ou allea. Ademais, recibiron atención, información

ou asesoramento nos centros de información á muller 9.177 mulleres e resolvéronse 70.144 consultas.

Por outra banda, financiáronse 68 proxectos dirixidos programas de atención integral a mulleres en situación de vulnerabilidade (mulleres con diversidade funcional, vítimas de violencia de xénero, con enfermidade mental, mulleres monoparentais, reclusas ou ex-reclusas, con problemas de adicións, etc), sendo 3.000 as mulleres que participaron nestes programas.

No eido do apoio ao movemento asociativo feminino concedéronse axudas a 94 asociacións galegas de mulleres.

Desenvolvéronse actividades formativas específicas dirixidas ao profesorado, e en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desenvolveuse o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Mellorouse a formación en igualdade do persoal ao servizo da Xunta de Galicia, a través de distintas actividades formativas que se desenvolveron na EGAP, así como dos e das profesionais que prestan servizos en ámbitos relacionados coa promoción da igualdade.

Elaboráronse materiais informativos e de divulgación e realizáronse un total de 23 accións de formación e sensibilización no ámbito de promoción da igualdade, entre os que se poden citar: 2 convenios de apoio ao movemento asociativo LGTBI, a celebración e organización do XVIII Foro de educación en igualdade, a edición do libro "Máis aló do azul e rosa", a organización do acto de entrega do premio M^a Josefa Wonenburguer no eido da Unidade Muller e Ciencia, a organización do Día internacional das rapazas TIC, a organización e apoio dos proxectos Ada e Diana, do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o Congreso coas mulleres do ámbito da pesca "Mar de Arousa", a organización das Xornadas de pais e nais en igualdade, a campaña de sensibilización e comunicación polo día da muller do 8 de marzo do 2017, traballos ao redor do VII Plan estratéxico de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a realización dunha exposición sobre o premio M^a Josefa Wonenburguer que difunde e fomenta a visibilidade das mulleres no eido científico e a propia exposición foi un investimento xa que está rotando polos centros educativos de Galicia que propicia e axuda a realizar actividades de fomento das vocacións científicas entre as rapazas e se publicaron uns trípticos sobre o Programa de emprendemento feminino (Emega).

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIAN O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRIPCIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Pola asignación de competencias que ten atribuídas, a Secretaría Xeral da Igualdade integra e ten presente en todas as súas actuacións a perspectiva de xénero e a consideración da igualdade

de oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, está a desenvolver continuamente novas estratexias para estender esta transversalidade ao resto dos departamentos da Xunta de Galicia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Igualdade

III.1.13. PROGRAMA 313D - PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátase de previr e abordar a violencia de xénero dende as súas diferentes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e protección das vítimas, con actuacións de carácter integral, desenvolvendo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 26 de xullo.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa diríxese a todas as mulleres que vivan, residan ou traballen en Galicia e que se encontren nunha situación de violencia de xénero, así como as súas fillas e fillos e outras persoas dependentes delas, vítimas directas e indirectas.

O programa diríxese tamén á atención a vítimas de trata de seres humanos, fundamentalmente as que o son con fins de explotación sexual.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A violencia de xénero constitúe a manifestación máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes e constitúe un gravísimo problema ao que se enfronta a sociedade actual. A Constitución Española proclama no seu artigo 15 o dereito de todas as persoas á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. O artigo 14 da norma fundamental establece a igualdade de todos ante a lei, prohibindo calquera discriminación por razón de sexo; A violencia de xénero constitúe un ataque frontal contra ambos preceptos constitucionais. Trátase dunha violencia que afecta ás mulleres polo mero feito de selo e constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

Por esta razón, é necesario actuar en vertentes distintas: a prevención, atención, protección e asistencia fronte á violencia de xénero.

No ano 2017, Galicia situouse no décimo segundo lugar no elenco de comunidades autónomas por número de mortes por esta lacra (2 casos, o 3,9% do total).

Polo que se refire ás denuncias e ordes de protección ditadas polos nosos xulgados galegos, sinalar que en 2017 presentáronse en Galicia 6.436 denuncias, o que supón case o 4% do total estatal, e se ditáronse 1.284 ordes de protección, o 3,3% das ordes de protección ditadas en España.

As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen acceso a axudas económicas directas, a recursos de acollida, acceso prioritario ás vivendas de promoción pública, son beneficiarias do bono de aluguer social para acceso a unha vivenda cando residen nun recurso de acollida e están contempladas como colectivo preferente en todas as medidas de emprego xestionadas dende a Xunta de Galicia.

Tamén se fai un importante investimento para que 81 concellos galegos que contan con centros de informacións ás mulleres manteñan os centros de información e asesoramento, e para que as vítimas da violencia de xénero poidan contar con atención psicolóxica e asesoramento xurídico especializados.

A rede galega de acollemento, que conta con cinco centros de acollida e un centro de emerxencias tivo, no ano 2017, un grao medio de ocupación do 66,70%.

Non se deben esquecer as axudas económicas a mulleres vítimas de violencia de xénero que, no ano 2017, lle foron concedidas a 495 mulleres.

Sinalar tamén que en 2017, 527 mulleres participaron no programa específico de inserción laboral para vítimas da violencia de xénero, e 85 delas, o 16% , inseríronse laboralmente.

Por último, lembrar que a trata de seres humanos con fins de explotación sexual é tamén unha forma de violencia de xénero; No programa de atención integral a persoas en situación de explotación sexual e/ou vítimas de trata de seres humanos, foron atendidas un total de 539 mulleres e nenas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 26 de xullo.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero: Informe da Subcomisión do Congreso dos Deputados, do 28 de setembro de 2017 e Informe da Ponencia de Estudo do Senado de 13 de setembro de 2017, para un pacto de estado en materia de violencia de xénero.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para o apoio e protección das mulleres que sofren violencia de xénero existen diversidade de recursos dispersos que se fai preciso coordinar e harmonizar para unha maior eficacia, así como a necesidade de seguir incidindo en medidas de sensibilización sobre as causas e efectos que a violencia de xénero ten sobre as mulleres, sobre os nenos e as nenas, e sobre a sociedade en xeral; na formación da totalidade dos profesionais implicados no tratamento da violencia de xénero, ou na visibilización e sensibilización sobre un delito aínda moi oculto na nosa sociedade, como é o da trata de persoas, fundamentalmente con fins de explotación sexual.

Consólidase o compromiso do Goberno galego con esta problemática, reflectida no VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, reforzando o apoio ás vítimas da violencia machista, garantindo as axudas económicas directas que poden ser solicitadas ao longo de todo o ano e incluíndo como beneficiarias das mesmas ás vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual logo da modificación lexislativa operada no ano 2016. Continúase ademais co programa específico de inserción laboral, que se basea na súa integración no mercado laboral como elemento clave para conseguir unha recuperación integral, así como co impulso e difusión do Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á Violencia de Xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero de maneira definitiva en marzo de 2017.

Levarase a cabo a Implantación progresiva do decreto que regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero de todo o persoal ao servizo da administración da comunidade autónoma, coa publicación da orde que desenvolve o dito decreto, que permitirá fortalecer o coñecemento da violencia machista e mellorar o tratamento das vítimas.

Destacar tamén o reforzo das oficinas xudiciais de atención ás vítimas da violencia de xénero en Galicia, incluíndo nas ditas oficinas tarefas de apoio e asistencia psicolóxica ás vítimas así como a posta en marcha dunha quenda de garda psicolóxica permanente para as vítimas da violencia de xénero.

Reforzase tamén a rede galega de acollemento, impulsando a posta en funcionamento de novos recursos de acollida para mulleres que sofren violencia machista e ademais presentan outras problemáticas engadidas (toxicomanías ou enfermidade mental).

Indicar ademais a implantación dunha liña de axudas económicas (indemnización) aos orfos e orfas da violencia de xénero que carezan de rendas.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

O programa está destinado a previr e abordar a violencia de xénero dende as súas diferentes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e protección

das vítimas, con actuacións de carácter integral, desenvolvendo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (modificada modificada pola Lei 12/2016, do 26 de xullo), e implantado de xeito progresivo as medidas contidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero competencia da Secretaría Xeral da Igualdade; Diríxese a todas as mulleres que vivan, residan ou traballen en Galicia e que se atopen nunha situación de violencia de xénero, así como as súas fillas e fillos e outras persoas dependentes delas, vítimas directas. O programa diríxese tamén á atención a vítimas de trata de seres humanos, fundamentalmente con fins de explotación sexual e tamén á cidadanía en xeral, coa finalidade de remover os estereotipos e os roles sexistas, rachar as desigualdades e crear unha conciencia de rexeitamento social en contra da violencia machista.

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	X
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

- Situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto.

Entre 2004 e 2017, foron asasinadas en España a mans das súas parellas ou ex-parellas, 848 mulleres. No ano 2017, presentáronse en Galicia 6.436 denuncias por violencia de xénero, e no Punto de Coordinación das Ordes de Protección rexistráronse 1.651 ordes de protección, ás se engaden as ditadas en anos anteriores e que continúan en vigor. Estas cifras seguen a falar dunha realidade dramática que en pleno século XXI aínda viven as mulleres pola súa condición de tal, seguen a falar do prezo inasumible que paga esta sociedade pola desigualdade, que se cobra cada ano a vida das mulleres. Unha análise dos acontecementos diarios, das estatísticas de violencia de xénero ou da desigualdade de oportunidades, lévanos

a concluír que é, non xa necesario, senón urxente, construír un novo patrón de relación igualitario en substitución do tradicional, obsoleto e fracasado, que prexudica ás mulleres, pero tamén é insatisfactorio para os homes.

Os desaxustes e os fracasos que produce o actual patrón desigual deben obrigarnos, como colectividade, a repensar un novo modelo de relación, que sexa aceptado por todos e todas e que sexa gratificante para mulleres e homes. Na construción dese novo modelo débense implementar liñas de acción con criterio horizontal e interinstitucional, destinadas a estimular a corresponsabilidade de toda a sociedade e, especialmente, da xente máis nova contra a violencia de xénero, así como a ampliar a protección das vítimas, considerando neste grupo ás mulleres e aos menores.

(Fonte: CGPJ/ Ministerio Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade/Xunta de Galicia: Secretaría Xeral da Igualdade-Punto de Coordinación das Ordes de Protección)

- Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto.
Ademais das accións dirixidas á sociedade galega en xeral que contén este programa, fundamentalmente ás de sensibilización e visibilización da violencia de xénero poden cuantificarse como beneficiarias directas: 3.861 usuarias do teléfono de información ás mulleres, 602 mulleres e os seus 200 fillos e fillas beneficiarias do programa de atención psicolóxica, 122 mulleres e 107 menores ingresadas/os en centros de acollemento, 495 mulleres beneficiarias de axudas económicas.
- Existencia de indicadores con relevancia de xénero
Accións de sensibilización, información e formación sobre violencia de xénero, mulleres e fillas/os atendidos nos programas de protección.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

ACTIVIDADE PREVISTA	PERSOAS DESTINATARIAS
Promover a concienciación social sobre a problemática da violencia de xénero e a responsabilidade de toda a sociedade para a súa erradicación e impulsar a prevención e a detección das situacións de violencia de xénero en todas as súas formas e ámbitos	Toda a sociedade
Mellorar a formación das e dos profesionais implicados na prevención, atención e integración das vítimas de violencia de xénero.	Toda a sociedade
Reforzar a protección e a atención integral das mulleres vítimas de violencia de xénero así como das persoas ao seu cargo mediante unha rede de recursos especializados e facilitar a integración social e a independencia económica das mulleres vítimas de violencia de xénero	Mulleres e menores
Aumentar a coordinación dos esforzos públicos co fin de acadar unha maior eficacia e complementariedade dos recursos destinados a intervención integral coas vítimas de violencia de xénero	Toda a sociedade
Impulsar unha atención integral e específica ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.	Mulleres Nº total mulleres atendidas en 2017: 539

A totalidade das actividades previstas dentro deste programa están directamente relacionadas coa prevención e a loita contra a violencia de xénero, e polo tanto diríxense tanto á sociedade en xeral como ás vítimas desa violencia en particular.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Para comprender a desigualdade e a violencia de xénero, poder combatelas e deconstruílas é imprescindible partir dos roles estipulados historicamente para as mulleres e os homes así como a valoración outorgada a cada un deles.

Polo tanto, as actuacións previstas neste programa son por unha banda, de carácter preventivo, a través de vías de sensibilización e información, que pretendan cambios estruturais, medidas que conleven o fomento de valores de igualdade, respecto, resolución de conflitos de maneira non violenta, fomento da autoestima e das habilidades de comunicación..., son factores de protección ante a violencia encamiñados ao establecemento de relacións igualitarias e de respecto entre homes e mulleres.

Por outra banda existen no programa actividades directamente dirixidas a apoiar e atender as necesidades das vítimas da violencia de xénero, fundamentalmente a través de axudas de carácter económico, apoio psicolóxico, asistencia xurídica, recursos residenciais de acollemento e información en todas as fases do seu proceso de saída da situación de violencia.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Os principais resultados acadados polo programa 313D dende o punto de vista do xénero teñen que ver coa consolidación e mellora dos programas de prevención e loita contra a violencia de xénero por un lado, e coa implantación e apertura de novas liñas de traballo tales como a prevención da violencia sexual e a atención ás súas vítimas, con programas específicos, o impulso do Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á Violencia de Xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, o impulso das Mesas Locais de Coordinación contra a violencia de xénero no ámbito local,

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRIPCIÓN.

CIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Pola asignación de competencias que ten atribuídas, a Secretaría Xeral da Igualdade integra e ten presente en todas as súas actuacións a perspectiva de xénero e a consideración da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, está a desenvolver continuamente novas estratexias para estender esta transversalidade ao resto dos departamentos da Xunta de Galicia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Igualdade

III.1.14. PROGRAMA 324B - MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto, asignado á Secretaría Xeral Técnica, serve de instrumento para dar cobertura ás funcións que o Servizo de Prevención de Riscos Laborais ten atribuídas polo Decreto 204/1997, do 24 de xullo, polo que se crea o Servizo de Prevención de Riscos Laborais para o persoal da Administración da Xunta de Galicia, así como polo disposto no artigo 31.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

Desta forma, a Secretaría Xeral Técnica ten que dar cumprimento ás seguintes funcións:

- O deseño, a implantación e a aplicación dun plan de prevención de riscos laborais que permita a integración da prevención na empresa.
- A avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e á saúde dos traballadores.
- A planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas adecuadas e a vixilancia da súa eficacia.
- A información e formación dos traballadores.
- A prestación dos primeiros auxilios e plans de emerxencia.
- A vixilancia da saúde dos traballadores en relación cos riscos derivados do traballo.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións recollidas no programa están dirixidas a dar cumprimento á normativa de prevención de riscos laborais referida aos empregados públicos da Administración xeral da comunidade autónoma que non desenvolvan o seu posto de traballo nun centro educativo ou sanitario.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Continúase consolidando o gasto neste programa, logrando que sen incrementar a dotación económica do mesmo, se manteñan as condicións óptimas na vixilancia da saúde, na formación aos empregados públicos e en tódalas accións referidas á prevención de riscos laborais que se financian dende este programa.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa encádrase no marco legal seguinte:

- Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Decreto 204/1997, de 24 de xullo, polo que se crea o Servizo de Prevención de Riscos Laborais para o persoal da Administración da Xunta de Galicia.
- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O presente programa ten como finalidade garantir o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais no ámbito da Xunta de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	
--	--

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa ten por obxecto o cumprimento das condicións de seguridade e saúde laboral dos empregados públicos, debendo terse en conta a perspectiva de xénero á hora de realizar as súas actividades.

Deste xeito, os estudos de seguridade e saúde laboral nalgunha das súas conclusións son específicos para colectivos femininos, tales como: embarazadas, parto recente, nais en lactación natural ou a vixilancia da saúde de xeito diferenciado por razón de sexo.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	

Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Coa aprobación da Lei de Racionalización do sector público, no ano 2013, Galicia dotouse por primeira vez dunha norma legal que establece que os poderes adjudicadores da administración autonómica deben ter en conta criterios sociais na elaboración dos seus pregos de contratación.

Posteriormente, no ano 2015 coa aprobación Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración volveuse incidir neste eido, incorporando previsións como a de considerar incumprimento grave que xustifica a resolución dun contrato a vulneración dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras (en especial os permisos de paternidade e maternidade), xa sexa directamente ou mediante coaccións.

En cumprimento desas obrigas legais, a Asesoría Xurídica da Xunta elaborou unha Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego, aprobada polo Consello da Xunta o 17/09/2015, para que os órganos de contratación dispoñan de pautas para concretar esa obriga legal. A elaboración desta guía enmárcase nunha serie de decisións adoptadas nos últimos tres anos para desenvolver o Plan de Mellora da Contratación Pública.

Exemplos de aplicación desta normativa e das recomendacións das guías en licitacións xa realizadas pódense consultar na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

A estas accións únense as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da Xunta en 2018.

Finalmente, cómpre sinalar que a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social abarca a investigación de calquera denuncia de incumprimento da lexislación en materia laboral, seguridade e saúde laboral, incluso por quen non estea afectado directamente pola suposta

infracción, ademais de desenvolver un Plan Anual para velar polo cumprimento das condicións laborais das persoas traballadoras galegas que se consensúa cos interlocutores sociais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As distintas actividades levadas a cabo con base a este Programa, así como do resto dos Programas desta Consellería, contribúen, de forma xeral, a garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Se ben, como se sinalou, moitas das actividades amparadas neste programa teñen en conta o sexo dos empregados públicos (avaliacións de riscos con previsión expresas para embarazadas ou nais en lactación), no ano 2017 realizáronse os seguintes recoñecementos médicos específicos desagregados por sexos:

- Recoñecementos xinecolóxicos: 4.594
- Proba do PSA: 1.379

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.15. PROGRAMA 331A - COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Execución da política da Xunta de Galicia na materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria.

Coa Lei 3/2003, do 19 de xuño de cooperación para o desenvolvemento, a comunidade galega asume a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza así como propiciar un desenvolvemento humano solidario e estable, que inclúa maiores cotas de liberdade e un reparto máis xusto dos froitos do crecemento económico.

De tal xeito, mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a Xunta de Galicia trata de contribuír á redución da pobreza colaborando na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e promovendo o desenvolvemento nos países do sur.

O Plan Director da Cooperación Galega establece os obxectivos e prioridades de actuación, que se concretaran anualmente nos Plans Anuais. Para este novo ciclo de planificación o IV Plan Director 2018-2021 incorpora un modelo de xestión baseado nun marco de resultados, orientando aos esforzos para a consecución dos seguintes resultados de xestión (RX):

- R.X.1. A cooperación galega aliña o seu marco estratéxico e operativo coa Axenda 2030 e os ODS.
- R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia.
- R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.
- R.X.4. Os actores e axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS.
- R.X.5. Os actores e axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade para a consecución dos ODS.
- R.X.6. A cidadanía galega accede a información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os beneficiarios das actuacións son as ONGD e os restantes axentes de cooperación recoñecidos na Lei 3/2003, sendo os beneficiarios últimos das intervencións de desenvolvemento a poboación dos países do Sur nos que os axentes de cooperación executan os seus proxectos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No ano 2006 foi aprobado o I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009. Concluído o período da súa vixencia, iniciouse un segundo ciclo de planificación, abrindo paso ao II Plan Director, que orientou os esforzos da cooperación galega durante o período 2010-2013, no que se recolleron as fortalezas do I Plan e se avanzou cara a superar as debilidades atopadas.

No ano 2017 finalizou a execución do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017. No ano 2018 iniciouse a execución do IV Plan Director 2018-2021 que segue a afondar na concentración da axuda e na posta en valor das vantaxes comparativas da Cooperación Galega, no marco do cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Este novo plan busca a posta en valor dos aspectos cualitativos da nosa cooperación. Apóstase pola concentración sectorial da axuda galega e por unha orientación estratéxica das actuacións de cooperación que poña en valor as singularidades da nosa comunidade autónoma, poñendo énfase na especialización en determinados sectores nos que Galicia dispón de demostrada experiencia

O Plan Director cuatrienal concretase en Plans Anuais, que detallan as actuacións previstas para o exercicio orzamentario correspondente.

De cara ao exercicio 2019, en consonancia cos compromisos acadados co sector, o programa orzamentario de cooperación para o desenvolvemento incrementase nun 11,4%, o que permitirá desenvolver un Plan anual da cooperación galega 2019 no que se incluírán actuacións en todos os ámbitos (cooperación no exterior, acción humanitaria, educación para o desenvolvemento, etc.), destinando máis dun 80% do orzamento operativo de gastos ás convocatorias públicas de axudas a proxectos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto de estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que establece as competencias da dirección xeral na materia de cooperación para o desenvolvemento.
- Lei 3/2003, do 19 de xuño de cooperación para o desenvolvemento, modificada pola Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021.
- Plans Anuais da Cooperación Galega (Plan Anual 2019).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e promovendo o desenvolvemento nos países do sur así como potenciar a educación para o desenvolvemento nas súas catro dimensións: Sensibilización, formación, investigación e mobilización.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A través deste programa finánciase a execución da política da Xunta de Galicia na materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria.

O programa vincúlase directamente co establecido no artigo 32 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes que dispón que todas as políticas e a planificación estratéxica en materia de cooperación ao desenvolvemento incluírán o principio de igualdade entre mulleres e homes como elemento esencial na súa axenda de prioridades e recibirán un tratamento de prioridade transversal e específica nos seus contidos.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

En todas as convocatorias xestionadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea insírese a perspectiva de xénero a través do establecemento nas bases de cada unha delas de requisitos e criterios de valoración específicos para garantir que, tanto as entidades solicitantes como os proxectos subvencionados, contén un bo tratamento e impacto en temas de xénero. A modo de exemplo, requírese e valórase o seguinte:

- Que a entidade solicitante conte cunha estratexia de xénero e persoal formado na materia.
- Que o proxecto se deseñe tendo en conta as diferentes necesidades e situacións de mulleres e homes.
- Dependendo da temática do proxecto, que se potencie o empoderamento das mulleres para a súa participación na toma de decisións.
- A existencia dun orzamento con perspectiva de xénero.

Estes mesmos criterios de valoración aplícanse tamén no caso dos convenios de colaboración e cando se contratan servizos externos requírese das persoas contratadas formación específica en materia de xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Moitos dos proxectos que se desenvolven e financian no ámbito da cooperación ao desenvolvemento están encamiñados a mellorar a situación das mulleres en termos de redución da pobreza e da violencia de xénero, o seu acceso e permanencia no sistema educativo, garantir os seus dereitos sexuais e reprodutivos, mellorar a súa situación económica e laboral e a súa participación social e política.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<p>Programa: 111E RELACIÓNS EXTERIORES</p> <p>Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno</p> <p>Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I01 - Fortalecer a acción exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa Unión Europea e na cooperación transfronteiriza.</p> <p style="text-align: center;">Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p> <p>OI03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0001 - Accións para a promoción, impulso e fortalecemento da acción exterior de Galicia e apoio á presenza efectiva da Xunta naqueles foros de ámbito comunitario abertos á participación autonómica.</p> <p>0002 - Xestión, seguimento, avaliación e control dos fondos comunitarios destinados ao Programa INTERREG V-A España Portugal (POCTEP) 2014-2020.</p>
<p>Programa: 121A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL</p> <p>Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade</p> <p>Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I01 - Acadar unha administración eficiente e que persiga a mellora continua da calidade dos servizos a través da optimización e racionalización da xestión do gasto público.</p> <p style="text-align: center;">Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p> <p>OI06 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0001 - Accións para o aumento da eficiencia das administracións públicas, como parte da reforma da administración pública e do sector público, cunha estratexia integrada que trate as disfuncións institucionais existentes na conxunto da administración autonómica.</p> <p>0002 - Aplicación de reformas en materia de centralización de contratos e autoprovisión.</p> <p>0003 - Renovación e mellora das infraestruturas públicas (novas instalacións e equipamentos) co obxecto de acadar unha xestión máis eficiente da enerxía.</p> <p>0004 - Implantación dun novo modelo de rexistro e sistema de información ao cidadán a través dunha nova aplicación informática cun único Rexistro Xeral, e a incorporación da dixitalización dos documentos que se presenten nas oficinas de rexistro</p>
<p>Programa: 121B ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA</p> <p>Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade</p> <p>Prioridade de Actuación: PA01 - Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I03 - Avanzar na mellora da calidade e seguridade xurídicas da actuación da administración e sector público autonómico.</p> <p style="text-align: center;">Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p> <p>OI06 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0003 - Medidas de coordinación dos servizos consultivos e contenciosos da Asesoría Xurídica.</p>
<p>Programa: 121C RELACIÓNS INSTITUCIONAIS</p> <p>Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno</p> <p>Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I02 - Impulsar a coordinación co Parlamento e a dos distintos departamentos da Xunta de Galicia para evitar que se solapen competencias co Estado e coas demais Comunidades Autónomas.</p> <p style="text-align: center;">Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p> <p>OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0001 - Accións de mellora e axilización da tramitación parlamentaria das diferentes iniciativas gubernamentais</p>
<p>Programa: 122A AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</p> <p>Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade</p> <p>Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I04 - Desenvolver un proceso de mellora continua da calidade e da transparencia no sector público que complete os procesos de reestruturación e simplificación administrativas xa en marcha.</p> <p style="text-align: center;">Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p> <p>OI07 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p>

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0005 - Culminación da reordenación das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.	
Programa: 122B FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA C.A.	
Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade	
Prioridade de Actuación: PA01 - Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I01 - Acadar unha maior competencia dos empregados e empregadas públicos da comunidade autónoma, promovendo unha formación continuada ao longo da súa vida profesional, que redunde na mellora da prestación dos servizos públicos á cidadanía; a través dunha formación adaptada ás necesidades do alumnado, de calidade, práctica e flexible, que promova a conciliación da vida persoal e profesional, e aproveite todo o potencial das novas tecnoloxías.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Accións formativas para os empregados e empregadas públicas.	
Programa: 123A ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN	
Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade	
Prioridade de Actuación: PA01 - Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I02 - Contribuír a unha función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Desenvolver e aplicar estratexias e políticas de recursos humanos axeitadas ás necesidades reais para a prestación dos servizos públicos, nomeadamente a través do desenvolvemento da lei do empregado público	
Programa: 131A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	
Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	
Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración de xustiza en Galicia.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI05 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Modernización e adaptación das infraestruturas sobre as que se presta este servizo.	
0002 - Implantación de novas solucións tecnolóxicas.	
0003 - Implantación da nova oficina xudicial e fiscal.	
0004 - Medidas para a modernización e achegamento á cidadanía da Administración de Xustiza	
Indicador	Valor Previsto
P00141 - Infraestruturas xudiciais construídas ou rehabilitadas	47
P1022H - Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Homes	29.000
P1022M - Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Mulleres	18.000
Programa: 141A ADMINISTRACIÓN LOCAL	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA04 - Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego, fomentando a participación da cidadanía no mesmo e a protección do solo e apoio á administración local.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI05 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0009 - Accións de mellora de infraestruturas e servizos públicos e realización de programas conxuntos coas entidades locais.	
Indicador	Valor Previsto
P0076E - Entidades locais beneficiadas en actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente	229
P0076F - Entidades locais beneficiadas en actuacións de creación, mellora e ampliación servizos locais básicos	115
Programa: 161A ELECCIÓNS E PARTIDOS POLÍTICOS	
Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I03 - Contribuír a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0008 - Eleccións e partidos políticos

Programa: 212A PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Consolidar unha Administración eficiente que ofrezca unha resposta integral ás necesidades que demanda a cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, atendendo aos criterios de formación, especialización e innovación tecnolóxica.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI05 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

0001 - Dimensionamento dos teléfonos de información á cidadanía existentes e implantación dun novo mapa de atención ás emerxencias coa modernización e mellora da atención á po-boación.

0002 - Profesionalización dos servizos de emerxencia.

0003 - Accións de formación, actualización e especialización na AGASP ao distinto persoal de protección civil e seguridade pública.

0004 - Potenciación da seguridade pública a través do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Xunta de Galicia (UPA).

Indicador

Valor Previsto

P00280 - Profesionais de intervención ante as urxencias	542
P01023 - Chamadas atendidas polos servizos de emerxencias	974.444
P01024 - Medios técnicos adquiridos para o sistema de emerxencias e de protección civil	42
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	3.000
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	600

Programa: 311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL

Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social

Prioridade de Actuación: PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I02 - Contribuír aos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI02 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

Programa: 312G APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL

Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social

Prioridade de Actuación: PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Mellorar a conciliación da vida familiar e laboral e promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes para contribuír a acadar o principio de igualdade por razón de xénero en todos os ámbitos e á revitalización demográfica

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0001 - Apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Indicador

Valor Previsto

P0092H - Homes/Familias monoparentais que reducion a súa xornada labo- ral. (Homes)	250
P0092M - Familias monoparentais que reducion a súa xornada laboral.(Mu- lteres)	75
SE03.H - Participantes que reciben actuacións destinadas á mellora dasúa situación no ámbito laboral. Homes	2.000
SE03.M - Participantes que reciben actuacións destinadas á mellora dasúa situación no ámbito laboral. Mulleres	2.500

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 313B ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
<p>Prioridade de Actuación: PA04 - Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Impulsar a igualdade de oportunidades por razón de xénero, a inclusión e mellora social, o acceso á actividade e ao emprego das mulleres</p>	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
<p>O106 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0001 - Promoción do autoemprego e do emprendemento femininos.</p> <p>0002 - Potenciación da participación das mulleres en todos os ámbitos sociais en condicións de igualdade.</p> <p>0003 - Promoción da igualdade no ámbito local</p> <p>0004 - Modificación dos valores, actitudes e estereotipos que sustentan a desigualdade.</p> <p>0005 - Colaboración coas entidades que traballan con mulleres en situación de especial vulnerabilidade.</p>	
Indicador	Valor Previsto
P00181 - Mulleres que recibiron información, atención ou asesoramento	10.000
P00468 - Mulleres beneficiarias do programa de autoemprego da muller(EMEGA)	150
SOEE01 - Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións	3.000
Programa: 313D PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
<p>Prioridade de Actuación: PA04 - Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Reducir a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada fronte a esta lacra, en calquera das súas modalidades e consecuencias</p>	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
<p>O106 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0001 - Protección e apoio integral a vítimas de violencia de xénero.</p> <p>0002 - Accións para fomentar a empregabilidade das vítimas de violencia de xénero.</p> <p>0003 - Accións específicas dirixidas a mulleres vítimas da trata ou explotación sexual.</p> <p>0004 - Consolidación da rede galega de acollemento.</p> <p>0005 - Información, formación e sensibilización en materia de violencia de xénero.</p>	
Indicador	Valor Previsto
P00115 - Mulleres atendidas nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero	1.440
P110.H - Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes	807
P110.M - Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres	762
Programa: 324B MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO	
Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente	
<p>Prioridade de Actuación: PA03 - Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Acadar unhas relacións laborais modernizadas baseadas na responsabilidade social empresarial (RSE), diminuíndo a conflictividade e a sinistralidade laboral</p>	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
<p>0011 - Recoñecementos médicos do persoal empregado na Xunta de Galicia</p>	
Indicador	Valor Previsto
P00325 - Accións de formación e información desenvoltas en materia de prevención de riscos laborais	93
Programa: 331A COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: IO1 - Mellorar a calidade de vida nos países do Sur a través da cooperación ao desenvolvemento e da acción humanitaria galega.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

0I04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

0001 - Accións de cooperación no exterior.

0002 - Programas de educación para o desenvolvemento.

0003 - Medidas de Acción Humanitaria.

Indicador	Valor Previsto
P0045L - Axudas concedidas para a cooperación exterior e ao desenvolvemento	100

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos						
	11	12	21	22	23	24	25
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral			51.407				
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.		2.642					
121C-Relacións institucionais						812	
123A-Acción social en favor do persoal da Administración			64				
131A-Administración de xustiza				151.812			
141A-Administración local					15.141		
161A-Eleccións e partidos políticos						2.000	
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma							18.099
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	2.331						
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social	1.621						
313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller	7.364						
313D-Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero	14.113						
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo			756				
Total	25.429	2.642	52.227	151.812	15.141	2.812	18.099

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos						
	26	27	28	80	81	A1	Total
111E-Relacións exteriores	2.700						2.700
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral			1.868				53.274
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.							2.642
121C-Relacións institucionais							812
122A-Avaliación e calidade da Administración pública		1.205					1.205
122B-Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da C.A.				3.347			3.347
123A-Acción social en favor do persoal da Administración							64
131A-Administración de xustiza							151.812
141A-Administración local							15.141
161A-Eleccións e partidos políticos							2.000
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma					2.907	8.609	29.615
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social							2.331
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social							1.621
313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller							7.364
313D-Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero							14.113
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo							756
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	5.611						5.611
Total	8.311	1.205	1.868	3.347	2.907	8.609	294.408

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	Total
111E-Relacións exteriores	1.454	358	9	784	95			2.700
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	22.183	19.249	6	121	11.484	190	40	53.274
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.	2.473	168						2.642
121C-Relacións institucionais	622	152				37		812
122A-Avaliación e calidade da Administración pública	1.115					90		1.205
122B-Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da C.A.	1.098	1.624		491	135			3.347
123A-Acción social en favor do persoal da Administración		64						64
131A-Administración de xustiza	98.240	13.597		14.107	25.869			151.812
141A-Administración local	848	105		5.064	91	9.033		15.141
161A-Eleccións e partidos políticos				2.000				2.000
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma	5.691	3.421	1	11.353	9.150			29.615
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	2.331							2.331
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social				1.621				1.621
313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller		216		6.972	176			7.364
313D-Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero		1.077		12.967	69			14.113
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo		523			232			756
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	502			4.087	60	962		5.611
Total	136.558	40.555	16	59.565	47.489	10.184	40	294.408

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

11 SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.282	2.331	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	272	1.293	374,7
Cap. IV - Transferencias correntes	13.395	21.559	61,0
Cap. VI - Investimentos reais	189	245	29,9
Total	16.138	25.429	57,6

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

12 ASESORIA XURÍDICA XERAL	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.422	2.473	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	168	168	0,0
Total	2.590	2.642	2,0

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

21 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	19.813	20.316	2,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	19.837	19.837	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	16	6	-59,5
Cap. IV - Transferencias correntes	121	121	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	20.788	11.716	-43,6
Cap. VII - Transferencias de capital	190	190	0,0
Cap. VIII - Activos financeiros	50	40	-20,0
Total	60.816	52.227	-14,1

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

22 D.X. DE XUSTIZA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	92.128	98.240	6,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	13.585	13.597	0,1
Cap. IV - Transferencias correntes	14.107	14.107	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	26.296	25.869	-1,6
Total	146.115	151.812	3,9

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

23 D.X DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	831	848	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	105	105	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	4.794	5.064	5,6
Cap. VI - Investimentos reais	221	91	-58,7
Cap. VII - Transferencias de capital	7.853	9.033	15,0
Total	13.803	15.141	9,7

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

24 D.X. DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	609	622	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	152	152	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	2.000	2.000	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	37	37	0,0
Total	2.799	2.812	0,5

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

25 D.X DE EMERXENCIAS E INTERIOR	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.372	4.465	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.130	1.130	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	3	1	-65,5
Cap. IV - Transferencias correntes	8.929	11.289	26,4
Cap. VI - Investimentos reais	1.052	1.214	15,4
Total	15.486	18.099	16,9

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

26 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA U. EUROPEA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.916	1.956	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	358	358	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	8	9	12,3
Cap. IV - Transferencias correntes	4.295	4.871	13,4
Cap. VI - Investimentos reais	113	155	37,6
Cap. VII - Transferencias de capital	962	962	0,0
Total	7.651	8.311	8,6

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

27 D. X. DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.092	1.115	2,1
Cap. VI - Investimentos reais	90	90	0,0
Total	1.181	1.205	2,0

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

28 DELEGACIÓNS TERRITORIAIS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.829	1.868	2,1
Total	1.829	1.868	2,1

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

80 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.075	1.098	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.617	1.624	0,4
Cap. IV - Transferencias correntes	484	491	1,4
Cap. VI - Investimentos reais	135	135	0,0
Total	3.311	3.347	1,1

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

81 ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	726	741	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.138	2.138	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	28	28	0,0
Total	2.892	2.907	0,5

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	475	485	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	153	153	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	0	63	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	5.957	7.908	32,7
Total	6.585	8.609	30,7

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2018	2019	% Var.
11 SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE	16.138	25.429	57,6
12 ASESORIA XURÍDICA XERAL	2.590	2.642	2,0
21 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	60.816	52.227	-14,1
22 D.X. DE XUSTIZA	146.115	151.812	3,9
23 D.X DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	13.803	15.141	9,7
24 D.X. DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	2.799	2.812	0,5
25 D.X DE EMERXENCIAS E INTERIOR	15.486	18.099	16,9
26 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA U. EUROPEA	7.651	8.311	8,6
27 D. X. DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA	1.181	1.205	2,0
28 DELEGACIÓNS TERRITORIAIS	1.829	1.868	2,1
80 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	3.311	3.347	1,1
81 ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	2.892	2.907	0,5
A1 AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	6.585	8.609	30,7
Total	281.196	294.408	4,7

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Cap. I - Gastos de persoal	127.292	134.233	2.276	2.324	0	0	129.568	136.558
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	35.608	36.640	3.908	3.915	0	0	39.516	40.555
Cap. III - Gastos financeiros	26	16	0	0	0	0	26	16
Cap. IV - Transferencias correntes	54.253	65.718	484	554	6.613	6.706	48.124	59.565
OPERACIÓNS CORRENTES	217.180	236.607	6.668	6.793	6.613	6.706	217.235	236.694
Cap. VI - Investimentos reais	48.787	39.419	6.120	8.071	0	0	54.907	47.489
Cap. VII - Transferencias de capital	15.125	18.255	0	0	6.120	8.071	9.004	10.184
Cap. VIII - Activos financeiros	50	40	0	0	0	0	50	40
OPERACIÓNS DE CAPITAL	63.961	57.714	6.120	8.071	6.120	8.071	63.961	57.714
Total	281.141	294.321	12.788	14.864	12.733	14.777	281.196	294.408

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	2019
Altos Cargos	17
Persoal Funcionario	3.349
Subgrupo A1	265
Subgrupo A2	903
Subgrupo C1	1.376
Subgrupo C2	736
Agrupacións profesionais	69
Persoal Laboral	488
Grupo I	46
Grupo II	34
Grupo III	154
Grupo IV	109
Grupo V	138
Grupo VIII	7
TOTAL	3.854

Medios Persoais

Escola Galega de Administración Pública	2019
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	23
Subgrupo A1	6
Subgrupo A2	3
Subgrupo C1	3
Subgrupo C2	10
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	7
Grupo IV	5
Grupo V	2
TOTAL	31

Medios Persoais

Academia Galega de Seguridade Pública	2019
Persoal Funcionario	18
Subgrupo A1	5
Subgrupo A2	3
Subgrupo C1	1
Subgrupo C2	7
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	1
Grupo II	1
TOTAL	19

Medios Persoais

Axencia Galega de Emerxencias	2019
Persoal Funcionario	3
Subgrupo A1	3
Persoal Laboral	4
Grupo III	3
Grupo IV	1
TOTAL	7

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	Explotación	Capital
Consorcio Local dos Peares	71	4
Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Galicia Europa	821	5
Fundación Semana Verde de Galicia	1.962	
Total	2.854	9

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DE FACENDA

SECCIÓN 06

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

No Decreto 30/2017, do 30 de marzo, establécese a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, que inclúe os seguintes órganos:

- Conselleira/o.
- Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.
- Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.
- Dirección Xeral da Función Pública.
- Órganos colexiados.

Adscribíense á consellería as seguintes entidades:

- O Instituto Galego de Estatística (Ige), organismo autónomo que se axustará, en canto aos seus fins, estrutura e funcionamento, ao previsto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e ás normas que a desenvolven. Tamén debe adecuarse ao réxime xurídico que establece a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no referido aos organismos autónomos.
- O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cix-tec), ente de dereito público creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión.
- A Axencia Tributaria de Galicia (Atriga), creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para realizar as funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei.
- O Consello Económico e Social de Galicia, ente institucional de dereito público, órgano consultivo da Administración autonómica en materia socioeconómica, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución Española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Así mesmo, adscritos á consellería existirán os órganos colexiados seguintes:

- A Xunta Superior de Facenda, creada coa denominación de Tribunal Económico Administrativo da Comunidade autónoma de Galicia pola Lei 13/1991, do 9 de decembro, e regulada polo Decreto 34/1997, do 20 de febreiro, que modifica a súa denominación en

virtude do exposto na disposición adicional primeira da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

- O Consello Galego de Estatística, creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.
- A Comisión Orzamentaria da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, creada polo Decreto 206/1996, do 24 de maio.
- A Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios, regulada polo Decreto 139/2012, do 29 de xuño.
- A Comisión de Nóminas, creada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 3 de marzo de 2000, regulada polo Decreto 93/2016, do 21 de xullo (DOG núm. 145, do 2 de agosto).
- A Comisión de Seguimento e Control do Gasto Corrente, creada polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2000.
- A Comisión de Persoal da Xunta de Galicia creada pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e regulada no artigo 18 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e no Decreto 156/1988, do 9 de xuño.
- O Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública Galega, é un órgano adscrito á Dirección Xeral de Función Pública creado polo Decreto 143/2008, do 3 de xullo.
- O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que modifica a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. O tribunal entrou en funcionamento o 2 de abril de 2018 segundo a Resolución do 1 de marzo de 2018 pola que se dá publicidade do acordo do Tribunal sobre a data de comezo de exercicio das súas funcións.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Facenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda se establecen no Estatuto de Autonomía.

O Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG), aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece no artigo 7 as seguintes competencias da Consellería de Facenda:

- A administración, xestión e recadación dos dereitos da Facenda da Comunidade Autónoma.
- A ordenación dos pagamentos nos termos establecidos na presente lei.

- A elaboración do anteproxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma.
- O control de eficacia e eficiencia respecto dos obxectivos previstos nos orzamentos xerais da comunidade.
- O exercicio directo das demais funcións de control interno reguladas nesta lei e a dirección e execución da contabilidade pública.
- A execución ou dirección da política económica e financeira aprobada pola Xunta, na forma que esta determine.
- O desenvolvemento das actividades inherentes ao exercicio da tutela financeira sobre os entes locais, que ten atribuída a comunidade no artigo 49 do Estatuto de autonomía.
- As funcións executivas en materia de ordenamento e control das institucións de crédito corporativo público e territorial e das caixas de aforro que operen no seu territorio, nos termos previstos no artigo 30 do Estatuto de autonomía.
- As demais funcións e competencias que lle asigne a normativa legal vixente.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

Á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio correspóndenlle as competencias seguintes:

- As establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, así como o exercicio daquelas que lle sexan delegadas pola persoa titular da consellería.
- A presidencia da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da comunidade autónoma, de acordo co establecido no Decreto 237/2007, do 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a súa composición e funcións.
- A organización, mantemento e custodia do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co Decreto 262/2001, do 20 de setembro, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro Xeral de Contratistas.
- A organización, mantemento e custodia do Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico de Galicia, regulado no Decreto 103/2016, do 28 de xullo.
- As competencias que as normas reguladoras do patrimonio da comunidade autónoma e sobre sucesión intestada lle asignen, e todas aquelas que as mesmas normas atribúen á Consellería de Facenda.

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Correspóndenlle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma as seguintes competencias:

- Efectuar o control interno da actividade económico-financieira da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o exercicio da función interventora e do control financeiro

na forma e co contido previstos no capítulo I do título V do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

- A dirección e xestión da contabilidade pública na forma e co contido previstos nos capítulos II e III do título V do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.
- A dirección da contabilidade das entidades que forman parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos dispostos no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.
- As actuacións de control financeiro de subvencións de acordo co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento.
- As actuacións de auditoría de fondos comunitarios que lle correspondan, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios e a restante normativa de aplicación.
- A xestión da información económico-financieira e formulación de informes e propostas de actuación derivadas do exercicio das súas funcións contables e de control.
- Exercicio das demais funcións que ao devandito órgano lle asigna a lei e demais normativa de aplicación.

Son competencia propia da Intervención Xeral, sen prexuízo da súa delegación:

- A fiscalización previa dos seguintes gastos:
 - Os de contía indeterminada.
 - Os que deben ser aprobados polo Consello da Xunta de Galicia ou afecten a máis dunha consellería.
 - Aqueles que deban ser sometidos a informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia ou doutro alto órgano consultivo.
- A emisión de informes de expedientes de gasto que deban ser sometidos á autorización do Consello da Xunta de Galicia.
- A facultade de avocar a fiscalización previa de calquera acto ou expediente.
- O nomeamento de representantes da Intervención Xeral así como a designación de funcionarias/os asesoras/es e para a comprobación material das cantidades destinadas a obras, subministracións, adquisicións e servizos, de conformidade coa normativa aplicable en cada caso.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS

Correspóndenlle as seguintes competencias:

- Realización de estudos e actuacións relativas á determinación dos recursos económicos que deben ser transferidos á comunidade autónoma desde os orzamentos doutras administracións públicas, agás os que este decreto lles asigne a outros centros directivos.
- A formulación e seguimento dos obxectivos da política orzamentaria, a realización dos estudos relacionados coas devanditas actuacións e a elaboración dos criterios para a súa aplicación. A definición das directrices que deban seguirse na elaboración dos escenarios orzamentarios e na evolución das políticas orzamentarias de gasto público que neles se integran. A formulación da normativa e das instrucións precisas para a elaboración anual dos orzamentos xerais da comunidade autónoma.
- Elaboración dos marcos financeiros plurianuais en que haberá de enmarcar a elaboración dos orzamentos anuais, a través dos cales se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.
- Coordinación permanente do desenvolvemento do proceso orzamentario, tanto no momento da elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma como nos períodos anteriores e posteriores, velando pola efectividade da execución das distintas fases do antedito proceso e por que estas se desenvolvan dentro dos prazos previstos. Desenvolvemento das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Facenda en materia orzamentaria.
- A preparación dos estudos que informan as decisións dos escenarios de ingresos. Partindo destas decisións, a proposta do límite de gasto non financeiro e a elaboración do proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma con base nas dotacións propostas polos centros xestores, axustadas ao límite de gasto aprobado e ás directrices formuladas nas comisións funcionais do gasto.
- Análise económico-financieira da evolución orzamentaria na súa vertente de ingresos e gastos; se é o caso, poderá propor aquelas medidas que se consideren convenientes para o necesario equilibrio orzamentario.
- O exercicio das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Facenda en materia de retribucións do persoal, aprobación e modificación de anexos de persoal, autorización de masa salarial en convenios e acordos colectivos e, en xeral, en todas aquelas materias relacionadas con decisións sobre o persoal que teñan repercusión económica.
- A xestión do Fondo de Cooperación Local.
- Polo que se refire aos xestores das políticas de gasto sanitario, sen prexuízo das competencias xerais incluídas nos puntos precedentes, correspóndelle a este centro directivo:
 - Establecer os criterios que se deben seguir en materia de xestión de recursos propios.
 - Coñecer aqueles actos de control, inspección e avaliación da xestión, tanto en centros ou servizos sanitarios propios coma concertados, efectuados pola sección e servizos competentes en materia sanitaria ou por órganos de control interno e

externo, que teñan contido económico e que sexan de interese para este centro directivo.

- Emitir informe sobre os proxectos de novos investimentos e novos servizos en canto á súa incidencia nos gastos recorrentes.
- Así mesmo, requirirán informe previo da dirección xeral o establecemento de concertos de vinculación, revisión de tarifas ou outras modificacións nas condicións económicas dos servizos concertados que impliquen a adquisición de novos compromisos financeiros ou que condicionen a asignación dos recursos económicos para futuros exercicios.
- As competencias que o Estatuto de autonomía lle atribúe á comunidade autónoma en materia de planificación e programación económica. En particular, a avaliación estratéxica e financeira dos plans elaborados no seo do sector público autonómico.
- A solicitude aos centros xestores de gastos e demais entidades do sector público autonómico de tanta información resulte necesaria para o adecuado exercicio das competencias recollidas nos puntos anteriores.
- A definición e coordinación da formación específica do seu persoal nas materias relacionadas coa política económica e orzamentaria; co contido e estrutura das políticas de gasto público; coas técnicas de previsión económica, orzamentarias e de avaliación de obxectivos e proxectos, e coas demais materias de coñecemento imprescindible para un adecuado exercicio das súas competencias.

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS

Exercerá as competencias seguintes:

- O desenvolvemento e execución das funcións que lle corresponden á comunidade autónoma en materia financeira, en especial as relativas a:
 - Endebedamento da Administración xeral da comunidade autónoma e doutros entes públicos da comunidade.
 - Operacións de garantía que corresponda outorgar ao Consello da Xunta de Galicia, así como os procedementos de reintegro que se inicien polos avais executados con cargo á tesouraría da comunidade autónoma.
 - Tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
 - Centros de contratación de valores.
 - Mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social e outras entidades aseguradoras.
 - Mediación de seguros e reaseguros privados.
 - Caixas de aforro e demais entidades financeiras.
 - Ordenación do crédito, banca e seguros.

- A xestión da tesouraría da comunidade autónoma e, en canto estea atribuída á comunidade, a doutros entes públicos, en especial:
 - A realización dos ingresos.
 - A ordenación xeral de pagamentos en canto lle fose delegada polo/a conselleiro/a de Facenda.
 - A ordenación xeral de pagamentos do Servizo Galego de Saúde, así como a periodización de pagamentos e provisión de fondos dos seus centros de xestión.
 - A xestión dos depósitos e fianzas que deban constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma.
 - Autorización da apertura de contas nas entidades de crédito e aforro, e o seu réxime de disposición, de acordo co establecido na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
 - A xestión e rendibilización de todos os recursos financeiros da tesouraría xeral e a súa distribución para o pagamento das obrigacións.
- En relación cos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea en que a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos actúe como autoridade de xestión, organismo intermedio, organismo coordinador ou organismo equivalente:
 - O exercicio, no ámbito da Comunidade Autónoma, das funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen ás autoridades de xestión, organismos intermedios, organismos coordinadores ou organismos equivalentes.
 - A colaboración coa Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos nas actuacións que, de acordo cos regulamentos comunitarios, se deben realizar con carácter previo á aprobación dos programas operativos.
 - A colaboración coa Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos na avaliación, seguimento e modificación dos programas operativos, nos termos previstos nos documentos descritivos das funcións e procedementos dos distintos fondos.
 - A coordinación das misións de control comunitarias, así como da resposta ás solicitudes de información realizadas por institucións comunitarias, sobre os programas operativos.
 - A interlocución da comunidade autónoma coa Administración xeral do Estado e coas institucións comunitarias, así como, de ser o caso, con outras comunidades autónomas ou estados membros, no ámbito dos programas operativos.
 - A coordinación da actuación dos organismos xestores da comunidade autónoma participantes nos citados programas operativos.
- En relación cos programas operativos en que así se determine, exercer, no ámbito da comunidade autónoma, as funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen aos organismos intermedios das autoridades de certificación.

- O seguimento dos programas comunitarios desenvolvidos no ámbito da Administración da comunidade autónoma non comprendidos nas letras c) e d), así como dos proxectos europeos en que organismos xestores da Administración da comunidade autónoma teñan a condición de beneficiarios.
- A programación e a xestión do Fondo de Compensación Interterritorial.

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

A Dirección Xeral da Función Pública é o órgano ao cal lle corresponde, baixo a dependencia da persoa titular da Consellería de Facenda, a execución da política de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos previstos na Lei da función pública e demais normativa que a desenvolva, a xestión das competencias atribuídas á Consellería de Facenda nesta materia e a resolución daquelas que lle delegue a persoa titular da Consellería. A tal fin, coordinará a actuación dos órganos competentes en materia de persoal das distintas consellerías e entidades dependentes e ditará as instrucións oportunas.

A Dirección Xeral da Función Pública exercerá as seguintes competencias:

- A realización dos estudos e traballos que en materia de persoal lle sexan encomendados ou coide conveniente efectuar.
- A elaboración dos anteproxectos de disposicións en materia de función pública.
- A proposta á persoa titular da consellería da convocatoria e resolución dos concursos de traslados para a provisión de postos de traballo dos distintos corpos, escalas e categorías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia xestionados pola Dirección Xeral da Función Pública.
- A fixación dos criterios aos que se deberán someter todas as convocatorias públicas de libre designación e de persoal directivo.
- A elaboración das ofertas de emprego público.
- A coordinación coas distintas consellerías e coa Seguridade Social dos expedientes de xubilación parcial do persoal laboral.
- A coordinación das eleccións sindicais do persoal funcionario e laboral.
- A coordinación na elaboración das estatísticas do número de efectivos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A elaboración dos informes en materia de persoal conxuntos coa dirección xeral competente en materia de orzamentos.
- A proposta á conselleira ou conselleiro da convocatoria de probas selectivas para o ingreso nos corpos, escalas e categorías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, xestionados pola Dirección Xeral da Función Pública.
- A proposta de resolución dos expedientes de incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

- A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica sometidos á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- A coordinación das relacións laborais e sindicais con respecto ao persoal ao servizo da Administración da comunidade autónoma.
- As convocatorias para a elaboración de listas para a cobertura temporal de postos de persoal funcionario e laboral en aplicación da norma que as regule.
- A proposta, se é o caso, ao órgano competente da incoación de expedientes disciplinaarios cando se detecten indicios racionais de responsabilidade administrativa na actuación do persoal, e elevar ao Consello da Xunta as propostas de imposición da sanción de separación do servizo ou despedimento do persoal xestionado pola Dirección Xeral da Función Pública.
- A emisión dos informes preceptivos e previos que sobre os proxectos de disposicións que afecten a materia de réxime de persoal ou estrutura orgánica estableza a normativa vixente.
- A elaboración dos estudos e propostas sobre as relacións de postos de traballo, así como a elevación ao Consello da Xunta das propostas ou modificacións das relacións de postos de traballo para a súa aprobación.
- A coordinación coa Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para levar a cabo, de ser o caso, a reasignación de efectivos, unha vez se realicen os estudos organizativos necesarios pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, para valorar as cargas de traballo das distintas unidades administrativas da Xunta de Galicia.
- A xestión do Rexistro de Persoal da Xunta de Galicia.
- A xestión do Rexistro de persoal directivo e dos contratos de alta dirección.
- A coordinación e/ou xestión do Rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo da Administración Xeral da Xunta de Galicia e dos seus organismos, axencias e entidades dependentes.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE)

O Instituto Galego de Estatística é un organismo autónomo creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia. Entre as súas funcións están as seguintes:

- Dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Coordinar a actividade estatística levada a cabo polas distintas administracións públicas de Galicia.

- Levar a cabo as estatísticas ou as fases delas que lle encomenden o Plan galego de estatística e os seus correspondentes programas estatísticos, así como calquera outra que lle podan encomendar ou que se estableza en virtude de convenios con outros organismos estatísticos.
- Colaborar en estatísticas de interese estatal ou supraestatal promovidas polos organismos competentes.
- Asegurar a difusión adecuada das estatísticas publicadas en Galicia, a través dos medios máis pertinentes, e expedir certificacións dos resultados estatísticos da súa competencia.
- Velar polo cumprimento das normas técnicas aprobadas e a aplicación das garantías necesarias para que sexan respectados o segredo estatístico e as outras condicións xurídicas a que se debe suxeitar a actividade estatística.

1.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES)

Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, é un órgano consultivo da Administración autonómica en materia económica e social, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución Española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, co obxecto de facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia.

1.2.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA)

Foi creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para a realización das funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei. Ten por obxecto a aplicación de todos os tributos propios, así como, por delegación do Estado, dos tributos estatais cedidos, como instrumento ao servizo dos intereses da Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación efectiva dos recursos ao seu cargo.

Entre as funcións da Axencia Tributaria de Galicia están as seguintes:

- Aplicar e exercer a potestade sancionadora nos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos tributos estatais cedidos á comunidade autónoma e nas recargas que se establezan sobre estes, de acordo co disposto na normativa aplicable.

- Aplicar e exercer a potestade sancionadora noutros tributos estatais ou locais recadados en Galicia que puidese asumir por delegación ou encomenda.
- Recadar os ingresos de dereito público de natureza non tributaria que a normativa atribúa á consellería competente en materia de facenda.
- Revisar en vía administrativa os actos realizados no exercicio das funcións anteriores. Exceptúanse as reclamacións económico administrativas, revisar os actos nulos de pleno dereito e aqueles outros cuxa revisión se atribúa por lei específica a outros órganos.
- Coordinarse e colaborar coas demais administracións tributarias, e en particular participar nos órganos de goberno da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, de ser o caso, nos das entidades que se creen en relación coa aplicación dos tributos en Galicia.
- Calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por convenio administrativo.

CENTRO INFORMÁTICO DE XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCIERA E CONTABLE (CIXTEC)

Foi creado como ente de dereito público pola disposición adicional quinta da Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión e inicia a súa actividade por determinación do Decreto 360/1998, do 4 de decembro.

O obxecto do Cixtec é o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación, así como a subministración dos equipos necesarios para realizar os procesos informáticos da Xunta de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financiera e, en xeral, os relacionados cos anteriores.

A disposición transitoria terceira, apartado 5, da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, prevé a súa conversión en axencia pública autonómica.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2019

II.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Facenda é a responsable da xestión orzamentaria dos programas propios da consellería e dos créditos consignados na sección de “Gastos de diversas Consellerías” destinados ao pago de servizos de carácter horizontal como aluguer, seguros e o imposto de bens inmobles dos que integran o patrimonio da comunidade autónoma.

Os recursos asignados á Consellería de Facenda no proxecto de orzamentos para o exercicio 2019 veñen marcados polo inicio da recuperación económica e financeira e, polo tanto, deben perseguir o incremento do grao de eficacia e eficiencia do gasto público da consellería co fin de crear unha administración moderna baseada na planificación e na xestión por resultados nun escenario de control do gasto e de austeridade.

Os principais obxectivos estratéxicos que se pretenden conseguir son os seguintes:

- A continuación do plan de modernización dos procesos da consellería iniciados no exercicio 2010 no que se refire, fundamentalmente, a aqueles que teñen que ver cos servizos que se prestan á cidadanía.
- A finalización dos procesos de actualización legislativa coa aprobación dunha nova lei en materia de réxime financeiro, orzamentarios e de control.

As actuacións máis importantes que se levarán a cabo no exercicio 2019 son as seguintes:

- Fomentar e estender a contratación electrónica a todas as consellerías da Administración autonómica e ás entidades instrumentais. O seu uso permitirá incrementar a eficacia e reducir custos á Administración e ás empresas garantindo sempre a seguridade e a calidade dos procesos da contratación pública.
- Adoptar as medidas necesarias para lograr a consolidación do proceso de utilización da aplicación informática que pretende a coordinación entre a xestión orzamentaria vinculada con investimentos e a información de carácter patrimonial existente no inventario xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estas actuacións desenvolveranse dende os diferentes centros directivos, organismos, axencias e entes públicos tal e como se detalla a continuación.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

En colaboración co Cixtec vai estender a toda Administración autonómica a contratación electrónica na súa aposta polo fomento da e-administración que, ademais de informatizar os procesos administrativos, facilita de maneira expresa as relacións e o acercamento á cidadanía e, no marco da contratación pública, permitirá un aforro de recursos ás empresas e a realización de

procesos de contratación encadrados nos principios da transparencia, da publicidade e demais principios da contratación pública.

Continuará o proceso de redistribución de espazos para conseguir o seu aproveitamento óptimo e rebaixando no posible o gasto en alugueiros e xestionando o alleamento daqueles inmobles que resulten innecesarios para a prestación do servizo público.

Está a realizar todas as tarefas de colaboración e coordinación co Instituto Galego de Estatística nos cometidos recollidos na lei do plan galego de estatística de Galicia.

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019 formula como obxectivos primordiais os seguintes:

- Potenciar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a Administración, dedicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos. Este obxectivo concrétese en:
 - Incrementar a eficacia no gasto público introducindo sistemas de seguimento, avaliación e control, así como de auditoría dos expedientes de gasto.
 - Auditar e controlar os distintos programas de gasto e especialmente as actuacións con fondos comunitarios e as axudas con fondos non comunitarios, para gañar en eficiencia.
- Modificar a normativa de fiscalización e control para adaptarse aos cambios na estrutura orgánica do sector público autonómico dimanantes da aplicación da Lofaxga.
- Levar a cabo o control financeiro permanente e a auditoría das entidades do sector público dentro dunha programación plurianual.
- Elaborar un rexistro de entidades do sector público autonómico de acordo co previsto na Lei 16/2010.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS

Os obxectivos da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para o ano 2019 encádranse dentro das funcións propias e específicas de elaboración e seguimento do orzamento da comunidade autónoma, que en concreto son os seguintes:

- A Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira consolida un cambio na xestión financeira da comunidade autónoma, obrigando a deseñar un escenario orzamentario plurianual que constituirá a programación do sector público autonómico con orzamento limitativo; isto, en colaboración co Cixtec, desenvolverá o soporte informático que permita elaborar os devanditos escenarios, así como a súa actualización nun tempo razoable.

- Os escenarios plurianuais serán a base dos orzamentos de cada exercicio, definirán a senda financeira da comunidade autónoma en base á previsible evolución dos ingresos, así coma os recursos que se van asignar ás diferentes políticas de gasto, en función dos diferentes obxectivos estratéxicos e os compromisos plurianuais asumidos.
- Elaborar un límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado que enmarque o proceso de elaboración orzamentaria.
- O cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da senda de consolidación fiscal acordada no consello de política fiscal e financeira para a Comunidade Autónoma de Galicia esixe a adopción dunha disciplina financeira que parta xa do proceso de planificación das actuacións das seccións orzamentarias. Para iso avalíaranse as repercusións orzamentarias de cada plan, proxecto plurianual ou norma que se propoñan.
- Proseguir co proceso de mellora continua na elaboración e calidade dos orzamentos da comunidade autónoma.
- A Lei 16/2010 de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia establece a obriga de deseñar os contratos plurianuais de xestión das axencias públicas autonómicas, para o que se colaborará no seu deseño e se informará respecto do encaixe dos gastos dimanantes da súa aplicación co escenario financeiro da comunidade autónoma.
- Obter as contas parciais ao longo do ano e dun estado do orzamento vixente de ingresos é unha prioridade para a Xunta de Galicia; precísase unha orde que sistematice todo o rexistro de ingresos e ordene aos distintos axentes que interveñen na súa contabilización, así mesmo en colaboración coa IXCA e o CIXTEC mellorarase a aplicación informática soporte do sistema contable a nivel consolidado.
- Xestionar eficazmente os expedientes que modifican gasto promovidos polas diferentes consellerías.
- Impulsar a análise das repercusións económico-orzamentarias das diferentes políticas de gasto para os efectos de posibilitar a súa execución dentro do marco da política de estabilidade orzamentaria.
- Levar a cabo todas aquelas actuacións que permitan mellorar o seguimento e mantemento dos diferentes programas orzamentarios e os obxectivos neles definidos mediante o establecemento de sistemas específicos para os gastos da dependencia, da sanidade pública, dos investimentos en infraestruturas e dos gastos de persoal na Administración institucional.
- Desenvolver o seguimento dos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 correspondentes ao exercicio 2018, este seguimento realízase en base á eficacia e eficiencia dos indicadores financeiros, de produtividade e de resultado. A elaboración dos informes da Avaliación dos obxectivos/resultados dos POs FEDER e FSE 2014-2020 de Galicia para o informe anual a remitir en 2019 e de cumprimento do marco de rendemento. Realizar as análises dos plans sectoriais, transversais ou territoriais deseñados polos distintos axentes públicos autonómicos, así como o seu encaixe dentro da planificación estratéxica xeral.

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS

O obxectivo da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos consiste en avanzar na implementación da política de cohesión económica, social e territorial da Unión Europea en liña coa Estratexia Europa 2020 e en acadar unha xestión correcta, eficiente e eficaz dos recursos procedentes dos fondos estruturais que contribúen a financiar a política rexional.

Ao longo do ano 2019, este centro directivo, na súa condición de unidade de coordinación do Organismo Intermedio Xunta de Galicia para os programas operativos FEDER e FSE 2014-2020, seguirá avanzando nas tarefas de implementación dos sistemas de xestión e control esixidos no artigo 122 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, que é imprescindible para poder levar a cabo todas as funcións previstas no artigo 125 do citado regulamento, entre as que destaca, ademais das tarefas de xestión e verificacións, a importancia dos procedementos de selección de operacións e o protagonismo do enfoque a resultados. Tendo en conta os avances xa acadados na selección de operación e na execución das distintas liñas de actuación previstas no programa, contando xa cun volume significativo de gasto declarado á Comisión Europea, debe prestarse especial atención, por unha banda, á análise do cumprimento dos fitos financeiros e físicos programados e á necesidade de propoñer eventuais reprogramacións para acadar os resultados agardados, e por outra ás medidas necesarias para minimizar as eventuais irregularidades que poidan detectarse polos organismos de control, xa que no 2019 presentaríanse por primeira vez e como novidade as contas anuais á Comisión Europea.

Para garantir a legalidade e regularidade do gasto a declarar á Comisión Europea, ao longo do ano 2019 intensificaránse as tarefas de verificacións administrativas de operacións e gastos, e os controis de calidade previstos, co apoio externo dunha empresa auditora. Outros aspectos novos nos que se continuará a traballar, por tratarse dun procedemento que debe ser periodicamente revisado e actualizado, serán o marco de xestión de riscos e a adopción de medidas antifraude eficaces e proporcionadas, para o cal se utilizará a ferramenta de minería de datos ARACHNE que actualmente está en proceso de implantación. No específico ámbito do FSE, valoraránse as posibilidades de utilización de novas metodoloxías de custos simplificados, na liña do disposto na recente modificación da normativa xeral reguladora dos fondos EIE.

Adoptaránse así mesmo medidas para reforzar o persoal temporal de apoio na xestión, control e seguimento dos programas operativos nas distintas unidades administrativas adscritas ao centro directivo, a fin de garantir unha dotación axeitada de recursos humanos coa suficiente cualificación técnica.

Asemade, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos no marco do obxectivo da Cooperación Territorial Europea recollido no Regulamento (UE) nº 1299/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, realizará as funcións de Coordinador Rexional para os programas operativos de Cooperación Transnacional e Interrexional, en particular, a coordinación coas Autoridades dos Programas Operativos; Interreg Espacio Atlántico, Interreg SUDOE

(Sudoeste Europeo) e Interreg Europe, así como a representación nos Comités dos referidos programas.

Neste contexto, as principais liñas de acción da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos para o ano 2019 son as seguintes:

- Avanzar nas tarefas de desenvolvemento e mellora dos distintos procedementos descritos nos sistemas de xestión e control, para garantir unha xestión eficaz, eficiente e correcta dos fondos europeos asignados para o período 2014-2020 no marco dos Programas Operativos FEDER e FSE 2014-2020 e do Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020.
- Reforzar os recursos humanos asignados para apoiar nas tarefas de xestión, control e seguimento dos programas.
- Revisar e/ou actualizar os procedementos de xestión de riscos, que inclúe a autoavaliación dos riscos de fraude e a adopción de medidas eficaces e proporcionadas contra a fraude, no marco dunha estreita e continua colaboración cos organismos xestores de FEDER e FSE, aos que se proporcionará asistencia técnica e asesoramento continuo.
- Avanzar na tramitación electrónica dos procedementos administrativos e no marco da e-cohesión, e culminar a implementación de todas as funcionalidades necesarias nos distintos módulos da ferramenta informática de xestión e control Fondos I420, para garantir o intercambio electrónico de información e o axeitado rexistro e almacenamento, entre outros, dos datos relativos ás operacións, listas de comprobación, gastos, indicadores, verificacións e auditorías, co obxecto de posibilitar un axeitado seguimento, control, auditoría e avaliación de resultados.
- Intensificar as tarefas de verificacións administrativas de operacións e gastos e os controis de calidade exixidos, co apoio dunha empresa auditora.
- Implementar os plans de acción e/ou medidas preventivas ou correctivas que poidan derivarse das verificacións e/ou dos controis e auditorías efectuados polas distintas instancias comunitarias, estatais ou autonómicas de control.
- Manter actualizada a formación e mellorar a capacitación do persoal que participa nas tarefas de xestión e control no seo do OI Xunta de Galicia, mediante a participación e/ou organización de cursos, seminarios ou xornadas divulgativas sobre os distintos aspectos que atinxen aos programas operativos.
- Avanzar na implementación da estratexia de comunicación e dos plans de información e comunicación dos programas operativos, e levar a cabo as medidas de comunicación necesarias para lograr unha maior difusión da contribución dos fondos europeos, xunto ao seguimento das actuacións nesta materia desenvolvidas polos xestores.
- Planificar o enbedamento da comunidade autónoma.
- Negociar e formalizar operacións crediticias coa banca pública europea.
- Lanzamento de débeda pública da comunidade autónoma a longo prazo.

- Obter as mellores condicións financeiras posibles para o endebedamento do exercicio, respectando en todo caso o principio de prudencia financeira.
- Afondar no asesoramento, control e seguimento do endebedamento do sector público da comunidade autónoma.
- Reforzar a colaboración e o aseguramento as entidades locais da comunidade autónoma.
- Coordinar e xestionar os procedementos para constituír e devolver avais por medios electrónicos.
- Mellorar os procedementos de pago.

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

A actividade da Dirección Xeral da Función Pública no 2019 virá determinada polos seguintes elementos singulares que se superporán ao seu funcionamento ordinario:

- Desenvolvemento da aplicación informática de recursos humanos.
- Desenvolvemento das aplicacións informáticas da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas.
- A preparación e elaboración dos regulamentos de desenvolvemento da nova lei do emprego público de Galicia, coa fixación dos posibles criterios a ter en conta para o seu articulado.
- Desenvolvemento do Decreto de provisión de postos de traballo de persoal funcionario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- A posta en marcha e o desenvolvemento dunha nova aplicación informática nas listas para o nomeamento de persoal funcionario interino e de persoal laboral temporal.
- A tramitación dos concursos de traslados de persoal funcionario e laboral, e en concreto o desenvolvemento dos concursos específicos de persoal funcionario, unha vez aprobado o Decreto de provisión de postos.
- Desenvolvemento das actuacións do Consello Asesor para a Integración da discapacidade na función pública de Galicia.
- Elaboración da Oferta de Emprego Público anual.
- Desenvolvemento dos procesos selectivos derivados das ofertas públicas de emprego de anos anteriores.
- Execución do Plan de estabilización do persoal temporal.
- Cumprimento das obrigas de publicidade derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Continuación cos procesos de integración dos entes.
- Desenvolvemento dos procesos de funcionarización.
- Refundición das categorías do persoal laboral.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE)

- Dirixir e coordinar as actividades estatísticas no ámbito competencial da comunidade autónoma, fortalecendo especialmente a cooperación coas consellerías para elaborar e executar os proxectos técnicos das operacións que lles encomendan os programas estatísticos e catalogar e explotar os rexistros administrativos de interese estatístico.
- Elaborar as actividades e operacións do Programa Estatístico Anual (PEA 2019) que lle correspondan e as que se establezan por convenio con outros organismos públicos, en particular, as que se derivan do asinado co Instituto Nacional de Estatística para realizar conxuntamente a Enquisa de Poboación Activa en Galicia.
- Promover a elaboración de normas e requisitos técnicos unitarios para a estatística pública, participando activamente no Comité Interterritorial de Estatística e no Foro Rexional de Estatística.
- Fomentar a investigación estatística e cooperar coa comunidade científica para mellorar métodos e procedementos.
- Intensificar o uso estatístico das fontes administrativas e establecer procedementos de colaboración entre as persoas propietarias e as autoridades estatísticas para garantir a calidade da información.
- Contribuír á formación especializada dos membros da organización estatística e á dos estudantes galegos, mediante accións específicas dirixidas a cada colectivo.
- Aumentar o valor da información estatística dispoñible e profundar na análise das seguintes materias: demografía, estrutura sociolaboral, estrutura sociocultural, cohesión territorial, conxuntura económica e estrutura económica.
- Reforzar a transparencia e mellorar a accesibilidade das estatísticas.

II.3. DAS ENTIDADES PUBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES)

As liñas de acción para o exercicio económico 2019 son atender plenamente as súas actividades, tales como:

- I. Ditames de solicitude preceptiva: son aqueles que versen sobre:
 - I.1. Anteprojectos de lei, proxectos de decretos lexislativos, plans xerais e sectoriais que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.
 - I.2. Anteprojectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á

organización, ás competencias ou funcionamento do consello.

- 1.3. Anteprojectos ou proxectos relativos a materias que por precepto expreso dunha lei teñan que serlle consultadas ao consello.
2. Ditames facultativos: son aqueles solicitados polo Consello da Xunta ou polas consellerías.
3. Informes ou estudos por solicitude da Xunta de Galicia:
 - 3.1. Sobre as reformas de normativa vixente sempre que afecten ao desenvolvemento económico e social.
 - 3.2. Sobre a elaboración de plans e programas, en relación ás mesmas materias.
4. Informes ou estudos por propia iniciativa:
 - 4.1. Sobre as reformas da normativa vixente coa intención de mellorar o desenvolvemento económico e social da comunidade.
 - 4.2. Sobre a elaboración dos plans e programas, co mesmo obxectivo.
 - 4.3. Sobre as repercusións e adaptacións necesarias que a introdución das novas tecnoloxías impoñan no sistema económico e social galego.
 - 4.4. Sobre a execución de plans ou programas de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia.
5. Memoria anual:
 - 5.1. Sobre a situación económica e social de Galicia.
 - 5.2. Sobre as recomendacións ou orientacións, se é o caso, acerca da política orzamentaria.
6. Organización de Xornadas de Estudo sobre materias propias do ámbito de funcións que incumben ao Ces.
7. Realización de publicacións sobre materias de interese relativas á área socioeconómica.
8. Presenza institucional en foros de discusión ou de colaboración que podan resultar de interese para o organismo.

II.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA)

- Dar cumprimento ás previsións orzamentarias do estado de ingresos nos tributos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: tributos propios e tributos cedidos polo Estado.
- Iniciativa nas modificacións legislativas en materia tributaria.
- Incrementar a eficacia e eficiencia na aplicación dos tributos e a loita contra a fraude fiscal a través da mellora do tratamento da información e dos procesos de control, a

racionalización e modernizacións dos procedementos internos e a detección de áreas de risco (Plan de Control Tributario).

- Mellorar a información e asistencia ao contribuínte orientando a actuación administrativa ao servizo dos cidadáns e á transparencia.
- Consolidar os mecanismos de colaboración coa AEAT, as Administracións Tributarias das restantes comunidades autónomas e a Administración local.
- Promover a alta cualificación do persoal.
- Fomentar e estender a colaboración social e impulsar as novas tecnoloxías, á busca da redución de trámites administrativos e dos custos fiscais indirectos.
- Funcionamento da sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia con novas funcionalidades e novos servizos.

CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCIERA E CONTABLE (CIXTEC)

As actuacións que se levarán a cabo no exercicio 2019 enmárcanse dentro do obxectivo xeral de consolidar o camiño de crecemento estable, mellorando as condicións de vida dos galegos e galegas, en base a un modelo de crecemento que, de acordo co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, ten especial apoio no coñecemento, a especialización, a innovación e a internacionalización da nosa economía.

Entre as principais operacións que se desenvolverán, destacaremos as seguintes:

- Actuacións encamiñadas á consolidación das reformas integrais na organización e funcionamento das Administracións públicas derivadas da entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Impulso das actuacións e funcionalidades relacionadas cos sistemas de información da contratación pública que permitan incrementar a eficiencia do gasto público e facilitar, en particular, que os poderes públicos empreguen a contratación en apoio de obxectivos sociais comúns, de acordo co previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Incrementar o uso das tecnoloxías da información nas relacións entre a cidadanía e a administración pública mellorando os procedementos telemáticos facilitando a información dunha forma personalizada, flexible e transparente.
- Evolución das funcionalidades necesarias para dar cumprimento ao disposto na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro de facturas no sector público.

- Incrementar a eficiencia e posibilidades dos sistemas de información corporativos de cara a evolucionar as funcionalidades dos Sistemas de Información Económico Financeiros para dar resposta ás necesidades de información da organización.
- Ao longo do período 2014–2020 levarase a cabo o desenvolvemento de actuacións que faciliten a xestión das axudas comunitarias mediante o establecemento de novos sistemas de información.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 124A - DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é levar a cabo as funcións propias deste centro directivo, que se concretan nas seguintes:

- Tramitación de procesos selectivos en todas as súas fases.
- Tramitación de procesos de contratación temporal.
- Procesos de provisión: concursos de traslados de persoal laboral e funcionario.
- Subvencións aos comités de empresa.
- Resolución das situacións administrativas e demais do persoal funcionario, laboral da Administración da comunidade autónoma previstas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no Convenio colectivo único da Xunta de Galicia.
- Emitir os informes previos en relación coas retribucións e, en xeral, con calquera autorización de melloras retributivas, individuais e colectivas, que afecten ao persoal ao servizo da comunidade autónoma.
- Coordinación, información e participación nos órganos correspondentes relativos ás relacións laborais do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.
- A inscrición no rexistro central de persoal de todos os actos que afecten á vida administrativa do persoal da súa competencia.
- A clasificación de órganos de selección de persoal e fixación do límite máximo de asistencias que percibirán os membros de tales órganos.
- A xestión dos rexistros de altos cargos.
- A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica sometidos á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Mantemento e xestión do rexistro de persoal eventual da Xunta de Galicia.
- A emisión dos informes preceptivos e previos sobre os proxectos de disposicións que afecten en materia de réxime de persoal.
- Rexistro do persoal directivo.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Racionalización e control do persoal ao servizo da administración autonómica.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoal do sector público autonómico.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Pártese dunha situación na que o persoal se ve afectado pola reorganización do sector público autonómico derivado fundamentalmente da Lei 16/2010.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas.
- Lexislación sobre igualdade de xénero.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Racionalización e optimización dos efectivos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O principal obxectivo deste programa orzamentario dende o punto de vista da perspectiva de xénero é o de manter e avanzar na consecución dunha administración autonómica máis igualitaria.

Os principais indicadores que se poden utilizar para facer unha análise da situación actual aplicando a perspectiva de xénero son: porcentaxe de mulleres e homes que son persoal ao servizo da administración pública autonómica, porcentaxe de mulleres e homes que desempeñan postos directivos na administración, porcentaxe de mulleres e homes que desempeñan altos cargos na administración autonómica, porcentaxe de mulleres e homes que participan nos procesos selectivos e porcentaxe diferenciado de mulleres e homes que superan ditos procesos e polo tanto acceden a un emprego público.

No caso do acceso á función pública, a desagregación deses datos por sectores de actividade, corpos, escalas ou categorías de acceso, permitiría detectar aqueles sectores onde o grao de paridade no acceso sexa menor.

Para obter esta información que permita facer esta análise dende o punto de vista do xénero, a propia administración dispón do Rexistro de persoal, dos Rexistros de altos cargos, do futuro Rexistro do persoal directivo así como da información de xestión dos procesos selectivos.

Para obter unha visión xeral, aínda que sen ter en conta a distribución en canto a niveis de responsabilidade, segundo os datos do Ige, en xaneiro de 2016 o persoal da administración autonómica que prestaba os seus servizos no ámbito das consellerías e os seus organismos autónomos, a docencia non universitaria, institucións sanitarias e administración de xustiza ascendía a 86.499 persoas, das que 60.533 eran mulleres, o que supón o 69,98% do total.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X

Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A administración debe desenvolver un tratamento exemplar en canto á introdución do principio de igualdade entre mulleres e homes na súa xestión de recursos humanos, máxime nunha administración pública estatisticamente feminizada en termos xerais, malia que non a todos os niveis.

Por iso vanse desenvolver medidas que favorezan a mellora da acción pública en materia de igualdade de xénero entre o persoal ao servizo da Administración autonómica e con efecto exemplar na sociedade e así fomentarse a flexibilidade horaria no desenvolvemento da xornada de traballo e o teletraballo co obxectivo de favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral e a corresponsabilidade.

No terreo do acceso e promoción profesional, manterase a esixencia de coñecemento da normativa en materia de igualdade nos programas dos procesos selectivos e valoraranse os cursos sobre igualdade de xénero nos concursos de emprego público.

Ademais, difundiranse os datos sobre a presenza de mulleres e de homes en cada corpo, escala ou categoría de emprego público.

Todas as actuacións que desenvolve a Dirección Xeral da Función Pública teñen como destinatarios potenciais o conxunto de persoas empregadas públicas na administración autonómica. Ademais, no exercicio das súas competencias relacionadas cos procesos selectivos, as persoas destinatarias son as que participan en ditos procesos para obter un posto de traballo. Debido á inclusión de mecanismos que garanten a aplicación dos principios de igualdade, mérito e capacidade, non existen nestes procesos distincións de xénero e está garantida a composición paritaria dos tribunais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral da Función Pública.

III.1.2. PROGRAMA 581A.- ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa inclúe as actividades do Instituto Galego de Estatística (IGE) e das Conselleirías, a través dos seus Órganos Estatísticos Sectoriais (OES), encadradas nos Programas Estatísticos Anuais (PEA), que desenvolven o Plan Galego de Estatística (PGE 2017-2021).

O obxectivo do plan é desenvolver e consolidar o sistema estatístico e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, que contribúa ao coñecemento e á análise da realidade, ao tempo que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e da cidadanía, axeitándose aos criterios de economía e uso das fontes existentes, minimizando as molestias á cidadanía e garantindo o segredo estatístico.

Este obxectivo central concrétase nos informativos, instrumentais e de calidade, que se satisfán coas actuacións relacionadas e descritas nos programas anuais.

Executar os programas contribúe tamén ao cumprimento do obxectivo do Plan Estratéxico Galicia 2015-2020 de desenvolver o sistema de información estatística oficial como un dos piares nos que se deben asentar as políticas de transparencia.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Crear, organizar e difundir coñecemento estatístico acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e da cidadanía.

Contribuír a estruturar e desenvolver a organización estatística, potenciando a coordinación e a colaboración institucional coas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas, estatais, europeas e internacionais, relacionadas coa estatística.

Asegurar a calidade e a conexión do sistema estatístico coas persoas usuarias e informantes.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Fornecedores de datos (fogares e empresas, fundamentalmente) e calquera que utilice a información estatística (cidadanía, persoal investigador, administracións públicas e universidades; Xunta de Galicia, Parlamento de Galicia e demais órganos estatutarios).

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O PEA 2019, vencellado con este programa orzamentario, será o terceiro do PGE 2017-2021, aprobado pola Lei 15/2016, do 28 de xullo. Para avaliar este plan, o quinto da Comunidade Autónoma (1998/2001, 2002/2006, 2007/2011 e 2012/2016), cómpre medir os resultados de cada un dos seus cinco programas. Os indicadores elixidos reflicten a execución das actividades programadas e o cumprimento do calendario de difusión. Pendente de executar o PEA 2018, o cadro seguinte recolle os resultados dos cinco anteriores e os obxectivos para 2018.

IGE E DEPARTAMENTOS DA XUNTA	PEA 2013	PEA 2014	PEA 2015	PEA 2016	PEA 2017*	OBXECTIVOS PEA 2018
Grao execución operacións e actividades programadas	89%	83%	84%	86%	89%	90%
Grao execución operacións novas	62%	59%	75%	79%	88%	88%
Grao cumprimento calendario difusión	83%	68%	65%	65%	72%	75%

* provisional

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal que ampara o Programa 581A queda establecido na seguinte lexislación:

- Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, modificada polas leis 7/1993, do 24 de maio, 10/2001, do 17 de setembro, 16/2006, do 27 de decembro e 8/2011, do 9 de novembro.

- Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan Galego de Estatística 2017-2021.
- Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e se establece o procedemento de designación.
- Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.

O IGE e os OES executan os programas estatísticos anuais aprobados por decreto, logo do informe do Consello Galego de Estatística.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O PEA 2019, vencellado co programa orzamentario 581.A, recollerá e describirá as actividades que darán cumprimento aos obxectivos do PGE 2017-2021, en particular, aos informativos plasmados nas súas metas. No PEA 2019 tamén figurarán as relacionadas coas liñas de actuación salientables do plan.

En relación cos obxectivos organizativos tentarase implantar unha política de formación profesional continua para o persoal estatístico e intensificarase o uso estatístico das fontes administrativas. Entre os obxectivos de calidade, reforzaranse a transparencia e a accesibilidade das estatísticas. A consideración da perspectiva de xénero tamén será unha obriga da organización estatística.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Segundo a Lei 15/2016, do 28 de xullo, do PGE 2017-2021, as estatísticas programadas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas no PEA 2019 que prevexan datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	X

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

1. Elaboración e difusión de "Indicadores de xénero".
Orzamento: 0€
Persoas ou entidades ás que está dirixida: cidadáns, en xeral.
2. Elaboración e difusión de "A realidade da muller galega".
Orzamento: 0€
Persoas ou entidades ás que está dirixida: cidadáns, en xeral.
3. Elaboración e difusión da "Estatística de violencia de xénero".
Orzamento: 0€
Persoas ou entidades ás que está dirixida: cidadáns, en xeral.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O Informe de seguimento do PEA 2017, aprobado polo Consello Galego de Estatística e remitido ao Parlamento, contempla os resultados das actividades directamente relacionadas coa perspectiva de xénero do apartado anterior:

1. Elaboración e difusión de "Indicadores de xénero".
Execución: 100%
2. Elaboración e difusión de "A realidade da muller galega".
Execución: 100%
3. Elaboración e difusión da "Estatística de violencia de xénero".
Execución: 100%

Con respecto ao obxectivo xeral de considerarmos a perspectiva de xénero en todas as estatísticas que prevegan datos sobre persoas físicas, o Informe de avaliación do PGE 2012-2016 inclúe un anexo específico e indicadores de cobertura de cada actuación programada. A estimación media é que se cumpre no 81% das operacións e no 65% das variables difundidas e potencialmente desagregables por sexo.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Estatística.

III.1.3. PROGRAMA 611A.-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico- Financeira e Contable (Cixtec) é unha entidade adscrita á Consellería de Facenda que desenvolve a súa actividade, prestando servizos tanto aos órganos centrais da consellería como ao resto das consellerías a través dos sistemas de información e aplicacións informáticas de carácter horizontal, polo que as súas actuacións encádranse, con carácter xeral, neste programa, cuxa finalidade é a de atender e xestionar os gastos dos servizos centrais da Consellería de Facenda, coordinando os servizos centrais, tanto no que respecta a medios humanos como materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Dentro do marco competencial que esta entidade ten atribuído, débense destacar os desenvolvementos de proxectos e aplicacións informáticas, a súa planificación, instalación, xestión, supervisión, asesoramento e coordinación para levar a cabo os procesos informáticos da Administración autonómica de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financeira, e en xeral, nos que exerza competencias a Consellería de Facenda e as súas entidades dependentes, así como a subministración do equipamento informático necesario para acadar os seus fins.

O marco de vida económica e social galega é a referencia na que o Ces desenvolve a súa actividade. Entre as súas funcións asignadas pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Ces, o artigo 5 destaca a elaboración de ditames, informes ou estudos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Todas as prestacións e servizos desenvolto por este organismo teñen un ámbito de actuación que afectan a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación actual encádrase dentro do fomento da e-administración, incrementando a informatización dos procesos administrativos, sobre todo naqueles que incidan dunha forma máis directa nas relacións coa cidadanía. Así mesmo, estanse a incorporar novas funcionalidades nos sistemas horizontais da Consellería de Facenda que permitan incrementar as medidas de control económico-financeiro como medio necesario para acadar os obxectivos de austeridade e disciplina orzamentaria.

O Consello Económico e Social de Galicia créase como ente consultivo da Xunta de Galicia en materia socio-económica en aplicación do previsto no artigo 9.2º da Constitución española e

nos artigos 4.2º e 55.4º do Estatuto de autonomía de Galicia, co obxecto de facilitar a participación de todas/os as/os galegas/os na vida política, económica, social e cultural.

Por outra parte, o Consello Económico e Social responde tamén á aspiración dos axentes económicos e sociais de que se atendan as súas opinións e propostas, no proceso de adopción de decisións pola Xunta de Galicia, e á pretensión desta de centralizar a participación social para tales efectos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco regulamentario que ampara as actuacións deste programa, no relativo ao Cixtec é o seguinte:

- Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 360/1998, do 4 de decembro, no que se regula a dotación de medios persoais do Cixtec e se determina o inicio da súa actividade.
- Decreto 361/1998, do 4 de decembro, no que se aproba o Estatuto do Cixtec.

O marco regulamentario que ampara as actuacións deste programa, no relativo ao Ces é o seguinte:

- Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

De acordo cos obxectivos establecidos no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) realizará as súas inversións de cara a potenciar unha Administración moderna, eficiente e de calidade, impulsando a Sociedade Dixital.

As actuacións que se levarán a cabo no exercicio 2019 enmárcanse dentro do obxectivo xeral de consolidar o camiño de crecemento estable, mellorando as condicións de vida dos galegos e galegas, en base a un modelo de crecemento que, de acordo co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, ten especial apoio no coñecemento, a especialización, a innovación e a internacionalización da nosa economía.

Entre as principais operacións que se levarán a cabo, destacaremos as seguintes:

- Actuacións encamiñadas á consolidación das reformas integrais na organización e funcionamento das Administracións públicas derivadas da entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.
- Impulso das actuacións e funcionalidades relacionadas cos sistemas de información da contratación pública que permitan incrementar a eficiencia do gasto público e facilitar, en particular, que os poderes públicos empreguen a contratación en apoio de obxectivos sociais comúns, de acordo co previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Incremento do uso das tecnoloxías da información nas relacións entre a cidadanía e a administración pública mellorando os procedementos telemáticos facilitando a información dunha forma personalizada, flexible e transparente.
- Evolución das funcionalidades necesarias para dar cumprimento ao disposto na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro de facturas no sector público.
- Incremento da eficiencia e posibilidades dos sistemas de información corporativos de cara a evolucionar as funcionalidades dos Sistemas de Información Económico Financeiros para dar resposta ás necesidades de información da organización.

Ao longo do período 2014–2020 levarase a cabo o desenvolvemento de actuacións que faciliten a xestión das axudas comunitarias mediante o establecemento de novos sistemas de información.

Con respecto ao Ces, a finalidade é facer efectiva a participación dos distintos axentes na política social e económica de Galicia. Responde así o seu espírito á lexítima aspiración da sociedade civil organizada, de que as súas opinións sexan escoitadas e os seus traballos tidos en conta á hora de adoptar decisións que afecten aos seus intereses por parte do Goberno galego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
---	--

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico- Financeira e Contable (Cixtec).

Consello Económico e Social de Galicia (Ces).

Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.

III.1.4. PROGRAMA 612A.-PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA.

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Elaboración e seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma.

1. Elaboración do proxecto anual de orzamentos xerais da comunidade autónoma e xestionar as modificacións precisas para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan Estratéxico e na normativa de estabilidade orzamentaria.
2. Análise e seguimento da execución do orzamento de ingresos, con especial atención ao sistema de financiamento autonómico e ao financiamento finalista doutras administracións.
3. Seguimento da execución dos programas de gasto orzamentados e do equilibrio orzamentario, no eido dun sistema de orzamentación encamiñado a resultados.
4. Información sobre calquera iniciativa legislativa ou norma de rango regulamentario, plans ou programas de actuación, co fin de valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ao cumprimento das esixencias do principio de estabilidade orzamentaria, tendo en conta os escenarios financeiros da comunidade autónoma.

5. Seguimento das medidas de austeridade e racionalización do gasto público incluídas no Plan de reequilibrio económico financeiro (PEF) da Comunidade autónoma de Galicia para o período 2017-2018 e proposta de medidas correctoras que garantan os obxectivos de déficit e endebedamento comprometido nel.
6. Seguimento e soporte da execución financeira do Sergas.
7. Mantemento e seguimento dos obxectivos estratéxicos e operativos de cada programa de gastos.
8. Orzamentación, seguimento e proposta de racionalización dos gastos de persoal, tanto na Administración xeral coma na instrumental co obxectivo de optimización dos recursos existentes, garantindo unha consolidación do gasto de persoal axustada á capacidade financeira da comunidade autónoma e en consonancia co acordo marco sobre sustentabilidade das finanzas públicas.
9. Programación, seguimento, inspección, avaliación, estudos e comunicación dos fondos estruturais FEDER e FSE Galicia 2014-2020.
10. Análise dos obxectivos e actuacións das entidades que integren o sector público autonómico, da súa coherencia coas políticas de gasto e avaliación da súa incidencia financeira.
11. Seguimento e avaliación dos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Incrementar a eficacia e a eficiencia nos procedementos de coordinación de axudas públicas e da programación, xestión e seguimento dos programas europeos da política rexional comunitaria.

Deseñar un marco orzamentario que dea soporte financeiro ás políticas estratéxicas de gasto da comunidade autónoma e garanta a sustentabilidade das finanzas públicas.

Realizar un seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma consonte a lei aprobada polo Parlamento e os obxectivos de estabilidade orzamentaria previamente determinados.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa actúa sobre a elaboración, execución e liquidación dos orzamentos de todo o sector público autonómico.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida caracterízase pola acusada recesión económica, derivada dunha importante crise nos sectores financeiro e da construción que provoca unha diminución importante nos ingresos da comunidade autónoma.

Todo isto vén obrigando a realizar un forte axuste estrutural nos orzamentos da comunidade autónoma, dada a escasa marxe para obter ingresos tributarios ou financeiros adicionais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (BOE núm. 103, do 30 de abril) que establece os principios reitores que vinculan a todos os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público, orientada cara a estabilidade e a sustentabilidade como garante dun crecemento económico sostible, e da creación de emprego.
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG).
- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia.
- Normativa de aplicación aos fondos estruturais e PEG 2015-2020.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE

APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	X

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

En relación á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos presenta unha tipoloxía de actividades de carácter “indirecto”, é dicir, que non inflúen directamente en ningún colectivo de mulleres ou homes, nin asociacións ou outras entidades. As actuacións deste órgano en relación coa promoción da igualdade, presentan resultados xerais no ámbito da xestión de fondos estruturais.

Así, a DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos leva a cabo a tarefa de coordinación e impulso da promoción da igualdade en todas as fases de xestión do programa operativo FEDER e FSE de Galicia 2014-2020, en calidade de Organismo Intermedio en delegación da Autoridade de xestión do citado programa.

Por outra banda, a DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos vén de aplicar determinadas medidas de “discriminación positiva” para empresas cun maior desenvolvemento en materia de igualdade, para os casos de empate. Concretamente:

Nas cláusulas administrativas e na folia de especificacións de prescricións técnicas dos procedementos de contratación especifícase que, no caso de persistir o empate de proposicións, logo de aplicar o recuento de persoal con discapacidade, resolverase para aquela empresa que acredite a implantación dun plan de igualdade segundo o artigo 11 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

Ademais, de continuar o empate, outorgarase o contrato ao licitador que acredite a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade conforme ao artigo 22 do Decreto 33/2009.

No ámbito do PEG 2015-2020 realízase o seguimento e avaliación do principio horizontal de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres o do obxectivo estratéxico correspondente.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

III.1.5. PROGRAMA 621A.-ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Inclúense neste programa as actuacións en materia financeira, tributaria, patrimonial e de control.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A planificación, control e xestión do programa de endebedamento da comunidade autónoma, a correcta xestión dos tributos propios e cedidos, a xestión do patrimonio da comunidade autónoma e o control da actividade económico-financeira.

O Programa atopa o seu fundamento na aplicación efectiva dos tributos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia a través de procedementos que redunden na eficacia e na eficiencia na recadación dos ingresos públicos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación dos mercados financeiros que nos últimos anos dificultaron o acceso ao financiamento para as comunidades autónomas, tanto nos mercados de capitais como nos mercados de crédito.

Nun marco recesivo a diminución de ingresos, en especial en autoliquidacións, fai necesario poñer o énfase na optimización dos medios materiais e humanos para manter a recadación, en especial a través de actuacións de investigación e comprobación.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda.
- En materia de endebedamento e tutela financeiras das entidades locais: a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como os acordos adoptados no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira das CCAA, que determinan a súa capacidade de endebedamento. No ámbito da normativa galega, o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia establece no seu Título II o réxime básico ao que haberán de axustarse as operacións de endebedamento que efectúe a comunidade autónoma.

- O programa desenvólvese dentro do ámbito marcado pola normativa en materia de política financeira: a Lei de mediación de seguros e reaseguros privados, a Lei 20/2015 de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como os acordos adoptados no seo do Consello de Política Fiscal e financeira das comunidades autónomas en materia de endebedamento.
- Axencia Tributaria Galega (Atriga), creada ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para realizar as funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei.
- O Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.
- A Orde do 19 de decembro de 2012 de inicio das actividades da Axencia Tributaria de Galicia.
- A Orde do 20 de decembro de 2012 pola que se establece a organización e se atribúen determinadas funcións no ámbito de competencias das áreas de Xestión e de Colaboración Social, Información e Asistencia da Axencia Tributaria de Galicia.
- A Orde do 20 de decembro de 2012 pola que se organiza e se atribúen funcións á Inspección de Tributos no ámbito de competencias da Área de Inspección Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dende o punto de vista das competencias en materia financeira, a finalidade do programa é a seguinte:

- A planificación do endebedamento da comunidade autónoma.
- O desenvolvemento normativo e execución en materia de mediación de seguros.
- A tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
- A ordenación de pagamentos e xestión de cobros.

Dende o punto de vista das competencias tributarias, o control da aplicación dos tributos e ingresos xestionados pola Atriga coas seguintes accións:

- A análise e deseño da política global de ingresos públicos, e elaboración da súa normativa no relativo aos tributos cedidos polo Estado á comunidade autónoma e aos tributos propios e prezos que esta estableza.
- As accións de mellora da eficacia e eficiencia na aplicación dos tributos e a loita contra a fraude fiscal.
- As accións de mellora na información e asistencia ao contribuínte.
- O impulso da administración electrónica.

- O impulso e a coordinación das relacións de colaboración en materia tributaria con outras administracións públicas.
- O apoio ás actuacións da Xunta Superior de Facenda.

Atendendo ás competencias en materia patrimonial e de control, as finalidades do programa e as actuacións para a súa consecución son as seguintes:

- Coordinar e xestionar a contabilidade orzamentaria, financeira e patrimonial da comunidade autónoma.
- Levar a cabo o control interno da actividade económico-financeira.
- Incrementar a eficacia no gasto público introducindo sistemas de seguimento, avaliación e control, e auditoría dos expedientes de gasto.
- Auditar e controlar os distintos programas de gasto e especialmente as actuacións con fondos comunitarios e as axudas públicas financiadas con fondos non comunitarios, para gañar en eficiencia.
- Levar a cabo o control financeiro permanente e as auditorías das entidades do sector público dentro dunha programación plurianual.
- Buscar unha maior eficiencia na utilización do patrimonio inmobiliario e no gasto en aluguer (xestión patrimonial).

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.

Axencia Tributaria de Galicia.

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<p>Programa: 124A DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA</p> <p>Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade</p> <p>Prioridade de Actuación: PA01 - Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I02 - Contribuír a unha función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público</p> <p style="text-align: center;">Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p> <p>0001 - Desenvolver e aplicar estratexias e políticas de recursos humanos axeitadas ás necesidades reais para a prestación dos servizos públicos, nomeadamente a través do desenvolvemento da lei do empregado público</p>
<p>Programa: 581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA</p> <p>Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade</p> <p>Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I02 - Desenvolver o sistema de información estatística oficial como un dos piares nos que se debe asentar as políticas de transparencia.</p> <p style="text-align: center;">Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p> <p>OI06 - Actuacións de soporte e apoio (Gastos de funcionamento)</p> <p>0001 - Impulso da estatística oficial a través das operacións estatísticas.</p>
<p>Programa: 611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA</p> <p>Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade</p> <p>Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I03 - Implantar unha xestión financeira orientada a resultados e que avance na eficiencia, transparencia, control e rendición de contas.</p> <p style="text-align: center;">Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p> <p>OI06 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0001 - Garantir a tramitación telemática de todos os expedientes e trámites coa administración autonómica.</p> <p>0004 - Investir na capacidade institucional e a eficiencia das administracións e os servizos públicos co fin de introducir reformas e melloras na regulamentación e na xestión. Reforzar os sistemas de control da administración tanto cara aos propios xestores como cara os contribuíntes e perceptores de subvencións</p>
<p>Programa: 612A PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA</p> <p>Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade</p> <p>Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I03 - Implantar unha xestión financeira orientada a resultados e que avance na eficiencia, transparencia, control e rendición de contas.</p> <p style="text-align: center;">Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p> <p>0002 - Garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos, facendo fincapé, non en implementar novas normas e requisitos, senón en aplicar con contundencia as xa existentes..</p> <p>0003 - Reforzar as tarefas de planificación e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais.</p>
<p>Programa: 621A ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.</p> <p>Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade</p> <p>Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I03 - Implantar unha xestión financeira orientada a resultados e que avance na eficiencia, transparencia, control e rendición de contas.</p> <p style="text-align: center;">Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p> <p>OI06 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0002 - Garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos, facendo fincapé, non en implementar novas normas e requisitos, senón en aplicar con contundencia as xa existentes..</p>

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0004 - Investir na capacidade institucional e a eficiencia das administracións e os servizos públicos co fin de introducir reformas e melloras na regulamentación e na xestión. Reforzar os sistemas de control da administración tanto cara aos propios xestores como cara os contribuíntes e perceptores de subvencións

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	04	05
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública					2.696
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	4.486				
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	1.383		1.851	2.631	
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	695	7.546		1.441	
Total	6.563	7.546	1.851	4.072	2.696

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos				
	80	A1	A2	B1	Total
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública					2.696
581A-Elaboración e difusión estatística	4.272				4.272
611A-Dirección e servizos xerais de facenda		14.752		952	20.190
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica					5.864
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control			14.814		24.496
Total	4.272	14.752	14.814	952	57.518

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VII	Total
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública	2.696						2.696
581A-Elaboración e difusión estatística	2.905	337			1.030		4.272
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	9.552	1.878		150	8.609		20.190
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	4.482			40	1.330	13	5.864
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	21.495	2.176	3		822		24.496
Total	41.129	4.392	3	190	11.792	13	57.518

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.528	3.603	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	717	717	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	40	40	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	2.211	2.191	-0,9
Cap. VII - Transferencias de capital	30	13	-58,3
Total	6.526	6.563	0,6

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

02 INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	7.389	7.546	2,1
Total	7.389	7.546	2,1

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.812	1.851	2,1
Total	1.812	1.851	2,1

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

04 D.X POLÍTICA FINANCEIRA, TESOIRO E FONDOS EUROPEOS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.893	4.069	4,5
Cap. III - Gastos financeiros	3	3	0,0
Total	3.896	4.072	4,5

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

05 D.X. DE FUNCIÓN PÚBLICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.640	2.696	2,1
Cap. IV - Transferencias correntes	13	0	-100,0
Total	2.652	2.696	1,6

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.844	2.905	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	331	337	1,8
Cap. VI - Investimentos reais	1.017	1.030	1,2
Total	4.193	4.272	1,9

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A1 CENTRO INFORMÁTICO XESTIÓN TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.198	5.308	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.040	1.040	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	7.874	8.404	6,7
Total	14.112	14.752	4,5

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	12.251	12.511	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.165	2.166	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	62	137	121,0
Total	14.478	14.814	2,3

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

B1 CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	628	641	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	130	131	1,2
Cap. IV - Transferencias correntes	136	150	10,7
Cap. VI - Investimentos reais	30	30	0,0
Total	923	952	3,2

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2018	2019	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TECNICA E DO PATRIMONIO	6.526	6.563	0,6
02 INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	7.389	7.546	2,1
03 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS	1.812	1.851	2,1
04 D.X POLÍTICA FINANCEIRA, TESOIRO E FONDOS EUROPEOS	3.896	4.072	4,5
05 D.X. DE FUNCIÓN PÚBLICA	2.652	2.696	1,6
80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	4.193	4.272	1,9
A1 CENTRO INFORMATICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE	14.112	14.752	4,5
A2 AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	14.478	14.814	2,3
B1 CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	923	952	3,2
Total	55.981	57.518	2,7

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades Públicas instrumentais de consulta o asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Cap. I - Gastos de persoal	19.262	19.764	20.920	21.365	0	0	40.182	41.129
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	717	717	3.666	3.674	0	0	4.383	4.392
Cap. III - Gastos financeiros	3	3	0	0	0	0	3	3
Cap. IV - Transferencias correntes	23.936	24.392	136	150	23.884	24.352	188	190
OPERACIÓNS CORRENTES	43.919	44.877	24.722	25.190	23.884	24.352	44.757	45.714
Cap. VI - Investimentos reais	2.211	2.191	8.983	9.601	0	0	11.194	11.792
Cap. VII - Transferencias de capital	9.013	9.614	0	0	8.983	9.601	30	13
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	11.224	11.804	8.983	9.601	8.983	9.601	11.224	11.804
Total	55.143	56.681	33.705	34.791	32.867	33.953	55.981	57.518

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Facenda	2019
Altos Cargos	7
Persoal Funcionario	447
Subgrupo A1	152
Subgrupo A2	107
Subgrupo C1	134
Subgrupo C2	48
Agrupacións profesionais	6
Persoal Laboral	12
Grupo I	1
Grupo III	1
Grupo IV	9
Grupo V	1
TOTAL	466

Medios Persoais

Instituto Galego de Estatística	2019
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	53
Subgrupo A1	38
Subgrupo A2	8
Subgrupo C1	4
Subgrupo C2	2
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	11
Grupo I	1
Grupo III	9
Grupo IV	1
TOTAL	65

Medios Persoais

Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable	2019
Altos Cargos	1
Persoal Laboral	105
Grupo I	2
Grupo II	69
Grupo III	25
Grupo IV	7
Grupo V	2
TOTAL	106

Medios Persoais

Axencia Tributaria de Galicia	2019
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	364
Subgrupo A1	75
Subgrupo A2	94
Subgrupo C1	124
Subgrupo C2	63
Agrupacións profesionais	8
Persoal Laboral	21
Grupo III	8
Grupo IV	9
Grupo V	4
TOTAL	386

Medios Persoais

Consello Económico e Social de Galicia	2019
Altos Cargos	2
Persoal Laboral	10
Grupo I	7
Grupo III	3
TOTAL	12



**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA**

SECCIÓN 07

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

Con data 27 de setembro de 2018 publícase no Diario Oficial de Galicia (DOG N° 185) o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

No seu artigo 1 dispón que a Xunta de Galicia está integrada entre outras pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Con data 5 de outubro de 2018 publícase no Diario Oficial de Galicia (DOG N° 191) o Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro de 2016, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

No seu artigo 1 dispón que se modifican a letra a) e o punto 2 da letra b) do artigo 3 do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, de xeito que se modifica a denominación da consellería, se integra na estrutura desta o organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo e se elimina da estrutura da consellería a entidade pública empresarial Augas de Galicia.

O Decreto 177/2016, do 15 de decembro de 2016 (DOG n° 239) fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no seu artigo n° 3 enumera como órganos superiores de dirección da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os seguintes:

- A Secretaría Xeral Técnica
- A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.
- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Ademais, quedan adscritos á consellería, segundo o artigo n° 3 apartado b) do 177/2016, do 15 de decembro:

- O organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (IET)
- O organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)
- A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), ente público de natureza consorcial.

O Decreto 167/2015, do 13 de novembro (DOG n° 221 do 19 de novembro de 2015) establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Quedan adscritos á consellería, segundo o artigo nº 3. 2 deste decreto os seguintes órganos colexiados:

- O Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
- A Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia
- A Comisión Superior de Urbanismo de Galicia
- O Observatorio Galego da Biodiversidade
- A Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica
- O Observatorio Galego de Educación Ambiental
- O Consello Galego de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade
- O Comité Galego de Pesca Fluvial
- Os comités provinciais de pesca fluvial
- O Comité Galego de Caza
- O Comité Galego das Árbores Senlleiras
- Os comités provinciais de caza

I.2. COMPETENCIAS

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano de administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de medio ambiente, ordenación do territorio urbanismo e paisaxe, as relacionadas coa vivenda e a rehabilitación así como a conservación da natureza, consonte o establecido no EAG, nos termos sinalados na Constitución Española, e que exercerá, no nivel de desenvolvemento que se indica no seu decreto de estrutura orgánica, para cada un dos órganos integrantes deste departamento.

A acción política da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda guíase pola idea fundamental de que o territorio é o principal activo de que dispón a nosa sociedade. Un activo que ten algo máis que un valor económico de uso, que non é só un recurso de explotación económica, senón que é o contorno no que os seres humanos desenvolven a súa vida, xerando, polo tanto, con el, unha relación de identidade, unha relación emocional que nos obriga a protexelo, a ordenar con mimo o seu uso e a transferilo, se é posible, en mellores condicións das que nós o temos herdado. A política territorial para Galicia abordará de xeito global o desenvolvemento dun territorio ordenado, buscando fortalecer 3 tipos de relacións: a necesaria interrelación entre as cidades, a vinculación entre o medio rural, o ámbito periurbano e o mundo urbano, e a coordinación entre as administracións municipais, supramunicipais e autonómica. Deste xeito poderemos planificar e ordenar con criterios de sustentabilidade ambiental, económica e social os usos do territorio.

No que respecta á materia de medio ambiente, continuarase coa orientación ambiental baseada na introdución de melloras na xestión, programación e planificación, para o que se van

seguir empregando métodos de traballo dinámicos que comporten unha maior implicación social, empresarial e institucional.

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Secretaría Xeral Técnica da consellería exercerá as funcións e competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a consellería, así como aquelas outras previstas na normativa aplicable ao mesmo as que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da consellería, de acordo a Orde do 15 de marzo de 2012 sobre delegación de competencias no secretario xeral e noutros órganos da consellería.

De acordo co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático asume as funcións e competencias que o artigo 11 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, atribuían á extinta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Exercerá, polo tanto, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental.

Segundo o establecido no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, este departamento exercerá as competencias e funcións atribuídas á Consellería en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos, e a súa preservación para as xeracións futuras e, en particular, exercerá as seguintes:

- a) O fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos Naturais protexidos.
- b) A ordenación, conservación, protección, fomento e aproveitamento sustentable dos recursos cinexéticos e piscícolas nas augas continentais.
- c) A divulgación dos valores do patrimonio natural; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos senlleiros da xeografía da Comunidade Autónoma galega.
- d) O desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural.
- e) A promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen.

- f) A conservación específica dos espazos que compoñen a Rede galega de espazos protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.
- g) O estudo e a elaboración dos proxectos normativos no ámbito das súas funcións.
- h) Informe de recursos interpostos contra resolucións ditadas pola persoa titular da Dirección Xeral de Conservación da Natureza nas materias da súa competencia.
- i) As funcións inherentes á xestión económica, execución, seguimento, control e xestión da execución dos contratos administrativos e actividades de fomento no ámbito da súa competencia por razón da materia.
- j) A xestión dos expedientes de contratación menores de competencia da dirección xeral por razón da materia.

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo exercerá as funcións inherentes á dirección, planificación, impulso, xestión e coordinación das competencias en materia de urbanismo e ordenación do territorio, así como os informes na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre e no solo rústico, que ten atribuídas a consellería.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias da actual competencia da consellería son os seguintes:

- Medio Ambiente e Territorio:
 - Real decreto 3564/1983, do 5 de outubro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estudos de ordenación do territorio e medio ambiente. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 53/1984, do 23 de marzo.
 - Real decreto 971/1984, do 28 de marzo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medio ambiente. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 116/1984, do 29 de xuño.
 - Real decreto 659/1985, do 17 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral e vertidos ao mar. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 252/1985, do 28 de novembro.
- Urbanismo:
 - Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, transfire á Xunta todas as competencias atribuídas á Administración do Estado pola lei sobre réxime do solo, ordenación urbana e disposicións regulamentarias, no que afecte ao ámbito territorial da Xunta. Asumidas e asignadas polo Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, as funcións e servizos son traspasadas polo Real decreto 2424/1982, do 24 de xullo, e asumidas e asignadas polo Decreto 130/1982, do 4 de novembro. Tales competencias comprenden todas as relativas ás ordes normativa, organizativa, resolutiva, consultiva e de calquera outro xénero atribuídas á Administración do Estado polas disposicións vixentes nas citadas materias.

- Patrimonio Natural:
 - Real Decreto 1082/2008, do 30 de xuño, de ampliación das función e servizos da Administración do Estado en materia de conservación da natureza, a través do que se realizou a transferencia do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.

1.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define os organismos autónomos como entidades públicas instrumentais cuxa organización e funcionamento se regulan polo dereito administrativo, e que se someten a dereito privado só naqueles casos nos que corresponda de acordo coa normativa xeral ou sectorial aplicable.

Adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, con natureza de organismo autónomo figura:

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET)

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) foi creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, como un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, e que ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, entendéndose comprendida nela a ordenación, protección e xestión da paisaxe.

Segundo o disposto no artigo 10 da Lei 6/2007, modificado pola disposición derradeira segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, as función do IET son as seguintes:

- a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.
- b) Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, a fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.
- c) Prestar apoio á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
- d) A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.
- e) O apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.
- f) Delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.

- g) Formar, sensibilizar e concienciar a sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.
- h) Avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.
- i) Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sobre todo mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fins de formación e información.
- j) O seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.
- k) Fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.
- l) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia».

Os estatutos do IET foron aprobado polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, que foi modificado, no que se refire as súas funcións, polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS)

Organismo autónomo creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, ao que lle corresponde a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia. O IGVS adscíbese á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, segundo o Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro de 2016 polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo exerce as competencias e funcións que a continuación se indican:

- En xeral correspóndenlle as competencias e funcións en materia de política de vivenda, favorecendo o acceso dos cidadáns ao dereito, constitucionalmente garantido, dunha vivenda digna e adecuada.
- O fomento das actuacións de rehabilitación do patrimonio e arquitectónico en materia de vivenda tanto rural como urbana.
- A creación de solo residencial e de equipamentos acorde coas necesidades de asentamento da poboación.
- Complementariamente correspóndelle ao IGVS, a través dos seus órganos, dentro do marco da normativa de ordenación do territorio e a urbanística, o establecemento da política de solos de carácter produtivo, tales como o industrial, o comercial ou tecnolóxico e, en xeral, os que incidan na mellora da habitabilidade do territorio da comu-

nidade autónoma, baseando aquela no principio de sustentabilidade, en colaboración coa política de solos sectoriais específicos desenvolva por outros departamentos ou administracións en Galicia.

- A tramitación de plans e proxectos sectoriais abeirados no acordo do Consello da Xunta de 26 de maio de 2006 e de 6 de setembro de 2007, e na disposición adicional 2ª da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Estas competencias e funcións relacionadas de xeito xenérico son consecuencia de sucesivas transferencias, que de seguido tamén se relacionan:

- Patrimonio arquitectónico, control de calidade na edificación e vivenda: o Real decreto 1926/1985, do 11 de setembro, dispón o traspaso de funcións e servizos na materia. A asunción e asignación lévase a cabo mediante Decreto 230/1985, do 24 de outubro.
- Sociedade estatal de promoción e equipamento do solo (SEPES): polo Real decreto 213/1986, do 10 de xaneiro, foron traspasadas á comunidade autónoma as participacións accionariais, e as funcións inherentes ás mesmas, que SEPES ostentaba en Xestur Coruña, Xestur Lugo e Solo Urbano de Pontevedra.
- Real decreto 2498/1983, do 20 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda rural. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 152/1983, do 11 de outubro.
- Real decreto 1461/1989, do 1 de decembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de patrimonio arquitectónico, control da calidade da edificación e vivenda.

1.2.3. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

O artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, habilita á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para constituír, mediante convenio, consorcios con outras Administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrente cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda figura adscritas as seguintes entidades con natureza de consorcio:

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (APLU)

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia introduce a novidade organizativa de maior interese en materia de disciplina urbanística, ao crear a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante APLU) como instrumento fundamental para velar pola utilización racional do solo conforme ao disposto no ordenamento urbanístico, e proceder a súa regulación no seu artigo 226. Esta norma legal derro-

gouse pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que dedica o seu artigo 10 á APLU, definíndoa como un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, así como o desempeño de cantas outras competencias lle asignen as leis e os seus estatutos. Está adscrita organicamente á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

A estrutura orgánica da APLU e a definición das funcións de cada unidade administrativa se estableceron inicialmente no Decreto autonómico 51/2008, do 6 de marzo.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ten por finalidade esencial velar pola utilización racional do solo conforme ó disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Correspóndenlle, en todo caso, as seguintes competencias:

- I. As competencias que en materia urbanística lle sexan atribuídas polos seus estatutos. O artigo 3 do Decreto 213/2007 indica que son funcións da APLU as seguintes:
 - a) A inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso do solo.
 - b) A adopción das medidas cautelares previstas na lei urbanística, en especial, as de suspensión dos actos de edificación e uso do solo que se realicen en solo rústico sen a preceptiva autorización autonómica ou incumprindo as condicións da autorización outorgada.
 - c) A instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, cando a competencia para a súa resolución lle corresponda á comunidade autónoma.
 - d) A formulación ás distintas administracións de toda clase de solicitudes que considere pertinentes para asegurar o mellor cumprimento da legalidade urbanística.
 - e) A denuncia ante o Ministerio Fiscal e os órganos da orde xurisdiccional penal dos feitos que, como resultado das actuacións practicadas, se consideren constitutivos de delito.
 - f) A potestade sancionadora e de restitución e reposición da legalidade no ámbito da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.
 - g) O requirimento para a anulación de licenzas urbanísticas contrarias á normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral.
 - h) O asesoramento e asistencia ás administracións públicas integradas na axencia, nas materias da súa competencia, así como a proposta á consellería competente en materia de urbanismo de modificación ou adopción de normas legais ou regulamentarias necesarias para o mellor cumprimento da legalidade urbanística.
 - i) As competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na axencia deleguen nela, nas condicións que se determinen nos correspondentes convenios de adhesión.

2. As competencias inicialmente asignadas aos órganos autonómicos para restaurar a legalidade urbanística e para impor sancións por infraccións urbanísticas graves e moi graves.
 - a) En materia de restauración da legalidade urbanística, o artigo 155 da Lei 2/2016 atribúe á APLU a competencia sobre os actos de edificación e uso do solo que se realicen sen o título habilitante esixible sobre os terreos cualificados polo planeamento urbanístico como zonas verdes, espazos libres públicos, viarios ou na zona de protección das vías de circulación establecida no artigo 92.1 da Lei 2/2016, dotacións e equipamentos públicos. E o artigo 156 do mesmo texto legal indica que corresponde á APLU a competencia para a adopción das medidas precisas de protección da legalidade urbanística respecto ás obras e usos realizados en solo rústico, en calquera das súas categorías, sen o preceptivo plan especial, sen autorización autonómica ou sen axustarse ás condicións da autorización outorgada, así como nos supostos de obras e usos prohibidos.
 - b) En materia de potestade sancionadora, o artigo 163 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, indica que corresponde ao Consello Executivo da APLU a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves a partires de 300.000 € e ao seu director a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves cometidas en solo rústico sen o preceptivo título habilitante ou sen a autorización autonómica cando esta sexa esixible, ou incumprindo as súas condicións, e moi graves ata 300.000 €. Igualmente a APLU poderá exercer a competencia para impor sancións cando se a delegue o titular da alcaldía.

O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA)

É froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o Concello de Oleiros e a Universidade da Coruña para coordinar, dinamizar e promover a educación ambiental en Galicia, en todos os sectores sociais, así como o intercambio científico e cultural, traballando na procura de solucións aos problemas ambientais e fomentando as boas prácticas cidadáns neste eido.

O CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO

Creado no ano 2005 froito do compromiso das administracións local e autonómica, coa colaboración do Consorcio da Zona Franca, ten como misión fundamental encabezar o proceso de rehabilitación integral do centro histórico da cidade de Vigo.

No ano 2007, por parte da Consellería de Vivenda e Solo, adquiriuse a participación da Zona Franca, pasando así a estar participado o Consorcio nun 90% polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) en un 10% polo Concello de Vigo.

1.2.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define as sociedades públicas autonómicas como sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesta lei.

Na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda están adscritas as sociedades públicas autonómicas que de seguido relaciona con natureza de sociedade anónima mercantil:

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, SA (SOGAMA)

Creada por Decreto 111/1992, do 11 de abril, coma unha sociedade pública autonómica dependente da consellería competente en materia de residuos, ten encomendadas entre as súas funcións a xestión dos residuos urbanos a partir de que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no plan de xestión de residuos urbanos, coas seguintes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito controlado dos residuos.

A súa denominación Social é Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) e a distribución do capital social é a seguinte: Xunta de Galicia, 51% e Gas Natural Fenosa Renovables, S.L. 49%.

A escritura de constitución da Sociedade é do 14 de maio de 1992 sendo o seu obxecto social o seguinte:

Todas as actividades relacionadas co deseño, construción, explotación e mantemento de instalación de transferencia, tratamento, eliminación e, en xeral, xestión de todo tipo de residuos engadida a recollida, transporte e reciclaxe.

O estudo, desenvolvemento e implantación de tecnoloxías, proxectos e instalación encamiñados á obtención de enerxía a partir de fontes alternativas que cooperen á preservación do medio ambiente.

A realización de todo tipo de traballos, obras, plans, estudos, informes, investigación, proxectos, auditorías, consultorías, asistencias técnicas e servizos profesionais relacionados coa protección, conservación, limpeza, recuperación, rexeneración, descontaminación ou mellora do medio ambiente, así coma a xestión de todo tipo de servizos en materia medioambiental. Ditas actividades incluirán, en particular, as materias seguintes:

- Descontaminación de solos.
- Aproveitamento de recursos forestais para a produción de biomasa.
- Adecuación, selado, clausura e rexeneración de vertedoiros de residuos.

XESTION DO SOLO DE GALICIA-XESTUR,SA

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.", é unha sociedade anónima resultante da fusión de XESTIÓN URBANÍSTICA DE A CORUÑA, S.A., XESTIÓN URBANÍSTICA DE LUGO, S.A., Xestión Urbanística de Ourense, S.A. e XESTIÓN URBANÍSTICA DE PONTEVEDRA, S.A.; XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A., constituíuse o 23 de decembro de 2013

Obxecto social de Xestur Galicia, S.A. nace para acometer, no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, as seguintes tarefas:

- Elaboración de estudos urbanísticos, incluída a redacción de plans de ordenación e proxectos de urbanización, así como a iniciativa para a súa tramitación e aprobación
- Desenvolvemento da actividade urbanizadora, que comprende tanto a promoción e preparación do solo, a renovación ou remodelación urbana, a realización de obras de infraestrutura urbana ou a dotación de servizos para a execución dos plans de ordenación.
- Xestión e explotación de obras e servizos resultantes da urbanización, no caso de obter a concesión ou acabar o convenio correspondente, conforme ás normas aplicables a cada caso
- Calquera outra actividade relacionada coas expresadas nos apartados anteriores incluso a construción, alugueiro e expropiación de naves, vivendas e locais industriais e comerciais.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2019

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TECNICA

Os orzamentos da Secretaría Xeral Técnica da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, baséanse nos criterios de austeridade e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa coa finalidade de dar cumprida resposta ás liñas básicas da súa actuación que son as seguintes:

- A coordinación do réxime interno das actividades do resto dos centros directivos da consellería así como das xefaturas territoriais, elaborando propostas de actuación sobre aspectos relativos á organización, estruturación, métodos de traballo e mellora, atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e redución do gasto público.
- A ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería introducindo unha maior racionalidade no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións.
- A coordinación e xestión da contratación pública da consellería.
- En xeral, prestar apoio aos restantes centros directivos da consellería e aos seus entes adscritos coa finalidade de acadar unha mellora na calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos á cidadanía da nosa comunidade.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO

- Dar continuidade á progresiva consecución do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022, atendendo de xeito decidido ás demandas comunitarias en materia de prevención da xeración de residuos e á promoción da reutilización, reciclaxe e recuperación dos xerados, co fin de acadar un modelo de xestión sostible, que reduza o seu impacto ambiental. En particular, dar apoio ás entidades locais mediante actuacións dirixidas a:
 - a) Potenciar a recollida selectiva en orixe e xestión da fracción orgánica dos residuos municipais.
 - b) Fomentar a prevención e preparación para a reutilización de residuos.
 - c) Mellorar os servizos de proximidade e as instalacións a disposición dos cidadáns que complementen a función que presta a rede de puntos limpos existente na nosa comunidade autónoma.
- Continuar co desenvolvemento das actuacións e medidas establecidas no Plan de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022 (PRIGA) co fin de promover unha política adecuada de xestión destes residuos na comunidade autónoma diminuíndo a súa xeración e impulsando o seu correcto tratamento conforme a xerarquía de xestión establecida na Directiva Marco de residuos e en coherencia coas estratexias de cambio climático. En particular realizaranse

actuacións necesarias para acadar os obxectivos do plan sobre redución da produción de residuos industriais e mellora da súa xestión, mediante a implantación das medidas previstas nos programas específicos de xestión 1, 2, 3, 4, 8, 9 e 14 do PRIGA para cada un dos fluxos de residuos.

- Continuar na potenciación dos medios que garantan a calidade e transparencia da información, o que permitirá facer un seguimento dos resultados da planificación, comparando modelos de xestión cara á análise da súa eficiencia.
- Seguir afondando na incorporación da variable ambiental nos procedementos de aprobación dos plans e programas, mediante a súa avaliación ambiental estratéxica, de acordo ao establecido nas directivas comunitarias.
- Reducir o impacto das actividades no medio ambiente, mediante accións que tendan a conseguir unha mellora ambiental a través da prevención e o control dos incumprimentos que impliquen un maior risco para as persoas e o medio ambiente.
- Reforzar os sistemas de observación da calidade do aire e da calidade das augas e os sistemas de observación meteorolóxica e oceanográfica, para mellorar cualitativa e cuantitativamente a información e avaliación dos ecosistemas galegos.
- Mellorar cualitativa e cuantitativamente a estrutura para a loita contra o cambio climático e a toma de decisións en relación coa adaptación ao cambio climático en todos os sectores afectados. Partindo da Estratexia Galega de Cambio Climático 2050 e da Estratexia de Sustentabilidade, realizaranse actuacións destinadas a converter Galicia nunha rexión sostible e resiliente aos efectos do cambio climático.
- Impulsar a dispoñibilidade de todos os datos das redes de observación na web mediante protocolos estándar (SOS, Thredds, etc), así como en produtos adaptados aos usuarios finais que permitan unha consulta rápida, en función do tipo de usuario.
- Mellorar a elaboración e comunicación de alertas de fenómenos meteorolóxicos extremos (rachas de vento, choivas intensas, sarabia, raios, neve, etc) con avisos á carta para usuarios públicos e privados (protección civil, DGT, portos, agricultores..) e para a poboación xeral, mediante aplicacións móbiles e redes sociais.

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL

As actuacións a desenvolver pola Dirección Xeral de Patrimonio para 2019, estrutúranse en catro liñas principais , segundo o seguinte:

I.- CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E IMPULSO SOCIOECONÓMICO DE ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS.

É preciso dar un pulo aos obxectivos de conservación do Patrimonio Natural e da Biodiversidade nun contexto de desenvolvemento sostible adaptado aos estándares da conservación definidos polos marcos estratéxicos nacionais e internacionais.

Os principais obxectivos establecidos para o ano 2019 seguen a traballar na liña de garantir a protección, conservación e posta en valor dos espazos naturais de maior valor ecolóxico, asegurar o mantemento e a coherencia da Rede Natura 2000, e promover o uso sostible das áreas protexidas, desenvolvendo e afianzando as medidas que inclúe o Plan director da rede natura 2000 de Galicia.

Existe a necesidade de actualizar o escenario normativo da conservación e o desenvolvemento sostible dos espazos naturais e da biodiversidade ás novidades xurídicas estatais e da UE.

Neste marco, as principais accións previstas son:

- Rede Natura

A Rede Natura 2000 resultante do cumprimento da Directiva 92/43/CEE, está composta por 59 Zonas de especial conservación (ZEC), e 16 ZEPA, cunha superficie total de aproximadamente 390.000 ha, o que representa o 12,8% do total do territorio galego.

Debese avanzar en completar os sistemas de áreas protexidas.

Durante o ano 2019 formularase unha proposta de ampliación de LIC co obxecto de tramitar un novo procedemento de designación, o cal suporá a inclusión na Rede Natura 2000 dalgún dos THIC con tipoloxía de turbeira recollidos no anexo I da Directiva 92/43/CEE, que están presentes en Galicia. A dita proposta permitirá a incorporación a esta rede ecolóxica europea das mellores ou as máis singulares representacións de hábitat turbosos existentes en Europa.

Por outra banda durante o ano 2019 continuarase coas inversións non produtivas na Rede Natura 2000 e nos parques naturais de Galicia mediante as dous liñas de axudas que teñen como obxectivo financiar actuacións de diversa índole coa finalidade de acadar a protección, conservación, valorización e mellora ambiental destes espazos.

Igualmente, no eido das axudas para a protección, conservación e valorización do medio natural, durante o ano 2019 implementarase unha nova liña de subvencións que terá como destinatarios aos concellos coa finalidade de realizar inversións dentro de áreas protexidas internacionalmente, como son as Reservas da Biosfera.

Ademais durante o ano 2019, e unha vez sexa rematada a Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia prevista para finais do ano 2018, poderán levarse as actuacións que nesta se prevegan en relación á conectividade e o emprego da natureza como eixo fundamental para a prestación de servizos ecosistémicos.

Por outra banda, e unha vez desenvolvida durante o ano 2018 unha orde de axudas para a substitución de eucaliptos na Rede Natura 2000, no ano 2019 cómpre continuar cos pagos das correspondentes primas de mantemento para os propietarios que accederon a estas axudas.

- A Rede de Parques Naturais de Galicia.

A Rede de Parques Naturais de Galicia configúrase como un sistema integrado e unitario co obxectivo de converter os parques naturais da nosa comunidade autónoma nun modelo de xestión compartida e coordinada e nunha icona da España verde, e de situar a marca "Galicia Natural e Única" como referente en España.

Os Parques Naturais están encamiñados a multiplicar as oportunidades de desenvolvemento económico dos territorios e do seu contorno. É preciso dar relevancia á participación pública a través dos órganos establecidos como son as Xuntas Consultivas.

É preciso tamén dar un pulo á colaboración cos concellos en actuacións de conservación, rexeneración e mellora dos espazos con especial valor dos recursos naturais locais.

O apoio socioeconómico ás áreas de influencia dos parques naturais e da Rede Natura 2000 configúrase como elemento dinamizador do desenvolvemento socioeconómico da poboación residente nas ditas áreas.

Pola súa banda, rematarase coa tramitación dos Plans Reitores de Uso e Xestión de todos os parques, que fora iniciada no ano 2018 e que culminará coa publicación dos decretos de aprobación dos PRUX dos seis parques naturais e do parque nacional marítimo-terrestre.

O actual Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia permitirá mellorar e afianzar o establecido no anterior Programa, prestando especial atención a financiar accións de apoio ao desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia, tanto dos parques naturais como da Rede Natura 2000. Manteranse as subvencións encamiñadas aos investimentos non produtivos. Neste novo marco seguirase a impulsar axudas aos axentes do territorio de cara á mellora da paisaxe; prevención da erosión; o aumento, conservación e restauración da biodiversidade; conservación de elementos patrimoniais, culturais e naturais característicos da paisaxe agraria galega, incluíndo tamén investimentos.

- A xestión do Parque Nacional Marítimo Terrestre de Illas Atlánticas.

Desde o ano 2008 a xestión do Parque Nacional corresponde á Xunta de Galicia. Mellorase a oferta de uso público, a través da creación de infraestrutura, equipamentos e sinalizacións para impulsar o turismo de natureza como actividade xeradora de ingresos e emprego, compatibilizando a conservación dos valores naturais cun uso sostible do medio natural. Por outro lado, levaranse a cabo actuacións que fomenten a protección e conservación das especies e dos hábitats e que incrementen o coñecemento técnico e científico dos elementos de conservación.

Durante o ano 2019 seguirase coa implantación das medidas aprobadas no plan reitor de uso e xestión, principalmente ás relativas ao uso público do espazo co control do acceso co novo sistema de autorizacións vía web e a instauración dun cupo de visitantes na illa de Ons.

- A planificación dos espazos naturais.

Seguirase a traballar no desenvolvemento das medidas que contempla o Plan Director da Rede Natura 2000, aprobado no 2014. Neste contexto, determinarase o estado de con-

servación dos hábitats de interese comunitario para desenvolver medidas de conservación adecuadas e abordar protocolos de seguimento .

É necesario continuar co planeamento dos recursos naturais, con especial énfase nos plans reitores de uso e xestión dos parques naturais, elaborados en 2018; así como dos plans de xestión de determinados espazos protexidos, que polas súas especiais características, deban contar con instrumentos concretos de planificación. Neste sentido durante o ano 2018 iniciáronse as tramitacións dos instrumentos de planificación dos monumentos naturais de Fraga de Catasós, Souto da Retorta e Pena Comeira que serán aprobados definitivamente durante o ano 2019, e durante ese mesmo ano, unha vez rematados os trámites anteriores, iniciaranse os traballos correspondentes para a planificación das paisaxes naturais protexidas. Con estas actuacións finalizaremos o ano 2019 coa planificación de preto do 100% da superficie natural protexida.

Por outra banda seguirase a potenciar a promoción e posta en valor do patrimonio natural de Galicia identificando as súas iconas ambientais como son espazos imán do noso patrimonio natural a través da marca Galicia Natural e Única.

É preciso potenciar e poñer en valor todos e cada un dos espazos protexidos de Galicia, destacando as súas singularidades como un xeito de convertelos en referentes medioambientais, ao mesmo tempo que actúan como factores de dinamización socioeconómica das súas áreas de influencia.

- Rede de Reservas da Biosfera de Galicia

A concepción actual das Reservas da Biosfera vai máis alá dos espazos protexidos sendo unha ferramenta que vincula a conservación da biodiversidade co desenvolvemento socioeconómico para o benestar da humanidade. No escenario actual, as Reservas da Biosfera son xurisdición das comunidades autónomas nas que se localizan, que adoptarán as medidas necesarias para mellorar o seu funcionamento. Os obxectivos e directrices aparecen recollidos nos art. 65, 66, 67 da Lei 42, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Galicia conta con seis Reservas da Biosfera, das cales unha esténdese por dúas comunidades autónomas e outra é transfronteiriza.

A Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, creada no ano 2017, pon en valor estes espazos protexidos internacionalmente.

Débase avanzar na xestión desta rede, co obxectivo de fornecer o desenvolvemento sustentable destes territorios e á mellora do benestar da poboación que reside neles. Ademais debe potenciarse a rede como unha canle que permita promover o coñecemento e difusión dos valores das Reservas da Biosfera de Galicia, a través de actuacións de educación, posta en valor e dinamización destes espazos..

Neste sentido o decreto 95/2017, do 21 de setembro, creou a Rede de reservas da biosfera de Galicia, e na súa disposición derradeira primeira preveu que a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia dispuxera dun órgano colexiado de xestión. Polo tanto durante o ano 2019 xa estará aprobada unha nova disposición para a creación e regulación dun órgano de

coordinación desta rede que comezará a súa andadura, durante o ano 2019, exercendo as súas funcións propias como órgano colexiado de asesoramento e coordinación.

Así mesmo, no exercicio 2019 presentarase a candidatura ante a UNESCO para a declaración da Ribeira Sacra como reserva da biosfera, cuos trámites foron iniciados durante 2018.

2. CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE

As accións para a conservación da biodiversidade encádranse no contexto normativo derivado da Lei 42/2007 de conservacións do patrimonio natural e da biodiversidade, que ten por obxecto “a conservación do medio natural e os seus recursos, así como a xestión sostible dos espazos naturais e a flora e fauna silvestres, ademais da xea, da Comunidade Autónoma de Galicia”, que se inspira nos principios da estratexia galega para a conservación e o uso sostible da biodiversidade: información, formación, participación e coordinación.

Efectuaranse distintas accións encamiñadas á adecuada protección e conservación das especies de flora e fauna silvestres, especialmente daquelas incluídas no catálogo galego de especies ameazadas. Así mesmo, continuarase coas accións necesarias para garantir a correcta aplicación das directivas comunitarias “hábitats” e “aves”, orientadas ao mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats e das especies.

- O Programa Interreg V-A ESPAÑA- PORTUGAL (POCTEP) 2014-2020 é a consecuencia directa da favorable experiencia que desde 1989 supuxo a cooperación na liña fronteiriza entre ámbolos dous países, que permitiu e que pretende continuar avanzando na mellora da calidade de vida dos habitantes do Espazo de Cooperación. Neste marco, aprobáronse dous proxectos: POCTEP GERÊS_XURÉS DINÁMICO e MIGRA MIÑO-MINHO, cuxa programación de actuacións se iniciará na presente anualidade e que se implementarán con outras accións programadas para os exercicios 2019 e 2020:

- POCTEP GERÊS_XURÉS_DINÁMICO: dinamización conxunta da Reserva da Biosfera Transfronteira Gerês-Xurés.

O principal obxectivo de GERÊS_XURÉS_DINÁMICO é fortalecer a entidade e identidade propia da Reserva da Biosfera Transfronteira Gerês-Xurés (RBTGX) mediante o fomento da participación activa dos actores do territorio, a promoción do seu desenvolvemento económico e turístico sustentable e a protección e conservación do seu patrimonio natural e cultural.

- POCTEP MIGRA MIÑO-MINHO: protección e conservación de peixes migradores no tramo internacional.

MIGRA MIÑO - MINHO busca mellorar a protección e conservación do hábitat fluvial da subbacía do tramo internacional do río Miño desde o encoro de Freira ata a súa desembocadura con actuacións de mellora do estado de conservación das canles fluviais e das especies de peixes migradores presentes no río Miño e os seus afluentes tributarios. Encaixa co eixo 3 e a prioridade de investimento 6D xa que mellora a protección e a

xestión sustentable dun espazo natural de fronteira de alto valor ecolóxico e que conta con espazos da Rede Natura 2000.

- Proxecto Life Oso -Caurel

Financiado por fondos do proxecto medioambiental europeo LIFE e da CMOT, durante 2019 continuarase coa posta en marcha dunha serie de medidas cuxo obxectivo é diminuír os posibles danos e conflitos na zona ocasionados pola presenza do oso, complementándose así mesmo cun estudo dos seus asentamentos e hábitats. Así, para alcanzar este reto, será necesario mellorar a conectividade e a calidade dos espazos nos que vive o oso, especialmente, en zonas de interese, así como continuar coa mellora do coñecemento por parte dos actores sociais, o que redundará unha maior aceptación social.

- Plans de conservación de especies ameazadas

O programa de conservación de especies ameazadas ten por finalidade acadar a supervivencia sostida a longo prazo no medio silvestre das especies de plantas e de animais que pola evolución das súas poboacións se atopan actualmente baixo ameaza de extinción na nosa comunidade autónoma.

Durante o ano 2019 prevese continuar coa tramitación de novos plans de conservación e recuperación de especies ameazadas así como co seguimento coa revisión de plans xa aprobados.

Como complemento a estas accións, durante o exercicio 2019 está previsto rematar e implementar a aplicación práctica da ferramenta informática desenvolvida durante 2018 (aplicación BIOS), como apoio para a xestión de xeito integrado da información dispoñible sobre a localización e distribución en Galicia das especies de flora e fauna silvestres de interese para a conservación en Galicia, co fin de dispoñer da información actualizada no seguimento do estado de conservación destas especies e dos seus hábitats.

- Control de especies exóticas invasoras

A introdución de especies animais ou vexetais exóticas con comportamento invasor está considerada como a segunda causa de extinción de especies e o segundo problema ambiental, por orde de magnitude. Esta problemática atinxe enormes danos económicos en sectores relevantes como a agricultura, a pesca, o sector forestal.

Continuarase co desenvolvemento de medidas encamiñadas á erradicación ou ao control destas poboacións, así como a metodoloxía de avaliación de riscos destas especies, priorizando as actuacións de acordo coa análise de riscos e o Plan estratéxico galego de xestión das especies exóticas invasoras.

É preciso avanzar así mesmo no desenvolvemento de plans de divulgación, detección temperá e actuación rápida fronte as especies que supoñen na actualidade un elevado risco, como é o caso da Reynoutria japónica, Cortaderia selloana ou especies animais como o mapache ou o visón americano.

- Protección de árbores senlleiras

Con independencia das medidas establecidas para a protección de especies ou unidades taxonómicas como tales, a conservación da nosa biodiversidade vexetal pasa tamén pola protección de aqueles valores naturais, culturais, científicos, didácticos, estéticos ou paisaxísticos. Estes exemplares senlleiros representan un valioso legado e un valor natural na medida de que se trata de exemplares que subsistiron aos rigores dos tempos ou que contan cunhas particularidades especiais. Esta liña de conservación excede no seu ámbito de acción do campo estritamente biolóxico, ao incorporar o valor antropolóxico dende o punto de vista da estética e a sensibilidade do pobo ao seu entorno. O Decreto 67/2007 do 22 de marzo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, prevé a inclusión destas árbores e formacións singulares coa finalidade de protexelos de posibles riscos e ameazas, garantindo a súa conservación.

Durante o exercicio 2019 prevese rematar coa revisión do estado de conservación e de saúde dos exemplares e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras, co obxecto de actualizar o citado Catálogo e fomentar a súa difusión ao público en xeral, promovendo deste xeito a súa conservación e preservación, cun enfoque participativo.

Así mesmo está previsto avanzar na promoción e posta en valor das nosas árbores senlleiras, mediante a creación de rutas integradas que enriquezan e poñan en valor este importante patrimonio natural galego, facendo compatible a promoción turística coa conservación do medio.

- Rede galega de centros de recuperación de fauna silvestre

As actuacións vinculadas coa recuperación da fauna silvestre desenvolvidas nos centros de recuperación de fauna dependentes da CMAOT están directamente relacionadas coas medidas incluídas no Plan Director e constitúen a información base imprescindible para a adopción das medidas pertinentes para paliar as ameazas ou perturbacións sobre estas especies, tal e como se formula no citado instrumento de planificación.

Así mesmo, a reintrodución no medio natural das especies obxecto de recuperación contribúe de maneira transversal á mellora do estado de conservación do patrimonio natural a través do enriquecemento e mellora da propia biodiversidade.

É preciso polo tanto seguir na liña de traballo establecida nos catro centros de recuperación de fauna cos que conta a comunidade autónoma, pola labor que se está a facer de recuperar especies e a súa contribución á preservación e conservación global da nosa biodiversidade. Durante 2019 completárase a segunda fase de construción das instalacións e equipamentos necesarios do novo centro de recuperación construído durante 2018 na provincia de Pontevedra (no concello de Cotobade), optimizando deste xeito recursos destinados pola administración a través dun funcionamento integrado. Traballárase así mesmo no desenvolvemento e adecuación dos outros tres centros de recuperación de fauna, harmonizando a súa xestión e tendendo á súa especialización e dando cumprimento deste xeito ao principio de eficacia na xestión por parte da administración pública.

- Protección animais de compañía

O obxectivo deste programa trata de mellorar a protección e o benestar dos animais de compañía en Galicia. A posta en marcha da Lei 4/2017 de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia supón un reto no desenvolvemento de actividades específicas e medidas encamiñadas á protección efectiva dos animais e contra o maltrato. Seguirase a favorecer a participación das entidades protectoras de animais mediante un marco de apoio para institucións e ONG, o apoio aos concellos na proteccións de animais domésticos e en xeral a educación e sensibilización da poboación galega ante este grave problema, así como no desenvolvemento de campañas específicas de promoción da adopción de animais abandonados

3. DIVULGACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO NATURAL DE GALICIA

Constitúe un eixo fundamental cuxo obxectivo pretende por unha parte transmitir á sociedade a transcendencia da conservación da natureza para o seu benestar social e para o desenvolvemento sostible e por outra contribuír activamente ao panorama internacional en materia de áreas protexidas.

É esencial que a sociedade coñeza e recoñeza os beneficios que as áreas protexidas proporcionan ao benestar e a saúde da poboación presente e futura.

É preciso comunicar estes beneficios o que permitirá un maior apoio aos esforzos de conservación.

Seguirase a traballar para trazar e afianzar vías de comunicación adecuadas para chegar ao público e mellorar a percepción social das áreas protexidas e dos compoñentes da biodiversidade. Melloras na rede de centros de visitantes dos parques, a atención educativa, o fomento das visitas guiadas, a investigación e a divulgación dos valores naturais que os espazos protexidos atesouran, así como o desenvolvemento de actuacións de colaboración e cooperación no ámbito da educación e de voluntariado ambiental.

4. OS RECURSOS CINEXÉTICOS E PISCÍCOLAS

A promoción, defensa e protección dos valores biolóxicos que ten o medio acuático continental constitúe un dos máis importantes valores que ten encomendada a Dirección Xeral de Patrimonio Natural. Nesa procura, está a desenvolver un amplo e variado programa de actuacións a prol das especies que habitan este medio natural, que van dende a mellora do hábitat no que se desenvolven, o reforzamento das súas poboacións, o seguimento sanitario, tanto das poboacións silvestres como as que son obxecto de cultivo, ata a axeitada xestión do seu aproveitamento. Nesta liña, durante 2019 continuarase a traballar na recompilación e análise da información existente sobre diferentes aspectos da realidade ambiental, social e económica dos ecosistemas fluviais galegos co fin de establecer unhas directrices básicas que se poidan

materializar nun documento marco ou plan director, de acordo coas competencias atribuídas á administración autonómica nesta materia. Neste marco, o Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia, órgano de asesoramento posto en marcha en 2018 para poñer en valor o patrimonio natural-ambiental das concas fluviais da comunidade, servirá de ferramenta para abordar dun modo transversal e interdisciplinar a obtención de información periódica e pormenorizada sobre o estado dos ríos galegos.

En canto á actividade cinexética, seguirase apostando polo seu carácter social e polo seu papel como instrumento indispensable para a xestión das poboacións silvestres, posibilitando un equilibrio que faga factible o desenvolvemento de todas as especies que conviven no mesmo medio. A fonda transformación do monte galego imponlle á Administración galega un esforzo intenso para procurar o mantemento de especies que sofren unha diminución moi grave das condicións do seu hábitat tradicional, namentres que outras máis favorecidas polo cambio, medran de xeito exponencial poñendo en perigo os equilibrios naturais.

A actuación administrativa neste eido, oriéntase no designio de contemplar estas dúas actividades como ferramentas de primeira orde para o desenvolvemento económico de amplas zonas do noso territorio, porque poden aportar unha axuda importante, para evitar a despoboación e o abandono do rural galego.

- No caso do Recursos Cinexéticos, continuarase coas liñas de colaboración co sector e coas súas entidades máis representativas, incidindo nas labores de información e concienciación para acadar un aproveitamento mais sostible destes recursos.

Durante 2019 avanzarse no estudo previo necesario para a redacción dos plans de ordenación cinexéticas de determinadas zonas libres de caza cuxa xestión depende da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, que servirá para a planificación e xestión adecuada destas zonas como áreas de conservación da vida silvestre. Así mesmo, seguirase a traballar no texto de desenvolvemento da lei de caza vixente en Galicia, para o que se buscará o maior consenso entre os sectores afectados que permita a necesaria implementación de accións necesarias nesta materia.

Avanzarase tamén na divulgación sobre as medidas preventivas encamiñadas a minorar os danos e impacto das especies cinexéticas sobre os cultivos e/ou as explotacións gandeiras, e, no relativo ás medidas paliativas sobre estes danos, continuarase coa liña específica de axudas fronte os danos ocasionados polo lobo. Seguirase así mesmo traballando na implementación das medidas incluídas no Plan de xestión do xabarl, en coordinación cos principais sectores afectados, dando continuidade á estratexia nesta materia implantada polo goberno en relación con esta especie.

Seguirase a potenciar a actividade cinexética como instrumento de desenvolvemento rural, pola súa particular virtualidade para xerar recursos, precisamente nos lugares nos que resulta máis necesaria, para fixar poboacións e xerar riqueza e emprego.

- No relativo aos Recursos Piscícolas, seguirase traballando no coñecemento e na investigación do estado poboacional de diversas especies piscícolas e do seu estado sanitario, así como do seu hábitat, para mellorar as condicións do medio e procurar o incremento das súas poboacións naturais.

Así mesmo, seguirase a traballar na elaboración dos instrumentos básicos para a mellora da xestión dos recursos piscícolas e traballarase na elaboración dun documento ou Plan marco para a xestión destes recursos nas bacías galegas.

Seguirase a traballar da man das asociacións de pescadores, na formación e divulgación dos valores naturais dos nosos ríos, continuando coa liña de convenios de colaboración establecidos durante estes anos coas entidades colaboradoras de pesca fluvial e coa colaboración coas entidades máis representativas dentro deste sector.

Seguindo as directrices europeas, esta consellería ten posto en marcha un plan de xestión para a anguía. Durante 2019 teranse en conta as conclusións da post-avaliación do citado plan acadadas en 2018 e continuarase coas tarefas de seguimento e incremento de coñecemento sobre esta especie, abordando de ser necesario, os cambios normativos que se estipulen en Europa para garantir a súa supervivencia.

Vaise continuar co seguimento, levado a cabo nestes últimos anos, de especies singularmente importantes e sobre as que convén facer un esforzo de conservación, polo seu valor biolóxico. Avanzarase así mesmo durante 2019 na tramitación dunha nova lei de pesca fluvial, que permita incorporar a esta actividade sostible á xente nova, para garantir o necesario relevo xeracional.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

- a) A materialización e posta en práctica da política territorial e de utilización racional do solo coa finalidade de favorecer o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio; contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación e protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos, e o exercicio das funcións que a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, lle atribúe á persoa titular do centro directivo competente en materia de urbanismo.
- b) O fomento da formación, da investigación e a elaboración e da participación cidadá na formulación, tramitación e xestión do planeamento territorial e urbanístico. A divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo. O seguimento e control da actividade urbanística, sen prexuízo das competencias dos municipios.
- c) A elaboración de proxectos e anteprojectos de disposicións normativas en materia de urbanismo.
- d) A preparación de informes que, conforme a lexislación de carácter sectorial, lle corresponda emitir ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

- e) A análise e proposta de informe dos expedientes de solicitude de autorización de execución de grandes establecementos comerciais sobre a súa adaptación ao planeamento vixente e en tramitación, para a posta en coñecemento da súa viabilidade á Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais.
- f) A realización de apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico, a súa xestión e execución e o seu seguimento, arquivo e rexistro, mediante un plan de axudas públicas.
- g) Execución dun programa de axudas económicas e de asesoramento técnico encamiñadas a materialización do Planeamento Urbanístico Municipal, coa finalidade de facilitar a elaboración e tramitación dos plans de ordenación municipal e polo tanto, o desenvolvemento sostible do noso territorio.
- h) A realización de actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Realizaranse unha serie de actuacións en materia de equipamentos e contornos urbanos en colaboración cos concellos de Galicia, como elementos revitalizadores do territorio e do reequilibrio territorial, co fin de contribuír ao desenvolvemento local desas zonas e poñer a disposición dos seus habitantes os valores de ditos espazos. Trátase de preservar, conservar e/ou transformar, segundo ao caso, determinadas espazos urbanos, a través de medidas puntuais e específicas para cada zona para a creación de riqueza e, en consecuencia, contribúan a unha maior calidade de vida dos seus cidadáns. As actuacións realizaranse coa colaboración dos concellos, xa que son as administracións máis próximas ao territorio e aos cidadáns, mediante o desenvolvemento dos programas de equipamentos públicos, de humanización de rúas e de urbanización e mellora de espazos públicos, para dar cobertura ás necesidades da cidadanía.

O obxectivo é que, ata o ano 2019, o 65 % de concellos de Galicia sexan beneficiarios dunha axuda.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET)

Os obxectivos, liñas de acción e actuacións básicas do Instituto de Estudos do Territorio para o ano 2019 son:

I. Planificación da paisaxe

- Continuarase co desenvolvemento dos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe establecidos na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia: Directrices de paisaxe de Galicia, unha vez rematada a súa redacción, continuarase coa súa tramitación ata a súa aprobación polo consello da Xunta de Galicia.

- Desenvolveranse normativamente outros aspectos da Lei 7/2008, en concreto continuarase coa tramitación do regulamento da lei para a súa aprobación en 2019.
- Elaboraranse novas guías de boas prácticas e integración paisaxística dentro da colección Paisaxe Galega. En concreto, publicarase a Guía para a elaboración de estudos da paisaxe urbana, e continuarase a elaboración da Guía para a intervención en espazos públicos e da Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas.
- Aprobaranse os primeiros Pactos pola paisaxe.
- Continuarase coa elaboración de dous estudos de mellora e integración paisaxística no núcleo de Castromaior (Portomarín) e no lugar da Estibada (Arteixo-A Coruña). Estes estudos servirán de base para o posterior desenvolvemento dos primeiros Plans de acción da paisaxe, regulados pola Lei de protección da paisaxe de Galicia.
- Iniciarase a actividade do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.
- Continuarase coa difusión da Rede de Itinerarios de Interese Paisaxístico de Galicia.
- Procederase á identificación e delimitación de ámbitos de especial atención paisaxística (ámbitos degradados) para proceder á realización de Plans de acción da paisaxe.
- Crearase o Premio Paisaxe Galega para o recoñecemento das boas prácticas paisaxísticas dos diferentes sectores da sociedade.
- Continuarase coa tramitación de expedientes e informes en materia da paisaxe. Estes expedientes inclúen os informes en materia de paisaxe vinculantes para os instrumentos de ordenación do territorio, os informes de integración paisaxística previstos no artigo 51 do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia e aqueles que se emiten en contestación ás consultas sectoriais formuladas dentro dos procedementos de avaliación de impacto ambiental de proxectos e avaliación ambiental estratéxica.
- Continuarase coa difusión da Guía de cor e materiais de Galicia.
- Dentro do Plan de Formación e Divulgación, continuarase co programa Paisaxe e Sustentabilidade do Plan Proxecta, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Continuaranse realizando actividades de divulgación e sensibilización da poboación sobre a paisaxe.

2. Estudos do territorio

- Continuarase co desenvolvemento da Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia e do Sistema de Infraestrutura Verde da Área da Coruña.
- Continuarase coa execución do Plan de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e da Sustentabilidade Territorial, de acordo co disposto no Decreto 176/2013, do 21 de novembro, para a elaboración do Informe e a Memoria correspondentes ao ano 2018.

- Participarase en proxectos europeos sobre infraestrutura verde e paisaxe, tanto no desenvolvemento dos xa concedidos (BioGov, aprobado no ámbito do programa Interreg Europe) como na elaboración de novas propostas.

3. Cartografía e información xeográfica

- Continuarase a colaboración co Instituto Geográfico Nacional para a produción e intercambio de información xeográfica e territorial e para a elaboración de do Sistema de Información sobre Ocupación del Solo de España (SIOSE). Continuarase coa actualización da cartografía básica e da Información Xeográfica de Referencia: rede hidrográfica, rede de transporte e Poboacións. Participarase tamén no Plan Nacional de Teledetección para a utilización de imaxes de satélite na actualización das bases de datos cartográficas.
- Continuarase cos traballos correspondentes ao Plan Nacional de Ortofotografía Aérea 10 (PNOA10) para a obtención de fotografías áreas de alta resolución espacial das áreas urbanas de Galicia.
- Elaborarase nova cartografía de alta resolución para os concellos costeiros de Galicia dentro do proxecto Adapta PIMA. Esta cartografía incluírá: unha base de datos xeográfica sobre a ocupación do solo a escala de parcela, información sobre as unidades ambientais de parte do ámbito costeiro de Galicia e información xeográfica actualizada e mellorada sobre as edificacións, estradas e camiños dos concellos costeiros.
- Continuarase coa xestión da Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG). Integrarase na IDEG nova información correspondente ás fotografías aéreas históricas obtidas polos voos interministeriais anteriores ao ano 1986.
- Continuarase coa xestión do Sistema de Información Xeográfica Corporativo (SIXC) e levarase a cabo a administración, secretaría e as labores técnicas dos grupos de traballo da Comisión de Coordinación de SIX e Cartografía (CCSIXC).
- Elaborarase o Plan galego de cartografía e información xeográfica e poranse en funcionamento o Rexistro de Cartografía e a Cartoteca, todos eles regulados no Regulamento de ordenación da actividade cartográfica de Galicia
- Continuarase coa actualización e mellora do Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia (SIOTUGA).
- Continuarase coa execución do proxecto europeo.
- Continuaranse as tarefas de asesoramento técnico á Axencia Galega de Innovación (GAIN) na CIVIL UAVs INICIATIVE, en concreto as relativas a "Terra 1", "Terra 2" e "Terra 3".
- Colaborarase coa Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a elaboración de Plans básicos municipais e para a actualización do Plan Básico Autonómico.
- Continuarase prestando asesoramento e apoio ao resto dos organismos en todas aquelas materias nas que o IET é competente, en especial á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS)

O Instituto Galego de Vivenda e Solo, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, é o organismo autónomo ao que lle corresponde a realización da política do solo e vivenda da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e axeitada, e unha utilización do solo acorde co interese xeral, erradicando a especulación e actuando como elemento regulador do mercado inmobiliario e de mellora da calidade medioambiental.

Segundo o Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro de 2016 polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo queda adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda como organismo autónomo, que, de acordo co Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo, lle corresponde a realización das políticas de vivenda e solo, coa finalidade de acadar os obxectivos previstos na Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e no marco dos principios reitores contidos no artigo 47 da Constitución española.

Os créditos que o proxecto de orzamentos pon a disposición do Instituto Galego da Vivenda e Solo destínanse a exercer as competencias e funcións descritas anteriormente.

Pola súa especial incidencia, pódense destacar os seguintes obxectivos e liñas de acción:

- Impulsarase a creación de solo produtivo ordenadamente, de acordo cos plans e programas vixentes, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Posta a disposición deste solo nas condicións mais favorables posibles, co obxecto de facilitar a implantación de actividades económicas xeradoras de emprego na nosa comunidade autónoma.
- Impulsarase o desenvolvemento de solo residencial, con destino preferente á construción de vivendas protexidas, de acordo cos datos do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, destacando especialmente as actuacións en San Paio de Navia-Vigo e na cidade da Coruña.
- Impulsarase a construción de vivenda de promoción pública, iniciando novas vivendas onde o número de demandantes é maior, en calquera das modalidades previstas na Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Continuarase coa reparación do parque de vivendas de promoción pública, mediante accións directas e medidas de fomento con axudas ás comunidades de propietarios, permitindo así a diminución da acción directa do organismo na reparación dos grupos de vivendas pola acción de fomento, garantindo a implicación dos usuarios das vivendas.
- Fomentarase a reconstrución e rehabilitación de vivendas e a corrección de impactos nas edificacións actuais, e a adquisición e a rehabilitación de edificios e vivendas en conxuntos históricos das cidades galegas a través do programa Rexurbe.
- En consonancia coas 12 medidas emprendidas pola Xunta de Galicia para facer fronte aos desafuzamentos, e en defensa do dereito á vivenda, potenciarase a intervención de-

cidida da Administración pública mediante axudas para inquilinos, con especial incidencia nos sectores sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social. Mantéñense as adxudicacións directas de vivendas no marco do programa de realoxamento para as persoas afectadas por execucións hipotecarias, engadíndose as vivendas postas a disposición do IGVS pola SAREB e polas entidades financeiras coas que se subscribiron convenios de colaboración ao efecto, e as que se poidan adherir a estes convenios no futuro.

- Seguindo coas 12 medidas, impulsarase a política social en materia de vivenda mediante o Programa de Realoxamento de Afectados por Execucións Hipotecarias posto en marcha no ano 2012, consistente en proporcionar aloxamento ás persoas que perderan a súa única vivenda debido a un procedemento de execución hipotecaria e os seus ingresos non superen 2,5 veces o IPREM, así como do Programa de Bono de Alugueiro Social destinado ás persoas incurso nun procedemento xudicial de desafiuzamento por impago da renda de alugueiro da vivenda que ocupen como domicilio habitual e permanente e a outros colectivos cunha especial necesidade. Este programa complementábase tamén co programa de vivendas baleiras en colaboración cos concellos, para posibilitar a posta no mercado de vivendas baleiras para ser destinadas a colectivos cunha maior necesidade de vivenda. O programa de vivendas baleiras vese reforzado á súa vez co programa rehaluga, que busca incentivar a incorporación de vivendas ao programa de vivendas baleiras a través dunha liña de axudas para que os propietarios acondicionen as súas vivendas para alugalas no marco do programa.
- Fomentarase o acceso a vivenda en réxime de alugueiro mediante axudas a inquilinos con especial atención aos menores de 35 anos e co apoio a promoción de vivenda en alugueiro e as vivendas para maiores e persoas con discapacidade.
- Dentro das actuacións previstas no Plan RehaVita (Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020), impulsaranse medidas para facilitar o acceso ao financiamento da adquisición de vivendas, en aras a facilitar o acceso á primeira vivenda de calidade a aqueles colectivos de ingresos medios e baixos e aqueloutros con especiais dificultades polas súas circunstancias persoais.
- Fomentarase a rehabilitación e a rexeneración e renovación urbana en Galicia, seguindo as directrices do citado Plan RehaVita, co obxectivo de potenciar a recuperación do patrimonio construído da comunidade autónoma, mediante as axudas para a rehabilitación de calidade de vivendas tanto nas áreas de rehabilitación integral como en outros ámbitos urbanos ou rurais. Facilitase ademais o acceso ao financiamento dos particulares para a realización de actuacións de rehabilitación a través das axudas para a subsidiación de xuros de préstamos de rehabilitación (en función dos ingresos das persoas promotoras das actuacións de rehabilitación). Continúa tamén a implantación do programa Rexurbe, que nace da concienciación da necesidade de recuperar e potenciar o noso patrimonio construído, con especial incidencia nos barrios históricos de Galicia que dispoñan da declaración de Ben de Interese Cultural (BIC). Neste sentido, continuarase coa liña emprendida no 2018 polo organismo a través dunha oferta pública de adquisición de inmobles para a súa rehabilitación.

- Merece especial consideración o novo marco xurídico da rehabilitación, rexeneración e renovación urbana que se está a impulsar pola Xunta de Galicia a través da primeira lei galega nestas materias que nace cos seguintes obxectivos:
 - Simplificar as tramitacións administrativas necesarias para a realización das actuacións de rehabilitación edificatoria e rexeneración e renovación urbanas.
 - Promover a coordinación entre administracións e lograr unha maior implicación de todas elas na recuperación de ámbitos moi deteriorados.
 - Impulsar a participación pública e privada nas actuacións de rexeneración e renovación de ámbitos urbanos ou rurais en estado de abandono, para que sexa atractivo vivir nestas áreas.
 - Pór ao mesmo nivel de importancia a protección do patrimonio cultural como a calidade de vida dos residentes e habitabilidade das vivendas.
 - Garantir a planificación e a cualificación técnica nas intervencións.
 - Conseguir que os ámbitos rehabilitados ou rexenerados sexan un motor de desenvolvemento para o seu contorno, que xeren por si mesmos actividade económica e emprego.
- Apóstase pola accesibilidade mediante axudas para a instalación de novos ascensores en edificios residenciais colectivos e tamén en vivendas unifamiliares e vivendas tipo dúplex. Tamén serán aplicables para a instalación de elevadores, salvaescaleiras e outros dispositivos que faciliten a accesibilidade entre os diferentes andares da edificación.
- Fomentarse a intervención no parque residencial construído co obxecto de mellorar a súa eficiencia enerxética e sustentabilidade ambiental.
- Para impulsar e facilitar as actuacións nesta materia acometidas polos concellos mantéñense diferentes liñas de apoio as intervencións municipais. Así, os concellos de menos de 10.000 habitantes poderán solicitar axudas para mellorar a habitabilidade de vivendas da súa titularidade ou de particulares con poucos ingresos, os de menos de 20.000 habitantes poderán optar as axudas para a rehabilitación de vivendas da súa titularidade para destinalas a alugueiro social.

Preténdese, polo tanto, impulsar medidas para contribuír a mellorar a calidade de vida aproveitando as edificacións existentes, reducindo as necesidades de ocupación de territorio e garantindo as condicións de habitabilidade das vivendas.

Ademais, de este xeito, estase a fomentar a cultura da rehabilitación, entendendo esta como a crenza por parte da cidadanía de que, efectivamente, a recuperación e conservación das vivendas e dos seus entornos é unha necesidade persoal e colectiva e que ademais produce importantes retornos ao conxunto da sociedade.

II.3. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (APLU)

Para a fixación das principais liñas de acción para o período 2019 da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística tivéronse en conta 3 premisas fundamentais:

- a) A recente e cada vez maior preocupación social pola materia urbanística e, mais en concreto, pola disciplina e potestade sancionadora neste eido. Non pode esquecerse que nos últimos anos desenvolvéronse ao longo da xeografía española actuacións xudiciais e policiais que puxeron en evidencia a existencia de numerosos ilícitos urbanísticos.
- b) A crecente importancia das políticas de ordenación do territorio e de protección do medio ambiente.
- c) A relación existente entre as competencias autonómicas e locais nesta materia, que esixe o exercicio coordinado do conxunto de potestades integradoras da mesma para un axeitado exercicio da competencia urbanística.

Sentado o anterior, o primeiro a destacar é que o obxectivo xenérico desta axencia céntrase principalmente en mellorar a vixilancia e inspección do territorio e a protección do litoral para velar polo cumprimento da legalidade urbanística. Partindo deste obxectivo xenérico as accións concretas a realizar son:

- A prevención e persecución das infraccións urbanísticas e de costas, mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia e inspección do territorio para detectar obras en execución sen licenza municipal ou autorización autonómica; outorgar ao persoal formación especializada para mellorar a calidade e eficacia da disciplina urbanística, facilitando a súa participación en conferencias e cursos; a promoción de investigacións para determinar os feitos e identificar aos presuntos responsables da comisión de infraccións graves ou moi graves; a paralización e/ou incoación prioritaria e urxente de expedientes de reposición da legalidade de obras en curso de execución sen licenza municipal ou autorización autonómicas preceptivas e cuxo prazo de caducidade estea próximo a cumprirse; a imposición de multas coercitivas no caso de incumprimento voluntario da orde de demolición ou a súa execución subsidiaria transcorrido un ano dende a súa executividade.
- A consecución da máxima coordinación, colaboración e participación dos concellos para a consecución de óptimos resultados no eido do urbanismo, mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia do cumprimento por parte dos concellos do seu deber de revisar licencias contrarias ao ordenamento xurídico; dar a coñecer a actividade e as funcións da axencia aos concellos galegos non adheridos á mesma ou o asesoramento aos concellos na interpretación da normativa urbanística.

E que, en última instancia, toda a actuación da Administración pública diríxese á protección do benestar dos cidadáns e, en materia urbanística, esta finalidade última da actividade administrativa maniféstase na promoción do seu dereito a un medio urbano e rural axeitado para o desenvolvemento da persoa, consonte ao disposto no artigo 45 da Constitución Española de 1978, na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

II.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA (SOGAMA)

A Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) é unha empresa pública autonómica, participada no 51% pola Xunta de Galicia e no 49% por Gas Natural Fenosa Renovables, S.L.U., cuxo cometido se centra na xestión e tratamento dos residuos urbanos producidos na meirande parte do territorio galego conforme á orde xerárquica establecida pola Unión Europea, isto é, fomentando a prevención, a preparación para a reutilización e a reciclaxe, que complementa coa valorización enerxética da fracción non reciclable, relegando o vertido a último lugar polo seu negativo impacto sobre a contoma e a saúde pública.

Neste escenario, as súas liñas de acción orientanse a:

- Impulsar o modelo de desenvolvemento definido pola economía circular, sendo a súa máxima transformar os residuos en recursos, ben a través da reciclaxe ou ben, cando esta non sexa viable, a través da recuperación da enerxía contida no lixo non reciclable, operación que leva a cabo coas máximas garantías para a protección da contoma e a saúde pública.
- Contribuír á formación, concienciación e sensibilización ambiental da poboación galega, dando traslado das boas prácticas na xestión sostible do lixo (consumo responsable, redución, reutilización e reciclaxe).
- Promover a compostaxe da materia orgánica contida nos residuos urbanos, tanto no ámbito doméstico coma no industrial. No primeiro caso, cabe sinalar que a empresa xa puxo en marcha programas de autocompostaxe en 240 entidades (concellos, centros escolares e colectivos sociais), tendo repartido máis de 8.000 composteiros. Así mesmo, construíu unha planta de compostaxe no vertedoiro de residuos non perigosos, con capacidade para 15.000 toneladas anuais, que porá en marcha para atender aos municipios máis próximos.
- Participar en proxectos de innovación tecnolóxica ambiental que contribúan a transitar desde unha economía lineal a unha circular.
- Fomentar o transporte sostible para os residuos urbanos, dando preferencia ao ferrocarril por ser un medio máis eficiente, fiable, respectuoso co medio ambiente e con menor incidencia a nivel de molestias cidadás.
- Colaborar co eido universitario a través da docencia en masters e cursos de postgrao vencellados ao medio ambiente en xeral e á xestión e tratamento dos residuos urbanos en particular.

- Ampliar o complexo medioambiental de Cerceda co obxectivo de incrementar a súa capacidade ata 1 millón de toneladas/ano, garantindo deste xeito o tratamento óptimo dos residuos producidos polos 294 concellos adheridos ao seu modelo. Esta ampliación, que estará culminada ao longo do ano 2019, permitirá á compañía cuadruplicar as súas taxas de reciclado e diminuír o vertido ata o 10%, obxectivo establecido pola Unión Europea para o ano 2035, adiantándose Sogama ao seu cumprimento con 15 anos de antelación.

XESTION DO SOLO DE GALICIA -XESTUR SA-

Xestión do Solo de Galicia -Xestur SA- é unha sociedade anónima constituída para a realización de actividades urbanísticas no territorio de Galicia. O seu obxecto social está constituído pola realización das actividades dirixidas á promoción e xestión de solo empresarial, residencial e construción de edificacións na comunidade autónoma.

O desenvolvemento destas actividades ten como finalidade garantir a utilización do solo de acordo co interese xeral e dotar á comunidade autónoma de solo suficiente para a localización de industrias e a implantación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento socioeconómico e a promoción de emprego, así como de solo para a construción de vivendas dignas e adecuadas, especialmente aos sectores con menos capacidade económica.

A sociedade ten a consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para que, no exercicio dos seus fins sociais e no marco da axenda galega de competitividade industrial, realice as actividades dirixidas á promoción e xestión do solo empresarial para o fomento do emprendemento, do desenvolvemento socioeconómico e da promoción do emprego.

Xestur SA realiza dous tipos de actuacións, unha como promotor directo e outra como mandatario do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), que actúa como promotor.

Este solo ponse a disposición nas condicións mais favorables posibles, co obxecto de facilitar a implantación de actividades económicas xeradoras de emprego na nosa comunidade autónoma

O solo empresarial céntrase nos parques actualmente en desenvolvemento nas catro provincias, e o solo residencial na urbanización para vivenda protexida e na rehabilitación de edificacións para vivendas.

Ademais, Xestur S.A. presta a súa colaboración e asesoramento a concellos que non dispoñan dos medios necesarios para o desenvolvemento de áreas empresariais de iniciativa municipal, incluídas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 451A - FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA:

A.DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE. I.04.01 Fomentar a rehabilitación de vivenda e a renovación urbana, recuperando o patrimonio residencial construído e minorando os impactos no medio...

Indicador de resultado asociado a ese obxectivo estratéxico:

- IR RI401a Vivendas e edificios rehabilitados

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 451A consiste basicamente dispoñer dunha estratexia global que facilite e potencie a recuperación do construído mellorando as condicións de habitabilidade e calidade das vivendas no máis amplo sentido, incluíndo a reparación das vivendas propias do parque de vivendas de promoción pública do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e o apoio e fomento da rehabilitación tanto illada como a través da declaración de áreas, con especial incidencia na área de rehabilitación dos Camiños de Santiago. Entre as liñas destinadas ao fomento da rehabilitación, destacan os seguintes programas:

- Rehabilitación de vivendas propias do instituto.
- Programa de áreas de rehabilitación integral.
- Programa de préstamos para as actuacións de rehabilitación promovidas por persoas físicas e comunidades de propietarios, coa subsidiación de xuros en función dos seus ingresos, incentivando así o financiamento destas obras.
- Programa Rexurbe, que busca potenciar a rehabilitación dos núcleos históricos de vilas e cidades.
- Rehabilitación de vivendas de titularidade municipal.
- Programa Rehaluga de axudas para a rehabilitación de vivendas para incorporar ao programa de vivendas baleiras.
- Finalmente, apóstase tamén pola eficiencia enerxética dos edificios en consonancia coas estratexias europeas e pola accesibilidade a través dunha liña de axudas para a instalación de ascensores e salvaescaleiras.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 451A ten un carácter universal, sempre respectando as limitacións que estableza a normativa vixente. En concreto, o colectivo afectado desagrégase en:

- Persoas propietarias ou inquilinas beneficiarios de actuacións en materia de rehabilitación, de acordo coa normativa aplicable.
- Poboación residente en núcleos rurais, cascos históricos e nas áreas de rehabilitación.
- Poboación residente en vivendas que non reúnen as condicións mínimas de habitabilidade ou de accesibilidade.
- Veciños e veciñas das parroquias dos Camiños de Santiago.
- Veciños e veciñas dos concellos adheridos ao programa de vivendas baleiras.
- Persoas xurídicas promotoras das actuacións de rehabilitación e outras administracións públicas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O patrimonio arquitectónico (no que hai que incluír de maneira salientable os edificios e vivendas nos que habitan as persoas) require investimentos significativos non só para a súa conservación senón tamén para a súa mellora, sobre todo se temos en conta que representa un activo que vai máis alá do meramente material. Neste ámbito incide a elevada dispersión da poboación de Galicia.

Malia a súa riqueza e importancia, existe un abandono e deterioro progresivo do patrimonio arquitectónico, das vivendas, e dos espazos públicos no medio rural e nos conxuntos e núcleos históricos, con despoboamento e envellecemento da poboación, perda de actividades produtivas e da calidade de vida. En algúns casos, as vivendas construídas e de nova construción non acadan os niveis necesarios de calidade, habitabilidade e sustentabilidade propios dunha vivenda digna.

Polo que se refire ao estado dos edificios, e segundo datos do IGE (Instituto Galego de Estatística) do ano 2011, existían aproximadamente 110.000 edificios en estado ruinoso, malo ou deficiente, polo que cómpre incidir nas políticas de rehabilitación de edificios, sen esquecer o horizonte 2020 que obriga a priorizar as actuacións en materia de eficiencia enerxética.

- DEBILIDADES:
 - Escasa tendencia á rehabilitación e mantemento dos edificios por parte dos seus usuarios.
 - É necesario realizar un gran esforzo para axuntar vontades entre os propietarios e romper as inercias que impiden a rehabilitación.
 - Dificultade para estimar os prazos da actuación e para establecer unha programación adecuada do financiamento o que, cando é importante aquilatar custos e convencer aos propietarios, constitúe un obstáculo máis que desincentiva a actuación.

- AMEAZAS:
 - A alta porcentaxe de vivenda unifamiliar, a dispersión da poboación e o progresivo envellecemento de quen ocupan as vivendas con maiores deficiencias, supoñen un risco de que unha parte importante do parque de vivendas quede á marxe do proceso de rehabilitación.
 - Dada a estrutura da propiedade de vivenda os custos da rehabilitación deben asumilos os particulares e hoxe en día a situación económica e a escasa renda dispoñible das familias fai moi difícil que se poidan destinar fondos á rehabilitación.

- FORTALEZAS:
 - Opinión pública cada vez máis sensibilizada na necesidade de rehabilitación e abandono do modelo expansionista de desenvolvemento urbano.
 - Experiencia dos últimos anos dos axentes implicados: administracións, técnicos e empresas, xerada como consecuencia das políticas anteriores de apoio á rehabilitación. É de destacar, especialmente, a experiencia xerada a través do Programa de Áreas de Rehabilitación Integral e dos programas autonómicos de fomento á rehabilitación.
 - A presión lexislativa derivada do cumprimento das esixencias europeas en materia de eficiencia enerxética e accesibilidade universal pode constituír un incentivo para a rehabilitación.
 - Os últimos cambios lexislativos levados a cabo pola comunidade autónoma, como poden ser as medidas para axilizar a licenza en actuacións de rehabilitación, buscan eliminar as trabas e incentivar a rehabilitación.

- OPORTUNIDADES:
 - O investimento público xera unha alta porcentaxe de retorno do devandito investimento e contribúe a mellorar a economía.
 - A rehabilitación xurde como unha alternativa para a reconversión do sector da construción pola súa capacidade de xerar emprego e de permitir o desenvolvemento de empresas vinculadas ao territorio no que se desenvolve.
 - Mellora da calidade de vida dos cidadáns, das cidades e dun parque inmobiliario antigo.
 - Redución da factura enerxética e aproximación aos obxectivos da Estratexia Europa 2020.
 - A rehabilitación de barrios incentiva a eliminación de guetos e permite aproveitar ao máximo os recursos materiais e do territorio e pode contribuír á rexeneración social de determinados ámbitos.

A Comunidade Autónoma de Galicia veu realizando un esforzo para mellorar a calidade e habitabilidade das vivendas no seu territorio. Así, veu actuando no eido das subvencións en todas as súas vertentes para a rehabilitación (vivendas en conxuntos históricos, vivenda rural, reforma de edificios de vivendas de promoción pública...) no marco do plan estatal de vivenda e das

normas autonómicas que o complementan, e dos programas propios do IGVS, especialmente o Rexurbe. Tamén, e dado o estado de degradación de algúns cascos históricos e núcleos rurais, o IGVS interveu nos anos anteriores para proceder na medida do posible á súa rehabilitación e posterior posta en valor. Tamén se levaron a cabo iniciativas de colaboración a través de convenios e outros mecanismos legalmente establecidos con distintos axentes (concellos, universidades, institucións sen fins de lucro...) nos distintos aspectos (tanto de rehabilitación como técnicos) referidos á calidade da vivenda.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 451A é o seguinte:

- Lei 3/88, do 27 de abril, de creación do IGVS, e o Decreto 288/88, que a desenvolve.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.
- Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 451A ten a finalidade de mellorar as condicións de vida dos propietarios e usuarios das vivendas, de xeito que se favoreza a consecución dunha perfecta habitabilidade das vivendas ao mesmo tempo que se recupera o patrimonio residencial xa edificado, actuando con criterios de calidade e sustentabilidade.

Deste xeito, e atendendo tamén a criterios de necesidade de xerar actividade e desenvolvemento económico, é necesario prestar atención a este progresivo deterioro das zonas rurais e barrios históricos intentado promover a súa conservación. Ao mesmo tempo cómpre, tamén, fomentar a recuperación do xa construído en aquelas zonas de crecemento, favorecendo a compacidade urbana, de tal xeito que supoña un adecuado aproveitamento entre infraestruturas, dotacións, servizos, actividades e residencia.

Para estes efectos establécense medidas de fomento e rehabilitación das vivendas individuais ou en réxime de división horizontal, de reparación do parque público de vivendas e de actuacións sobre ámbitos máis extensos, coa declaración de Áreas de Rehabilitación Integral. Merece especial atención a recuperación dos núcleos rurais a través da rehabilitación de vivendas

de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, e o programa de infravivenda.

Continúa a liña de financiamento iniciada en 2017 consistente na subsidiación de xuros dos préstamos para a rehabilitación, como ferramenta que posibilitará que as persoas con menos posibilidades económicas podan afrontar as obras de rehabilitación da súas vivendas.

Desenvólvese tamén o programa Rexurbe, que nace da concienciación da necesidade de recuperar e potenciar o noso patrimonio construído, con especial incidencia nos barrios históricos de Galicia que contan coa declaración de BIC, conseguindo dinamizar estes ámbitos rehabilitando as vivendas, e rexenerando os espazos urbanos.

Nestes momentos, é de especial importancia nas políticas de vivenda facer unha aposta decidida pola rehabilitación como solución eficiente, sostible e de futuro para responder ás necesidades de vivenda da poboación e minorar os impactos no medio, evitando na medida do posible os novos desenvolvementos urbanísticos e fomentando a cultura da rehabilitación, é dicir, que o propietario da vivenda e o resto da cidadanía sintan a necesidade e valoren a rendibilidade de recuperar o xa construído.

Apóstase pola accesibilidade mediante axudas para a instalación de novos ascensores en edificios residenciais colectivos e tamén en vivendas unifamiliares e vivendas tipo dúplex. Tamén serán aplicables para a instalación de elevadores, salvaescaleiras e outros dispositivos que faciliten a accesibilidade entre os diferentes andares da edificación.

A rehabilitación de vivendas é unha necesidade permanente que cumpre varios obxectivos:

- Manter a poboación residente en conxuntos históricos, núcleos rurais e barrios de vilas e cidades necesitados de melloras.
- Conservar nas mellores condicións o patrimonio residencial construído.
- Recuperar e rexenerar ámbitos urbanos de especial valor histórico, favorecendo a súa dinamización, para que constitúan centros de actividade social, cultural e económica.
- Promover un rural mais vivo que favoreza o equilibrio territorial.
- Mellorar as condicións de vida dos seus moradores e adaptar as vivendas existentes á realidade actual.
- Reducir a demanda de novos desenvolvementos urbanísticos.
- Mellorar as condicións de accesibilidade dos edificios e vivendas.
- Aforro enerxético ao facer máis eficiente o consumo das vivendas rehabilitadas e reducir a demanda de enerxía.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

III.1.2. PROGRAMA 451B - ACCESO Á VIVENDA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE. 2.05.01 Facilitar o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos

Indicador de resultado asociado a ese obxectivo estratéxico:

- IR R250 I a Unidades convivenciais que se benefician das medidas de acceso á vivenda

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 451B consiste basicamente en facilitar o acceso á vivenda, tanto en propiedade como en réxime de alugueiro, para aqueles sectores da sociedade que se atopan en condicións máis desfavorecidas, seguindo as directrices establecidas no Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso a vivenda 2015-2020., e no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

Neste sentido, a Xunta de Galicia, dende o ano 2012, ven implantando 12 medidas para evitar e paliar os desafuzamentos hipotecarios ou por falta de pagamento dos alugueiros e garantir o acceso á vivenda.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 451B ten un carácter universal, sempre respectando as limitacións que estableza a normativa vixente. En concreto, o colectivo afectado desagregase en:

- Persoas inquilinas que vaian alugar unha vivenda con axudas autonómicas e estatais.
- Persoas beneficiarias das 12 medidas implantadas pola Xunta de Galicia para evitar e paliar os desafuzamentos hipotecarios ou por falta de pagamento dos alugueiros e garantir o acceso á vivenda (programa de realoxos, bono alugueiro, vivendas baleiras, asesoramento xurídico gratuito...).
- Adquirentes de vivenda en concellos de menos de 5.000 habitantes.
- Adquirentes de vivendas de promoción pública.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Actualmente segue habendo sectores de poboación con dificultades de acceso a unha vivenda en propiedade ou en alugueiro, polo que deben consolidarse as actuacións dirixidas a facilitar o dito acceso.

- DEBILIDADES:
 - Existencia de familias con necesidade de vivenda e escasos recursos económicos.
 - Dificultades de financiamento para acceder a unha vivenda por parte das entidades financeiras.
- AMEAZAS:
 - A dispersión da poboación existente en Galicia.
 - Progresivo envellecemento da poboación.
- FORTALEZAS:

- A opinión pública está cada vez máis sensibilizada na necesidade de potenciar as políticas de carácter social en materia de vivenda, en particular as dirixidas a posibilitar a permanencia das familias con menos recursos nas súas vivendas.
 - Os últimos cambios lexislativos no Estado e na comunidade autónoma en materia de protección dos debedores hipotecarios e, concretamente, as 12 medidas da Xunta, o Plan rehavita (Plan Galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020) e o censo de vivendas baleiras creado polo decreto 17/2016, do 18 de febreiro.
 - A implantación de programas por parte da Xunta, en execución das 12 medidas nos que destacan a colaboración coa SAREB, entidades financeiras, a institución do Valedor do Pobo, o programa de vivendas baleiras e o do Bono de alugueiro que buscan dar solucións áxiles ás persoas para posibilitar a permanencia nas súas vivendas ou o acceso a unha vivenda alternativa.
- OPORTUNIDADES:
 - As perspectivas actuais de recuperación económica, que favorecen a implantación de políticas sociais.
 - Incremento da percepción do alugueiro como forma alternativa de acceso á vivenda.

A Comunidade Autónoma de Galicia veu realizando nos anos anteriores un esforzo para facilitar o acceso á vivenda no seu territorio. Así, veu actuando no eido da promoción pública da construción de vivenda, con destino aos colectivos cunha renda entre o 0,7 e o 2,5 veces o IPREM. Tamén se incidiu nas axudas, estatais e autonómicas, a adquirentes de vivendas protexidas dentro do marco dos plans de vivenda, con especial atención aos colectivos máis desfavorecidos. Tamén se veu desenvolvendo o Programa Aluga, na procura dunha dinamización do mercado de vivenda en alugueiro, con axudas aos inquilinos (con especial incidencia nos sectores sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social). O IGVS veuse encargando da tramitación, control, xestión e pagamento dos gastos correntes e de capital nos que incorreron as sociedades Xestur derivados das encomendas de xestión do Programa Estatal da Renda Básica de Emancipación.

A Xunta de Galicia, dende o ano 2012, ven implantando 12 medidas para evitar e paliar os desfuzamentos hipotecarios ou por falta de pagamento dos alugueiros e garantir o acceso á vivenda. Estas medidas iniciáronse o 5 de decembro de 2012, cando o Consello da Xunta aprobou o Programa de Realoxo de afectados por execucións hipotecarias, que ten como finalidade dar cobertura a todas as persoas que perdan a súa única vivenda nun procedemento de execución hipotecaria e teñan uns ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM (indicador público de rendas de efectos múltiples).

Especial importancia reviste a aprobación do Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, polo Consello da Xunta o 12 de febreiro de 2015. Este plan pretende facilitar o acceso á vivenda das familias que máis o necesitan.

A última das medidas foi a implantación do programa de vivendas baleiras para alugueiro social. No marco da Estratexia de Inclusión Social (EIS Galicia 2014-2020), aprobada polo Consello da Xunta en decembro de 2014, de conformidade cos concellos representados pola Fegamp se puxo en marcha este programa, para dispor dun maior número de vivendas destinadas a cubrir as necesidades sociais nesta materia. Os concellos adheridos aos programas poderán mobilizar inmobles desocupados para destinar a alugueiro a prezo taxado para persoas e familias en situación de dificultade de acceso á vivenda. A Xunta de Galicia achega a esas vivendas un seguro multirisco de fogar e outro de garantía de cobros para os propietarios, que inclúe asistencia xurídica e, ao mesmo tempo, busca incentivar a incorporación de vivendas a este programa a través dunha liña de axudas para que os propietarios acondicionen as súas vivendas para alugalas no marco do programa.

Ademais de todo o anterior, o IGVS seguiu a impulsar nos últimos anos unha política de desenvolvemento de solo residencial con destino a vivendas protexidas nas principais cidades de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 451B é o seguinte:

- Lei 3/88, do 27 de abril, de creación do IGVS, e o Decreto 288/88, que a desenvolve.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de Réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS.
- Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.
- Decreto 17/2016, do 18 de febreiro, polo que se crea e se regula o Censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 451B ten a finalidade de facilitar o acceso a vivenda dos sectores con máis dificultades.

Para estes efectos articúlanse actuacións dirixidas a desenvolver solo con destino a construción de vivendas protexidas, con especial incidencia en San Paio de Navia (Vigo).

Por outra banda está prevista a construción de vivendas de promoción pública.

Tamén se establecen medidas de fomento para a adquisición e para facilitar o acceso ao financiamento de persoas adquirentes de vivendas protexidas e para o alugueiro.

Ademais, de xeito moi especial, preténdese dar cobertura ás situacións de risco de exclusión residencial a aquelas familias que están a atravesar situacións de especial dificultade. Estes apoios realízanse a través da implantación das 12 medidas consistentes en programas de marcado carácter social como son o programa de realoxo de afectados por execucións hipotecarias, o bono alugueiro social, o programa de vivendas baleiras ou as vivendas de promoción pública de inserción.

Con estas medidas preténdese posibilitar o acceso á vivenda tanto en compra como en alugueiro, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos, incrementar a vivenda de promoción pública, impulsar a iniciativa privada para desenvolver vivenda a prezos limitados e xestionar solo residencial que permita a construción de vivendas a prezos limitados.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

III.1.3. PROGRAMA 521A - URBANISMO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O contido do programa é o desenvolvemento das actuacións necesarias para converter o territorio nun factor protagonista da competitividade e da igualdade e polo tanto nun axente activo de desenvolvemento económico e de cohesión social, e conseguir, mediante as oportunas intervencións de regulamentación sobre os usos do solo e accións de construción de edificacións, unha maior calidade de vida para os cidadáns.

Obxectivo estratéxico:

- OE.3.04.01 Completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego fomentando a participación da cidadanía no mesmo e a protección do solo

Indicadores de resultado asociado a ese obxectivo estratéxico:

- IR 3.4.01 Superficie do territorio ordenada con criterios de eficiencia e sustentabilidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A súa execución presentase para dar solución as seguintes necesidades:

- De ordenación e planificación das actividades humanas sobre o territorio, pola carencia de figuras de Ordenación do Territorio e de plans de ordenación municipal que están a impedir o desenvolvemento ordenado do territorio e a aplicación de criterios de crecemento sostibles.
- De implicación de todos os axentes sociais intervintes para lograr, a través da cohesión social, o impulso de xeito decidido aos plans aprobados.
- De fomento de iniciativas que contribúan a incrementar o interese dos suxeitos implicados para axilizar a xestión e posta en valor do contido dos plans e programas.
- De humanización das vilas de Galicia tendo en conta o modelo social de integración cidadá de persoas nativas e inmigrantes para buscar o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.
- De actividades de formación e orientación de profesionais e equipos colaboradores para concienciar aos cidadáns sobre a importancia da planificación e ordenación do territorio no benestar e na calidade de vida.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O ámbito de aplicación das actuacións do programa abarcan a totalidade do territorio da comunidade autónoma o que determina o seu carácter universal.

Coa implantación das actuacións que se propón preténdese acadar o seguinte resultado:

- Un territorio convertido en axente activo de desenvolvemento económico e cohesión social.
- Un maior respecto co medio ambiente e, en definitiva, mellores condicións de habitabilidade e benestar no contorno de relación social dos residentes na nosa comunidade, conservando e mellorando o necesario equilibrio de relación home-natureza.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación actual, dende a premisa do obrigado cumprimento da ordenación do territorio e da planificación urbana, está determinada polos seguintes datos significativos:

Por unha parte o feito de que máis do 60 % dos concellos de Galicia están redactando o seu planeamento municipal, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten comprometido axudas económicas para estes concellos para o cumprimento do obxectivo de que o planeamento acade a todo o territorio da comunidade autónoma, o que se pretende para o horizonte de 2018-2022.

Por outro lado, as actuacións que se veñen desenvolvendo en materia de equipamentos e contornos urbanos en colaboración cos concellos de Galicia, como elementos revitalizadores do territorio e do reequilibrio territorial, co fin de contribuír ao desenvolvemento local desas zonas e poñer a disposición dos seus habitantes os valores de ditos espazos. Durante os últimos anos asináronse máis de 200 acordos de colaboración con concellos, 61 % do total, para execucións desta actuacións o obxectivo é acadar o 70 % ata o ano 2018. Así mesmo, no ano 2018 efectuouse unha convocatoria de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos, con cargo a créditos orzamentarios de 2018 e 2019.

Cabe destacar as execucións en investimento inmaterial relativas á elaboración do Plan Básico Autonómico, á Lei de Ordenación do Territorio e a investigación e divulgación de estudos en materia de urbanismo.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal de desenvolvemento das actuacións do programa de urbanismo ven determinado, por un lado, polo establecido na lexislación de ordenación do territorio e urbanismo en canto as subvencións para a redacción do planeamento urbanístico ás entidades locais e, por outro polos acordos de colaboración para as actuacións que se veñen desenvolvendo en materia de equipamentos e contornos urbanos en colaboración cos concellos de Galicia, que se enmarcan no disposto pola lexislación de Réxime Local en canto lle correspóndelle á comuni-

dade autónoma, a prestación da cooperación e asistencia activa que as entidades locais puideran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, podendo levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscrición de convenios as relacións de colaboración e cooperación económica. Cabe así mesmo mencionar a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento como instrumentos normativos para desenvolver as actuacións do contido do programa.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Co desenvolvemento do programa preténdese a consecución da finalidade prevista, que se describe do seguinte xeito:

- Manter e mellorar as iniciativas de fomento da redacción de figuras de planeamento municipal e supramunicipal, mediante axudas económicas e colaboracións coas corporacións e/ou outros entes locais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Fomentar a elaboración de planeamento sectorial para desenvolvemento e planificación de actuacións, sobre partes do territorio, que pola súas especificidades o requiran.
- Incentivar a dispoñibilidade de planeamento urbanístico municipal, mediante o financiamento da execución de actuacións de construción e mellora do contorno construído, mediante colaboracións cos concellos da nosa comunidade.
- Mellorar a calidade do ambiente urbano, mediante a implantación de edificios e outras infraestruturas de equipamentos en lugares estratéxicos definidos en colaboración coas entidades locais e comarcais.
- Colaborar con órganos e entidades para dispoñer de información territorial actualizada a disposición de todos os cidadáns.
- Dotar á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo dos medios e recursos técnicos axeitados para o desenvolvemento das súas funcións.

Para a consecución deste obxectivo prevese a convocatoria pública de ordes de axudas dirixidas aos concellos para a redacción do seu planeamento urbanístico, a selección de actuacións en materia de equipamentos e contornos urbanos e formalización dos acordos de colaboración cos respectivos concellos e, de selo caso, efectuar a correspondente convocatoria de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos. Con todo isto dáse solución a problemas concretos ao poñer a disposición da cidadanía, a través das corporacións locais, as infraestruturas e os equipamentos executados e os instrumentos de planeamento para un desenvolvemento harmónico das actuacións sobre o territorio.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Para contribuír co Obxectivo "Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade", identifícanse as seguintes medidas :

- Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas):
 - Indicador estimado (número de actuacións): 10
 - Importe que se estima destinar a estas actuacións: 500.076 €
- Instrumentos de planeamento de desenvolvemento
 - Indicador estimado (número de plans en tramitación): 215
 - Importe que se estima destinar a estas actuacións: 3.223.998 €
- Humanización de espazos con perspectiva de xénero e de conciliación
 - Indicador estimado (número de actuacións): 69
 - Importe que se estima destinar para estas actuacións: 9.924.175 €

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

III.1.4. PROGRAMA 531A - PROMOCIÓN DO SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE. 1.02.01 Ofertar solo industrial de calidade e axustado á demanda, impulsando este recurso como polo de atracción de empresas, facilitando a implantación de novas empresas no noso territorio e evitando a deslocalización das implantadas

Indicador de resultado asociado a ese obxectivo estratéxico:

- IR R1201a Número de empresas asentadas

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 531A consiste basicamente en ofertar solo industrial de calidade e axustado á demanda, impulsando este recurso como polo de atracción de empresas, facilitando a implantación de novas empresas no noso territorio e evitando a deslocalización das implantadas, para o que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) realizará as funcións que neste ámbito lle corresponden, como son:

- Programar as necesidades de solo empresarial.
- Xestionar a adquisición do solo empresarial (por expropiación ou mutuo acordo).
- Propoñer a contratación e supervisar os plans e proxectos técnicos precisos para a promoción de solo, así como a xestión das obras de urbanización.
- Xestionar o alleamento de solo empresarial.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 531A é o de persoas físicas ou xurídicas (e, dentro destas, públicas ou privadas) que adquieran as futuras parcelas urbanizadas de solo empresarial.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nestes momentos o IGVS e Xestión do Solo de Galicia - Xestur S.A. dispoñen de 1,4 millóns de metros cadrados lucrativos de solo empresarial.

Co obxecto de racionalizar a programación das novas actuacións, o IGVS aprobou o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais. Este plan ten como obxecto fundamental a programación das actuacións de solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, dando prioridade ás que se localizan en ámbitos territoriais nos que se prevé maior demanda de solo, así como facer compatible o desenvolvemento de solo empresarial de Galicia coa defensa do medio ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural.

Paralelamente a este plan foi aprobado o Decreto 108/2012, do 29 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial, que é o instrumento que lle permitirá ao IGVS e a Xestión de Solo de Galicia - Xestur SA executar actuacións onde verdadeiramente sexan necesarias, e coas características que os demandantes precisen para instalar as súas empresas e así optimizar ao máximo os recursos dispoñibles.

Por outro lado, o Decreto 63/2015, do 23 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do solo empresarial xestionado polo IGVS, regula con maior claridade figuras que se estaban a utilizar na práctica como os proxectos empresariais singulares ou a permuta de terreos, que na normativa vixente apenas aparecían contempladas, e que cada vez cobran unha maior importancia na xestión do solo empresarial. Tamén posibilita expresamente este decreto o alleamento de solo empresarial, estea ou non urbanizado, e a minoración de prezos no suposto de que o primeiro concurso quedara total ou parcialmente deserto.

Ademais, e ao abeiro do artigo 13.4 do Decreto 63/2015, do 23 de abril, o Consello Reitor do IGVS aprobou bonificacións dos prezos de venda do solo empresarial de titularidade do IGVS, no marco de programas ou iniciativas dirixidas ao fomento do emprendemento e a competitividade económica ou ao desenvolvemento empresarial ou industrial de Galicia (o que permitiría aplicar as bonificacións dos prezos de venda segundo a Axenda Galega de Competitividade Industrial de forma similar ás realizadas por Xestur SA).

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 531A é o seguinte:

- Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS.
- Decreto 288/1988, do 29 de setembro, de desenvolvemento da referida lei.
- Decreto 108/2012, do 29 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial de Promoción Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 63/2015, do 23 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do solo empresarial xestionado polo IGVS.
- Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 531A ten por finalidade facilitar a implantación das actividades empresariais que contribúan ao impulso da actividade económica e ao fomento do emprego.

Para iso prevese o desenvolvemento de solo empresarial para a súa posterior transmisión en condicións favorables de prazos e prezos de venda.

Como garantía da solvencia da sociedade Xestión do Solo de Galicia - Xestur SA, establécense achegas dende o IGVS para incrementar o capital social desta sociedade.

Rematadas xa as obras da primeira fase dos sistemas xerais da PLISAN, conxuntamente cos outros promotores (Autoridade Portuaria de Vigo e Consorcio Zona Franca de Vigo), continuaránse as obras da estación depuradora de augas residuais (EDAR) e executaránse as obras da estación de tratamento de auga potable (ETAP neste ámbito. Así mesmo, executaránse as obras da primeira fase de urbanización da loxística empresarial (LE) da PLISAN e iniciarse o proceso de comercialización das primeiras parcelas co obxecto de que se podan implantar as primeiras empresas.

Con estas medidas preténdese acadar un aproveitamento adecuado do solo empresarial posto a disposición, atraendo investimentos que xeren actividade económica e creación de emprego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X
--	---

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

III.1.5. PROGRAMA 541A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE::

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A finalidade do programa é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos (xefaturas territoriais), tanto no que atinxe aos medios humanos como aos materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, co obxectivo de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa e de prestar un servizo público de calidade aos cidadáns que se relacionan coa administración competente en materia medioambiental.

Obxectivo instrumental:

- OI.3.4.01 Contribuír á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As actividades que desenvolve céntranse na dirección, coordinación e control nas áreas de actividade competencia da consellería e, máis en concreto:

- Na preparación, licitación e adjudicación dos expedientes de contratación pública competencia da consellería.
- Na xestión e administración dos recursos económicos da Secretaría Xeral Técnica.
- Na xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais e periféricos.
- Na xestión e control dos convenios e protocolos nos que sexa parte a consellería.
- No estudo e tramitación dos anteproxectos e proxectos de disposicións de carácter xeral que elaboren os distintos centros directivos, así como a coordinación das funcións xurídico-administrativas que desenvolvan as distintas unidades da consellería.
- Na coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións financiadas con este programa de gasto están orientadas a atender as necesidades de funcionamento dos servizos administrativos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o que redunda en beneficio dos cidadáns demandantes dos servizos prestados por este departamento.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
- Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro de 2016 polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Orde do 15 de marzo de 2012 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades nas que se concreta este programas son:

- Xestión do persoal da consellería.
- Xestión do gasto asociado ao funcionamento operativo dos servizos administrativos.
- Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería co fin de acadar un funcionamento máis eficiente dos servizos, evitando duplicidades.
- Coordinación e tramitación da produción normativa da consellería e dos entes do sector público adscritos a este departamento.
- Avanzar na centralización da contratación administrativa da consellería.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.6. PROGRAMA 541B - CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE.3.04.02- Garantir un estado de conservación favorable do patrimonio natural, impulsando una xestión e protección eficiente e sustentable

Indicadores de resultado:

- IR 3.4.02- Número de instrumentos de planificación de espazos da Rede galega de espazos protexidos aprobados

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Contribuír á conservación do patrimonio natural e da biodiversidade dunha forma compatible co desenvolvemento das actividades humanas é unha obriga que o goberno debe garantir. Ningunha actividade humana pode prescindir da compoñente ambiental, porque constitúe o medio sobre a que se sustenta.

A xestión e conservación da Rede Galega de Espazos Protexidos constitúe, en esencia, o eixo básico sobre o que pivota a acción da Administración pública, consciente da necesidade de dotala de réximes xurídicos axeitados, acompañados de medidas activas de conservación, restauración e posta en valor.

Para o próximo exercicio 2019 merece especial atención o avance nas medidas establecidas no Plan de ordenación dos recursos naturais da Rede Natura 2000 de Galicia (Plan Director). Así mesmo, e trala creación da Rede de Parques Naturais de Galicia no ano 2017, seguirase avanzando na xestión coordinada dos espazos que a integran, de xeito que se complementarán os obxectivos formulados nas propias normativas autonómica e estatal cos obxectivos e directrices da Rede Natura 2000, mediante a aprobación dos plans reitores de uso e xestión (PRUX) que desenvolverán as directrices emanadas dos plans de ordenación dos recursos naturais (PORN) de cada parque natural. Así mesmo se aprobarán os instrumentos de planificación de tres monumentos naturais o que nos permitirá acadar no ano 2019 a planificación de mais do 99% dos espazos naturais declarados como protexidos en Galicia. Con todo o anterior conseguiremos no próximo ano un modelo coordinado de xestión destes espazos naturais e impulsar divulgación dos seus valores naturais a través da marca “Galicia Natural e Única”

A conservación da vida silvestre como expresión da preservación dos elementos da biodiversidade constitúe así mesmo un obxectivo básico. Resulta imprescindible a implementación de instrumentos e ferramentas ao servizo da conservación das especies materializando a necesidade de planificar e establecer as medidas axeitadas para garantir a súa conservación, tendo en conta a prioridade das máis ameazadas. Neste senso, seguiranse impulsando a elaboración de novos instrumentos de planificación para a conservación e recuperación de especies ameazadas, con especial incidencia na elaboración de plans integrais que contemplan a preservación de especies, tanto de fauna como de flora, con requisitos de conservación análogos, implementándose así mesmo as medidas de seguimento da conservación e recuperación contidas nos plans xa aprobados.

Protexer activamente os animais de compañía e afondar nas políticas e accións centradas na eliminación do maltrato animal e o abandono de mascotas, é un dos obxectivos principais da nova lei de protección e benestar animal aprobada no ano 2017. O novo texto legal, que supón un importante avance nesta materia, supón a necesidade de implementar medidas e accións que perseguen garantir a protección, posesión e tenza responsable dos animais de compañía, buscando acadar o máximo nivel de protección e benestar destes animais. Durante 2019 prevese a aprobación do regulamento de desenvolvemento desta norma así como a implementación de actividades encamiñadas á divulgación e información da sociedade sobre os contidos e principios da norma, con importantes campañas de concienciación en medios para o fomento da adopción de animais abandonados, como un paso máis nos obxectivos a acadar nesta materia.

Así mesmo, seguirase prestando desde a administración autonómica o apoio iniciado en 2017 ás administracións locais para o desenvolvemento das súas competencias, mediante axudas para o control reprodutivo e identificación de animais, como medidas efectivas para a loita e control do abandono.

Por outra banda, o tempo transcorrido dende a aprobación da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e as modificacións incorporadas na normativa básica comunitaria teñen orixinado a súa revisión, co obxecto de acadar una protección máis eficaz do patrimonio

natural e da biodiversidade existente na nosa comunidade autónoma. Deste xeito, no exercicio 2019 continuarase coa implementación da nova Lei do Patrimonio Natural de Galicia.

Como eixo transversal aplicable, incidirase no desenvolvemento de programas de divulgación, información e educación ambiental que permitan sensibilizar e concienciar á cidadanía sobre a importancia de alcanzar un uso sostible do medio natural, acercando os temas ambientais á poboación e propiciando a participación da cidadanía nesta materia

A posibilidade de recreo no medio natural constitúe tamén unha demanda cidadá. Trátase de proporcionar espazos de lecer a través da natureza, que sirvan de vehículo mediante o que achegar á poboación os valores deste medio, co fin de aumentar a súa valoración sobre a natureza e lograr así unha maior sensibilización e implicación na súa conservación.

O programa 541B contempla tamén as necesidades relativas á aplicación de políticas preventivas, funcións de policía e vixilancia, control e prevención de impactos no medio natural, para o que é preciso dispor dunha adecuada dotación de medios humanos e materiais co obxecto de adoptar as medidas correctoras e/ou compensatorias, de ser o caso.

Por último, este programa tamén promove o ordenado aproveitamento das especies da fauna cinexética e piscícola nas augas continentais, asegurando unha xestión sostible dos ecosistemas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Ademais da poboación en xeral:

- Á Poboación residente no medio rural, con especial incidencia nos residentes na área de influencia dos espazos protexidos.
- Ás Corporacións Locais.
- Aos visitantes dos espazos naturais.
- Ás sociedades protectoras de animais domésticos.
- Ás sociedades e entidades colaboradoras e representativas da actividade cinexética e piscícola.
- Aos colectivos de gandeiros, agricultores e silvicultores.
- As asociacións ecoloxistas entre cuxos fins figure a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A conservación do Patrimonio Natural e a Biodiversidade en Galicia ten como escenario común fundamental a súa grande heteroxeneidade, expresada por unha banda na variabilidade das características bioxeográficas e socioecolóxicas, pero tamén, na conxunción de características

e factores derivados; por unha banda, dos aspectos ecolóxicos e xeográficos e por outra, nas iteracións humanas que afectan á práctica totalidade do territorio, e que teñen na configuración territorial de Galicia o seu aval máis significativo.

Galicia amosa sen dúbida, un perfil crecentemente urbano e unha translación da poboación dende o interior á costa, sen embargo non debemos de esquecer que o 90% do territorio é rural, e nel aséntase tamén unha importante porcentaxe da poboación total. Esta afirmación ten o seu aval máis significativo nas 26.892 entidades singulares de poboación con menos de 100 habitantes e os 198 municipios con menos de 5.000 habitantes dun total dos 313 dos concellos galegos.

O territorio galego amósase ademais como un escenario complexo, no que a demanda de bens e servizos ten unha correlación directa coa dispersión da poboación e coas necesidades estruturais. As características da propiedade, o alto peso do sector primario, a alta produtividade dos ecosistemas, as fortes demandas de solo para os usos agrarios, forestais ou urbanísticos, a gran dispersión da poboación ou a ocupación intensa dunhas áreas, que incrementan a demografía en termos relativos, fronte ao abandono propiciado polo éxodo rural noutras, configuran este territorio de fortes contrastes dun xeito significativo. Este contexto intensamente antropizado, cunha compoñente rural moi acusada, presenta unha forte dependencia entre as actividades coas que a biodiversidade coexiste e o equilibrio das poboacións silvestres depende, en grande medida, da existencia e da harmonización coas actividades que se desenvolven e manexan no territorio.

As políticas de conservación da natureza abórdanse desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e isto propicia un enfoque integrado das políticas do territorio. Moito do que queremos conservar hoxe, non se conservou só, é o resultado dunha xestión, da racionalidade no uso e no aproveitamento dos recursos levados a cabo por persoas que desenvolven a súa actividade no territorio.

No ámbito das competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Natural determínanse as seguintes problemáticas a abordar:

- Deterioro e perda da biodiversidade e do patrimonio natural.
- Representatividade das áreas protexidas en termos relativos no contexto español e comunitario.
- A excesiva complexidade para sacar adiante a planificación específica de instrumentos que fixen as normas de uso, xestión e desenvolvemento transversal dos espazos protexidos como Plans reitores de uso e xestión, plans de conservación...
- Estado incipiente de instrumentos de conservación dalgunhas especies de fauna e flora catalogadas. Poucos plans de conservación de especies aprobados, debido ao conflitivo da súa tramitación. Debe seguirse centrando esforzos en dar a coñecer e explicar os motivos e contidos dos plans tanto aos sectores da poboación afectados polas medidas de conservación como aos que reclaman medidas de conservación das especies

- Insuficiencia de infraestruturas, equipamentos e servizos de uso público que garantan o uso apropiado e sostible do medio natural, en especial, nos espazos naturais protexidos. Estas infraestruturas e equipamentos son a ferramenta básica na ordenación do uso público e ademais de ser insuficientes nalgúns casos non alcanzan a calidade necesaria. Cómpre, polo tanto, seguir coa dotación encamiñada a este fin que inclúa novos equipamentos e mellora a súa calidade.
- A oferta limitada dos servizos a visitantes nos espazos naturais protexidos constitúe unha debilidade.
- As áreas protexidas en xeral e os parques, en particular, constitúen escenarios obxectivos de gran valor intrínseco para o desenvolvemento económico e social. É necesario continuar con liñas de axudas necesarias para a promoción socioeconómica dos espazos naturais, o desenvolvemento sostible, a mellora da calidade de vida, o apoio ás oportunidades empresariais e o fomento e mellora das canteiras de emprego que constitúen un obxectivo de primeira magnitude.
- Necesidade de avanzar na transmisión de coñecemento e difusión dos valores do patrimonio natural e a biodiversidade, como ferramenta principal ao servizo da conservación e da poboación.
- Necesidade de mellorar a accesibilidade das canles fluviais para a ictiofauna, fomentando a conectividade dos hábitats e as especies.
- Necesidade de incrementar as medidas a adoptar para conseguir un aproveitamento sostible das poboacións piscícolas e dos ecosistemas acuáticos continentais.
- Precísase apoio para a ordenación da actividade cinexética e piscícola e para paliar os ataques das especies silvestres de fauna ao gando e aos cultivos agrícolas, que xeran gran tensión social, polo que cómpre continuar coas liñas de axudas de carácter compensatorio para os afectados. Así mesmo, seguirase traballando na divulgación e investigación de medidas preventivas fronte aos danos ocasionados pola fauna silvestre.
- Necesidade de mellorar a participación dos colectivos implicados na toma de decisións ambientais.
- Insuficiencia de medios para afrontar a necesidade crecente de informar plans, programas e proxectos que podan afectar á integridade dos espazos naturais, hábitats e especies ameazadas.
- Impulsar a conservación e mellora do patrimonio natural nos espazos naturais mediante actuacións que permitan a conectividade de zonas urbanas e periurbanas para evitar a perda ou deterioro de especies e hábitats e lograr a máxima dotación de superficie verde.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A décima Conferencia das Partes do Convenio sobre a diversidade biolóxica (CoPI0), celebrada en Nagoya (Xapón) en 2010, concluíu coa aprobación del Plan estratéxico mundial para a biodiversidade 2011-2020, o Protocolo de Nagoya sobre o acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que se deriven de súa utilización (Protocolo

ABS), e unha estratexia de mobilización de recursos ao servizo da biodiversidade mundial. Neste momento, a UE impulsa a adopción da Estrategia Europea sobre a biodiversidade ata 2020. Este contexto vaise reflectir nos marcos comunitarios de acción e nos regulamentos que desenvolven os fondos comunitarios.

Todas as actuacións previstas acomódanse aos principios do VI Programa de Acción Comunitaria en materia de medio ambiente, programa que resulta de especial interese como ferramenta de primeira importancia para acometer iniciativas de desenvolvemento sostible.

Por último, detállanse as disposicións legais que enmarcan as actuacións do programa:

- Comunitaria:
 - Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
 - Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.
 - Regulamento (UE) 511/2014 do Parlamento e o Consello, do 16 de abril, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do Protocolo de Nagoya sobre o acceso aos recursos xenéticos e a participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización na Unión.

- Estatal:
 - Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.
 - Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas.
 - Real decreto 1082/2008, do 30 de xuño, sobre ampliación das funcións e servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de conservación da natureza (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia).
 - Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, modificada pola Lei 33/2015, do 21 de setembro.
 - Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.
 - Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.
 - Real decreto 124/2017, do 24 de febreiro, relativo ao acceso aos recursos xenéticos procedentes de taxones silvestres e ao control da utilización.

- Autonómica:

- Decreto 95/2017, do 21 de setembro, polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia
- Decreto 69/2016, do 19 de maio, polo que se crea a Rede de Parques Naturais de Galicia
- Decreto 80/2015, do 11 de xuño, polo que se aproba o Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais.
- Decreto 30/2015, do 5 de febreiro, polo que se aproba o Plan de conservación do humedal protexido Lagoa e areal de Valdoviño.
- Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de conservación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia.
- Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica do escribano palustre (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia.
- Decreto 70/2013, do 25 de abril, polo que se aproba o Plan de recuperación do galápagu europeo (*Emys orbicularis* L.) en Galicia.
- Decreto 149/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Recuperación do Oso Pardo.
- Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.
- Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia.
- Decreto 167/2011, de 4 de agosto, por el que se modifica el Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e se actualiza o dito catálogo.
- Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.
- Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.
- Decreto 67/2007, do 22 de marzo, que se regula o Catálogo Galego de Arbores Senlleiras.
- Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.
- Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia

- Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.
- Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.
- Lei 7/1992, do 24 de xullo, de Pesca fluvial.
- Decreto 130/1997, do 14 maio, polo que se aproba o regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.
- Decreto 15/2018, do 25 de xaneiro, polo que se crea e se regula o Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia.
- Orde do 20 de marzo de 2017 pola que se aproba o Plan de acción para a loita contra o uso ilegal do veneno no medio natural de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Beneficios a acadar:

- Mantemento nun estado de conservación favorable de hábitats e especies mellorando o seu estado de conservación, de ser o caso.
- Lograr unha representación axeitada dos hábitats e das especies propios de Galicia que garanta a súa conservación activa dentro das políticas de espazos naturais protexidos consolidando unha rede de espazos protexidos nun estado adecuado de conservación, cun modelo de xestión compartida e coordinada.
- Ultimar a aprobación e aplicación dos instrumentos de planeamento dos espazos naturais protexidos.
- Posta en valor e desenvolvemento sostible social e económico dos territorios con marcado carácter ambiental.
- Establecer infraestruturas verdes que proporcionen servizos ecosistémicos para a sociedade así como a conectividade entre paisaxes, ecosistemas, hábitats naturais ou seminaturais e que aseguren diversidade biolóxica e os procesos ecolóxicos evolutivos.
- Mellorar a situación de apoio ao desenvolvemento aos habitantes, empresas, ONG, entidades e institucións locais da área de influencia dos Parques Naturais, do Parque Nacional e dos espazos naturais protexidos, axudando a manter o tecido poboacional das áreas incluídas nos espazos, potenciando o valor dos espazos protexidos como axente de desenvolvemento económico e dinamizador das economías locais do seu contorno.
- Dotar os espazos naturais das infraestruturas, equipamentos e servizos ambientais con suficiente oferta e calidade para o goce dos usuarios ordenando o uso socio recreativo do medio natural compatibilizándoo coa súa conservación e garantindo un uso racional do medio natural acorde coas demandas dos usuarios e coa fragilidade dos ecosistemas.

- Mellorar a información e difusión da importancia do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e garantir o goce, resaltando a importancia dos valores naturais e concienciando á cidadanía sobre a importancia de conservar a Natureza.
- Mellorar o nivel socioeconómico das poboacións que están integradas nos espazos protexidos, fomentando actividades produtivas respectuosas co medio, e a distribución equitativa dos beneficios ambientais.
- Fomentar a participación das persoas e dos colectivos implicados na conservación do medio e na toma de decisións ambientais.
- Obter os máximos servizos ambientais e sociais das infraestruturas verdes e da biodiversidade para avanzar no valor que a sociedade lles outorga, que permitan o uso e disfrute público por parte da poboación.
- Mellorar o nivel de protección e benestar dos animais de compañía.
- Procurar o equilibrio das poboacións de fauna silvestre e a súa compatibilidade cos intereses de agricultores e gandeiros.
- Acadar un aproveitamento sostible dos recursos piscícolas e a súa preservación para as xeracións futuras.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As estratexias de conservación da biodiversidade constitúen unha oportunidade para promover a igualdade e a equidade entre homes e mulleres. As políticas seguidas desde a Dirección Xeral de Patrimonio Natural provocan a introdución de novas actividades ou cambios nas prácticas existentes. Tales cambios poden estar relacionados co uso da terra, agricultura, silvicultura, gandería, zonas pesqueiras e xestión dos recursos hídricos, entre outras actividades, nas que mulleres e homes levan a cabo participacións distintas, tendo acceso desigual a estes recursos e beneficiándose do seu uso de xeito diferente. No marco das estratexias nacionais e internacionais de conservación e preservación da biodiversidade, calquera iniciativa nesta materia debe garantir que o desenvolvemento e implementación das propostas, contribúan á igualdade, por medio da creación de posibilidades de acceso e beneficios equitativos tanto para as mulleres como para os homes. Isto queda garantido en todas as estratexias e plans nesta materia promovidos desde a CMAOT.

A conservación e preservación do patrimonio natural e a biodiversidade de cara ás xeracións futuras é, na mesma medida, un asunto social e un problema ambiental e o éxito da conservación sustentable depende principalmente do uso que os diferentes grupos de persoas lle dean aos recursos biolóxicos. Considérase que as mulleres teñen un papel clave na xestión da biodiversidade xa que teñen un papel crucial en campos como o da xestión da agricultura e son as responsables do control, desenvolvemento e transmisión do coñecemento tradicional, moi ligado á conservación da biodiversidade. Dado que as mulleres representan polo menos a metade dous(as) usuarios(as) dos recursos biolóxicos, considérase primordial a súa implicación na conservación e a sustentabilidade destes recursos.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

Para contribuír co Obxectivo “Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade”, identifícase a seguinte medida:

- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas”
- Indicador estimado (número de contratos que incorporen as citadas cláusulas): 4
- Importe que se estima destinar a estes contratos: 515.200€

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Prevese a realización das seguintes xornadas divulgativas dirixidas especialmente a mulleres e unha exposición no marco do convenio subscrito co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, como centro de referencia en materia de educación ambiental en Galicia:

- Xornada: As mulleres relevantes no territorio da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
- Xornada: O papel da Muller na dinamización do rural en áreas naturais protexidas.
- Exposición: Ilustradoras da Natureza.

(Importe previsto convenio: 56.000€ para a anualidade 2019)

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

III.1.7. PROGRAMA 541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE.3.5.01: Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos a través da xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados.

Indicadores de resultado segundo o Plan Estratéxico de Galicia:

- IR 3.5.01.a: Porcentaxe do volume de residuos domésticos recollidos selectivamente sobre a produción de residuos domésticos.
- IR 3.5.01.b: Produción total de residuos domésticos

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Un dos puntos fundamentais no que se centra este Programa é a xestión de residuos.

Os obxectivos básicos da actual política de residuos da Unión Europea (UE) son previr os residuos e fomentar a reutilización, a reciclaxe e a recuperación para reducir o impacto ambiental. O obxectivo a longo prazo é que a UE se converta nunha sociedade da reciclaxe que se propoña coma obxectivo evitar os residuos e utilzalos como recurso, proporcionando un alto nivel de protección ao medio.

Respecto dos residuos domésticos o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022 (en diante PXRUG) establece as bases para impulsar a súa xestión en Galicia cara un novo escenario máis sustentable e acorde coa xerarquía de residuos marcada pola normativa, facendo especial fincapé na prevención e na valorización dos residuos.

O PXRUG recolle os obxectivos marcados pola normativa vixente e establece novos marcos, especialmente en prevención, no despregue da recollida selectiva da fracción orgánica e no incremento do resto de recollidas, tanto en cantidade como en calidade.

Tamén ten en conta as particularidades do territorio galego (dispersión, multiplicidade de entidades poboacionais, estruturas organizativas, etc.) á hora de deseñar os modos de xestión e a súa loxística, tanto no que se refire aos modelos de recollida propostos, como ás posibilidades tecnolóxicas das infraestruturas de tratamento para cada fracción.

Os obxectivos a alcanzar son:

- Estabilizar e reducir a produción de residuos en Galicia, en canto ao peso pero tamén en volume, diversidade e perigosidade, desaxustando a produción de residuos do crecemento económico.
- Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe.
- Potenciar a xestión e recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos municipais.
- Potenciar as recollidas comerciais en orixe.
- Potenciar o mercado da reciclaxe.
- Garantir a complementariedade de modelos.
- Desenvolver as infraestruturas precisas para tratar os residuos xerados, conseguir os obxectivos marcados e potenciar deste xeito a organización territorial, baixo criterios de suficiencia, proximidade, viabilidade ambiental e económica.
- Minimizar o vertido final en depósitos controlados, especialmente da fracción biodegradable e materiais recuperables.
- Implicar ás persoas nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implantación e os coñecementos da poboación e dos xestores.
- Garantir a calidade e transparencia da información.
- Acomodar o sistema de xestión de residuos ao sistema de xestión urbana, como un elemento mais, interrelacionado con outros como a xestión do espazo público, a mobilidade e o ruído.
- Previr a contaminación do solo e rexenerar os solos degradados

Igualmente a produción e posterior xestión dos residuos industriais presenta impactos negativos sobre o medio, tanto polo seu volume, como polo seu potencial de conter substancias tóxicas e perigosas. Este Programa pretende dar unha resposta decidida ás esixencias formuladas pola UE, poñendo énfase no que se coñece como solucións a principio de liña para a xeración de residuos, orientadas a abordar o problema na súa orixe, mediante a minimización da súa xeración, seguindo a xerarquía marcada pola Directiva 98/2008/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos (Directiva Marco de Residuos), e na súa revisión, no tocante ao seu tratamento.

Nesta liña, o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016 – 2022 (en diante PRIGA), que ten como finalidade dar resposta á necesidade de dispor dunha ferramenta de planificación en materia de prevención e xestión de residuos industriais que integre as estratexias comunitarias máis actuais e, en concreto, a estratexia xeral da política de residuos contida no Plan Estatal Marco de Residuos 2016-2022 (PEMAR), define como obxectivos estratéxicos a acadar no marco da súa vixencia temporal, os seguintes:

- Reducir en 2020 a xeración dos residuos industriais, como mínimo nun 10%, respecto aos valores de produción do 2010.
- Fomentar a I+D+i no cambio da prevención da xeración, preparación para a reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización de residuos.
- Mellorar a información para crear unha “conciencia colectiva” en materia de residuos.
- Desligar / reducir a asociación entre o crecemento económico e a produción de residuos.
- Aumentar o emprego e as posibilidades dos residuos.
- Mellorar e automatizar as ferramentas de información administrativas.
- Fomentar a recuperación da maior parte dos recursos contidos nos residuos producidos.
- Reducir os efectos ambientais de xestión de residuos.
- Acadar unha economía circular no relativo a residuos non perigosos e avanzar cara unha economía circular no caso de residuos perigosos.
- Reducir as emisións de GEI asociadas á produción e á xestión de residuos industriais.
- Aumentar a recollida, a preparación para a reutilización, a reciclaxe e a valorización de residuos, fomentando a introdución de novos tratamentos de reciclaxe e/ou valorización.
- Planificar a suficiencia de instalacións de tratamento,

Con cargo ao programa 541D executaranse actuacións necesarias para acadar os obxectivos do PRIGA sobre redución da produción de residuos industriais e mellora da súa xestión, mediante a implementación das medidas previstas nos programas específicos para cada un dos fluxos de residuos industriais, nos programas específicos de xestión do PRIGA.

Neste Programa igualmente incardínanse todas as actuacións da Xunta de Galicia en materia de control ambiental, ámbito no cal se buscará o obxectivo xeral de previr, reducir e controlar calquera tipo de contaminación, mellorando a avaliación ambiental e apoiando ás empresas nas tomas de decisións en relación coa minimización dos seus impactos..

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Seguindo o disposto no punto anterior, debemos distinguir dous ámbitos, un o referente á xestión de residuos e outro ao control ambiental.

I. Xestión de residuos:

- a) En materia de prevención e redución da produción, as actuacións irán dirixidas tanto a produtores como consumidores e xestores, co obxecto de propiciar un cambio progresivo nos procesos produtivos e nos hábitos de consumo así como nos modelos de xestión, promovendo un uso máis eficaz dos recursos.
 - b) As actuacións vinculadas á recollida selectiva en orixe de todas as fraccións terán como eixe fundamental as entidades locais, ás que tamén irán dirixidas as ampliacións das dotacións das infraestruturas ambientais de xestión de residuos.
2. Control ambiental:
- a) As actuacións de mellora da avaliación ambiental incidirán de xeito claro nas entidades locais galegas así como no sector empresarial, ao potenciar a rápida resolución dos procedementos, dentro do rigor absoluto ao disposto na normativa ambiental.
 - b) O fomento das medidas dirixidas á prevención e redución da contaminación ambiental teñen como público obxectivo o sector empresarial galego coa finalidade última de garantir a calidade de vida da poboación galega.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Entre as conclusións da diagnose realizada da xestión de residuos domésticos en Galicia nos últimos anos destacan as seguintes:

1. A baixa xeración per cápita de residuos en Galicia en comparación con outras comunidades autónomas e outros países da Unión Europea.
2. Insuficiente información referente á xeración e recollida de residuos.
3. Avance na recollida de vidro, pero non en papel e envases.
4. Elevada porcentaxe de impropios na recollida selectiva da bolsa amarela e orgánica, o cal fai diminuír o potencial de recuperación de ambas fraccións e as súas posibilidades de aceptación no mercado da reciclaxe e/ou dos fertilizantes e emendas orgánicas no caso da orgánica.
5. As posibilidades de optimización que ofrecen as plantas existentes grazas á implantación de melloras nos procesos de clasificación, recuperación e tratamento que permitan optimizar o rendemento das mesmas.
6. A elevada dispersión territorial non fai aconsellable un modelo único de xestión, debendo incorporarse novas loxísticas para o medio rural onde algunhas recollidas selectivas teñen unha baixa eficiencia.
7. Baixo nivel de desenvolvemento das recollidas a grandes xeradores.
8. Necesidade de ampliar a xestión in situ, especialmente en lugares con elevada dispersión territorial e plantas de tratamento alonxadas, favorecendo o tratamento da fracción orgánica en plantas locais ou comarcais de compostaxe.
9. Necesidade de acometer medidas para impulsar a recollida separada de biorresiduos e a súa reciclaxe (os biorresiduos son aqueles que proceden exclusivamente da recollida selectiva). Dada a importancia da fracción orgánica sobre a xeración total de residuos, e o obxectivo que hai que conseguir antes de 2020, considérase prioritario actuar sobre a súa xestión.

Os indicadores de seguimento do ano 2017 do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022 máis salientables son:

- Xeración de residuos por habitante: 1,125 kg/hab/día.
- Incremento da valorización material ata o 17,6%
- Diminución do rexeitamento, situándose no 32,9%

O Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016–2022 ten unha importancia fundamental á hora de establecer as medidas concretas de redución de residuos en función dos distintos sectores produtivos e dos tipos de residuos producidos por cada un deles, co fin de minimizar, cuantitativamente, o volume, e cualitativamente, a perigosidade dos residuos xerados así como orientar os sistemas do tratamento cara a súa valorización.

O PRIGA establece 17 programas específicos, que articulan obxectivos coherentes co PE-MAR, con medidas concretas para cumprilos que inciden na preparación para a reutilización, e a valorización material dos residuos: un programa transversal de prevención de residuos e dezaseis programas específicos de xestión por fluxos de residuos:

1. Programa de Prevención da xeración de residuos industriais
2. Programa de xestión de residuos de construción e demolición (RCD)
3. Programa de xestión de aceites usados
4. Programa de xestión de residuos sanitarios
5. Programa de xestión de pneumáticos ao final da súa vida útil (NFVU)
6. Programa de xestión de vehículos fóra de uso
7. Programa de xestión de PCB/PCT
8. Programa de xestión de pilas e acumuladores
9. Programa de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)
10. Programa de xestión de lodos de depuración de augas residuais
11. Programa de xestión de residuos agrarios
12. Programa de xestión de residuos metálicos
13. Programa de xestión dos residuos do procesado de recursos mineiros
14. Programa de xestión de buques e embarcacións fóra de uso
15. Programa de xestión de residuos industriais sen lexislación específica
16. Programa de xestión eliminación en vertedoiro
17. Programa de xestión de chans contaminados

As conclusións da diagnose realizada polo PRIGA derivadas da situación actual dos residuos industriais en Galicia son os seguintes:

- A produción de residuos de Galicia amosa unha tendencia decrecente no relativo á produción no período analizado.
- Os residuos industriais sen lexislación específica son os máis amplamente xerados seguido dos residuos metálicos, os RCD e os lodos de depuración de augas residuais.
- Existe unha forte dicotomía a nivel de produción entre as provincias da Coruña e Pontevedra fronte a Lugo e Ourense, o que está directamente relacionado coa industrialización do eixe atlántico respecto do resto do territorio.
- A porcentaxe de residuos industriais aproveitados mediante valorización é elevado, cunha taxa de valorización do 84% fronte a unha eliminación do 16%.
- O modelo de xestión é fundamentalmente a través de operadores privados.
- Unha porcentaxe importante (arredor do 20%) dos residuos industriais producidos en Galicia son xestionados fóra da comunidade, fronte a unha entrada de residuos que representa o 25% da produción de residuos industriais, polo tanto, o balance da xestión é positivo para o sector, xestionando en global máis do que se produce no noso territorio, aínda que existen diferenzas significativas respecto do fluxo que se analice.
- Existe unha ampla rede de xestores de residuos, sobre todo a nivel de valorización intermedia e final dos non perigosos con cobertura suficiente para a práctica totalidade dos residuos producidos.
- Existen varios fluxos de residuos onde non se acada a economía circular; ben por falta de mercado dos produtos elaborados ou porque non se produce a súa valorización, ben sexa por falla de tecnoloxía ou polos custos do proceso de valorización.

Atendendo a esta diagnose debemos incidir principalmente naqueles sectores que producen máis residuos, sen deixar de lado sectores secundarios en termos de xeración de residuos pero cun importante peso económico en Galicia, como o agroalimentario ou o de transformación da madeira e transversalmente, abordar aqueles fluxos de residuos de orixe heteroxénea que presentan maiores dificultades de xestión pola dispersión na súa xeración, o que involucra maiores custos económicos e ambientais na súa xestión.

Cómpre facer especial referencia á situación das instalacións para a xestión de residuos industriais e á capacidade de eliminación de residuos. En Galicia localízanse arredor de 650 instalacións para a xestión de residuos industriais, cunha capacidade de tratamento que supera os 8 millóns de t/ano (excluídas as plantas de clasificación).

No ano 2016 xeráronse en Galicia 3 millóns de toneladas de residuos industriais. Destes, o 95% sobre o total, correspóndense con residuos non perigosos.

Sobre a cantidade xerada de residuos industriais, o seu tratamento, corresponde maioritariamente con operacións de tratamento distintas da eliminación en vertedoiro, acadando para o ano 2016 un valor do 85% sobre o total xerado.

Así mesmo deben manterse os mecanismos necesarios para o control ambiental das actividades industriais galegas, tendo como obxectivo comprobar o grao de cumprimento da normativa ambiental e dos requisitos impostos nas autorizacións e avaliacións ambientais de proxectos, plans e programas, así como a detección de actuacións non autorizadas nin avaliadas pese a estar obrigadas a isto, buscando como fin un nivel elevado de protección do medio ambiente asegurando un desenvolvemento sustentable na Comunidade Autónoma de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa desenvólvese dentro do marco legal establecido por:

- Normativa comunitaria:
 - Directiva (UE) 2018/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases.
 - Directiva (UE) 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos.
 - Directiva (UE) 2018/850 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 1999/31/CE relativa á vertedura de residuos.
 - Directiva (UE) 2018/849 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifican a Directiva 2000/53/CE relativa aos vehículos ao final da súa vida útil, a Directiva 2006/66/CE relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores e a Directiva 2012/19/UE sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
 - Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de novembro de 2010 sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación).
 - Directiva 2008/1/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de xaneiro de 2008, relativa á prevención e ao control integrado da contaminación.
 - Directiva 2008/98/CE, do Parlamento Europeo e do Consejo, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derogan determinadas Directivas (Directiva Marco de Residuos).
 - 2003/33/CE - Decisión do Consello, do 19 de decembro de 2002, pola que se establecen os criterios e procedementos de admisión de residuos nos vertedoiros con arranxo ao artigo 16 e ano anexo II da Directiva 1999/31/CEE
- Normativa estatal:
 - Real decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil.
 - Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido de prevención e control integrados da contaminación.
 - Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

- Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, pola que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.
 - Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados
 - Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
 - Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.
 - Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fora de uso.
 - Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados.
 - Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas.
 - Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.
 - Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
 - Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.
 - Orden INT/624/2008, do 26 de febreiro, pola que se regula a baixa electrónica dos vehículos descontaminados ao final da súa vida útil.
 - Orden MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.
- Normativa autonómica:
 - Lei 1/1995, do 2 de xaneiro de 1995 de Protección ambiental de Galicia.
 - Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia
 - Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
 - Decreto 156/1995, do 3 de xuño de Inspección ambiental.
 - Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e a xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
 - Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.
 - Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados.

- Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 30 do maio de 1996, pola que se regula o exercicio da inspección ambiental única e a tramitación de denuncias ambientais, á súa vez modificada polas ordes do 15 de novembro de 1999 e 13 de marzo de 2000.
- Orde do 20 de xullo de 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regulan os contidos dos estudos de minimización da produción de residuos que deben presentar os produtores de residuos de Galicia.
- Instrución técnica de residuos ITR/01/08, do 8 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, referente á elaboración de solos (tecnosolos) derivados de residuos.

Dentro do planeamento debe destacarse o encadre de parte das actuacións deste programa no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 e no Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Xestión de residuos:

Neste eido continuarase coa progresiva implantación do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022 así como con actuacións que se estenden a diferentes ámbitos:

1. Prevención e redución da produción, partindo dunha política de comunicación a todos os niveis propiciando un cambio progresivo nos procesos produtivos e nos hábitos de consumo así como nos modos de xestión, promovendo un uso máis eficaz dos recursos.
2. Creación dunha rede galega para a preparación, reutilización e reparación.
3. Fomento da recollida selectiva en orixe de todas as fraccións, promovendo o mercado da reciclaxe. En particular, fomentarse a implantación da recollida selectiva da materia orgánica e de biorresiduos entre grandes produtores, especialmente en zoas turísticas.
4. Promoción e apoio ao uso do compost.
5. Fomento da formación e concienciación co fin de implicar á cidadanía e ás distintas organizacións nas actuacións de xestión de residuos (prevención, reciclaxe e compostaxe), con especial atención á sensibilización encamiñada á redución do consumo de bolsas dun solo uso.
6. Potenciar os medios que garantan a calidade e transparencia da información, a través da creación dun sistema compartido e homoxéneo de información estatística, que estea a disposición da poboación e que sexa facilmente comprensible.
7. Apoio ás entidades locais mediante actuacións dirixidas a: (1) potenciar a recollida selectiva en orixe e xestión da fracción orgánica dos residuos municipais coa finalidade de contribuír

ao cumprimento dos obxectivos fixados pola normativa; (2) fomentar a prevención e preparación para a reutilización de residuos municipais; (3) mellorar os servizos de proximidade e as instalacións a disposición dos cidadáns que complementen a función que presta a rede de puntos limpos existente na nosa comunidade autónoma para a entrega de determinados residuos, ao fin de favorecer a súa adecuada recollida e clasificación así como o impulso para a preparación e reutilización, no seu caso.

Así mesmo, no ámbito dos residuos industriais continuarase coa progresiva implantación do Plan de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022, en particular realizaranse actuacións necesarias para acadar os obxectivos do plan sobre redución da produción de residuos industriais e mellora da súa xestión, mediante a implantación das medidas previstas nos programas específicos de xestión 1, 2, 3, 4, 8, 9 e 14 para cada un dos fluxos de residuos:

1. Fomento da prevención da xeración de residuos no sector industrial.
2. Xestión de residuos sanitarios.
3. Prevención e xestión de residuos da construción e demolición (RCD).
4. Fomento da reciclaxe de buques e embarcacións ao final da súa vida útil.
5. Mellora da xestión de aceites usados.
6. Mellora da xestión, da rastrexabilidade e da información dos residuos de pilas y acumuladores
7. Formación-información destinada aos produtores e xestores de Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE).

Control ambiental:

1. Potenciar unha cultura medioambiental nas actividades tendente a fomentar os sistemas de autocontrol ou xestión ambiental, incidindo no enfoque preventivo.
2. Reducir o impacto das actividades no medio ambiente, mediante accións que tendan a conseguir unha mellora ambiental a través da prevención e o control dos incumprimentos que impliquen un maior risco para as persoas e o medio ambiente.
3. Promover a calidade, competencia técnica e mellora continua.
4. Mellorar a avaliación ambiental, garantindo que as declaracións de impacto ambiental, así como as autorizacións ambientais integradas, sexan resoltas no menor tempo posible e dentro do rigor absoluto ao disposto na normativa ambiental.
5. Actuacións de prevención de riscos medioambientais e de recuperación de solos contaminados.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

- Estadísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose)

As actividades do programa non están dirixidas especificamente ás persoas polo que non procede diferenciar a situación de mulleres e homes en relación cos ámbitos de intervención do programa.

- Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito
No medio ambiente, as mulleres de todo o mundo cumpren funcións ben definidas: na ordenación da fauna e da flora, das terras áridas, dos humedais e da agricultura, na xestión da auga, etc. pero tamén na vixilancia do medio. Deste xeito aportan o seu tempo, aptitudes e visión persoal no desenvolvemento das comunidades, converténdose nunha fonte invaluable de coñecementos e pericia na xestión do medio ambiente.

Nun estudo do Banco Mundial do ano 2002 chegouse á conclusión de que a igualdade de xénero é fundamental para a economía dos países e de que o desenvolvemento sostible non é posible sen equidade. Estes dous elementos, igualdade e equidade, son en consecuencia

elementos esenciais e condicións indispensables para a conservación do medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

En calquera análise que se faga da muller e do medio ambiente debe terse en conta:

- A división do traballo e as responsabilidades baseadas no xénero.
- Os coñecementos, e cando nos referimos a eles non falamos só de nivel de educación senón tamén dos coñecementos tradicionais, de gran arraigo en Galicia. Moitos coinciden en sinalar que os coñecementos das mulleres sobre o medio ambiente son un recurso sumamente valioso que se ten desbotado con demasiada frecuencia.
- O acceso aos recursos e o control destes e
- A posición da muller dentro da familia e na comunidade, que determina en gran medida o control que estas teñen sobre as decisións relacionadas co medio ambiente, como as actividades de conservación e rexeneración do medio ambiente.

Deste xeito na parte deste programa enfocada á xestión de residuos é de vital importancia a participación das mulleres nos cambios progresivos nos hábitos de consumo e nos procesos de reutilización e reciclaxe de todo tipo de residuos, na posta en marcha dos proxectos de compostaxe e máis concretamente nos de autocompostaxe. Pero dita participación non pode ser entendida como unha función exclusiva das mulleres, senón que as mulleres son o elemento clave e propulsor da sensibilización, formación e concienciación de todos aqueles que no seu entorno, por descoñecemento ou por abandono non colaboran na promoción dun uso máis eficaz dos recursos nunha economía circular.

- Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto
As actividades do programa benefician á toda a sociedade, polo que non procede diferenciar entre número de homes e mulleres beneficiarias /os do programa de gasto.
- Existencia de indicadores con relevancia de xénero (citar)
Non existen indicadores con relevancia de xénero neste programa de gasto.
- Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo
Non procede.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións previstas están destinadas a toda a sociedade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Todas as accións planificadas prestan atención ao respecto da igualdade entre mulleres e homes, polo que a previsión é que efectivamente redunden nesta liña.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

En todos os contratos tramitados con cargo ao orzamento de 2017, incluíse como cláusula de desempate a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de conformidade co disposto no artigo 75 c) do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016).

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Nos contratos que se tramiten con cargo ao programa durante o 2019, incluírase como condición especial de execución, o respecto ao principio de igualdade de remuneración por razón de sexo previsto no artigo 28 do Estatuto dos Traballadores (Texto Refundido aprobado polo RDL 2/2015, do 23 de outubro), de xeito que a igualdade de funcións e responsabilidade se corresponda co salario.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

III.1.8. PROGRAMA 541E - COÑECEMENTO DO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Instituto de Estudos do Territorio (IET)

Obxectivo estratéxico:

- OE.3.4.03: Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno e identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión.

Indicador de resultado

- IR 3.4.03: Superficie de paisaxe catalogada. (alcanzado en 2016)

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Obxectivo estratéxico:

- OE.3.4.04: Impulsar a sustentabilidade ambiental, desvinculando o crecemento económico da degradación do entorno, mediante o reforzamento do control e a observación ambiental.

Indicador de resultado:

- IR 3.4.04: Poboación exposta a calidade do aire mala ou mellorable.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto da cobertura, principalmente a dúas necesidades fundamentais.

Por unha banda, a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o obxectivo do programa consiste fundamentalmente na protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia, no estudo e análise do territorio e na elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais, así como na promoción da cultura da sustentabilidade territorial, fomentando a sensibilidade da cidadanía sobre o medio ambiente, o territorio e a paisaxe.

As políticas públicas en materia de ordenación do territorio encádranse e atopan a súa xustificación na Axenda Territorial Europea 2020, que ten por obxecto a planificación do territorio cara a constitución dunha política común de cohesión.

A Lei 7/2018, do 7 de xullo, de protección da Paisaxe de Galicia constitúe o marco de referencia para o desenvolvemento das políticas encamiñadas á protección, ordenación e xestión da paisaxe, así como á sensibilización cidadá. Esta lei establece unha serie de instrumentos que se teñen que desenvolver a partires das prioridades definidas na Estratexia da Paisaxe Galega, actualizada para o período 2017-2020, e que propón un plan operativo estruturado en tres obxectivos xerais: a gobernanza da paisaxe, a elaboración de ferramentas específicas para a xestión da paisaxe e a formación e concienciación. Cada un destes obxectivos concrétese en liñas de actuación entre as que se poden destacar a próxima aprobación do regulamento da Lei 7/2008, a elaboración de plans de acción da paisaxe, a promoción dos primeiros pactos pola

paisaxe e a creación do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia como instrumentos para acadar unha mellor gobernanza da paisaxe galega. Así mesmo, establece que estes instrumentos deben ser complementados con outras ferramentas específicas para a xestión da paisaxe. Con este fin darase continuidade á Colección Paisaxe Galega, con novas guías de boas prácticas.

Esta estratexia contempla ademais outras actuacións, como o deseño da rede de itinerarios paisaxísticos contemplada nas Directrices de ordenación do territorio, que conecte lugares de alto valor paisaxístico polos seus elementos naturais e culturais ou os seus valores estéticos e panorámicos, e que deberá planificarse a través da rede viaria e de sendeiros xa existente.

A Estratexia de infraestrutura verde de Galicia ten como obxectivo a identificación e conservación dos elementos do territorio que compoñen a infraestrutura verde, para que a planificación territorial e sectorial asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático e a restauración de ecosistemas degradados, en sintonía coa Comunicación da Comisión Europea "Infraestrutura verde: Mellora do capital natural de Europa: mellora do capital natural de Europa", do 6 de maio de 2013.

No eido da información xeográfica e territorial, dáse cumprimento aos mandatos legais establecidos na Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España, que traspuxo ao ordenamento xurídico español a Directiva 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (INSPIRE), na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio (DOTs), e no Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

Outra das accións que se levan a cabo dentro deste programa de gasto é o desenvolvemento do Plan de seguimento da sustentabilidade territorial, establecido no Decreto 176/2013, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial, que da resposta ás propias determinacións das DOTs.

Por outra banda dende a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, o programa atende ás necesidades derivadas (1) dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e (2) da loita contra o cambio climático e da adaptación ao mesmo.

(1) Observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia.

Unha das funcións esenciais da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático é a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e a súa difusión.

- *Rede de calidade das augas naturais e rede de calidade do aire.*

En materia de calidade das augas, as necesidades ás que atende o programa son, fundamentalmente, as que derivan do cumprimento da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas e da Directiva 2008/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de decembro de 2008, relativa ás normas de calidade ambiental no marco da política, que establece normas de calidade ambiental (NCA) para as substancias prioritarias e para outros contaminantes, co obxecto de conseguir un bo estado químico das augas superficiais.

A Directiva 2000/60/CE, coñecida como a Directiva Marco da Auga, considera que a auga non é un ben comercial senón un patrimonio e que como tal hai que protexelo e defendelo. Por isto, a Directiva define como obxectivo, establecer que o marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas:

- Preveña todo tipo de deterioro adicional e protexa mellor o estado dos ecosistemas acuáticos.
- Promova un uso sustentable da auga na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles.
- Teña por obxecto unha maior protección e mellora do medio acuático, entre outras formas, mediante a interrupción e supresión gradual dos vertidos, das emisións e das perdas de substancias perigosas prioritarias.
- Garanta a redución progresiva da contaminación da auga subterránea e evite novas contaminacións.

Con este marco de protección do estado das augas fixado pola Directiva, búscase:

- Paliar os efectos das inundación e secas.
- Garantir o subministro suficiente de auga superficial ou subterránea en bo estado, tal como require un uso da auga sustentable, equilibrado e equitativo.
- Reducir de forma significativa a contaminación das augas subterráneas.
- Protexer as augas territoriais e mariñas.
- Lograr os obxectivos dos acordos internacionais pertinentes, incluídos aqueles cuxa finalidade é previr e erradicar a contaminación do medio ambiente mariño.

Para acadar estes fins últimos, a propia Directiva 2000/60/CE establece a obriga dos estados membros de realizar un seguimento da calidade das augas superficiais, para poñer en marcha as medidas necesarias co fin de alcanzar o bo estado ecolóxico das mesma.

Este seguimento debe realizarse tendo en conta ademais, o disposto na Directiva 2013/39/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de agosto de 2013, pola que se modifican as Directivas 2000/60/CE e 2008/105/CE no referente as substancias prioritarias no ámbito da política de augas, incluíndo unha serie de novos parámetros que é necesario ter en conta nos plans de control e vixilancia da calidade das augas.

No ámbito da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, soporte analítico da dirección xeral, é o encargado de realizar o seguimento da calidade das augas superficiais. Para cumprir as esixencias da normativa fixada débese dotar ao laboratorio dos instrumentos analíticos e dos métodos de ensaio necesarios.

Por outra banda, e debido á súa incidencia sobre a saúde humana, son prioritarias dende hai décadas no ámbito da política de medio ambiente, as actuacións relativas á calidade do aire e á protección da atmosfera. Neste sentido, as necesidades ás que atende o programa son as que deriva do cumprimento das liñas de actuación fixadas pola Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia, pola Lei 34/2007, do 22 de decembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, pola Directiva 2008/50/CE do Parlamento e do Consello, do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire ambiente e unha atmosfera máis limpa en Europa e polo Real Decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.

A Lei 8/2002, do 18 de decembro, ten como obxectivo o mantemento dunha elevada calidade do aire atmosférico debendo levarse a cabo mediante dúas liñas de actuación fundamentais:

- En primeiro lugar, co establecemento de criterios de calidade (límites de inmisión) para o contido na atmosfera dos distintos contaminantes e, se é o caso, para as taxas de deposición destes sobre os solos, a vexetación, as augas, os materiais, etc.
- En segundo lugar, coa fixación de límites de emisión para a descarga á atmosfera destes contaminantes producidos nas actividades industriais, tráfico, aglomeracións urbanas, etc., e vertidos a través dunha ampla variedade de fontes emisoras (focos fixos, móbiles, emisións fuxitivas ou difusas).

A Lei 34/2007, do 22 de decembro, aportou a base legal para a avaliación e a xestión da calidade do aire en España. Esta Lei ten coma fin último alcanzar uns niveis óptimos da calidade do aire para evitar, prever ou reducir riscos ou efectos negativos sobre a saúde humana, o medio ambiente e demais bens de calquera natureza.

A Directiva 2008/50/CE, que introduce regulacións para novos contaminantes e novos requisitos en canto á avaliación e a xestión da calidade do aire ambiente, establece medidas destinadas a:

- Definir e establecer obxectivos de calidade do aire ambiente para evitar, prever ou reducir os efectos nocivos para a saúde humana e o medio ambiente no seu conxunto.
- Avaliar a calidade do aire ambiente nos estados membros baseándose en métodos e criterios comúns.
- Obter información sobre a calidade do aire ambiente co fin de axudar e combater a contaminación atmosférica e outros prexuízos e controlar a evolución a longo prazo e as melloras resultantes das medidas nacionais e comunitarias.
- Asegurar que esa información sobre calidade do aire está a disposición dos cidadáns.

- Manter a calidade do aire cando sexa boa e melloralala nos demais casos.
- Fomentar o incremento da cooperación entre os Estados membros para reducir a contaminación atmosférica.

Esta Directiva foi trasladada ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, que supón un importante salto cualitativo respecto á normativa estatal en vigor ata a data, en canto ás esixencias de garantía de calidade e rastrexabilidade dos datos. Este Real decreto indica que "Co fin de asegurar a exactitude das medicións e o cumprimento dos obxectivos de calidade dos datos fixados, as autoridades e organismos competentes designados deberán:

- Garantir a rastrexabilidade de todas as medicións efectuadas en relación coa avaliación da calidade do aire ambiente, cos requisitos establecidos na norma UNE-EN ISO/IEC 17025.
- Asegurarse de que as institucións responsables do funcionamento das redes e as estacións individuais dispoñan dun sistema de garantía e control da calidade que inclúa un mantemento periódico dirixido a asegurar a exactitude dos instrumentos de medición.
- Asegurar o establecemento dun proceso de garantía e control da calidade para as actividades de compilación e comunicación de datos e a participación activa das institucións designadas para esa tarefa nos programas afíns de garantía da calidade da comunidade".

O Real decreto 102/2011 tamén ten por obxecto regular a avaliación e establecer métodos e criterios comúns de avaliación das concentracións e depósitos de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno e óxidos de nitróxeno, partículas, chumbo, benceno, monóxido de carbono, ozono, arsénico, cadmio, níquel, benzo(a)pireno en aire ambiente e hidrocarburos aromáticos policíclicos distintos do benzo(a)pireno.

Para o cumprimento da normativa en materia de calidade do aire, os obxectivos estratéxicos da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático van dirixidos a avaliar a calidade do aire a partir dos datos de contaminantes no aire ambiente obtidos pola rede de calidade do aire de Galicia, e reducir os niveis de contaminación, limitando ao mínimo os efectos prexudiciais para a saúde humana, prestando especial atención a poboación máis vulnerable e ao medio ambiente no seu conxunto.

- *Observación meteorolóxica e oceanográfica.*

Doutra banda, o Plan de Acción para a Estratexia Marítima na Área Atlántica establece na súa Prioridade 2 a necesidade de desenvolver as capacidades de observación e predición do océano atlántico dende o litoral ata o océano profundo. Neste senso a Comisión insta os Estados membros a mellorar os sistemas actuais de observación e predición e a desenvolver

novas tecnoloxías que aumenten o coñecemento dos océanos e ofrezan un valor engadido aos sectores económicos costeiros.

A Directiva INSPIRE (Infrastructure for Spatial Information in Europe) establece as regras xerais para o establecemento dunha Infraestrutura de Información Espacial na Comunidade Europea baseada nas Infraestruturas dos Estados membros. Aprobada polo Parlamento Europeo e o Consello o 14 de marzo de 2007 (Directiva 2007/2/CE), a súa transposición ao ordenamento xurídico español faise a través da Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España. Nesta Directiva esíxese que se adopten servizos de datos espaciais comúns para os estados membros entre outros requisitos.

A maiores debe sinalarse que dada a situación xeográfica de Galicia, como avanzada das perturbacións meteorolóxicas atlánticas, esta necesita dispoñer dunha predición meteorolóxica o máis específica e local posible, que facilite a adopción das medidas preventivas necesarias co fin de conseguir a protección do medio ambiente, pesca, agricultura, turismo, protección civil, sanidade e obras públicas fronte a situacións meteorolóxicas potencialmente adversas.

Na actualidade, para seguir fortalecendo a observación da calidade da auga, do aire, a observación meteorolóxica e oceanográfica, é necesario executar actuacións relativas á:

- Mellora da trazabilidade e comparabilidade dos resultados das redes de observación ambiental, para garantir que a información que proporcionan sexa trazable a unidades internacionais e, en consecuencia comparable á información que proporcionan outros centros, laboratorios ou entidades. Neste sentido é necesario verificar o correcto funcionamento dos equipos das redes e levar a cabo as operacións de posta a punto, verificación e calibración coa periodicidade preestablecida e utilizando patróns de rastrexabilidade recoñecida a estándares nacionais, de maneira que se poda garantir a fiabilidade dos resultados obtidos e utilizados na avaliación do ambiente.
- Mellora dos procesos técnicos e de xestión asociados á redes de observación, incluíndo melloras na forma de transmitir ou poñer a disposición dos usuarios dos datos toda a información que proporcionan as redes.
 - Actualización e incorporación de equipos de medida das redes, para incorporar ás redes os avances científicos e técnicos en instrumentación, metodoloxía e medida. Neste sentido resulta de vital importancia dotar de sensores de medida ás das redes de observación meteorolóxica, oceano - meteorolóxica e de analizadores automáticos de contaminantes en aire ambiente á rede de calidade do aire para obter datos fiables e tecnicamente válidos, base da información meteorolóxica e climática e a avaliación da calidade do aire. Tamén é necesario dotar ao Laboratorio de Medio Ambiente da instrumentación analítica precisa para levar a cabo as análises químicas de substancias prioritarias, de acordo aos requisitos de calidade e cos límites de cuantificación establecidos nas directivas citadas anteriormente.

Para realizar as citadas actuacións no orzamento contémplanse unha serie de servizos e subministracións que permitirán acometer as actuacións especificadas e dar cumprimento estrito á normativa nacional, autonómica e comunitaria na materia.

(2) Loita contra o cambio climático e da adaptación ao mesmo.

Con cargo ao programa 541E atenderanse ás necesidades derivadas da loita contra cambio climático en Galicia e a adaptación ao mesmo.

O Consello Europeo, no punto 10 das súas recomendacións do 7 e 8 de febreiro de 2013, dispón que “A consecución óptima dos obxectivos fixados en certos ámbitos de actuación depende de que as prioridades correspondentes, como a protección do medio ambiente, se integre en diversos instrumentos noutros ámbitos de actuación. Os obxectivos fixados en materia climática representarán como mínimo o 20 % do gasto da UE durante o período 2014- 2020, e reflectiranse por conseguinte nos instrumentos adecuados para que contribúan a reforzar a seguridade do abastecemento enerxético, a construír unha economía con poucas emisións de carbono e resistente ao cambio climático que aumente a competitividade de Europa e a crear máis emprego e postos de traballo máis ecolóxicos”.

Neste sentido, o Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 establece que se financiarán proxectos que permitan analizar a escala rexional o impacto do cambio climático en Galicia sobre os sectores implicados e que, en consecuencia, permita adoptar medidas de adaptación apropiadas, incluíndo a prevención de riscos derivados do cambio climático.

O Programa Operativo establece tamén que se financiarán proxectos vinculados á análise sectorial sobre a adaptación ao cambio climático e o deseño de modelos de predición específicos para Galicia, que permitan analizar a escala rexional os cambios climáticos e o impacto do cambio climático sobre o territorio, a agricultura e os recursos naturais e os diversos sectores económicos afectados. Estas análises permitirán definir medidas de adaptación sectoriais apropiadas.

Cos datos dispoñibles ata o de agora, prevese que un dos sectores de Galicia que maior impacto vai a sufrir debido ao cambio climático é a liña de costa. Neste sentido executaranse proxectos sobre impactos, vulnerabilidades e plans de acción para a adaptación da costa galega ao cambio climático, mediante o que se estudarán os cambios na dinámica costeira galega, os efectos e unha serie de potenciais opcións de resposta e adaptación.

Así mesmo, hai unha serie de aspectos que son irrenunciáveis se se quere conseguir eficacia na loita contra o cambio climático e na implantación de medidas de adaptación, e é a necesaria colaboración de todos os actores da sociedade e de todos os estamentos da administración pública. Por iso, todas as actividades relacionadas coa implantación da estratexia de cambio climático levarán asociadas actividades de comunicación e, no seu caso, de concienciación, tanto para dar a coñecer o traballo realizado e as razóns das accións emprendidas, como para implicar nelas a todos aqueles sectores e estamentos dos que depende o éxito das accións e medidas definidas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O obxecto do mesmo determina o carácter universal deste programa.

Non obstante, o plan de seguimento da sustentabilidade territorial e a Estratexia da Paisaxe Galega, van especialmente dirixidos aos xestores públicos, que deben velar polo seu cumprimento.

As actuacións relativas á información xeográfica e territorial van encamiñadas ás administracións públicas, centros de investigación e, en xeral, calquera entidade ou organismo con actividades vinculadas ao territorio. A estes colectivos hai que engadir a poboación en xeral, que cada vez é máis demandante de información cunha compoñente espacial ou xeográfica.

Os programas de educación sostible e coñecemento do territorio e da paisaxe están especialmente dirixidos ao profesorado e alumnado dos centros educativos de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

As Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral, como instrumentos de ordenación do territorio, son unha sólida ferramenta para acometer o reto da incorporación do coñecemento do territorio na praxes urbanística, superando as actuacións insostibles no territorio.

A xestión da paisaxe é unha actividade relativamente recente nas administracións públicas e sobre a cal non existen referentes claros noutras administracións na elaboración dos instrumentos de planificación da paisaxe. Non obstante, dispónse xa en Galicia dunha base de coñecemento e experiencia desenvolvida nos últimos anos, o que permitiu acometer con garantías a elaboración do Catálogo das Paisaxes de Galicia e permite a redacción dos informes de integración paisaxística que se veñen elaborando. Esta experiencia vai permitir no futuro próximo a aprobación das Directrices de Paisaxe e do resto dos instrumentos de protección da paisaxe situando a Galicia como unha das comunidades autónomas de referencia nesta materia.

No ano 2018 creouse o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, órgano colexiado de carácter técnico e de asesoramento en materia da paisaxe con funcións de colaboración e cooperación entre administracións públicas con competencia no territorio para a promoción e desenvolvemento de políticas comúns, coordinadas e programadas, que poidan ter un impacto directo ou indirecto en materia da paisaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

No ano 2018 tamén se asinou o Protocolo xeral de actuación entre o Organismo Autónomo Instituto de Estudos do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento dos pactos pola paisaxe, co obxecto de establecer un modelo harmonizado de pactos, entendidos como instrumentos para acadar unha mellora gobernanza da paisaxe galega.

Na actualidade a Colección Paisaxe Galega xa conta coas seguintes guías de boas prácticas: de intervención en sistemas praia – duna, de estudos de impacto e integración paisaxística, para intervención nos núcleos rurais, de caracterización e integración paisaxística de valados, para a elaboración de estudos de paisaxe urbano (en elaboración).

Cóntase cunha Guía de cor e materiais de Galicia, que contén uns criterios e directrices técnicas, científicas e obxectivas para a regulación do emprego da cor e os materiais de revestimentos arquitectónicos nas paisaxes urbanas e rurais, orientadas a acadar unha axeitada integración paisaxística e así contribuír a unha maior calidade dos espazos públicos urbanos e do medio rural.

No ano 2018 elaborouse unha proposta de itinerarios de interese paisaxístico para poñer en valor diversos elementos que conforman o territorio, sendo o sistema de sendeiros e camiños un modo directo de interacción entre a paisaxe e a cidadanía. Contribuirá á concienciación da cidadanía sobre os efectos da paisaxe no seu benestar.

No que respecta á información xeográfica e territorial, resulta unha eiva, a dispersión e a falta de homoxeneidade ou carencia de datos coas características e calidades necesarias para poder ser empregada polas novas tecnoloxías (TIC-SIX). Esta situación está en proceso de corrección, tras a entrada en vigor no mes de febreiro de 2017, do Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, aprobado polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, que ten por obxecto a ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, no marco das competencias da comunidade autónoma.

Dende a entrada en funcionamento no ano 2012, o Instituto de Estudos do Territorio está resultando un instrumento transversal do goberno, encargándose do desenvolvemento, tanto da Lei de protección da Paisaxe de Galicia, como dos instrumentos de planificación do territorio, así como da posta en marcha dun Sistema de Información Xeográfica corporativo en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). Nesta liña de actuación, coordínase cos diferentes departamentos da Xunta de Galicia dentro da Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica. Tamén fomenta a cultura de corresponsabilidade, desenvolvendo un programa proactivo que forme cidadáns responsables e conscientes nos valores territoriais e paisaxísticos de Galicia con iniciativas como o Plan “Proxecta”.

(I) Observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia.

- *Redes de calidade das auga e de calidade do aire.*

Como se puxo de manifesto nas necesidades a satisfacer, a normativa ambiental esixe a execución de probas, análises ou mostraxes que sirvan de presuposto para o establecemento de medidas correctoras, como contrastación na existencia ou o cumprimento das condicións impostas na autorización, actuación inspectora etc., o que obriga a dispor dunha unidade administrativa que poida prestar apoio técnico aos órganos afectados. En Galicia esta unidade administrativa é o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, que presta un servizo a diferentes organismos da

Xunta de Galicia en temas de impacto ecolóxico, contaminación biolóxica en augas e no diagnóstico da recuperación tras un vertido.

O laboratorio esta acreditado segundo os requirimentos de norma ISO 17025 para ensaios en aire e auga, o que garante a fiabilidade destas actuacións analíticas.

Durante os últimos anos a rede de calidade das augas, dando cumprimento á Directiva Marco da Auga, foise ampliando e na actualidade consta de cento corenta e sete puntos de mostreo sistemático de augas continentais e de oitenta e nove puntos de toma de mostras sistemáticas de augas costeiras e de transición.

Esta rede obtén parámetros físico-químicos e biolóxicos que permiten:

- Avaliar o cumprimento da normativa vixente.
- Servir de base para desenvolver estratexias de prevención contra a contaminación.
- Avaliar, de maneira sistemática, a afección dos vertidos nas augas costeiras e de transición.
- Avaliar a efectividade das medidas desenvolvidas para o control e a redución da contaminación.

Durante o ano 2017 o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia realizou 78.877 análises en materia de calidade da auga, en augas naturais continentais, augas de transición e augas costeiras, o que permitiu avaliar o estado químico e ecolóxico das masas de augas segundo o establecido na Directiva Marco da Auga.

A Rede de vixilancia e control da calidade do aire de Galicia está composta por distintos tipos de estacións: urbanas, industriais, rurais e de fondo. Ditas estacións cumpren diferentes funcións, dependendo da súa situación, poboación á que representan e o grao de cumprimento dos requisitos de macro e micro implantación esixidos pola normativa vixente.

A rede urbana, xestionada e mantida pola Xunta de Galicia, consta na actualidade de 15 estacións fixas cuxo sistema de xestión da calidade está certificado segundo os requirimentos da Norma ISO 9001:2008. Pola súa banda, a rede industrial, que consta de varias subredes asociadas a distintas empresas, ten a finalidade de aportar datos para a vixilancia da calidade do aire no seu entorno. A Xunta ten a obriga de velar polo grao de cumprimento desta finalidade e de enviar os datos validados ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

As estacións están dotadas de analizadores automáticos de medida de contaminantes en aire ambiente que miden dióxido de xofre, óxidos de nitróxeno, ozono, monóxido de carbono, benceno, tolueno e xileno, e material particulado de corte 10 μ m e de corte 2,5 μ m. Estes analizadores rexistran e transmiten cada cinco minutos ao centro de datos da rede, xestionada pola Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, datos cada un deses contaminantes.

Neste centro de datos dispónse de ferramentas para recepción, almacenamento, compilación, tratamento e visualización destes datos.

Tamén están dotadas de captadores de material particulado en aire ambiente (filtros), que se utilizan para caracterizar o material particulado previa análise química do contido de metais e hidrocarburos aromáticos policíclicos.

As sinerxías entre rede de vixilancia da calidade do aire e a modelización numérica de Meteogalicia permiten ampliar as capacidades de modelización e predición en atmosfera á predición de episodios de contaminación atmosférica e avaliación da calidade do aire.

Durante o ano 2018 a rede de calidade do aire empregou 3.130.307 de datos de concentración de contaminantes no aire ambiente para avaliar a calidade do aire en Galicia e a súa mellora, de conformidade cos valores establecidos no Real Decreto 102/2011.

- *Observación meteorolóxica e oceanográfica:*

A rede de observación meteorolóxica e oceanográfica está formada por:

- Un radar Meteorolóxico que rexistra datos das seguintes variables: reflectividade, tipo e intensidade de precipitación, choiva e neve acumulada, saraiba.
- Catro equipos de detección e rexistro de raios.
- Cento corenta e sete estacións meteorolóxicas e agro-meteorolóxicas, nas que se rexistran de maneira continua datos de variables climáticas e agro-meteorolóxicas: temperatura, precipitación, humidade relativa, velocidade e dirección do vento, radiación solar, balance hídrico, taxa de evaporación, humidade foliar, temperatura e humidade do chan, horas de frío, temperatura de orballo.
- Seis estacións océano-meteorolóxicas nas que se rexistran datos de variables océano-meteorolóxicas: temperatura da auga, dirección do vento, osíxeno disolto, salinidade, PH, condutividade, clorofila A, vectores de corrente mariña.

Os equipos das redes transmiten os datos a tempo real ao centro de xestión de datos de Meteogalicia, no que se dispón de ferramentas para a recepción, almacenamento, compilación, tratamento e visualización dos datos. As Redes complétanse cos modelos numéricos de atmosfera e mar que permiten aplicar técnicas de rexionalización a partir de modelos globais.

O sistema de xestión da calidade destas redes está certificado seguindo os requirimentos da Norma ISO9001:2008.

Toda esta información ten permitido elaborar unha serie de produtos e servizos específicos para a sociedade en xeral e para colectivos específicos. Algúns dos produtos específicos desenvolvidos nos últimos anos, son predicións para confrarías, predición para os Camiños de San-

tiago, predición marítima, etc., que se difunden a través da páxina web de MeteoGalicia (www.meteogalicia.es).

MeteoGalicia tamén elabora produtos axeitados ás necesidades das actuacións dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, como o Plan de asolagamentos de Augas de Galicia, o Plan da contaminación mariña accidental da Consellería do Mar e o Sistema de información agrometeorolóxica da Consellería do Medio Rural, a elaboración de alertas por adversos meteorolóxicos para a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, etc. Así mesmo, colabora con outros organismos do Estado situados na comunidade autónoma (Puertos del Estado, CSIC, IEO, etc).

Durante os últimos anos tense feito un esforzo considerable por poñer a dispor da sociedade en formatos estándares todo os datos da rede e dos modelos de predición segundo a Directiva INSPIRE. Actualmente esta información está sendo usada por multitude de grupos de investigación do sistema universitario galego e mais dun centenar de empresas.

A rede de observación da calidade da auga e da calidade do aire e a rede de observación meteorolóxica e oceanográfica constitúen potentes instrumentos da administración galega para facer un exhaustivo seguimento da calidade do ambiente. A dotación de equipos levada a cabo nos últimos anos na rede reforzounas de modo considerable. Non obstante atendendo ás novas ameazas derivadas do cambio climático é preciso avanzar na súa mellora para así afrontar novos riscos ambientais.

(2) Loita contra o cambio climático e da adaptación ao mesmo.

A finais de 2018 prevese concluír a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e a Estratexia de Sustentabilidade, ambas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Tras a diagnose da situación de partida do cambio climático en Galicia, realizada polas estratexias estableceranse liñas para acadar as metas fixadas polas estratexias e definiranse plans de acción cun horizonte 2050.

E en canto á implicación de todos os estamentos da administración pública, a iniciativa da Unión Europea coñecida como o Pacto de Alcaldes polo Clima e a Enerxía, é o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático. Con este obxectivo, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asumiu o papel de Coordinador en Galicia do Pacto dos Alcaldes, para promover a adhesión dos municipios de Galicia ao Pacto e para ofrecer aos municipios adheridos o apoio necesario para asumir os compromisos adheridos coa súa adhesión: alcanzar os obxectivos europeos para 2030 en materia de clima e enerxía e adoptar un enfoque integral para a atenuación do cambio climático e a adaptación a este fenómeno. Durante o ano 2020 continuarase impulsado esta iniciativa..

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

No que atinxe ao eido do Instituto de Estudos do Territorio:

- Lei 7/1986, de 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía.
- Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.
- Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei de Patrimonio Natural e Biodiversidade.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Real decreto 1071/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o sistema xeodésico de referencia oficial en España.
- Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional.
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio.
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación del Litoral de Galicia.
- Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio.
- Decreto 156/2012, do 12 de xullo, polo que se crea a Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.
- Decreto 172/2012, do 1 de agosto, polo que se regula a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía.
- Decreto 193/2012, do 27 de setembro, polo que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental, modificado polo Decreto 11/2018, do 18 de xaneiro.
- Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial.
- Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.
- Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.
- Decreto 19/2018, do 1 de febreiro, polo que se crea e regula o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.
- Estratexia da Paisaxe Galega. Planificación 2017-2020.

- Directiva 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (INSPIRE).
- Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións Infraestrutura verde: Mellora do capital natural de Europa: mellora do capital natural de Europa.
/* COM/2013/0249 final */

No que atinxe á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático:

- Normativa comunitaria
 - Directiva 2013/39/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de agosto de 2013, pola que se modifican as Directivas 2000/60/CE e 2008/105/CE en canto ás substancias prioritarias no ámbito da política de augas.
 - Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións. Plan de acción para unha estratexia marítima na rexión atlántica. Promover un crecemento intelixente, sostible e integrador – COM/2013/0279 final.
 - Directiva 2008/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, relativa ás normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas, pola que se modifican e derrogan ulteriormente as Directivas 82/176/CEE, 83/513/CEE, 84/156/CEE, 84/491/CEE e 86/280/CEE do Consello, e pola que se modifica a Directiva 2000/60/CE.
 - Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire e a unha atmosfera máis limpa en Europa.
 - Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece o marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.
- Normativa estatal
 - Real Decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.
 - Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
- Normativa autonómica
 - Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Incorporar a paisaxe nos instrumentos de ordenación do territorio, no planeamento urbanístico e mesmo nas accións territoriais públicas na procura da preservación dos valores non renovables do territorio no proceso de desenvolvemento necesario da sociedade.

Levar as cuestións da paisaxe á primeira liña de interese en materia de ordenación territorial en claves de sustentabilidade e gobernanza cidadá, a través do desenvolvemento dos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe contemplados na lei. Isto implicará a aprobación das Directrices de paisaxe e a posta en marcha dos primeiros plans de acción da paisaxe.

Complementar os instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe establecidos na Lei 7/2008 con outras ferramentas complementarias destinadas a mellorar a gobernanza da paisaxe e a súa xestión, tales como os pactos pola paisaxe e as guías de integración paisaxística.

Poñer ao servizo da administración e da poboación en xeral a información básica para a planificación territorial e, deste xeito, formular actuacións integradas no marco dun desenvolvemento sustentable, empregando as novas ferramentas de xestión da información xeográfica e territorial TIC_SIX.

Sentar as bases dunha acción coordinada e consensuada de goberno, que sexa quen de conducir a unha sociedade máis cohesionada e respectuosa coa necesaria conservación activa dos recursos naturais a través da elaboración de plans e estudos territoriais orientados a unha xestión integral e sostible do territorio.

Executar o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e de sustentabilidade territorial, de acordo co disposto no Decreto 176/2013, do 21 de novembro.

Dar apoio ao labor pedagóxico do profesorado, de cara a realizar, por parte do alumnado, accións de mellora do entorno e protección da paisaxe. En concreto, continuar co programa educativo “Paisaxe - Sustentabilidade” coa finalidade de sensibilizar aos máis novos sobre a importancia do valor natural, cultural, emocional e económico da paisaxe.

Colaborar no desenvolvemento da Estratexia de Infraestrutura verde de Galicia.

Por outra banda, en canto ás finalidades ás que atente o programa dende a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático cómpre indicar as seguintes:

- I. Reforzar os sistemas de observación da calidade do aire e da calidade das augas e os sistemas de observación meteorolóxica e oceanográfica, para mellorar cualitativa e cuantitativamente a información dos ecosistemas galegos e en consecuencia:
 - Dispoñer de series de datos temporais de variables climáticas atmosféricas, oceanográficas, sobre a calidade do aire e a calidade das augas.
 - Garantir a fiabilidade das series de datos obtidas.
 - Rexistrar, almacenar, compilar e xestionar eses datos con técnicas baseadas en Big Data. Desta forma será posible dispoñer en calquera momento de información adaptada ás necesidades dos usuarios dos datos, que poderán avaliar os cambios e tendencias nas variables rexistradas e en consecuencia a vulnerabilidade dos sistemas fronte ao cambio climático.

- Ampliar variables a monitorizar e así mellorar a avaliación da vulnerabilidade dos ecosistemas.
 - Incorporar tecnoloxía que permita automatizar a obtención e xestión de datos.
 - Avanzar no deseño de modelos de predición específicos para Galicia, que permitan analizar a escala rexional o impacto do cambio climático sobre os ecosistemas galegos.
2. Eficiencia e celeridade na reacción fronte a catástrofes naturais. Neste sentido, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático continuará no desenvolvemento de plans de actuación operativa co fin de prestar unha resposta inmediata, áxil e eficiente en termos de tempo e recursos dispoñibles na xestión e coordinación de emerxencias fronte a catástrofes naturais, tecnolóxicas ou antropoxénicas.
- Así mesmo prestara o seu apoio na xestión de emerxencias producidas como consecuencia dos fenómenos meteorolóxicos, que poidan poñer en risco á poboación, ás instalacións, subministracións e infraestruturas críticas ou ben ao medio ambiente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Impulso da investigación en meteoroloxía e oceanografía así coma en prevención de riscos naturais, o que permitirá desenvolver os modelos e plans de continxencia axeitados para prever riscos meteorolóxicos, de incendios, derivados de vertidos acuáticos e mariños e de emisións á atmosfera, mellorando a predición meteorolóxica e oceanográfica da nosa comunidade.
4. Mediante as accións a realizar en materia de cambio climático, preténdese mellorar cualitativa e cuantitativamente a estrutura para a toma de decisións en relación coa adaptación ao cambio climático en todos os sectores afectados. Partindo do instrumento planificador de Galicia en materia de adaptación ao cambio climático, a Estratexia Galega de Cambio Climático 2050, e da Estratexia de Sustentabilidade, realizaranse actuacións destinadas a implantar medidas de mitigación eficaces e para executar plans de acción para a adaptación de Galicia ao cambio climático.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En todos os servizos que contrata o Instituto de Estudos do Territorio, nos pregos de cláusulas administrativas particulares establece que, no caso de empate (igualdade na valoración das proposicións) terá preferencia na adxudicación a empresa que acredite a certificación da implantación dun plan de igualdade conforme o establecido no artigo 67 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade ou equivalente. De continuar o empate, a adxudicación efectuarase ao licitador que acredite a obtención da Marca galega de excelencia en igualdade conforme o artigo 75 do referido Decreto legislativo 2/2015, e se aínda continuara o empate, a preferencia na adxudicación será da empresa que establece a favor dos seus traballadores e traballadoras medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, de acordo co establecido no artigo 29.4 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

- Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose)
As actividades do programa non dirixidas especificamente ás persoas polo que non procede diferenciar a situación de mulleres e homes en relación cos ámbitos de intervención do programa.
- Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito.

Calquera política a facer no eido do cambio climático debe partir dun recoñecemento claro da igualdade de xénero e iso por:

- As mulleres son os pilares da sociedade e determinan xeralmente a capacidade das comunidades de adaptarse ou recuperarse dunha catástrofe.

- As mulleres teñen coñecementos inestimables para actuar como líderes na transición a unha economía baixa en carbono e implementar maneiras innovadoras de adaptarse a un ambiente inestable.
- Tal e como recolle a Resolución do Parlamento Europeo, do 11 de setembro de 2012, sobre o papel das mulleres na economía verde (2012/2035 (INI)), “as políticas de medio ambiente teñen un impacto directo sobre a saúde e a situación das persoas, e que a desigualdade de xénero, combinada cunha falta de sensibilidade cara ás diferenzas na situación e as necesidades económicas e sociais das mulleres, fai que elas adoiten sufrir de maneira desproporcionada a degradación ambiental”. Ademais, “nalgunos Estados membros o papel da muller na economía ecolóxica está infravalorado e non está recoñecido, dando orixe a numerosas discriminacións en termos de falta de beneficios, como a protección social, o seguro sanitario, os salarios adecuados e o dereito á pensión”.

Deste xeito na parte deste programa enfocada ao cambio climático debe terse claro que a igualdade de xénero é un compoñente principal do desenvolvemento sostible e que a participación activa tanto de homes coma de mulleres nos procesos de decisión, planificación e implementación resulta clave nas actividades de adaptación e mitigación.

- Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto.
As actividades do programa benefician a toda a sociedade, polo que no procede diferenciar entre número de homes e mulleres beneficiarias /os do programa de gasto.
- Existencia de indicadores con relevancia de xénero (citar).
Non existen indicadores con relevancia de xénero neste programa de gasto.
- Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo.
Non procede.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	

Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións previstas están destinadas a toda a sociedade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Todas as accións planificadas prestan especial atención ao respecto da igualdade entre mulleres e homes e sobre a redución da brecha de xénero existente polo que a previsión é que efectivamente redunden nesta liña.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

En todos os contratos tramitados con cargo ao orzamento de 2017, incluíse como cláusula de desempate a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de conformidade co disposto no artigo 75 c) do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016).

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Nos contratos que se tramiten con cargo ao programa durante o 2019, incluírase como condición especial de execución, o respecto ao principio de igualdade de remuneración por razón de sexo previsto no artigo 28 do Estatuto dos Traballadores (Texto Refundido aprobado polo RDL 2/2015, do 23 de outubro), de xeito que a igualdade de funcións e responsabilidade se corresponda co salario.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Instituto de Estudos do Territorio

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 451A FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA	
Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente	
<p>Prioridade de Actuación: PA04 - Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar a rehabilitación da vivenda e a renovación urbana, recuperando o patrimonio residencial construído e minorando os impactos no medio, para satisfacer as necesidades de vivenda da poboación, a calidade de vida da cidadanía e dinamizar o sector da construción.</p>	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
<p>OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>OI05 - Transferencias internas (Actuacións de soporte e apoio)</p> <p>0001 - Rehabilitación illada de edificios.</p> <p>0002 - Rehabilitación directa polo IGVS.</p> <p>0003 - Fomento das Áreas de Rehabilitación Integral.</p>	
Indicador	Valor Previsto
P00315 - Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación	52
P0045J - Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda	2.445
Programa: 451B ACCESO Á VIVENDA	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
<p>Prioridade de Actuación: PA05 - Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Facilitar o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos</p>	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
<p>OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0001 - Accións para promover o acceso á vivenda en propiedade.</p> <p>0002 - Accións para promover o acceso á vivenda en aluguer.</p> <p>0003 - Prevención da exclusión residencial.</p>	
Indicador	Valor Previsto
P00301 - Superficie de planeamento aprobado	264.498
P00302 - Superficie de planeamento en tramitación	25.860
P00304 - Superficie de solo adquirido	60.000
P00305 - Superficie de solo en proceso de urbanización	500
P00314 - Vivendas de promoción pública licitadas	3
P0045D - Axudas concedidas para o acceso á vivenda	3.858
Programa: 521A URBANISMO	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
<p>Prioridade de Actuación: PA04 - Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego, fomentando a participación da cidadanía no mesmo e a protección do solo e apoio á administración local.</p>	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
<p>OI05 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>OI06 - Transferencias internas (Actuacións de soporte e apoio)</p> <p>0001 - Completamento do planeamento xeral da toda a Comunidade Autónoma</p> <p>0002 - Elaboración, coordinación, seguimento e control das políticas territoriais e de utilización racional do solo e dos seus instrumentos de planificación</p> <p>0004 - Accións para racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais</p>	
Indicador	Valor Previsto
P00024 - Número de actuacións de mellora de contornos urbanos e dos núcleos rurais	69
Programa: 531A PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente	
Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Ofertar solo industrial de calidade e axustado á demanda, impulsando este recurso como polo de atracción de empresas, facilitando a implantación de novas empresas no noso territorio e evitando a deslocalización das implantadas	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Adquisición de solo.	
0002 - Urbanización de solo industrial	
Indicador	Valor Previsto
P00302 - Superficie de planeamento en tramitación	1.645.494
P00304 - Superficie de solo adquirido	23.000
P00305 - Superficie de solo en proceso de urbanización	800.000
Programa: 541A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA04 - Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I01 - Contribuír á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe	
Programa: 541B CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA04 - Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Garantir un estado de conservación favorable do patrimonio natural, impulsando unha xestión e protección eficiente e sustentable.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI04 - GASTOS DE PERSOAL	
0001 - Desenvolvemento de proxectos para o mantemento das condicións ambientais necesarias para a conservación ou recuperación de especies relacionadas o medio agrario e os seus hábitats en zonas da Rede Natura 2000 e outras áreas de alto valor natural.	
0002 - Accións para a mellora dos hábitats, da paisaxe rural e do desenvolvemento de actividades tradicionais.	
Indicador	Valor Previsto
P0045M - Axudas en materia de conservación da natureza	2.639
P01004 - Número de efectivos	476
P01028 - Actuacións vinculadas co uso público	50
P01029 - Actuacións vinculadas coa mellora do coñecemento e do estado de conservación de hábitats e especies silvestres	84
Programa: 541D CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA05 - Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos a través da xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI09 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0004 - Implantación de sistemas que garantan un alto nivel de recollida selectiva, separación, reciclado e tratamento de residuos.	
0005 - Control preventivo das actividades dos produtores e xestores de residuos.	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0008 - Medidas destinadas á restauración de áreas degradadas.	
Indicador	Valor Previsto
DOE011 - Capacidade adicional no tratamento e a xestión dos residuoscomerciais, industriais ou perigosos. Toneladas/ano	21.592
DOE022 - Capacidade adicional de recollida e transporte de Residuos Adoitados urbanos. Toneladas/ano	6.555
P00306 - Superficie total de chan rehabilitado	14
Programa: 541E COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA04 - Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno e identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O107 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Sistema de seguimento das DOT e dos restantes instrumentos de ordenación do territorio.	
0002 - Aprobación do Atlas das Paisaxes de Galicia contendo os Catálogos de Paisaxe e as Directrices de Paisaxe de Galicia.	
0004 - Formación e divulgación en materia de territorio, paisaxe e sustentabilidade.	
0005 - Xestión da Infraestrutura de datos espaciais(IDEG) e do Sistema de información xeográfica (SIX) corporativo.	
Indicador	Valor Previsto
P00020 - Actuacións de estudo, difusión e promoción	13
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Impulsar a sustentabilidade ambiental, desvinculando o crecemento económico da degradación do entorno, mediante o reforzamento do control e a observación ambiental	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Adquisición, calibración e mantemento de equipos de calidade do aire, meteorolóxicos e oceanográficos	
0004 - Incremento da actividade e o ámbito de actuación da rede de observación ambiental.	
Indicador	Valor Previsto
P01013 - Determinacións en materia de calidade do aire	3.516.275
P01015 - Determinacións en materia de meteoroloxía	116.341.560

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	01	02	03	04
521A-Urbanismo	1.773			14.006
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	4.124			
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural	1.413		32.256	
541D-Control ambiental e xestión de residuos		17.562		
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade		2.582		
Total	7.311	20.144	32.256	14.006

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos		
	81	83	Total
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda		49.005	49.005
451B-Acceso á vivenda		28.820	28.820
521A-Urbanismo			15.780
531A-Promoción de solo para actividades económicas		17.878	17.878
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente			4.124
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural			33.669
541D-Control ambiental e xestión de residuos			17.562
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade	3.129		5.711
Total	3.129	95.703	172.550

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	IV	VI	VII	VIII	Total
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda	8.874	4.448	250	12.524	22.669	240	49.005
451B-Acceso á vivenda			10.381	13.884	4.454	100	28.820
521A-Urbanismo	3.381	37	1.773	5.045	5.544		15.780
531A-Promoción de solo para actividades económicas				5.200		12.678	17.878
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	3.319	683	112	10			4.124
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural	17.239	4.950	1.539	6.923	3.018		33.669
541D-Control ambiental e xestión de residuos	5.193	105		10.977	1.287		17.562
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade	2.100	337	38	2.720	516		5.711
Total	40.107	10.560	14.093	57.284	37.488	13.018	172.550

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.634	4.732	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	683	683	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.756	1.885	7,3
Cap. VI - Investimentos reais	10	10	0,0
Total	7.083	7.311	3,2

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

02 D.X DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.085	5.193	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	292	360	23,3
Cap. VI - Investimentos reais	15.441	13.191	-14,6
Cap. VII - Transferencias de capital	0	1.400	0,0
Total	20.818	20.144	-3,2

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

03 D.X DE PATRIMONIO NATURAL	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	15.455	15.826	2,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.776	4.950	31,1
Cap. IV - Transferencias correntes	647	1.539	137,9
Cap. VI - Investimentos reais	7.901	6.923	-12,4
Cap. VII - Transferencias de capital	2.391	3.018	26,2
Total	30.169	32.256	6,9

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

04 D.X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.310	3.381	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	125	37	-70,6
Cap. VI - Investimentos reais	8.633	5.045	-41,6
Cap. VII - Transferencias de capital	5.366	5.544	3,3
Total	17.433	14.006	-19,7

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

81 INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.057	2.100	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	79	82	3,9
Cap. IV - Transferencias correntes	38	38	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	908	506	-44,3
Cap. VII - Transferencias de capital	0	403	0,0
Total	3.081	3.129	1,6

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

83 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	8.690	8.874	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.448	4.448	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	7.779	10.631	36,7
Cap. VI - Investimentos reais	33.651	31.608	-6,1
Cap. VII - Transferencias de capital	21.569	27.123	25,8
Cap. VIII - Activos financeiros	16.841	13.018	-22,7
Total	92.978	95.703	2,9

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2018	2019	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	7.083	7.311	3,2
02 D.X DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO	20.818	20.144	-3,2
03 D.X DE PATRIMONIO NATURAL	30.169	32.256	6,9
04 D.X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	17.433	14.006	-19,7
81 INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	3.081	3.129	1,6
83 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	92.978	95.703	2,9
Total	171.563	172.550	0,6

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Cap. I - Gastos de persoal	28.484	29.132	10.746	10.975	0	0	39.230	40.107
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.876	6.030	4.527	4.530	0	0	9.403	10.560
Cap. IV - Transferencias correntes	20.804	24.790	7.817	10.669	18.401	21.366	10.220	14.093
OPERACIÓNS CORRENTES	54.164	59.952	23.090	26.175	18.401	21.366	58.853	64.761
Cap. VI - Investimentos reais	31.985	25.169	34.559	32.115	0	0	66.543	57.284
Cap. VII - Transferencias de capital	70.147	75.241	21.569	27.526	62.390	65.279	29.325	37.488
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	16.841	13.018	0	0	16.841	13.018
OPERACIÓNS DE CAPITAL	102.131	100.410	72.969	72.658	62.390	65.279	112.710	107.789
Total	156.296	160.363	96.059	98.832	80.792	86.645	171.563	172.550

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Medios Personais

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	2019
Altos Cargos	5
Persoal Funcionario	524
Subgrupo A1	170
Subgrupo A2	44
Subgrupo C1	240
Subgrupo C2	57
Agrupacións profesionais	13
Persoal Laboral	311
Grupo I	58
Grupo II	10
Grupo III	31
Grupo IV	35
Grupo V	177
TOTAL	840

Medios Personais

Instituto de Estudos do Territorio	2019
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	18
Subgrupo A1	8
Subgrupo A2	1
Subgrupo C1	3
Subgrupo C2	6
Persoal Laboral	38
Grupo I	22
Grupo II	5
Grupo III	11
TOTAL	57

Medios Personais

Instituto Galego da Vivenda e Solo	2019
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	240
Subgrupo A1	49
Subgrupo A2	73
Subgrupo C1	63
Subgrupo C2	43
Agrupacións profesionais	12
Persoal Laboral	14
Grupo I	1
Grupo II	2
Grupo IV	11
TOTAL	255

**Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Funda-
cións do Sector Público Autonómico**

Consorcios autonómicos	Explotación	Capital
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	3.647	1.935
Consorcio Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	572	51
Consorcio Casco Vello de Vigo	458	452
Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	101.723	16.492
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	25.320	
Total	131.722	18.930

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DE INFRAESTRUCTURAS E MOBILIDADE

SECCIÓN 08

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 88/2018, do 26 de setembro, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, deseñando unha nova estrutura organizativa que se desenvolve no Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

No artigo 4 do dito Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, modificado parcialmente polo Decreto 106/2018 do 4 de outubro, créase a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, cos seguintes órganos de dirección:

- A Secretaría Xeral Técnica
- A Dirección Xeral de Mobilidade.

Ademais, quedan adscritos á consellería:

- A Axencia Galega de Infraestruturas
- Ente Público Empresarial Augas de Galicia
- O xurado de Expropiación de Galicia

Con data do 10 de abril de 2017, publicouse (DOG nº 70) o Decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, cun dobre obxectivo:

- Profundar nunha maior racionalización e eficacia no desenvolvemento competencial e de xestión das funcións que ten atribuídas a consellería e, por outro lado.
- Desenvolver os criterios de mellora continua e de colaboración dentro do sector público, para facer máis áxil e eficiente a xestión administrativa.

No DOG nº 12, do 17 de xaneiro, publicouse o Decreto 1/2018, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, co obxectivo de proceder a unha reordenación funcional no seo da Dirección Xeral de Mobilidade para adecuarse aos cambios introducidos pola lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización dos sistema de transporte público de Galicia e a Lei 2/2017, do 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordeación neste ámbito material, así como para acadar unha maior axilidade no desenvolvemento da actividade administrativa

I.2. COMPETENCIAS

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de infraestruturas, mobilidade e vivenda, que exercerá no nivel de desenvolvemento que se indica no seu decreto de estrutura orgánica para cada un dos órganos integrantes deste departamento.

O impulso social, económico e territorial configúranse coma os eixos fundamentais no deseño, elaboración e execución da acción política da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade co fin de contribuír decisivamente a unha nova etapa de crecemento e desenvolvemento económico da nosa comunidade autónoma.

Así, a dotación e mantemento dunhas boas infraestruturas de comunicación e transporte eríxense como unha peza importante no crecemento económico desta, pois, ademais de reducir os desequilibrios espaciais derivados do noso territorio e sistema de asentamentos, deben contribuír a potenciar tanto as actividades económicas como as actividades sociais co fin de mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns.

Por esta razón, para que o sistema territorial cumpra a súa función é preciso que as infraestruturas e o transporte artellen axeitadamente o territorio unindo as nosas cidades e vilas, conformando eixes de comunicación entre o medio urbano e o medio rural de xeito que se facilite o acceso a ámbolos dous, e permitindo unha mobilidade máis áxil e accesible a todos os cidadáns.

En suma, as infraestruturas de comunicación e transporte constitúen un instrumento de política pública que debe servir para crear condicións e oportunidades que faciliten o desenvolvemento económico e social do noso país.

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Secretaría Xeral Técnica da consellería exercerá as funcións e competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a consellería, así como aquelas outras previstas na normativa aplicable ou mesmo as que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da consellería, de acordo coa Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral e noutros órganos da consellería.

A Dirección Xeral de Mobilidade, no ámbito competencial da comunidade autónoma, exerce, entre outras, as seguintes funcións: planificación, coordinación, seguimento e execución da política xeral de transportes; promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade; ordenación do transporte terrestre, por cable e marítimo; planificación e execución das políticas de control e inspección dos diversos modos de transporte; programación e execución de investimentos, obras e instalacións de transportes; estudo, análise e implantación de plans e proxectos

de fomento do transporte público e a mobilidade sustentable; planificación, coordinación e execución da oferta intermodal de transporte na comunidade autónoma.

O Xurado de Expropiación de Galicia, creado pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, defínese pola actual lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, como un órgano colexiado permanente da comunidade autónoma especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a administración expropiante sexa a comunidade autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial, actuando no cumprimento das súas funcións con plena autonomía funcional.

A súa composición foi regulada polo artigo 7.2 da Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e o seu funcionamento polo regulamento de organización e funcionamento, aprobado polo Decreto 223/2005, do 16 de xuño, que establece a súa organización e funcionamento.

Os Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias da actual competencia da consellería son os seguintes:

- *Transporte*: Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, transfere competencias en materia de transporte, relativas á concesión, autorización, explotación e inspección dos servizos de transporte por estrada e cable, do establecemento e explotación das estacións de vehículos públicos de viaxeiros e mercadorías, sobre establecemento e organización dos ferrocarrís e tranvías cando non teñan ámbito nacional e non estean integradas en Renfe. O Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, asume e asigna estas competencias á entón Consellería de Ordenación do Territorio.
- *Inspección e sanción dos servizos de transporte*: Real decreto 2299/1982, do 24 de xullo, transfere á comunidade autónoma funcións e servizos en materia de inspección e sanción do transporte por estrada e trolebús, afectos ás competencias que lles corresponden, asumidas e asignadas polo Decreto 129/1982, do 4 de novembro.
- *Transporte marítimo*: Real decreto 1641/1996, do 5 de xullo, dispón o traspaso de funcións e servizos relativos a actividades de transporte marítimo que se realiza exclusivamente entre portos ou puntos da comunidade, sen conexión con portos doutros ámbitos territoriais. Asumidas e asignadas á Consellería de Política Territorial por Decreto 338/1996, do 13 de setembro.

I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Segundo o disposto no artigo 74 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, son axencias públicas autonómicas, aquelas que, para o cumprimento dos programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, se lles encomenda a realización de actividades en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos.

Na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade teñen esta natureza:

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, na súa Disposición Adicional Cuarta, outorgou autorización ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á consellería competente en materia de infraestruturas.

A axencia asume as competencias atribuídas á Dirección xeral de Infraestruturas e aos servizos de infraestruturas das xefaturas territoriais, órganos que se suprimen, subrogándose o novo ente nos dereitos e obrigas derivados das competencias, dende a súa posta en funcionamento.

Os obxectivos básicos da Axencia Galega de Infraestruturas son impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas: Para tales efectos, correspóndelle á axencia planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. Ademais, fíxase como obxectivo garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

A axencia poderá, directamente ou a través de sociedades adscritas ou sobre as que teña atribuída a súa tutela funcional, planificar, proxectar, construír, conservar e explotar outras infraestruturas, en virtude das encomendas ou encargos que reciba dos órganos ou entidades competentes.

O Real decreto polo que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de estradas é o seguinte:

- O Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, modificado polo 2708/1983, do 21 de setembro, traspasa funcións e servizos do Estado en materia de estradas relativas á titularidade e xestión destas, así como as competencias que a Lei de Estradas de 1974 atribúe ao Ministerio de Obras Públicas en relación coas estradas provinciais e municipais. Competencias asumidas e asignadas a esta consellería polo Decreto da Xunta de Galicia 156/1982, do 15 de decembro.

1.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAS

AUGAS DE GALICIA

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, no seu artigo 8, crea e regula o ente público Augas de Galicia con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e das competencias reguladas por esta lei, e adscríbea á consellería competente en materia de augas.

O artigo do 11 da Lei 9/2010 encoméndalle a Augas de Galicia:

1. No eido da xestión das concas intracomunitarias, as competencias que o ordenamento xurídico vixente en materia de augas atribúe aos organismos de conca, así como as que especificamente se regulen na presente lei e no resto do ordenamento xurídico de aplicación.
2. Con relación ás concas intercomunitarias, a participación na planificación hidrolóxica, así como a representación da Comunidade Autónoma de Galicia nos organismos de conca do Estado na forma que fixe o ordenamento xurídico de aplicación.
3. No eido das obras hidráulicas:
 - A planificación, programación, proxecto, construción e explotación de obras hidráulicas declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia polo Consello da Xunta.
 - A promoción ante a Administración Xeral do Estado da declaración de obras de intereses xeral deste.
 - A redacción de proxectos, construción e explotación de obras de interese xeral do Estado nas condicións que fixen os correspondentes convenios que terán de subscribirse entre Augas de Galicia e o órgano competente da Administración Xeral do Estado.
 - A participación na construción e explotación das obras hidráulicas de competencia das entidades locais galegas na forma regulada pola presente lei.
4. No eido da planificación territorial e urbanística, corresponde a Augas de Galicia a emisión de informe con anterioridade á aprobación inicial dos instrumentos de ordenación territorial e dos plans xerais de ordenación urbana. Igualmente, terán que someterse a informe de Augas de Galicia a aprobación e modificación dos plans parciais e especiais que conteñan determinacións có mesmo obxecto que os plans regulados pola Lei 9/2010.
5. En materia de abastecemento e saneamento de augas:
 - A ordenación dos servizos de abastecemento saneamento en alta.
 - A elaboración dos plans xerais galegos de abastecemento e saneamento de acordo co previsto na Lei 9/2010, os cales conterán os criterios para a coordinación das actuacións das entidades locais competentes en materia de abastecemento e saneamento.
 - A promoción da constitución de consorcios e mancomunidades para a mellor prestación dos servizos de abastecemento e saneamento.
6. En materia de vertidos:
 - A autorización e control dos vertidos de augas urbanas ou industriais ao dominio público hidráulico, así como da eventual reutilización dos efluentes, e, en xeral, as demais funcións que a lexislación atribúe aos organismos de conca.
 - A autorización das obras e instalacións de vertidos desde terra ás augas do litoral galego e o exercicio das funcións de policía sobre os mesmos.
 - A elaboración e proposta á consellería competente en materia de augas das normas que sexan necesarias para o desenvolvemento da presente lei para a súa posterior elevación, de ser o caso, ao Consello da Xunta e o exercicio das actuacións que legal ou regulamentariamente lle sexan atribuídas.

7. En materia tributaria, actuar como suxeito activo con relación á aplicación dos tributos en materia de augas regulados na presente lei conforme á normativa vixente.

Os Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias do ente son os seguintes:

- Real decreto 1870/1985, do 11 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de abastecemento de auga, saneamento, encauzamento e defensa de marxes. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 253/1985, do 17 de outubro.
- Real decreto 2792/1986, do 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de obras hidráulicas. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 24/1987, do 29 de xaneiro.

I.2.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

O artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, habilita á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para constituír, mediante convenio, consorcios con outras Administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrente cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade figuran adscritas as seguintes entidades con natureza de consorcio:

CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECIMENTO DE AUGA DOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA

Por Decreto 53/2005, do 10 de marzo, constituíuse o Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga dos concellos de Cervo e Burela.

O consorcio, integrado polos concellos de Cervo, Burela e a Entidade Pública Empresarial "Augas de Galicia", ten por obxecto:

- A xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga, en alta, ata os depósitos municipais dos termos municipais de Cervo e Burela.
- O estudo das necesidades en orde ao abastecemento de auga na zona especificada anteriormente e a elaboración dos correspondentes proxectos para a satisfacción daquelas.
- A solicitude dos títulos administrativos pertinentes para o abastecemento das augas e, de ser o caso, vertidos, así como a execución, conservación e explotación das correspondentes obras e instalacións.
- O asesoramento técnico para o establecemento e explotación das redes locais.

Non obstante, o consorcio, a petición de calquera dos concellos consorciados, poderase facer cargo directamente tanto da xestión de abonados das súas respectivas redes locais como do mantemento e explotación destas.

1.2.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍIS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define as sociedades públicas autonómicas como sociedades mercantes, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesta lei.

Na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está adscrita a sociedade pública autonómica de seguido relacionada:

SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS (SPI)

Ao abeiro da disposición adicional décimo segunda da lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, o Decreto 56/1997, do 6 de marzo, constituíu como Sociedade Anónima a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

O obxecto da Sociedade é:

- Proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuacións, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver en ditas infraestruturas.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2019

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Os orzamentos da Secretaría Xeral Técnica da consellería de Infraestruturas e Mobilidade, baséanse nos criterios de austeridade e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa coa finalidade de dar cumprida resposta ás liñas básicas da súa actuación que son as seguintes:

- A coordinación do réxime interno das actividades do resto dos centros directivos da consellería así como das xefaturas territoriais, elaborando propostas de actuación sobre aspectos relativos á organización, estruturación, métodos de traballo e mellora, atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e redución do gasto público.
- A ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas, introducindo unha maior racionalidade no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións.
- A coordinación e xestión da contratación pública da consellería.
- A coordinación e xestión en materia de transparencia e desenvolvemento da Administración electrónica.
- A asistencia e apoio xurídico, nas diferentes materias de competencia da consellería, aos órganos e entidades dependentes desta.
- A coordinación da produción normativa da consellería.
- En xeral, prestar apoio aos restantes centros directivos da consellería e aos seus entes adscritos coa finalidade de acadar unha mellora na calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos á cidadanía da nosa comunidade.

DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

O sector do transporte en Galicia ten unha enorme importancia estratéxica, ao afectar transversalmente a todos os sectores produtivos. No ano 2014 o sector do transporte e a loxística en Galicia, segundo Instituto Galego de Estatística (IGE) no seu "Análise do sector do transporte e da loxística" (2017), no ano 2014 achegou o 3,9% do produto interior bruto (PIB) da economía galega, 2.126 millóns de euros. Os postos supoñen un 4,5% do emprego total.

A súa importancia vai máis alá dos aspectos meramente económicos xa que o transporte permite aos cidadáns alcanzar aquilo que é importante no seu quefacer cotiá: desprazarse ao traballo, ao centro de formación, a recibir asistencia médica ou simplemente a participar en actividades culturais ou de espaxamento que, especialmente en Galicia, requiren o desprazamento e, con frecuencia, utilizar medios de transporte público. Así mesmo, o transporte é un elemento clave para mellorar a competitividade do noso tecido empresarial no marco dun mercado global,

ao permitir o descenso dos custos loxísticos, especialmente importantes en certos produtos. Por outra parte, o transporte permite que os consumidores accedan a unha variedade maior de produtos e de máis calidade.

Deste xeito, en Galicia fórmulanse múltiples retos que requiren do transporte para ser superados, polo que é preciso seguir a manter unha política activa que, aínda dentro das estritas limitacións orzamentarias, permita mellorar o sector facéndoo máis competitivo, eficiente e sustentable, ademais de resolver as demandas de mobilidade que se producen dende os ámbitos social e produtivo de Galicia.

En resumo, é necesario manter accións dirixidas tanto á mellora da competitividade das empresas de transporte, como a facilitar e mellorar a mobilidade das persoas e mercadorías de maneira sustentable, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte e nas infraestruturas asociadas ao mesmo (estacións intermodais, estación de autobuses, refuxios, etc).

As accións contempladas no programa 512A, Ordenación e Inspección do Transporte, van dirixidas, polo tanto, aos sectores do transporte de persoas e mercadorías, configurados por unhas 16.000 empresas. Igualmente, este programa prevé actuacións encamiñadas ao público en xeral, como usuario do sistema de transporte público.

No eido dirixido ao campo profesional, a administración estima esencial actuar en ámbitos orientados á mellora da competitividade do sector empresarial, tanto de mercadorías como de viaxeiros, fomentando a realización de accións formativas que faciliten a mellora do tecido empresarial e o cumprimento da normativa sectorial (por exemplo, relativa aos períodos de descanso dos condutores), e proseguindo coa implantación de accións de modernización dos servizos de transportes público de viaxeiros, entre outras actuacións.

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, configura o Plan de Transporte Público de Galicia como o instrumento mediante o cal se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na nosa comunidade.

Por outro lado, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, dedica o capítulo II do Título III á ordenación e promoción da integración dos servizos dirixidos á atención de diferentes colectivos de persoas usuarias, preferentemente contratados por unha mesma Administración, atribuíndolle á consellería competente en materia de transporte público as funcións de órgano de contratación do conxunto de servizos de transporte público regular contratados pola Xunta de Galicia, consonte coa programación e as excepcións que, de selo caso, acorde o Consello da Xunta ou estableza o Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa aprobación corresponde igualmente ao Consello da Xunta de Galicia.

Consonte co anterior, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade puxo en marcha no ano 2017 unha primeira fase da planificación do sistema de transporte público de Galicia na que

se puxeron en marcha dúas novas modalidades de transporte: o bus compartido e o transporte baixo a demanda.

No DOG do 29 de maio de 2017, publicouse a Resolución do 26 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de maio de 2017, polo que se autoriza a integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización desde servizos público, no marco do procedemento para a implantación da primeira fase da planificación do transporte público de Galicia.

Ao abeiro do disposto no artigo 76 da lei 2/2017, do 8 de febreiro, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adxudicou, en agosto de 2017, 41 contratos de xestión de servizos públicos de transporte de persoas. Posteriormente, en xaneiro de 2018, adxudicáronse 2 contratos máis.

No 2019, ademais de xestionar os contratos adxudicados nesa primeira fase de implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, deberase avanzar na elaboración do dito plan, previsto na Lei 10/2016, ata rematar coa implantación definitiva do mesmo.

Isto suporá non só unha nova licitación e adxudicación, a través dun procedemento aberto e equitativo, non só dos 43 contratos que foron adxudicados nos anos 2017 e 2018, senón tamén a do resto de servizos de transporte público regular de uso xeral, que deberán quedar implantados en decembro do ano 2019.

Por outra parte, cómpre continuar impulsando actuacións de mellora da oferta de transporte público en Galicia. Nesta liña de potenciación do sistema de transporte público, e trala implantación das Áreas de Transporte Metropolitano da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo e Vigo; continuarase a traballar para estender as vantaxes tarifarias e de métodos de pago do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, superando as fronteiras das actuais áreas metropolitanas, facendo partícipe delas a toda Galicia.

Do mesmo xeito, continuarase a desenvolver, a través dos proxectos do Plan de Transporte Público de Galicia, a mellora da accesibilidade do transporte metropolitano ao centro urbano das cidades co obxecto de favorecer o uso do transporte público.

Máis, neste ámbito do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, cómpre destacar de xeito significativo a mellora que supón o mantemento, por parte da Xunta de Galicia da tarifa Xente Nova. Esta tarifa permite aos mozos e mozas de entre catro e dezoito anos, incluídos, viaxar gratuitamente nos servizos de transporte metropolitano interurbano, abonando os servizos coa tarxeta Xente Nova, que promove a propia Xunta de Galicia.

Esta iniciativa contribúe, por unha parte, a unha importante potenciación da utilización do transporte público, cunha clara orientación á concienciación na súa utilización por parte das persoas que serán usuarios nos vindeiros anos. Mais igualmente, trátase dunha medida dun claro

contido social, supoñendo un aforro importantísimo para as familias que se suma ao que xa dispoñían grazas ao propio Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

O aspecto e relevancia social destas actuación resulta reforzado co mantemento, durante o ano 2018, da colaboración da Xunta de Galicia cos taxistas na implantación de taxis adaptados para persoas con mobilidade reducida, Eurotaxi, continuando así unha liña de axudas a estes profesionais aberta no ano 2016 e que se mantivo nos anos 2017 e 2018. Con esta actuación a Xunta de Galicia contribúe a compensar os incrementos de custe que supón para os taxistas a incorporación deste tipo de vehículos, facilitando a existencia dunha oferta real de vehículos accesibles para todos.

Igualmente, continuarase con actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre diferentes modos de transporte de viaxeiros na procura dunha mobilidade sostible.

Por outro lado e de cara a fomentar a utilización do transporte público e mellorar a calidade que perciben os usuarios, é necesario garantir o bo estado da rede galega de estacións de autobuses, para o que se continuarán con actuacións de reparación e mantemento de estacións de autobuses.

A mellora das instalacións de transporte, ven a completarse este ano a través cun novo Programa de Renovación de Marquesiñas, cuxo obxectivo é o subministro de novas marquesiñas, preferentemente no rural, que mellore a calidade (tanto funcional como estética) e a accesibilidade destas modestas pero imprescindibles infraestruturas de transporte diseminadas pola xeografía galega. Este programa establécese con vocación de continuidade en futuros orzamentos, polo que se pode entender que estamos ante unha primeira fase do mesmo. Para a instalación destas marquesiñas articularase unha liña de colaboración coas Administracións locais, como mellores coñecedoras das necesidades reais dos viaxeiros.

Finalmente, dende esta dirección xeral estase a levar o seguimento proactivo das inversións en infraestruturas de transporte e dos servizos que estas prestan que inda que son de competencia do Goberno do Estado, son de importancia estratéxica para Galicia. Infraestruturas como o AVE ou o Corredor Atlántico de Mercancías.

XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA

A finalidade do Xurado de Expropiación de Galicia é a consolidación deste órgano colexiado permanente na súa función de fixación do prezo xusto expropriatorio, tanto en taxacións conxuntas como en taxacións individuais, co obxectivo de reducir a bolsa de expedientes pendentes de resolución e de resolver os recursos en prazo.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

O 20 de xaneiro de 2012 entrou en funcionamento a Axencia Galega de Infraestruturas. A axencia, ademais de exercer a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A, ten como obxectivos básicos impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas e, en especial, a planificación, proxección, construción, conservación e explotación das estradas que sexan competencia da nosa comunidade autónoma, e os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas e, tamén, garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

Así mesmo depende funcionalmente da Axencia Galega de Infraestruturas a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., cuxa actividade fundamental a día de hoxe consiste na realización da conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense.

As liñas de acción da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2019:

- Planificación, construción e conservación da Rede de Estradas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Desenvolvemento de accións e actuacións en materia de seguridade viaria determinadas no Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020.
- O fomento dunha mobilidade sostible, a través da estratexia Sendas de Galicia.
- Análise da xestión nos servizos prestados competencia da axencia.
- Tramitación de disposicións e normas de actuación.
- Colaboración na execución de infraestruturas competencia doutros centros directivos e Consellerías da Xunta de Galicia.

Estas liñas de acción fórmulanse no marco da Planificación estratéxica da Xunta de Galicia e de modo coherente coas directrices da Europa 2020. Aos tradicionais traballos da Xunta de Galicia en materia de estradas engádense actuacións que procuran o fomento da mobilidade sostible. Ao tempo, e de modo transversal, estanse a incorporar criterios de deseño cada vez máis respectuosos co medio ambiente no desenvolvemento das tarefas das que se encarga a Axencia Galega de Infraestruturas.

- Planificación, construción e conservación da Rede de Estradas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

Analizando por períodos a evolución das Vías de Altas Prestacións titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, pódese concluír un importante desenvolvemento destas vías nos últimos anos, cun total de 520,96 km que Comparados cos 313,32 km do ano 2009 supón un incremento do 66%. No ano 2018, púxose en servizo o primeiro tramo do desdoblamento do

corredor do Morrazo, que se ben non incrementa o valor dado anteriormente si supón unha mellora de calidade dos parámetros de deseño da vía por supoñer a duplicación da calzada separando os sentidos de circulación.

Unha vez que as actuacións en materia de infraestruturas viarias que a día de hoxe se encontran en obras ou en fase de planificación se poñan en servizo, suporá que no ano 2020 ao redor do 83% da poboación encontrárase a menos de 15 minutos dunha Vía de Altas Prestacións.

En consecuencia, unha das liñas de actuación da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2019 é planificar e executar os eixos viarios estratéxicos pendentes en Galicia de acordo coa capacidade económica da administración e priorizando a mellora da seguridade viaria, o mantemento e conservación das estradas e o fomento dunha mobilidade sostible. Ademais, continuaránse desenvolvendo actuacións importantes para a mellora da competitividade económica e industrial de Galicia, como o acceso ao polígono de San Cibrao dende a A-52 ou a Variante de Aradas en Santiago de Compostela que dará servizo ao polígono do Tambre, e completárase o desdoblamento do corredor do Morrazo que suporá unha mellora substancial das condicións do tráfico e da seguridade viaria nas comunicacións das península do Morrazo coa area metropolitana de Vigo, a reordenación do sistema viario do núcleo de As Pontes para o cumprimento da central térmica da Directiva 2010/75/UE sobre emisións industriais,

- Desenvolvemento de accións e actuacións materia de seguridade viaria

Continuar desenvolvendo o Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 co fin de reducir a sinistralidade na rede de estradas, prestando especial atención á política á aquelas accións que traten de garantir a sensibilización, concienciación e respecto por parte dos usuarios da estrada. A AXI desenvolverá accións específicas para mellora da seguridade viaria, especialmente orientadas aos usuarios máis vulnerables como peóns, ciclistas e motoristas, e a colectivos como nenos e maiores. E esta busca da mellora da seguridade viaria informa ademais de modo transversal todas as actuacións que desenvolve sobre a rede autonómica de estradas.

- O fomento dunha mobilidade sostible: estratexia Sendas de Galicia

É unha prioridade estratéxica seguir avanzando cara un modelo de mobilidade baseado no uso de modos colectivos e outros modos alternativos ao emprego indiscriminado do coche, tanto no ámbito interurbano e metropolitano. No marco destas actuacións estase a promover a construción de sendas como elementos que permiten o aforro enerxético e unha redución da pegada de carbono (carbon footprint, pegada de carbono).

- Análise da xestión nos servizos prestados competencia da axencia

A organización e o sistema de traballo da axencia deben rexerse polo principio de calidade e mellora continua que garanta un nivel axeitado na xestión e prestación de servizos aos destinatarios da súa actividade coa máxima racionalización dos orzamentos públicos.

- Tramitación de disposicións e normas de actuación.

O ano 2013 supuxo a entrada en vigor da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 132 do 12 de xullo de 2013. Este novo corpo normativo viu a substituír a Lei 4/1994, do 14 de setembro, e incorporou á normativa en materia de estradas cuestións como os avances acaecidos no campo da enxeñería, a creación de novos mecanismos de financiamento das actuacións e, en especial, os importantes cambios en disposicións normativas que inciden neste sector do dominio público (contratación administrativa, medio ambiente, ordenación do territorio e urbanismo).

Este documento legislativo tivo o seu desenvolvemento regulamentario aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia publicado no Diario Oficial de Galicia nº 116 do 20 de xuño de 2016. Desta forma contase por primeira vez na comunidade autónoma cun regulamento en materia de estradas que concrete, precise e desenvolva as disposicións legais. Así mesmo, e en consonancia coa liña marcada ata agora, este marco normativo foi elaborado e tramitado polo persoal propio da axencia.

Neste sentido a axencia seguirá desenvolvendo esta normativa naqueles aspectos que sexa necesario para dotar a esta comunidade dunha mellor e máis completa regulación en materia de estradas. Como exemplo, está en tramitación o proxecto de orde pola que se regulan os accesos na rede autonómica de estradas de Galicia, que actualiza e adapta esta normativa á realidade galega para unha maior funcionalidade da rede de estradas e aseguramento da seguridade viaria.

- Colaboración na execución de infraestruturas competencia doutros centros directivos e Consellerías da Xunta de Galicia.

Nos últimos anos afondouse no potencial da Axencia Galega de Infraestruturas para aportar a súa experiencia na xestión administrativa e construción de infraestruturas, ampliando o ámbito de actuacións máis alá das infraestruturas viarias, o que implicou unha adaptación da súa estrutura para asumir as novas funcións. Así, estase a colaborar en distintos traballos de apoio na licitación e/ou execución de obras do Servizo Galego de Saúde, da Dirección Xeral de Mobilidade, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Consellería de Facenda, da Axencia de Turismo de Galicia entre outros. Neste senso cómpre destacar que se asumiu a encomenda completa de preparación da licitación, contratación e execución da primeira fase da ampliación do Hospital da Costa de Burela, do centro de saúde de Gondomar, do novo centro de saúde de A Estrada, do novo centro de saúde de Milladoiro, do novo centro de saúde de Narón, do novo centro de saúde de Pereiro de Aguiar, do novo centro de saúde de Salceda de Caselas, dun centro educativo no barrio de Novo Mesoiro na Coruña, do novo centro de saúde de O Saviñao, das obras de construción da fase I do Complexo Hospitalario de Ferrol, das actuacións no Barrio da Residencia en Lugo, das obras da Terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela, da obra da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Ourense ou das actuacións precisas para realizar as intervencións necesarias no contorno dos Camiños de Santiago, en Santiago de Compostela. Nestes casos a dotación orzamentaria continúa nos órganos coa orixe da competencia de cada unha das actuacións, polo que non hai reflexo nos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, pero está xa a supoñer unha importante labor en desenvolvemento. A maiores, tamén se desenvolverá

por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a execución das obras de acondicionamento do Espazo Amizar, en A Coruña

Así mesmo, e dado que a Axencia Galega de Infraestruturas asume a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos, a actuación da axencia debe de contemplar as actividades desenvolvidas por esta sociedade. En concreto esta actividade está dirixida principalmente á realización das labores de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense.

Con cargo ao Orzamento da comunidade autónoma para o ano 2019, os programas a impulsar son:

1. Programa de actuacións en Vías de Altas Prestacións e novos eixes. No ano 2019 destacará a finalización dos traballos de desenvolvemento da conversión en Autovía do Corredor do Morrazo, a posta en servizo da Variante de Aradas en Santiago de Compostela, as obras de reordenación do sistema viario do núcleo de As Pontes para o cumprimento da central térmica da Directiva 2010/75/UE sobre emisións industriais e do vial de conexión do Polígono de San Cibrao en Ourense coa A-52 (esta última financiada a través no Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020), entre outras ou o avance nos eixos da Vía Ártabra, no treito entre a N-VI e a AP-9, VAC Tui – A Guarda, da prolongación da autovía da Costa da Morte. Treito Santa Irena - AC-432, do desdoblamento do Corredor Sarria - Monforte. Treito: Pobra de San Xiao - Sarria Centro, a conversión en autovía do Corredor CG-I.5, Brión - Noia. Treito I: PQ. 11+000 -21+000, a conexión Porto Seco de Monforte coas estradas LU-933 e CN-I20. Treito: LU-933 - CN-I20, a adaptación da estrada LU-231, Friol - A Baiuca, P.Q. 0+000 -18+700 (enlace autoestrada A-54) ao Plan de Baixa IMD mellorada, a mellora da estrada LU-651. Treito, Folgoso (PQ. 21+600) - Seoane (PQ. 35+670), a estrada de conexión PO-531 - N-550 (Variante de Alba), a actualización da VAC da Costa Norte. Treito: AG-64 (San Sadumiño) – Sanguifeira e redacción do estudo informativo e estudo de impacto ambiental da nova ponte sobre a ría de Viveiro e conexión da VAC Costa Norte coa LU-540, así como moitos outros proxectos construtivos de actuacións máis puntuais en tramos de concentración de accidentes. Pola súa importancia na previsión orzamentaria destaca a mencionada conversión en autovía do corredor do Morrazo, para o que se prevé o remate para o ano 2019 de toda a actuación conformada por tres tramos, así como a conexión do Polígono de San Cibrao. Ademais, a actuación de conversión en autovía do corredor do Morrazo é dobremente positiva, xa que se enmarca no programa de actuacións en vías de altas prestacións, pero tamén supón unha obra importante de mellora da seguridade viaria. No ano 2019 tamén se impulsará a revisión do Plan Sectorial Viario da Área de A Coruña, de modo que se analice e propoña unha planificación para a rede viaria desta zona atendendo ao desenvolvemento territorial dos últimos anos.
2. Programa de acondicionamento e mellora da rede de estradas convencionais. Recolle o acondicionamento de estradas existentes para mellora das súas características e aumento da seguridade viaria, prevéndose o remate de actuacións que se están executando en estradas como o acondicionamento nas estradas AC-406 (Portomouro – Santa Comba), a mellora

da accesibilidade na OU-536 (Avda. Otero Pedraio), P.Q. 0+000 - 2+000, a mellora da seguridade viaria na OU-105, Seixalbo, o ensanche e mellora da PO-230. P.Q. 12+630 - 14+430, e prevéndose o impulso de novas actuacións para continuar o acondicionamento nas estradas PO-234, PO-230 e PO-235 en Cerdedo-Cotobade, Pontecaldelas, Campolameiro e A Lama, e para comezar nas estrada LU-231 que une Palas de Rei e Friol, na LU-651 entre Folgoso de Courel e Seoane, na AC-862 entre San Sadurniño e Ponte Mera ou na OU-636, entre outras. A destacar tamén o programa de inspección e actuacións en estruturas nas estradas da Xunta de Galicia, co que se realiza un seguimento continuo do estado das obras de paso, pontes e viadutos e da que se derivan actuacións de rehabilitación cando son necesarias, como foi o caso das actuacións de reparación na Ponte da Barca, Ponte Castrelo ou Ponte do Xallas, e as que se prevén sobre a ponte Ceilán, a ponte da Misericordia ou viaduto do río Deva.

3. Programa de fomento do transporte sostible mediante a construción de sendas ciclistas e/ou peonís recollidas na estratexia Sendas de Galicia. Trátase dun programa ao que se están a destinar fondos FEDER correspondentes ao período 2014-2020, de acordo co programa operativo Galicia por parte da Comisión Europea. Comprende un conxunto de actuacións que promoven a mobilidade alternativa ao vehículo privado, compatibilizando os tránsitos peonís e ciclistas co vehículo automóbil na rede autonómica de estradas nas axeitadas condicións de seguridade para todos os usuarios. Estanse a acondicionar deste modo 170 quilómetros de sendas, de acordo cos obxectivos do Plan de Seguridade Viaria 2016-2020. A dotación orzamentaria para o ano 2019 permitirá continuar avanzando na primeira fase desta estratexia co remate de actuacións en execución ou xa licitadas como as que unirán Covelo e Raxó por un lado e Major e Soutullo na PO-308, se actuará na zona de Deiro nas estradas PO-307 e PO-549 ou se completarán os itinerarios na AC-543 entre Barcia e Aldea Nova. Ademais, comezarán as actuacións da segunda fase da estratexia nas comarcas de Pontevedra, Morrazo, Ourense e Lugo, con actuacións tan relevantes como as sendas na PO-531 en Pontevedra (A Devesa), na OU-402 en Reza (Ourense), na LU-621 en Pobra de San Xiao (Láncara) ou na PO-551 entre Vilaseca e Lapamán (Marín). Estas actuacións coordínanse ademais coas políticas de fomento do transporte público da Dirección Xeral de Mobilidade, acondicionándose as paradas de autobús para unha maior accesibilidade e seguridade viaria, e renóvanse ou instálanse marquesiñas onde é necesario.
4. Programa de Mantemento e Conservación das Estradas Galegas. Este programa para o ano 2019 require especial atención, co obxectivo de manter o estado das estradas nas debidas condicións de viabilidade, seguridade, limpeza, sinalización e comodidade. Cabe destacar dentro deste programa o Plan de Vialidade Invernal da Xunta de Galicia, así como manter a intensidade nos traballos de conservación extraordinaria co Plan de Reforzos de firme. Así, previse unha liña de actuación específica sobre o firme das estradas autonómicas iniciada no ano 2016.
5. Programa de Seguridade Viaria, a través do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016 – 2020, que da continuidade ao compromiso da Xunta de Galicia na redución da sinistralidade e a minoración da gravidade dos accidentes de tráfico a través dun programa de actuación integral e coordinado entre todas as súas consellerías. Todas as actuacións da Axencia Ga-

lega de Infraestruturas orientáanse de modo transversal á seguridade viaria: a execución de novas vías de altas prestacións, por evitar o paso por travesías urbanas; unha obra de grande importancia como a conversión en autovía do corredor do Morrazo; as sendas peonís e ciclistas, e moitas outras pequenas actuacións que melloran en continuo a seguridade das estradas autonómicas. No ano 2019 continuarase cunha liña específica de actuacións sobre os Camiños de Santiago en colaboración co resto de entidades do sector público autonómico así como co resto de administracións, co obxectivo de que as actuacións estean rematadas para a celebración do Ano Santo Xacobeo 2021.

Continuase co programa de actuacións iniciado no 2018 co fin de mellorar a configuración da estrada en todos os treitos identificados como de concentración de accidentes na rede autonómica de estradas, con actuacións xa licitadas como a mellora da seguridade viaria no entorno de TCA na estrada AC-550, p.q. 80+400 ou a mellora da seguridade viaria no entorno de TCA's na estrada PO-308, PQ 8+700 a 12+700.

Ademais, comezase a desenvolver o Plan de Acción contra o Ruído nas estradas autonómicas, con medidas destinadas a mitigar as molestias que se produce en vivendas e equipamentos públicos polo paso dos vehículos.

Cómpre sinalar finalmente que, de acordo coa liña política seguida por este Goberno, potenciase a liña do investimento por vía orzamentaria fronte ao financiamento non específico, vía financiamento bancario coa Sociedade Pública de Investimentos (SPI) ou pola execución das obras incluídas en contratos de concesión de obra pública. Deste modo, non se aumenta a carga financeira a longo prazo da comunidade autónoma con novos compromisos de gasto; ao contrario, redúcense, coas amortizacións previstas tanto de concesións de obra pública como de préstamos da SPI.

II.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

AUGAS DE GALICIA

O Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, establece que as grandes liñas de actuación de Augas de Galicia diríxense nos seguintes sentidos:

- a) Utilización sustentable e racional da auga e contribución á preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.
- b) Compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a actividade económica, a conservación e protección do ambiente e a restauración da natureza.
- c) Unidade de xestión e planificación da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.
- d) Participación das persoas usuarias, transparencia e información ao público en xeral.

- e) Eficacia na prestación dos servizos públicos de abastecemento, saneamento e depuración.
- f) Recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos ambientais, para acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo asequible.
- g) Coordinación e cooperación entre as administracións públicas con competencias en materia de augas e obras hidráulicas.
- h) Garantía da calidade da subministración da auga urbana en defensa da saúde dos cidadáns e das cidadás.
- i) Solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social nas políticas tarifarias na prestación dos servizos da auga.

Para o ano 2019 os obxectivos prioritarios que se marca a entidade son:

- Avanzar no saneamento das rías galegas, onde nos últimos anos xa se teñen dado pasos importantes.
- A mellora da xestión do ciclo integral da auga nun contexto marcado polo cambio climático.
- A mellora da explotación e mantemento das infraestruturas hidráulicas.

Para a consecución destes obxectivos, ademais de acadar un marco normativo que permita adoptar medidas que garantan o abastecemento e calidade da augas en episodios de seca e outras situacións excepcionais, dende a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade trabállase para implantar un mecanismo de axuda aos concellos, dentro das súas competencias, en materia de abastecemento e saneamento, para avanzar na mellora da explotación do ciclo integral da auga e unha homoxeneización e regulación de tarifas, no marco do Pacto Local da Auga.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 423A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DAS ENSINANZAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo do programa é prestar o servizo de transporte público gratuíto aos escolares con dereito ao mesmo, no ámbito territorial da comunidade autónoma.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Escolares con dereito a transporte público gratuíto.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, configura o Plan de Transporte Público de Galicia como o instrumento mediante o cal se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na nosa comunidade.

Esgotada a vixencia dos contratos de xestión de servizos de transporte público regular de uso xeral, logo de que por sentenza do Tribunal Supremo do 14 de marzo de 2016 viñese imposta a súa resolución previa, a Lei 10/2016 facilitou, ademais, a continuidade dos servizos de transporte público nas condicións que se viñan prestando ata ese momento, agás renuncia expresa da empresa contratista á dita continuidade.

Por outro lado, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, adica o capítulo II do Título III á ordenación e promoción da integración dos servizos dirixidos á atención de diferentes colectivos de persoas usuarias, preferentemente contratados por unha mesma Administración, atribuíndolle á consellería competente en materia de transporte público as funcións de órgano de contratación do conxunto de servizos de transporte público regular contratados pola Xunta de Galicia, consonte coa programación e as excepcións que, de selo caso, acorde o Consello da Xunta ou estableza o Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa aprobación corresponde igualmente ao Consello da Xunta de Galicia.

Consonte co anterior, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade puxo en marcha a primeira fase da planificación do sistema de transporte público de Galicia integrado coa prestación de transporte baixo a demanda, estruturándose en 6 ámbitos territoriais nos que se concentran

o conxunto de contratos vencidos, respecto dos que os contratistas prestatarios renunciaron a continuar coa explotación.

No DOG do 29 de maio de 2017, publicouse a Resolución do 26 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de maio de 2017, polo que se autorizou a integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización desde servizos público, no marco do procedemento para a implantación da primeira fase da planificación do transporte público de Galicia.

O Acordo do Consello da Xunta do 24 de maio de 2017 no seu parágrafo terceiro especificaba que a aprobación dos proxectos de explotación dun servizo de transporte público regular de uso xeral da competencia da Xunta de Galicia que acorde a consellería competente en materia de transporte público ou a dirección xeral competente en materia de transporte público nos supostos que prevé o artigo 77.4 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, suporá a asunción por parte da dita consellería da competencia plena como órgano de contratación sobre o conxunto de servizos previos obxecto de integración.

Por Resolución do 6 de xullo de 2017 da Dirección Xeral de Mobilidade, dáselle publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 6 de xullo de 2017, polo que se fixaron os criterios complementarios en relación co proceso de integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación da primeira fase da planificación do transporte público de Galicia.

A efectividade da integración de servizos de transporte e, por tanto, a atención do dereito ao transporte público gratuito a través do sistema de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral, acadouse coa adxudicación de 41 contratos de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral e a súa implantación efectiva no mes de agosto de 2017. Posteriormente, en xaneiro de 2018, adxudicáronse 2 contratos máis.

No 2019, ademais de xestionar os contratos adxudicados nesa primeira fase de implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, deberase avanzar na elaboración da segunda fase de dito Plan, previsto na Lei 10/2016, ata rematar coa implantación definitiva do mesmo.

Isto suporá non só unha nova licitación e adxudicación, a través dun procedemento aberto e equitativo, non só dos 43 contratos que foron adxudicados nos anos 2017 e 2018, senón tamén a do resto de servizos de transporte público regular de uso xeral, que deberán quedar implantados en decembro do ano 2019.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.

- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é facilitar a mobilidade das persoas, procurando solucións máis eficientes e sostibles, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte. En concreto, no ano 2019, ademais de xestionar os contratos adxudicados nesa primeira fase de implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, deberase avanzar na elaboración do dito Plan, previsto na Lei 10/2016, ata rematar coa implantación definitiva do mesmo, en decembro dese ano.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Mobilidade

III.1.2. PROGRAMA 511A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

É este un programa instrumental de servizos administrativos que ten como finalidade proporcionar os medios materiais, persoais e de organización para o funcionamento dos servizos de carácter xeral da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na procura da mellora da eficacia e eficiencia nos servizos públicos que se prestan aos cidadáns.

As actividades que desenvolve céntranse na dirección, coordinación e control nas áreas de actividade competencia da consellería e, máis en concreto:

- Na ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas.
- Na xestión e control dos convenios e protocolos nos que sexa parte a consellería.
- Na preparación, licitación e adxudicación dos expedientes de contratación pública competencia da consellería.
- Na xestión e administración dos recursos económicos da Secretaría Xeral Técnica.
- No estudo e tramitación dos anteproxectos e proxectos de disposicións de carácter xeral que elaboren os distintos centros directivos, así como a coordinación das funcións xurídico-administrativas que desenvolvan as distintas unidades da consellería.
- Na realización das funcións inspectoras sobre todos os órganos e servizos de carácter técnico da consellería.

Ademais, a través deste programa de gasto, préstase a cobertura necesaria para garantir o funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións financiadas con este programa de gasto está orientadas a atender as necesidades de funcionamento dos servizos administrativos da Consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas, así como do Xurado de Expropiación de Galicia, o que redunda en beneficio dos cidadáns demandantes dos servidos prestados por este departamento e os seus entes dependentes.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 1/2018, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

- Decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.
- Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades adscritos á Consellería de Infraestruturas e Vivenda.
- Resolución do 7 de setembro de 2017 pola que se delega o exercicio de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 223/2005, do 16 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades nas que se concreta este programas son:

- Xestión do persoal da consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas.
- Xestión do gasto corrente e dos investimentos asociados ao funcionamento operativo dos servizos administrativos.
- Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería co fin de acadar un funcionamento máis eficiente dos servizos, evitando duplicidades.
- Coordinación e tramitación da produción normativa da consellería e dos entes do sector público adscritos a este departamento.
- Avanzar na centralización da contratación administrativa da consellería.
- Coordinación e execución en materia de transparencia e implantación da Administración electrónica.
- Apoio e asistencia xurídica aos demais órganos e entes dependentes da consellería.
- Estudo, elaboración e tramitación ata acadar a fixación do prezo xusto expropiatorio en taxacións individuais así como nos procedementos de taxación conxunta.
- Estudo, elaboración e tramitación para a fixación das indemnizacións por ocupacións temporais e requisas.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Xurado de Expropiación de Galicia

III.1.3. PROGRAMA 512A - ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo do programa é facilitar e mellorar a mobilidade das persoas e mercadorías de maneira sustentable para que Galicia sexa mais accesible, aberta e integrada nos fluxos comerciais e económicos globais.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os destinatarios destas medidas son tanto a cidadanía e o tecido produtivo de Galicia en xeral, demandante dos servizos que presta o sector do transporte, como en particular as empresas e os traballadores que desenvolven estes servizos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sector do transporte viuse afectado nos últimos anos por unha diminución da demanda, tanto no eido dos viaxeiros como nas mercadorías, como consecuencia da situación de crise económica.

O transporte de mercadorías supón un 4% do PIB de Galicia, dedícanse a el máis de 12.000 empresas e uns 30.000 vehículos, cunha capacidade de carga que representa o 7% da total española, e constitúe un elemento determinante para a mellora da competitividade da economía produtiva galega.

Actualmente estanse a desenvolver unha serie de medidas encamiñadas a facilitar e mellorar a mobilidade, tanto das persoas coma das mercadorías, así como de fomento do transporte público.

No ano 2017 púxose en marcha a primeira fase do Plan de Transporte Público de Galicia, regulado pola Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, acadando a implantación dos primeiros servizos baixo demanda. No 2019, ademais de xestionar os contratos adjudicados nesa primeira fase de implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, deberase avanzar na elaboración do dito plan, previsto na Lei 10/2016, ata rematar coa implantación definitiva do mesmo.

Ademais, continuarase a traballar para estender as vantaxes tarifarias e de métodos de pago do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, superando as fronteiras das actuais áreas metropolitanas, facendo partícipe delas a toda Galicia.

E, no ámbito deste Plan de Transporte Metropolitano cómpre destacar de xeito significativo a mellora que supón o mantemento da tarifa Xente Nova. Grazas a esta iniciativa, os mozos e mozas de entre catro e dezaioito anos, incluídos, poden viaxar gratuitamente no transporte metropolitano interurbano, o que supón tanto unha importante medida para o fomento e concienciación na utilización do transporte colectivo, como un claro apoio ás familias, que perciben un significativo aforro neto anual.

Igualmente, como medida no ámbito social, no ano 2019 a Xunta de Galicia continuará a colaborar cos taxistas na implantación de taxis adaptados para persoas con mobilidade reducida, Eurotaxi, mantendo unha liña de axudas a estes profesionais aberta no ano 2016.

Así mesmo, con vistas a mellorar a intermodalidade entre diferentes modos de transporte, no exercicio 2019 está previsto continuar coas actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre o transporte de viaxeiros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano nas cidades de Santiago de Compostela, Ourense, Vigo, Pontevedra, Ferrol, Lugo e A Coruña.

Paralelamente, de cara a fomentar a utilización do transporte público e mellorar a calidade que perciben os usuarios, é necesario garantir o bo estado da rede galega de estacións de autobuses. Para iso, no exercicio 2019 prevese unha partida destinada a obras de reparación e mantemento de estacións de autobuses.

A mellora das instalacións de transporte, ven a completarse este ano a través cun novo Programa de Renovación de Marquesinas; cuxo obxectivo é subministro de novas marquesiñas, pre-

ferentemente no rural, que mellore a calidade (tanto funcional como estética) e a accesibilidade destas modestas pero imprescindibles infraestruturas de transporte diseminadas pola xeografía galega. Este Programa se establece con vocación de continuidade en futuros orzamentos, polo que se pode entender que estamos ante unha primeira fase do mesmo. Para a instalación destas marquesiñas articularase unha liña de colaboración coas Administracións Locais, como mellores coñecedoras das necesidades reais dos viaxeiros.

Para acadar unha maior eficiencia e competitividade do sector galego de transporte público de mercadorías, entre outras actuacións, no exercicio 2019 están previstas axudas de formación a transportistas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O Marco normativo dentro do que se desenvolve o programa está constituído por:

- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
- Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.
- Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.
- Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia.
- Lei 2/2008, do 6 de marzo, polo que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.
- Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación de servizos de transporte urbanos e interurbanos por estrada de Galicia.
- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación de transportes terrestres.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é facilitar a mobilidade das persoas e mercadorías, procurando solucións máis eficientes e sostibles, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte, así como mellorar a competitividade das empresas de transporte. Ámbalas dúas liñas de acción contribuirán a reforzar a competitividade do sector do transporte.

Contémplanse, entre outras, as seguintes actuacións:

- Avanzar na implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, con solucións de integración do transporte baixo demanda en Galicia.

- Desenvolvemento, xestión e reforzamento das medidas de fomento do transporte público previstas no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, estendendo a súa área xeográfica.
- Traballos de implantación dos programas tecnolóxicos orientados á modernización do transporte de viaxeiros.
- Actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre diferentes modos de transporte de viaxeiros.
- Actuacións encamiñadas a mellorar a comodidade do viaxeiro e ao fomento do transporte público.
- Fomentar accións de formación no sector do transporte.
- Optimización do funcionamento da Xunta Arbitral do Transporte de Galicia.

Cómpre salientar, ademais, as actuacións enmarcadas dentro do Plan Impulsa Lugo e Ourense, onde por parte da Dirección Xeral de Mobilidade, unha vez rematadas as obras de conexión do Porto Seco de Monforte de Lemos coa estrada LU-933, continuarase coas labores de seguimento dos proxectos, obras e accións de impulso das conexións da Alta Velocidade ferroviaria entre Galicia e Madrid, realizadas polo persoal técnico deste departamento.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Mobilidade

III.1.4. PROGRAMA 512B - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

As infraestruturas, especialmente as viarias constitúen instrumentos que vertebran o territorio, atendendo á seguridade viaria e, polo tanto, son un elemento fundamental para o desenvolvemento económico e social.

Nesta liña, a Axencia Galega de Infraestruturas, como desenvolvemento das tarefas recollidas no Plan Estratéxico de Galicia 2015 – 2020 e dando continuidade ás prioridades establecidas no marco do Contrato de Xestión, contará cos obxectivos de:

- Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión entre os principais eixos exteriores, a través do desenvolvemento do Plan Move, que se complementa cos elaborado polo resto de administracións, e que se encadra nos documentos de referencia para as políticas estruturais da Unión Europea.
- Conservación dos máis de 5.500 quilómetros de estradas de titularidade da comunidade autónoma nas axeitadas condicións para os usuarios, así como mantemento da viabilidade, especialmente no inverno, cunhas condicións meteorolóxicas adversas.
- Fomentar a Mobilidade sostible, a través da implantación na Rede Autonómica de Estradas de sendas ciclistas e/ou peonís. Trátase da estratexia de Sendas de Galicia, que ademais se encadra nunha liña de actuación transversal da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que busca desenvolver un modelo de mobilidade baseado no uso de modos colectivos e outros modos alternativos ao emprego indiscriminado do vehículo privado, tanto no ámbito interurbano como metropolitano. Estas actuacións configúranse como elementos que van permitir o aforro enerxético e unha redución da pegada de carbono.
- Aplicar o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020, que recolle a estratexia definida para tratar de lograr o obxectivo de reducir nun 50 % o número de vítimas mortais no ano 2020 con respecto ás rexistradas no ano 2016.

Adicionalmente, e integrando o fomento da mobilidade sostible e a mellora da seguridade viaria, estase a desenvolver unha liña de traballo de específica mellora da funcionalidade e da integración paisaxística da traza dos Camiños de Santiago no seu percorrido polo concello de Santiago de Compostela, co obxectivo de finalizar as actuacións para que están rematadas antes do vindeiro ano Xacobeo.

Tanto este conxunto de actuacións sobre os Camiños de Santiago como a propia Estratexia de Sendas de Galicia englobábase ademais no que se coñece como “infraestruturas verdes”, ao estar intrinsecamente ligadas a unha mellora do medio ambiente, no sentido de facilitar mobilidade, turismo e hábitos cotiás sostibles e non contaminantes, e estanse a construír con elementos específicos de integración ambiental como os separadores verdes ou pavimentos permeables no caso das novas sendas a executar. Deste modo, infraestruturas como as estradas, tradicionalmente vencelladas ao vehículo automóbil, serven agora de soporte seguro para unha mobilidade sostible e alternativa.

Por outra banda hai que destacar as achegas de fondos estruturais dos que dispón esta axencia para dar cumprimento aos obxectivos fixados dentro do novo Programa Operativo FEDER 2014-2020. Dentro deste novo programa a axencia ten asignadas actuacións en dúas prioridades de inversión:

1. Na prioridade de inversión de apoio á capacidade das PEME para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais, e para implicarse en procesos de innovación se enmarca o obxectivo específico de promover a internacionalización das PEME. Dentro deste marco estase a desenvolver a conexión por estrada do polígono de San Cibrao coa Autovía A-52, co fin de facilitar a posta en marcha, consolidación e crecemento de empresas da comarca de Ourense ao proporcionar conexións entre o centro loxístico máis importante da provincia coas redes de transporte europeas. Neste caso, coa autovía A-52, que pertence á Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T).
2. Dentro da prioridade de inversión “Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluído o fomento da mobilidade urbana multimodal sostible e as medidas de adaptación con efecto de mitigación” a axencia estase a encargar do desenvolvemento do obxectivo específico de fomento da mobilidade urbana sostible: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras da rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministro de enerxías limpas. En concreto, estanse a realizar actuacións de sendas peonís e/ou ciclistas que no ámbito de zonas urbanas ou de zonas funcionais urbanas, que contribúen a desenvolver un territorio intercomunicado con una rede de vías de mobilidade alternativa (non motorizada) ao vehículo privado, coas importantes melloras medioambientais derivadas. Estas accións englobábase na estratexia Sendas de Galicia xa moi avanzada no relativo a planificación das actuacións a desenvolver coas estratexias comarcais desenvolvidas e na redacción dos proxectos de construción. Durante o 2017 deuse un gran pulo ás operacións de execución de obras con financiación europea a través do marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 que supuxo que en total se conte con 31 actuacións en desenvolvemento (19 de elas xa en servizo).

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa de gasto 512B da Axencia Galega de Infraestruturas basease en:

1. Programa de actuacións en Vías de Altas Prestacións e novos eixes.

2. Programa de acondicionamento e mellora da rede de estradas convencionais.
3. Programa de fomento do transporte sostible mediante a construción de sendas ciclistas e/ou peonís: estratexia Sendas de Galicia.
4. Programa de Mantemento e Conservación das Estradas Galegas. Este programa para o ano 2019 require especial atención, co obxectivo de manter o estado das estradas nas debidas condicións de viabilidade, seguridade, limpeza, sinalización e comodidade. Cabe destacar dentro deste programa o Plan de Viabilidade Invernal da Xunta de Galicia, así como o incremento de recursos destinados á conservación extraordinaria. Neste sentido, continuarase co Plan de Reforzos de Firme iniciado en 2016 co fin de manter nun estado axeitado para o tránsito seguro o firme da rede autonómica de estradas.
5. Programa de Seguridade Viaria, desenvolvendo o novo Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016 – 2020, que da continuidade ao compromiso da Xunta de Galicia na redución da sinistralidade e a minoración da gravidade dos accidentes de tráfico a través dun programa de actuación integral e coordinado entre todas as súas consellerías.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa non está soamente dirixido ás persoas usuarias da estrada, senón que se beneficiará toda a cidadanía da comunidade autónoma e todos aqueles que a visiten.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A evolución das infraestruturas viarias de Galicia estivo sempre moi influenciada polas súas singularidades territoriais. Un dos aspectos máis característicos é a dispersión dos asentamentos e a orografía da comunidade galega. Este feito provoca que a rede de estradas sexa moi extensa (17.743 km), cunhas competencias repartidas entre o Estado (13,4%), a Xunta de Galicia (31,3%) e as Deputacións Provinciais (55,3%).

Outro dos condicionantes mais influentes é a súa topografía, debido a que o 77% do territorio ten características de terreo accidentado, o que repercute na dificultade do deseño e no custe das estradas.

Nos últimos anos a rede de estradas en Galicia foi experimentando un constante incremento na súa lonxitude, pasando dos 15.338 Kms de estradas existentes no ano 1990 (Xunta, Estado e Deputacións) ata os 17.743 Kms no ano 2016, o que supuxo un incremento de 2.448 Km na súa lonxitude en menos de 26 anos.

No caso das Vías de altas prestacións, a nosa Comunidade Autónoma sitúase, ao igual que co resto da rede, por riba da media estatal, tanto no que se refire á lonxitude da rede por superficie territorial como en relación a súa poboación.

Ademais, unha vez que as actuacións en materia de infraestruturas viarias que a día de hoxe se encontran en obras ou en fase de planificación se poñan en servizo, suporá que no ano

2020 ao redor do 83% da poboación encontrarase a menos de 15 minutos dunha Vía de Altas Prestacións

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario que comprenden as actuacións deste programa é a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e os instrumentos de planificación, que son, o Plan Move, o Plan de Seguridade viaria de Galicia 2016 – 2020, así como a estratexia Sendas de Galicia en materia de sendas ciclistas e/ou peonís que fomenten a mobilidade sostible. Ademais, artellarase co resto de programas de gasto público da comunidade autónoma grazas ao Plan Estratégico de Galicia 2015 – 2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Son obxectivos deste programa conservar en bo estado as estradas da comunidade autónoma, ordenar e xerarquizar a rede de estradas da Xunta de Galicia en coordinación coas iniciativas das distintas administracións, completar as comunicacións de Galicia co seu entorno (Asturias, Castela e León e Portugal) e mellorar a accesibilidade ás cidades, aos espazos urbanos principais e ás grandes áreas industriais e loxísticas fomentando unha mobilidade sostible e situando ao 83% da poboación a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións, integrando a seguridade viaria como criterio básico desde o propio deseño da infraestrutura.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X
--	---

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Infraestruturas

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 423A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o acceso do alumnado ao sistema educativo co obxectivo de garantir as mellores condicións para exercer o dereito á educación nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria e garantir que este alumnado, máis o da formación profesional, ao remate da súa educación, adquira as competencias de comprensión e expresión oral e escrita	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios.	
Programa: 511A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	
Eixe: E3 - Creceamento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA04 - Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I01 - Contribuír á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0I03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe	
0002 - Contribuír con actuacións de Infraestruturas á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe	
Programa: 512A ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE	
Eixe: E3 - Creceamento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA02 - Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e facéndoo máis atractivo. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural e promover a eficiencia no transporte de mercadorías.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0I04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Desenvolver e xestionar o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.	
0002 - Implantar un sistema de transporte intelixente no transporte público metropolitano e interurbano de viaxeiros por estrada.	
0003 - Desenvolver actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre o transporte de viaxeiros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano.	
0005 - MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE	
Indicador	Valor Previsto
P00222 - Número de viaxes realizadas en transporte metropolitano	14.321.581
Programa: 512B CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	
Eixe: E1 - Empregabilidade e creceamento intelixente	
Prioridade de Actuación: PA04 - Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Establecer un sistema de comunicación por vía terrestre que vertebre o territorio galego co fin de achegar a poboación ás vías de altas prestacións. Realizar actuacións de conservación e de mellora da seguridade viaria para contribuír a unha mínima sinistralidade das estradas da comunidade autónoma.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0I03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0I04 - Transferencias internas (Accións de soporte e apoio)	
0001 - Accións para fortalecer a rede viaria de altas prestacións e a rede de estradas convencional	
0002 - Conservación e mantemento da vialidade da rede de estradas	
Indicador	Valor Previsto
P00030 - Quilometraxe total de estradas con actuacións de conservación	5.501

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P00082 - Quilometraxe total de estradas de nova construción	39
P00106 - Quilometraxe total de estradas con actuacións de mantemento, acondicionamento e mellora	58
Programa: 542A PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes	
Prioridade de Actuación: PA05 - Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa	
Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E02 - Culminar as infraestruturas precisas para a mellora do estado das masas de auga, compatibilizando o ciclo natural da auga co ciclo do uso da auga, contando coa participación da cidadanía, nun marco de sustentabilidade que teña en conta os retos do cambio climático.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI06 - TRANSFERENCIAS INTERNAS (ACTUACIÓNS DE SOPORTE E APOIO)	
Programa: 621A ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.	
Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade	
Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados	
Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: I03 - Implantar unha xestión financeira orientada a resultados e que avance na eficiencia, transparencia, control e rendición de contas.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0004 - Investir na capacidade institucional e a eficiencia das administracións e os servizos públicos co fin de introducir reformas e melloras na regulamentación e na xestión. Reforzar os sistemas de control da administración tanto cara aos propios xestores como cara os contribuíntes e perceptores de subvencións	

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	A1	Total
423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas		4.247			4.247
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	5.534		1.132		6.666
512A-Ordenación e inspección do transporte		64.229			64.229
512B-Construción, conservación e explotación de estradas				270.644	270.644
542A-Planificación e xestión hidrolóxica	29.644				29.644
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control				3.071	3.071
Total	35.177	68.476	1.132	273.715	378.501

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VII	Total
423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas		4.247					4.247
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	5.437	555		8	666		6.666
512A-Ordenación e inspección do transporte	4.017	15.737		10.922	29.670	3.883	64.229
512B-Construción, conservación e explotación de estradas	12.393	808	100	903	228.026	28.413	270.644
542A-Planificación e xestión hidrolóxica				1		29.642	29.644
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control					3.071		3.071
Total	21.848	21.347	100	11.835	261.433	61.938	378.501

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.795	4.634	22,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	326	326	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	8	9	18,5
Cap. VI - Inversións reais	1.246	566	-54,6
Cap. VII - Transferencias de capital	38.428	29.642	-22,9
Total	43.802	35.177	-19,7

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

02 D.X. DE MOBILIDADE	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.843	4.017	4,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	19.929	19.984	0,3
Cap. IV - Transferencias correntes	10.922	10.922	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	10.998	29.670	169,8
Cap. VII - Transferencias de capital	250	3.883	1453,1
Total	45.942	68.476	49,0

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

03 XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	787	803	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	144	229	59,1
Cap. VI - Investimentos reais	100	100	0,0
Total	1.030	1.132	9,9

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	12.944	12.393	-4,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	808	808	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	178	100	-43,8
Cap. IV - Transferencias correntes	1.150	903	-21,5
Cap. VI - Investimentos reais	234.099	231.097	-1,3
Cap. VII - Transferencias de capital	30.296	28.413	-6,2
Total	279.475	273.715	-2,1

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2018	2019	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	43.802	35.177	-19,7
02 D.X. DE MOBILIDADE	45.942	68.476	49,0
03 XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA	1.030	1.132	9,9
A1 AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	279.475	273.715	-2,1
Total	370.250	378.501	2,2

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Cap. I - Gastos de persoal	8.424	9.454	12.944	12.393	0	0	21.368	21.848
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	20.399	20.539	808	808	0	0	21.207	21.347
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	178	100	0	0	178	100
Cap. IV - Transferencias correntes	22.393	21.136	1.150	903	11.462	10.204	12.081	11.835
OPERACIÓNS CORRENTES	51.216	51.130	15.080	14.204	11.462	10.204	54.834	55.130
Cap. VI - Investimentos reais	12.344	30.336	234.099	231.097	0	0	246.443	261.433
Cap. VII - Transferencias de capital	303.072	293.036	30.296	28.413	264.395	259.511	68.974	61.938
OPERACIÓNS DE CAPITAL	315.416	323.371	264.395	259.511	264.395	259.511	315.416	323.371
Total	366.632	374.501	279.475	273.715	275.857	269.715	370.250	378.501

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	2019
Altos Cargos	4
Persoal Funcionario	215
Subgrupo A1	64
Subgrupo A2	38
Subgrupo C1	60
Subgrupo C2	41
Agrupacións profesionais	12
Persoal Laboral	37
Grupo I	6
Grupo III	14
Grupo IV	12
Grupo V	5
TOTAL	256

Medios Persoais

Axencia Galega de Infraestruturas	2019
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	155
Subgrupo A1	47
Subgrupo A2	48
Subgrupo C1	38
Subgrupo C2	19
Agrupacións profesionais	3
Persoal Laboral	225
Grupo I	3
Grupo III	92
Grupo IV	129
Grupo V	1
TOTAL	381

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	Explotación	
Consorcio para a xestión e expl. Da rede básica de abast. De auga aos concellos de Cervo e Burela	400	
Entidades públicas empresarias	Explotación	Capital
Augas de Galicia	32.409	58.932
Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	6.235	2.869
Total	39.044	61.802

(Miles de Euros)

